Boletín da Real Academia Galega



Xosé María Díaz Castro

NÚMERO 375 | A CORUÑA | ANO 2014

Boletín da Real Academia Galega



NÚMERO 375 | A CORUÑA | ANO 2014

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA

Consello de Redacción:
Xesús Alonso Montero
Henrique Monteagudo Romero
Rosario Álvarez Blanco
Margarita Ledo Andión
Andrés Torres Queiruga

Editor literario:
Margarita Ledo Andión
Henrique Monteagudo Romero

Edita:
Real Academia Galega

Foto Cuberta:
Retrato de Xosé María Díaz Castro,
por cortesía da Asociación Cultural Xermolos

Deseño:
Xosé Díaz / Imago Mundi

Maquetación e Impresión:
Lugami Artes Gráficas
Infesta, 96
Tel. 981 77 41 71
www.lugami.com
15319 Betanzos

ISSN: 1576-8767
Depósito Legal: C-743/2000

© REAL ACADEMIA GALEGA
Rúa Tabernas, 11
Apartado 557
Tel. 981 20 73 08
Fax 981 21 64 67
www.academia.gal
15001 A CORUÑA

Fundación Barrié
Deputación DA CORUÑA
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE
XUNTA DE GALICIA

COMITÉ CIENTÍFICO

Fernando Bouza Álvarez	Universidade Complutense - Madrid
Isabel Burdiel	Universidade de Valencia
José V. Capela	Universidade do Minho
Ivo Castro	Universidade de Lisboa
Fernando Devoto	Universidade de Buenos Aires
Pilar García Negro	Universidade da Coruña
Javier Gómez Montero	Universidade de Kiel
Taina Hämäläinen	Universidade de Helsinki
Johannes Kabatek	Universidade de Zürich
Take Kazu Asaka	Universidade Tsudajuku de Toquio
Xabier Kintana	Euskaltzaindia / Real Academia de la Lengua Vasca
Giulia Lanciani	Universidade Roma Tre
Rosa María Lojo	Universidade del Salvador / Universidade de Buenos Aires
Arcadio López-Casanova	Universidade de Valencia
Basilio Losada	Universidade de Barcelona
Ana M.ª Martins	Universidade de Lisboa
Marina Mayoral	Universidade Autónoma de Madrid
Miriam Halpern Pereira	ISCTE - Instituto Universitário de Lisboa
Gabriel Rei Doval	Universidade de Wisconsin-Milwaukee
Borja de Riquer	Universidade Autónoma de Barcelona
Guillermo Rojo	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
John Rutherford	Universidade de Oxford
Joan Veny	Institut d'Estudis Catalans / Termcat
Darío Villanueva Prieto	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
Helena Zernova	Universidade de San Petesburgo

LIMIAR

Chegamos ó número 375 do noso *Boletín*, nesta ocasión dedicado, en boa parte, á obra poética de Xosé María Díaz Castro, protagonista do Día das Letras Galegas do ano 2014. Para este mester, o *Boletín* convocou un número relativamente elevado de estudosos da poesía de Díaz Castro, unha boa parte deles vellos e moi atentos lectores de *Nimbos* e doutros poemas seus. Pensamos que a presente publicación é un digno colofón do labor crítico e erudito que suscitou a obra literaria de Xosé María Díaz Castro ó longo de 2014.

Como noutros números, o *Boletín* acolle moi valiosas colaboracións na sección de "Traballos de investigación e estudo", novidosas, por outra parte. Tamén acolle estudos importantes lidos ou ditos en xornadas da nosa Academia sobre dúas personalidades moi presentes nas nosas publicacións: Xoán Manuel Pintos e Castelao.

Non faltan as seccións obrigatorias do *Boletín*, nunha delas, a máis extensa, referida á vida oficial da Academia.

Pensamos, dito sexa coa debida ponderación, que o presente número do *Boletín da Real Academia Galega* constitúe unha achega que han de agradecer os estudosos dos escritores e dos temas abordados nel.

A nosa gratitude ós autores e ás autoras dos traballos que o *Boletín* se honra en publicar.

X.A.M.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, p. 5
ISSN: 1576-8767

PRESENTACIÓN

O presente volume do *Boletín da Real Academia Galega* recolle nas súas dúas primeiras seccións un mangado de estudos sobre o escritor dedicatario do Día das Letras Galegas e nas seccións seguintes traballos sobre distintos aspectos da nosas letras que detallaremos decontado. O poeta e tradutor Xosé María Díaz Castro (Guitiriz 1914-1990) é o obxecto de análise, reflexión e estudo dos nove traballos que enchen a sección inicial, que representan a práctica totalidade das intervencións que se desenvolveron no simposio celebrado na propia sede da Academia o 11 de decembro de 2014, e mais das tres alocucións pronunciadas na Casa Habanera de Guitiriz o propio 17 de maio do mesmo ano, recollidas na segunda sección. Sen dúbida, este conxunto de contributos constitúen unha achega moi significativa ao coñecemento da obra e da traxectoria literaria dun dos poetas galegos máis sobranceiros da segunda metade do século XX.

A seguir, a terceira sección acolle tres achegas sobre distintos aspectos da lingua, as letras e a cultura galega dos séculos XVIII e XIX. Na cuarta sección inclúense dous dos traballos presentados nas Xornadas Castelao celebradas os días 16, 21 e 30 de outubro de 2014 no Auditorio de Rianxo, o Museo de Pontevedra e a sede da RAG respectivamente, organizadas pola nosa corporación para conmemorar o cincuenta aniversario da dedicación ao insigne rianxeiro do Día das Letras Galegas (1964), o setenta da publicación en Buenos Aires de *Sempre en Galiza* (1944) e o oitenta do seu propio ingreso na Academia (1934). Finalmente, na quinta sección recupéranse os catro discursos proferidos no plenario extraordinario de homenaxe a Xoan Manuel Pintos que a Academia celebrou no Teatro Principal de Pontevedra o 22 de xaneiro de 2011, co gallo do centenario do nacemento do autor d'*A Gaita Gallega*, obra auroral do Rexurdimento literario do noso idioma.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 7-8
ISSN: 1576-8767

Complétase o contido deste número do *Boletín da Real Academia Galega* cunha demorada recensión dunha importante obra lexicográfica, e coa información institucional da vida corporativa, na que a Academia dá pública conta da súa actividade.

Agradecemos vivamente a colaboración dos estudosas e estudosas que contribuíron a arrequentar o presente número do *Boletín*, na esperanza de que traia nova luz sobre os asuntos que nel se estudan.

Margarita Ledo
Henrique Monteagudo

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 7-8
ISSN: 1576-8767

Simposio Xosé María Díaz Castro



Retrato de Xosé María Díaz Castro no adro dos Vilares. Arquivo *A Nosa Terra*.

I

Simposio Xosé María Díaz Castro

Díaz Castro por Díaz Castro: (auto)poética e lecturas críticas /
/ Armando Requeixo

Rosalía e Díaz Castro: Penélope poema / Carmen Blanco

Poeta total / Luís González Tosar

Díaz Castro e a Escola do Seminario de Mondoñedo /
/ Félix Villares Mouteira

Díaz Castro: a paisaxe na poesía galega / Xesús Manuel Valcarcel

A madurez poética de Díaz Castro: anos 80 / Xosé Manuel Salgado

A fortuna crítica da obra de Díaz Castro / María Xesús Nogueira

O herdo de Díaz Castro / Alfonso Blanco Torrado

Xosé María Díaz Castro: dous poemas con problemas /
/ Xesús Alonso Montero

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 13-29
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

DÍAZ CASTRO POR DÍAZ CASTRO: (AUTO)POÉTICA E LECTURAS CRÍTICAS

Armando Requeixo
Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Resumo: Determínase a autopoética de Xosé María Díaz Castro e elabórase un mapa de lecturas e influencias literarias da súa escrita, ao tempo que se achegan diversas claves da súa praxe como creador.

Abstract: The present paper intends to explore Xosé María Díaz Castro's autopoetic ideas by drawing a map of his readings and literary roots as well as it analyses various key aspects of his practice as a poet.

Palabras chave: autopoética, lecturas, influencias.

Key words: autopoetics, readings, influences.

Xosé María Díaz Castro non foi un "poeta inxenuo" ao modo en que describe este tipo de creador Friedrich Schiller. Nel habita o don da palabra, si, pero a súa obra non responde a unha sorte de xenialidade puramente intuitiva, non se dá manifestación ou emanación ningunha que debamos ao simple devir espiritual da natureza, a unha conexión cósmica do individuo cunha feliz Arcadia que se interpreta no verso. O de Guitiriz tiña, xaora, unha especial propensión á escrita, unha sensibilidade para a plasmación lírica das vivencias e pensamentos, pero nada diso tería callado sen o fondo coñecemento de múltiples tradicións literarias no que se cultivou dende novo, sen o exercicio constante de destrezas retóricas no que se formou mesmo escolarmente e na lectura constante, diversa, extensa de obras e autores de diferentes literaturas.

Por tanto, en Díaz Castro dáse un proceso de creación de todo consciente. É máis, os seus versos son, en non poucas ocasións, metapoéticos e revelan consideracións sobre a propia praxe e o papel conferido ao poeta que non deixan lugar a dúbidas e que axudan a debuxar o que foi a autopoética do escritor, particular ao

que contribúen tamén as consideracións verbo do sentido do exercicio creativo que deitou en entrevistas e cartas.

Alén desta autopoética formada e informada que, como se verá, caracteriza a estética diazcastriana, dáse no autor un amplo coñecemento do pasado literario e de moi complementarias voces de todas as latitudes. Tratarei, pois, de crear un retrato lector de Díaz Castro que axude a explicar o mapa de influencias e homenaxes que os seus versos e traducións revelan a miúdo, pois doutro xeito é moi difícil entender cabalmente o cosmos creativo do guitiricense.

Servireime para ir dando conta deste proceder autopoético e lector-creador tanto dos seus versos coma das súas traducións, tamén si da ocasional articulística, das poucas entrevistas que concedeu e do vizoso epistolario que nos legou, así como da consulta doutra documentación que obra no seu legado. A interpretación dos datos que ofrecen todas estas fontes axudará a compor o perfil poético integral de quen foi unha das figuras clave das nosas letras do pasado século.

AUTOPOÉTICA

Ao longo dos anos, Díaz Castro foi deitando en diferentes tipos de escritos toda unha teoría do fenómeno poético e da praxe lírica propia. En entrevistas, cartas ou conferencias emitiu opinións diversas que, postas por xunto, debuxan un pensamento orgánico de xorne autopoético.

A primeira gran cuestión á que se enfrontou o escritor respecto deste asunto foi a definición do termo "poesía". No texto que lle serviu de introito ao recital que, no marco do "Agosto Cultural", deu o día 9 de agosto de 1984 nunha aula do Instituto de Formación Profesional de Guitiriz deixou dito o seguinte:

> Alá nos meus días de estudiante, recordo ter lido unha definición da poesía como acto creador: "Pensar alto, sentir hondo y decir bello". Estos tres elementos son, xa que logo, esenciáis. Outura, profundidade e beleza de expresión. [...] tamén nos meus tempos de estudiante vin nun artigo dunha revista francesa (non sei se no *Mercure de France* ou na *Nouvelle Revue Française*) unha definición tan repretada coma ésta: "La poésie c'est une manière de voir". [...] Resumindo: pra min a poesía é unha interpretación estética da realidade. Pra min a poesía é a máis alta expresión da comunicación humana.

Esta mesma opinión mantívoa aínda noutras ocasións, así na entrevista que concedeu a *El Progreso* (21/VI/1986) ou na que deu a *La Voz de Galicia* (25/II/1988), nas que reiterou, en esencia, idénticas consideracións.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

Pero Díaz Castro non só se atreveu co asedio conceptual ao complexo e mudable termo "poesía", senón que foi alén para engadir disquisicións sobre a oposición de fondo e forma nesta arte literaria. Nunha entrevista do *Faro de Vigo* (3/I/1988) expresouse así:

> Fondo ou forma, pensamento ou a súa expresión, materia ou a súa conformación... Unha xa vella disxuntiva no eido da poesía. Nas artes a forma é determinante; é esencial para xulgar o valor; sendo a poesía unha arte –a arte máis noble e humá: a arte da expresión pola palabra– é evidente que a forma ten eiquí unha importancia capital. Moitos, hoxendía, afirman que as palabras son a esencia mesma da poesía. Eu penso que a expresión pola palabra é esencial pra a poesía; pero a palabra organizada de tal xeito que produza un efecto final característico: unha impresión de beleza, unha emoción estética. Malia a todo, creo que fondo e forma son necesarios en toda obra poética verdadeira: un vestido sen corpo non ten sentido. A beleza non está somentes nas palabras, senón nas ideas, nos pensamentos e nos sentementos. Hai pensamentos que son fermosos antes de seren traducidos en palabras. Un poema require palabras artelladas con arte, pero non pode ser un puro xogo de palabras. Detrás das palabras debe haber realidade e vida.

Outra cuestión controvertida verbo da cal non evitou manifestarse o escritor foi o espiñento tema do compromiso literario e como entendía el que debía ser a relación entre escrita e ideoloxía intervencionista. Na mesma entrevista apuntábaselle que "Arte e compromiso convértense moitas veces nunha parella mal ou ben avinda na nosa literatura" e, acto seguido, preguntábaselle "¿Que opinión ten o poeta sobre este particular?", ao que respondía así:

> Creo –e teño por principio– que a arte non se debe comprometer nunca con convicción, doutrinas ou cousas contingentes e sin transparencia humá. É lexítimo que o poeta cante "ó home e ás armas", as grandezas e miserias humáns, os mistérios da vida, o dilema tempo/eternidade, todo aquilo que atinxe ó destino do home no mundo. Non é lexítimo "utilizar" a poesía, usa-la para fins totalmente alleos á natureza desta arte.
>
> O valor dunha obra literaria –especialmente a poética– non se pode xulgar utilizando como baremo as convicción ideolóxicas, sociáis, poéticas ou relixiosas do autor. Penso que a arte comprometida adoita acadar menor altura e calidade que a poesía espontánea, libre e independente. O poeta debe desinhibirse de toda dependencia e compromiso externo (político, por exemplo).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

Xa que logo, non hai dúbida ningunha de que Díaz Castro está nos antípodas da poesía nacionalitaria, do lirismo combativo socialrealista que emprega os versos como cóctel molotov, escrita incendiaria tantas veces de pulso panfletario que o que procura non son alturas estéticas, senón reaccións viscerais.

Agora ben, o anterior non significa que o guitiricense non teña versos inequivocamente sociais, dunha sensibilidade denunciatoria ou visibilizadora das problemáticas do seu tempo e do seu pobo. Poemas como "Penélope" ou "Borrallo" están moi lonxe de ser amables liricidades.

Sobre este tema do compromiso poético volveu de novo na aludida "Conversa arredor da poesía de Xosé María Díaz Castro" que se publicou parcialmente en *La Voz de Galicia* do 25 de febreiro de 1988. Precisamente unha das preguntas daquela interviu escrita que non chegou a recollerse no xornal, pero que se conserva nas respostas manuscritas do poeta ao parlamento, versa sobre o asunto. Nela, o entrevistador, logo de Díaz Castro asegurar que a súa poesía "tentou de ser como un río por onde decórren as augas máis fondas da vida vivida, gozosa ou dorosa", pregúntalle "¿É isto nunha fuxida da realidade, dos problemas sociáis e políticos cotidiáns?", ao que o poeta retruca:

> En min, creo que non se trata de fuxir da realidade hostil, dos problemas de todo xénero, senón de suliñar esa realidade, de "alumar as cousas". Incluso como un xeito de amá-las. Inda que non se reflexa moito na miña poesía, son os problemas sociáis e os da cultura do pobo os que máis solicitan a miña atención. A miña poesía non é, no fondo, unha fuga, senón máis bén un repouso na corrente, un canto en voz baixa no medio do balbordo.

Un outro territorio de areas movedizas sobre o que non refugou dar a súa opinión o escritor foi o da verdade ou falsidade do innatismo literario. Neste sentido, cando na entrevista do *Faro de Vigo* (3/I/1988) xa varias veces amentada é interrogado a propósito de se "¿O poeta nace ou fáise? ¿Hai unha predisposición natural a ser poeta?", as súas palabras son reveladoras:

> Penso que en parte nace e en parte faise. Ámbalas cousas son necesarias para a creación poética. Fai falla primeiro unha base ou infraestructura, unha predisposición innata: sensibilidade, facilidade de captación de realidade, capacidade de expresión verbal, un nivel de intelixencia...
> Pero tamén fan falla outras cousas para que o poeta en potencia non se quede en proxecto: un ambiente propicio, experiencias que o impresionen, ricas vivencias, ter bastante cultura, moito estudo dos grandes escritores, moitas lecturas, etc. Hai que nacer, sí; pero hai que cultivar a fondo as aptitudes naturais. E ademais, un factor de importancia enorme: coñecer a fondo a lingoa en que se escribe.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

Por tanto, temos que para Díaz Castro a poesía é "unha interpretación estética da realidade", que "fondo e forma son necesarios en toda obra poética verdadeira", que respecto do compromiso literario a súa praxe "non é, no fondo, unha fuga, senón máis ben un repouso na corrente, un canto en voz baixa no medio do balbordo". Pero, como define estilisticamente a súa poesía?, a que corrente(s) a adscribe?, como se vía como creador?

Está claro que o Díaz Castro de *Nimbos* non é un vangardista ao estilo dalgúns autores de Preguerra, o que non quere dicir que rexeite puntuais airexas deste xorne. Tampouco é un existencialista ao xeito dos escritores da Escola da Tebra, aínda que poida facerse unha lectura dalgúns dos seus versos en clave reflexiva sobre o ser, a súa circunstancia e a súa finitude que se preste a converxencias. Tampouco é, xaora, un socialrealista extremo, por máis que, como xa se advertiu, non falten nas súas composicións posicionamentos de inequívoca denuncia sobre inercias e procederes.

De todo o anterior foi ben consciente o poeta, quen, xa dende mozo, rexeitou os rupturismos epatantes, a escrita de laboratorio formal e atonía significante que algúns experimentalistas propuñan. Neste sentido, é fundamental para comprender cal era o xuízo literario do primeiro Díaz Castro a polémica que sobre os modernistas e/ou vangardistas mantivo co seu grande amigo o tamén poeta Xosé Díaz Jácome na primavera do 36. Entrambos cruzaron cartas xulgando a produción que naquela altura estaban a desenvolver certos autores casteláns en conexión coa escrita dos grandes creadores franceses do tránsito do XIX ao XX e das primeiras décadas deste último século.

Evitarei aquí reproducir as opinións vertidas por Díaz Jácome na súa carta de resposta (2/IV/1936) para centrarme nos xuízos do propio Díaz Castro, quen lle escribiu en carta sen datar, pero que todo apunta a que debeu de redactarse a finais de marzo daquel ano.

A lectura dalgúns treitos desta longa misiva ao seu compañeiro mindoniense despexa dúbidas e confirma a Díaz Castro, xa dende os inicios, como un poeta de teor clásico, favorable á renovación poética, pero dende a asunción da tradición herdada para, liberándoa de vellos lastres, conseguir viño novo en odres parcialmente reaproveitados. Expresado noutras palabras: os temas debían ser substantivos, universais e transcendentes, evitando o azaroso ou inopinado dos autores da nova onda presos polas modas e, canto á forma, a rítmica e a musicalidade debían presidir a formulación do poema que non tiña por que seguir o metro ríxido dos poetas devanceiros, pero si ser quen de conseguir atrapar a súa sonoridade a partir doutros recursos como pautas acentuais, de dicción ou unha fonda elaboración do plano fónico e os seus tropos que conseguise revestir o texto desa música que el non vía nos máis furibundos vangardistas.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

Destes últimos, Díaz Castro di que son unha "corriente –muy corriente en las novísimas generaciones– de poesía artificiosa y sutil, que es hija, en España, del simbolismo francés", polo que cualifica moitos destes creadores como "autores atrevidos y esnobistas", cheos de "complicación viciosa y una perversión del gusto", "preconizadores de esa literatura algebraica y tanguista que va cristalizando por doquier y en Galicia sin duda alguna". Entende que son dados aos "gritos" poéticos, pero que estes "no son las aspiraciones legítimas del Hombre hacia un bienestar eterno, sino más bien afán de buscar en el desorden el sumo objeto de la vida; es el modernismo mórbido, la anarquía de la lógica y del lenguaje en la mayoría de los casos. Poetas químicos, adivinos y nigromantes, teosofistas...".

Non contento con tan severas afirmacións, aféalles o desprezo por outras fórmulas, pois está convencido de que o seu é:

> Un furioso desprecio del arte tradicional, con el pretexto de que lo viejo da náuseas y de que las normas antiguas de los grandes *maestros* son para el poeta de hoy, para el artista a la moda, trabas despóticas que le paralizan las alas. Como consecuencia, la anarquía. La ley individual de cada artista se hace un puro capricho. De esto arranca el arte personalísimo, con pretensiones de profundo y sensacional, de los nuevos autores, que, poco a poco, va preparando el terreno del arte "vanguardista" y "futurista". Y este arte, sin que yo quiera negarle el mérito que en muchos casos tiene y el genio que a veces supone en sus jefes, me parece –como futurista– un desatino. Este arte es el de los "iluminados"; un arte revolucionario, incomprensible, simbólico.

Conclusión? O poeta volve telo claro:

> yo no soy partidario de la obra artística incomprensible, hermética, que necesita de intérpretes: prefiero que la obra de arte sea tan diáfana que deje pasar, a través de sí, el resplandor de la belleza.

Á vista de tan contundentes afirmacións, non estrañará que diga o que segue de Paul Valéry –a quen, porén, traduciu anos máis tarde e chegou a valorar altamente como poeta:

> Su poesía me parece demasiado abstracta, oscura; tiene una sublimidad falsa, a mi juicio. Tiene todas las trazas de un poeta que hoy se dice "futurista" ese *Monsieur*. Pertenece a esa poesía pagana de Francia que profesan autores como André Fontainas, Gide, Garnier. Esta poesía es una idolatría: afán de divinizar los elementos, de personificarlo todo…

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

E tampouco se salvaron das súas pauliñas Juan Ramón Jiménez e Federico García Lorca, aos que encadraba nunha tendencia que, sen ser tan rexeitable, tampouco o convencía:

> Pero, paralela a ésta, hay otra poesía modernística, más mansa y humilde, más sencilla en apariencia. Es la prosa lírica del autor del famoso libro *Platero y yo*, muy elogiado por la crítica. Jiménez es un poquitín pedante, lo cual no le priva de ser poeta [...].
> Tiene una prosa demasiado acicalada y sutil. Esta sutileza, esta profundidad no es virtud generalmente de la idea, sino más bien de la *imaginación*. Estos poetas prosistas hubieran asegurado su inmortalidad si a sus habilidades de retórica y lenguaje uniesen la profundidad filosófica y una sincera visión y expresión de la vida. Jiménez es de la estirpe poética de los hermanos Machado y de García Lorca. Éste último (que aparece homenajeando a Rolán) tiene una gran sensibilidad y talento poético. Mucho más valdría, a mi ver, si no se dejase llevar de su barroquismo caprichoso, preciosista…

Por último, non aforra diatribas contra Arthur Rimbaud, ao que ten como a raíz de innumerables males e estragos entre a colonia poética, tal como evidencia este longo parágrafo a el dedicado:

> Prosas poemáticas de Jiménez; versos de García Lorca; "greguerías" de R. G. de la Serna: he aquí una literatura muy en boga; pero que por ser de un carácter excéntrico y estar desarrollada en un arte muy caprichoso y subjetivo, pasará –en gran parte– como pasa la moda. Porque yo entiendo que es un defecto lo que hay en esta corriente. Una "fantasía", una forma de moda. Bajo una u outra forma viene cuajando entre nosotros, no ya el viejo modernismo de Rubén Darío, sino el más cerrado simbolismo de Rimbaud: en poesía, sobre todo. Rimbaud había escrito, después de Lamartine, Baudelaire y Hugo, su famoso libro o casi libro *Les illuminations*, que es la cosa más rara que puede leerse. Todo es símbolo, como el de Mallarmé, Moréas y otros. Un simbolismo apocalíptico; mejor: un juego de imágenes, un rompecabezas en verso. Esta droga extranjera recorrió el mundo, llegando a España para inyectarse a veces en buena sangre, a veces en sangre pobre. En ambos casos, la poesía simbólica, a fuer de original, resulta oscura, extravagante, preciosista. Ideas incoherentes, falta de elegancia, brevedad vertiginosa, rumor de misterio y aires de aparatosa sublimidad. Casi todo se funda en la *imaginación* caprichosa del artista; delirio interior; mundos sicológicos, de donde resulta que toda esa pléyade es ferozmente subjetivista… ¡Afán de originalidad! Esto es lo que, día a día, precipita a grandes talentos en una sima que

> ellos ignoran. Afán de originalidad en fondo y forma, en todo. Algún poeta he leído cuyos poemas me parecían un epitafio etrusco o sencillamente una página de un libro de cuentas. La originalidad es frecuentemente signo de talento; el afán *abusivo* de ella y su efecto, la extravagancia, a mi juicio, son indicios de impotencia y de escasez.

Talvez para rebaixar un pouco o ton das súas afirmacións e, sobre todo, para deixar sentado cal era a súa coherente postura respecto da liña poética defendida, Díaz Castro despedíase de Díaz Jácome facéndolle a seguinte observación que confirma a liña clasicista da que veño falando para definir a súa creación:

> Y ahora, para terminar esta interminable carta, una pequeña nota final. Supuesto lo dicho, pudieras fácilmente considerarme como un enemigo cerrado del modernismo; enamorado, en cambio, de las viejas retóricas en desuso. ¡Nada de eso! Yo lo clásico, lo esencial, lo inalterable. Vino añejo aunque sea en vaso nuevo. El asirse material y servilmente a las normas de la retórica o de la lógica, no ata las manos al artista. Esto lo creo, y por eso pido para el poeta, dentro de un arte puro y un espíritu sano, la máxima libertad: libertad hasta en el ritmo, la rima y la métrica (a pesar de que es cierto que la poesía nació para estrofa rimada y musical); libertad en estilo y asunto; originalidad gallarda y creadora; elegancia, independencia, vuelo…

E se todo isto pensaba o autor de *Nascida d'un sono* respecto do modernismo e/ou a vangarda ás portas da Guerra Civil, non menos transparente foi o seu xuízo á hora de describir as liñas poéticas de Posguerra cando se lle preguntou por estas en 1969. Nunha resposta a un cuestionario dese tempo Díaz Castro deixou escrito:

> Conviría aquí distinguir a poesía de autores que, sendo poetas conocidos antes da guerra, siguiron escribindo despóis dela, y a poesía dos que realmente escomenzaron a escribir despois do ano 1940. A dos primeiros sigue, en xeral, unha destas tres birtas: a tradición de Rosalía, a dos Canzoeiros ou o vanguardismo de Manuel Antonio. A dos segundos, máis dispar, sin deixar de amosar as dúas derradeiras influencias, leva, sobre todo, no fondo (quezáis sin o saberen eles) a i-alma perenne de Rosalía. Coido que a mellor poesía galega posterior á guerra presenta, en xeral, estas caraiterísticas: suxetivismo, individualismo; ousesión pol-os problemas trascendentes do home: o amor, a vida, a morte; a poesía desta época non canta ó *home*, canta *as cousas*, ou xúngueas ó carro do poema. Á resinada "dor de vivir" de Rosalía sucede agora a anguria. Na poesía da posguerra a paisaxe tén agora máis importancia da que tivo nunca: o poema, ou avanza

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

> apoiándose sobre a paisaxe, ou é a paisaxe mesma. Nos bos poetas novos ousérvase un meirande alonxamento da influencia castelá e un millor conocimento da língoa galega, anque quezáis, tamén, menos unidade no poema e menos esforzo pol-a perfeición formal.

Rosaliofilia, neotrobadorismo e vangardismo de selo manuelantoniano para os autores de Preguerra activos despois do conflito e poesía subxectiva, individualista, transcendente e de singular paisaxismo para as xeracións xurdidas tras a Guerra. Ben. E como se vía el mesmo neste contexto? Cal foi a súa autocrítica? Vexámolo.

Cando na primavera de 1983 foi entrevistado coa intención de publicar unha "Conversa con Xosé María Díaz Castro", que logo veu a luz no cuarto número de *Xermolos* en maio dese ano, houbo un momento da entrevista no que se lle formulou unha dúbida, "O home, a soidade, o seu destino... ¿son fibras vivas da súa poesía?". O de Guitiriz aproveitou a interrogante para definirse:

> Así é. O home a quen eu lle podería aplicar estas vellas palabras miñas "criatura de Dios non acariciada"; o home coa sua grandeza e a sua fraxilidade, o drama da vida, de cada home, o drama da sua libertade, o seu destino sempre imprevisto pra él, a aventura da sua historia persoal ou coleitiva.... O home sempre nas mans e no amor premente da Grande Presencia Invisíbel. Os nenos con "ollos inda cheos da lus de Deus"; as "santas nais que cantan cando chóran...". A soedade enfocada maiormente dende o anco psicolóxico, ou nun senso cuasi metafísico de "señardade", de "singularidade" do que falóu Ramón Piñeiro. O home só loitando con forzas hostís, cos enemigos da sua sobrevivencia, loitando consigo mesmo. O home, máis vencido que vencedor.

Esta mesma idea da súa poesía como un gran canto ao ser humano e a súa complexa existencia volveu reiterala na "Conversa arredor da poesía de Xosé María Díaz Castro" (*La Voz de Galicia*, 25/II/1988), onde, inquirido verbo da carga humanista que nos seus versos puidese haber, concluíu:

> Si, o home. Eu escribín sobre o home e o seu drama no mundo. Penso que sempre me apasionou o destino humán. Penso que a miña poesía, preferiblemente simbólica sempre, fai referencia, directa ou indirectamente, ó home como ser característicamente dramático; o home é o ser máis meu que ningunha outra realidade.

É máis, el mesmo deixou tamén feita a súa lectura contextual e autopoética do que supuxera no pasado e o que supuña no presente "Penélope" dende esa óptica

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

"humanística". Por iso, cando nunha desas cuestións da entrevista que acabo de citar e que non chegaron a ver a luz se lle fala de que "a Galicia de Díaz Castro chámase «Penélope»" e logo se lle pregunta "¿que lectura faría á xente da Galicia de sempre?", o do Vilariño puntualiza con admirable perspicacia:

> Como xa dixen ou escrebín nalgunha ocasión, hai que ter en conta a data en que foi escrito o poema "Penélope". Dende entón ata hoxe, a situación social, económica e cultural de Galiza mellorou bastante, afortunadamente, gracias á escolarización dos nenos e da xuventude, e, porriba de todo, ás comunicacións que fixeron que a nosa terra deixara de ser un triste archipélago de chousas humáns. A pesares dista circunstancia, "Penélope" conserva a sua vixencia, especialmente no que atinxe á mentalidade da xente galega e ó seu destino, exemplificado na perpetua emigración. Se hoxe tivera que re-crear a "Penélope", quezáis eu me amosaría máis duro, pois dóeme e detesto a emigración forzosa e certas formas de conformismo fatalista da nosa xente.

A claridade e a firmeza das palabras de Díaz Castro afórranme maiores comentarios, pois é máis que patente a consciencia plena coa que o escritor autoanalizou a súa obra, comprendendo fondamente o alcance da mesma e as posibles interpretacións e variacións que esta puidese chegar a ter. Un exemplo máis de que Díaz Castro foi un creador único, singularmente reflexivo a propósito da súa contribución literaria e do que esta pretendía e achegaba á historia da literatura galega.

LECTURAS E INFLUENCIAS

Díaz Castro foi un lector voraz dende a primeira hora. A súa poesía de mocidade revela xa unha notable variedade de influencias, froito do admirable coñecemento que aquel adolescente alumno do Seminario de Mondoñedo tiña dos clásicos grecolatinos por formación e, por devoción, dos doutras literaturas como a galega ou a francesa.

No tempo do Seminario o guitiricense subscribiuse a *La Croix*, mercou *Le Figaro* e recibiu a *Revue de Lectures* e mais *La Muse Française* e traduciu a Alphonse de Lamartine. Ata aquí todo máis ou menos esperable, pois é sabido que hai cen anos a lingua francesa funcionaba como vehículo internacional de cultura e en España a súa aprendizaxe formaba parte do ensino regrado. O que xa é máis sorprendente é o interese por ampliar horizontes idiomáticos daquel rapaz que entón era Díaz Castro e que, andando os anos, o había levar á excelencia na súa profesión de tradutor.

En efecto, como ten testemuñado o seu compañeiro seminarista Díaz Campos no especial que lle dedicou a revista *Amencer* en 1990 (nº 82, p. 22):

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

> Era un gran estudioso de idiomas. Dominaba e falaba perfectamente o francés, lingua na que escribía e aínda facía versos. Cando se foi do Seminario traducía ben o inglés e xa comezaba a falalo con bastante soltura. Tamén andaba a voltas co alemán que xa lía e empezaba a traducir.

Á vista do exposto, é evidente a súa francofilia, pois mesmo se molestara en solicitar á Librairie Garnier Frères de París as *Méditations Poétiques* de Lamartine, que se conservaron entre os seus efectos.

Doutra parte, ese tempo do Seminario vai ver nacer tamén o poeta Díaz Castro, quen publica entón os primeiros versos en revistas e xornais e escribe os poemarios *Follas verdes* (1934) e *Follas ô aire* (1935), inéditos ata hai pouco e hoxe recollidos na *Poesía galega completa* que editei para Galaxia en 2014.

Estes libros evidencian xa as lecturas e influencias dese Díaz Castro que andaba aínda á procura da súa voz. En esquema, as poesías desa altura revelan:

1) O maxisterio rosaliano: que se fai palpable tanto nos títulos dos poemarios coma en moitos dos textos. Así, por poñer só un par de exemplos, é moi ostensible na composición "¡Adiòs...!" de *Follas verdes*, tan próxima a "Adios, rios; adios, fontes" de *Cantares gallegos*, ou no poema "XII" da sección "Aurora" de *Follas ô aire*, no que latexa de fondo o modelo de "Unha vez tiven un cravo" das "Vaguedás" de *Follas novas*.

2) A pegada do paisaxismo humanista mindoniense: refírome, claro está, á influencia de Noriega Varela, a quen Díaz Castro chegou mesmo a coñecer en 1928 en Mondoñedo, pois presentoullo o seu fraterno amigo e compañeiro de tantas angueiras Aquilino Iglesia Alvariño. Hai moito de noriegano en *Follas verdes* e *Follas ô aire* (franciscanismo, relixiosidade popular, gusto pola lírica narrativa que describe anécdotas do eido rústico etcétera). É mais, nunha listaxe de lecturas preferidas que gardaba nun caderno do seu tempo de seminarista o primeiro título anotado é, precisamente, *Do ermo*.

Por tras (ou a canda, se se prefire) destas presenzas de Noriega e mesmo do primeiro Aquilino, o de *Señardá* (1930), van filtrándose na poesía diazcastriana de entón unhas influencias de segundo grao, mediatas, pois chegan pola vía destes dous autores. Refírome a certos ecos do saudosismo de Teixeira de Pascoaes ou á poética de Antero de Quental, que aparecen aquí e acolá como decorado de fondo.

3) O influxo dos líricos franceses: no que sobrancean dous nomes, Alphonse de Lamartine e Alfred de Musset, e, en menor medida, aínda que tamén, Francis Jammes.

A Lamartine, como dixen, non só o tiña ben lido nas súas *Méditations poétiques*, senón mesmo traducido, o que explica por que versos como, por exemplo os de "Señor", son tan imitantes aos de "Dieu" de Lamartine.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

Musset foi outro referente inescusable tanto para Díaz Castro como para Iglesia Alvariño e unha lectura compartida daquela altura, como chegou a confesar o de Seivane nunhas declaracións que hoxe poden lerse na edición do volume de Xosé Filgueira Valverde *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*, editada en 2008 polos profesores Ana Acuña e Xesús Alonso Montero (251):

> Paséi en Mondoñedo dez anos, interno no seminario. Gardaréi sempre na memoria [...] as pisadas solermiñas do meu profesor de Lugares teolóxicos, a espiarme por un furado da porta a ver si lía versos ou novelas. Qué disgustos me trougueron o *Fausto*, as *Noites* de Musset e a *Lóxica* de Hegel.

A querenza das célebres *Noites* dá a pista do nome e concepción da sección "As noites" de *Follas verdes*, onde non se explican composicións como "Ferida e bálsamo (Romance da media noite)" ou "Noite d'invèrno" sen os paralelos franceses: ese laúde tanxido de "La nuit de mai" xemelgo do violín que soa en "Ferida e bálsamo", ese ambiente espectral e avesío de "La nuit de décembre" tan parello a "Noite d'inverno" (modelo francés este que tamén foi paradigma para o "Entre sombras" dos *Sonetos completos* de Antero de Quental ou "De noite", das *Elegias* de Teixeira de Pascoaes, que tamén aquí resoan). É mais, un poema como "A canción do dolor" confirma esa pegada de Musset dende a primeira liña, pois non en van vai encabezado por unha cita do autor que di: "L'homme est un apprenti, la douleur est son maître", versos tirados, precisamente, de "La nuit d'octobre".

Do mesmo xeito, o poema "VI" de "Perversidade" de *Follas ô aire* conecta coa "Mors Liberatrix" dos *Sonetos completos* de Antero de Quental, pero, sobre todo, coas *Noites* de Musset, coas que comparte escenario sombrío, alusións arrepiantes, personaxes ao bordo da loucura e un mesmo ambiente nocturno e lunático. Da súa banda, Lamartine paira sobre a composición "XVI" de "Ceguedade", un outro texto descritivo sobre a dor de vivir no que "L'Automne" das *Méditations poétiques* se deixa oír na recreación de lugares e, antes de nada, na caracterización maldita dos seres asexantes que consegue transmitir unha sensación estarrecedora e atafegante.

Todo o ata aquí exposto retrata o substrato lector e o mapa de influencias do Díaz Castro poeta dos tempos da República, mais as coordenadas van ensanchar coa aparición de *Nimbos*.

En efecto, este libro –que se publica en xullo de 1961, mais que foi redactándose dende 1956 con materiais, fundamentalmente, desa e da anterior década– revela tamén o pouso puntual da escola neovirxilianista e os ecos rosalianos, pero incorpora, sobre todo, os acentos dos místicos da tradición hispana, a ascendencia dalgún dos grandes líricos da literatura anglófona e a familiar voz de Rainer Maria Rilke.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

A pegada de Noriega permanece principalmente en poemas como "Esmeralda", moi próximo ao costumismo franciscano e ruralizante do Noriega Varela de "Pasa un vermiño", "As froliñas dos toxos" ou "É unha breve pucharquiña...", mais tamén é detectable nun texto como "Vísperas", poema festivo que deixa voar airexas lúdicas concomitantes con "Do San Juan de Romariz".

Seguindo cos autores desta escola, tampouco ha custar decatarse de que algún dos poemas introdutores de *Nimbos* que se despregan neste a modo de *captatio benevolentiae* –no máis puro estilo de apóstrofe conmiserativa ás divindades, tal como era costume entre os latinos– achega de novo a Díaz Castro e Aquilino, como pode comprobarse se se poñen ao pé "Coma ventos fuxidos" do de Guitiriz e mais "Ite, leves elegi" do abadinense.

De igual maneira, non fai falla forzar moito para se decatar da proximidade na denuncia migratoria que paira, poño por caso, en "Terra achaiada" con esa "nena coa mazá nos dentes/ que perdeu o seu nome trálo Atlántico" e tantas das pasaxes de "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos" de *Follas novas*.

Agora ben, maior relevo cobra aínda a parentela coa mística hispánica. Non debe perderse de vista que un dos símbolos máis poderosos de *Nimbos* é o da luz. Pois ben, as fontes deste simbolismo hai que buscalas, en primeiro lugar, na Biblia. As antíteses luz/sombra, vida/morte, Deus/Mal forman parte da armazón que sustenta todos os Evanxeos. Pero é que, ademais, no dos Vilares esta dualidade vén reformulada por unha visión platónica do símbolo, que confire ao poeta o papel de iluminado, de demiúrgo mediador entre as persoas e a divindade do mundo superior ou *cosmos noetós*. O mito da caverna plana sobre as páxinas de *Nimbos*; por veces ostensiblemente, como no poema "Cova iluminada", de título revelador. Ese Deus platónico de Díaz Castro é un Deus-Ben un Deus-Ser e, polo tanto, un Deus-Luz, Sol do cal emana, por irradiación lumínico-divina, a realidade enteira e ao que volve o ser humano máis alá do mundo empírico do non ser e da sombra. Precisamente por este motivo, o único xeito de regresar á luz infinda, isto é, a Deus, é morrer, derrubarse en luz, na Luz-Deus que todo o enche. É aí, xustamente, onde a identidade con Fray Luis de León, Santa Teresa de Jesús e, moi acusadamente, San Juan de la Cruz se fai visible.

Non son o único que pensa así, pois tamén Román Raña no ensaio de 1996 *A noite nas palabras. Unha aproximación á poesía galega de posguerra* fixo notar a presenza dos arrebatos ou escintileos místicos de San Juan de la Cruz nos versos do guitiricense (180) e non dubidou en aseverar que o derradeiro verso de "Terra do Tempo" ("e a morte que me mata non é miña"), enxergado con maior atención, "autoriza a pensar nunha morte que non é tal, a morte dos místicos, de Santa Teresa de Xesús".

Nesta mesma liña, se un analiza como é tratado o símbolo das esferas do universo en *Nimbos* percibirá tamén esta proximidade. Así, cando no poema "Coma

unha escada" o eu lírico interroga o protagonista, faino retoricamente nos seguintes termos:

> Pro ti, ¿pra que estás morto?
> Antre a esfera onde estás e a miña sombra
> unha oración que no esperabas tira
> unha canle de lus coma unha escada.

A visión que Díaz Castro ten aquí do símbolo é, daquela, plenamente medieval, pois ofrécenos a súa imaxe do mundo como composta de esferas cósmicas formando capas superpostas en proxección circular, imaxe esta que tivo o seu máximo expoñente na *Commedia* de Dante, pero que en Díaz Castro procede de Fray Luis de León e o seu emprego do sistema tolemaico como construto cósmico, autor ao que moito lera nos tempos do Mondoñedo da Preguerra.

Canto á filiación anglófona dalgúns dos versos de *Nimbos* esta non debe estrañar, pois Díaz Castro estudou pronto o idioma e, cos anos, foi un asiduo tradutor do mesmo.

Conservamos exemplares do londiniense *Daily Mail* e mais o *The Cornhill Magazine* (editado na City por Lord Gorell) do seu tempo de seminarista e tamén unha carta de resposta do Departamento de Subscricións do *The Daily Telegraph* a unha súa petición de envío desta publicación datada en setembro de 1935. Xa que logo, dende moi cedo fíxose coa lingua, que despois impartiu como docente no Colexio León XIII de Vilagarcía, traducindo dela a Chesterton –velaí a versión do poema "The Return of Eve" do libro *The Queen of the Seven Swords* (1926) aparecida en *Alba*, 5, 1950– e deixando traducións de Campoamor ou Victor Hugo á mesma, versións todas que poden lerse agora na miña edición *Cartafol de traducións e outros poemas*, publicada no 2014 polo Consello da Cultura Galega.

Un caso paradigmático deste influxo da literatura en lingua inglesa en *Nimbos* constitúeo o poema "Ai, capitán", todo el moi próximo a "Oh captain, my captain" das *Leaves of Grass* (1855) de Walt Whitman, unha obra, por certo, da que o propio Díaz Castro dixo ter realizado unha tradución que, porén, non apareceu nunca entre os seus papeis, como tampouco o fixeron as dos *Four Quartets* de T. S. Eliot ou algunhas composicións de Núñez de Arce que tamén aseguraba ter feito, tal como revelan as cartas que enviou aos compoñentes de *Dorna* reproducidas no artigo de Xosé Manuel Salgado, "Díaz Castro e *Dorna*. A creba dun silencio", publicado no número 17 desta revista alá por xaneiro de 1991.

Deliberadamente deixei para o remate o tratamento da presenza e o influxo de Rilke en Díaz Castro. Non é este o lugar para afondar na cuestión, sobre a que cumpriría elaborar un estudo máis pormenorizado, así que terei que conformarme

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

con indicar algunhas notas sobre o coñecemento da lingua e a literatura xermanas por parte do guitiricense e amentar, sequera brevemente, algunha pegada rilkeana nas páxinas de *Nimbos*.

O do Vilariño coñecía ben a literatura en lingua alemá, pois aprendera o idioma dende noviño e, ao final dos seus días, mesmo chegou a escribir nel. Sendo seminarista comezara a estudalo, tal como confirman as palabras de Díaz Campos que citei máis arriba. Logo, perfeccionouno en Vilagarcía e impartiu esa materia (entre outras) nas aulas do Colexio León XIII. Estando na vila arousá hai constancia de que traballou na adquisición do idioma de Goethe por vía bibliográfica e que, co seu confrade literario e profesional Iglesia Alvariño, asistiu ás clases particulares que lles impartía Charles Lessner, enxeñeiro de minas que era, por máis sinais, afillado de Karl Marx.

Non detallarei aquí as diferentes traducións tanto éditas coma inéditas que Díaz Castro fixo dos versos de Rilke ao longo de máis de trinta anos, pois xa me ocupei do asunto no amentado *Cartafol de traducións e outros poemas*. Abondará con dicir que coñecía ben a súa poética, que sentía pola mesma gran consideración e que interiorizara o particular universo do autor de Praga, que gravitou sobre del na hora da escrita de *Nimbos*.

Se un le con atención o poemario diazcastriano descubrirá axiña a decisiva importancia que, como motivos simbólicos, teñen nos seus versos as presenzas da noite e do anxo. Xa se dixo que a primeira desas manifestacións metafóricas entronca ao tempo coa tradición mística, mais a singular visión que da mesma se dá nos poemas de Rilke é tamén parella á observable nalgunhas composicións do de Guitiriz. E nisto tampouco estou só, pois xa o fixo notar no seu día Manuel Xosé Neira no artigo "Os «anxos» de Díaz Castro", que publicara o desaparecido *O Correo Galego* (3/VII/1996).

Os *Poemas á noite* (*Gedichte an die Nacht*, escritos por Rilke en 1913 durante a súa estancia en España, pero nunca editados en vida do autor, pois apareceron postumamente en 1956 na edición das súas obras completas), así como outros moitos versos, demostran unha visión mixtizante e dialóxica da noite paralela á diazcastriana dos *Nimbos*. Tamén neles se constitúe en territorio de tránsito, en espazo polo que deambulan os vivos e dende o que nos acenan os mortos. Hai nos dous escritores o mesmo desposuimento, idéntica orfandade ante a noite infinda no medio da cal apenas algúns vagalumes de luz fosen ardoras escintilantes: os anxos, que vagan elexiacamente elevándose dende as sombras, como os humanos nos soerguemos co único instrumento que está ao noso alcance, a lira.

E velaquí unha outra presenza simbólica determinante tanto en *Nimbos* coma nos libros maiores de Rilke, así os *Sonetos a Orfeo*, pero, sobre todo, as *Elexías de Duino*. En efecto, os anxos, esas "tebras de luz" como os denominaba o praguense,

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

anuncian a vertixe do sagrado, representan a perfección inalcanzable polo humano, o seu ideal proxectante, a transición do visible ao invisible, do aquén continxente ao alén metahumano. E sendo certo que os matices poden diferir nun e noutro autor (hai en Rilke un hieratismo anxélico, unha visión terrible da presenza dos anxos que non hai no de Guitiriz, onde estes responden máis claramente na súa magnificencia á pauta religacional e transcendente), non pode negarse que estes mensaxeiros da divindade, personificacións da súa dimensión volitiva, presiden o oficio dos poetas, velan a súa escrita, ata o punto de que o propio Díaz Castro se confesa, no poema "Coma ventos fuxidos", salvado por un deles:

> Díaz Castro perdido no traxeito
> dun recordo moi longo, recolleito
> por un anxo e salvado
> nalgún intre de amor desesperado!

Recapitulando: tanto o Díaz Castro poeta dos tempos da República coma o escritor na madurez que produce *Nimbos* en plena Posguerra (tamén, evidentemente, o creador que recupera os folgos nos anos 80 con textos que, no esencial, prolongan camiños líricos xa andados por el previamente) amosan unha comunidade de lecturas cerne que amalgaman a tradición propia (na que señorean Rosalía, Noriega e certo Iglesia Alvariño) coas achegas dos clásicos grecolatinos, os místicos hispanos (San Juan de la Cruz, Fray Luis de León, Santa Teresa de Jesús), os grandes poetas franceses do último cuarto do XIX e primeiras décadas do XX (sobre todo Lamartine, Musset e, noutro sentido, Valéry ou Claudel), as voces maiores da poesía en lingua inglesa (de cabezaleiro Whitman, Eliot atrás) e, por riba de todos, o inmenso Rilke.

O propio Díaz Castro, preguntado en 1988 polas súas posibles influencias nunha entrevista á que xa me referín e que apareceu no *Faro de Vigo* do 3 de xaneiro, aclaraba:

> É psicoloxicamente inevitable que os autores da nosa preferencia exerzan sobre nós unha maior ou menor influencia. Noutros termos: sempre propendemos a imitar os nosos ídolos. Isto val tamén no campo da arte e dos costumes. É certo que os autores gregos, latinos e, sobre todo, os modernos autores españois e estranxeiros tiveron ó principio un certo grao de influencia no meu modo de pensar e de expresarme; pero sempre me esforcei por desfacerme deste influxo, porque sempre busquéi a independencia e a orixinalidade nos meus escritos. Rilke, Valéry, os simbolistas franceses e outros autores estranxeiros (ingleses, alemáns, italianos, árabes, etc.) foron pra min máis lidos e preferidos cós clásicos latinos e gregos ou doutras épocas e países.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

Así pois, foron moitas e diversas as influencias que se filtraron na poética diazcastriana. Fixen referencias ás que considero máis determinantes, pero, para rematar, quero deixar constancia aquí de que unha radiografía completa e exhaustiva das mesmas tería de contemplar aínda outros nomes, como os de diversos autores dos que reproduce citas en *Follas verdes* e *Follas ô aire* (Rabindranath Tagore, Paul Harel, Louis Lefebvre, Amado Nervo, Heinrich Heine, André Lamandé, etcétera), os de escritores aos que dedica textos en diferentes lugares (Kipling, Cervantes, Francis Jammes) ou o dalgún dos poetas que traduciu (Victor Hugo, Fermín Bouza-Brey).

CODA

Gustaríame pensar que, logo do dito, a poesía de Díaz Castro consegue verse con algo máis de profundidade de campo. O guitiricense foi non só un excelente poeta, senón tamén un autor consciente da súa ferramenta, magnífico coñecedor das literaturas clásicas e do seu tempo, pois non en van era un moi competente profesional da tradución e foi quen de ler, na lingua orixinal, moitos dos grandes creadores da súa época. Sería un tanto inxenuo pensar que todo ese caudal de lecturas, de asisadas reflexións autopoéticas que deitou aquí e acolá, non revelasen logo un delicado e moi elaborado palimpsesto versal no que, capa sobre capa, é posible ir descubrindo a epifanía de voces irmás que acompañaron a Díaz Castro no vieiro creativo. Aledaríame saber que as miñas palabras axudaron a transparentar ese celmoso universo polifónico que latexa nos poemas do de Guitiriz.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 13-29
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 31-35
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

ROSALÍA E DÍAZ CASTRO: PENÉLOPE POEMA

Carmen Blanco
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Caracterización xeral da persoal filiación da poesía de Xosé María Díaz Castro na poética romántica radical de Rosalía de Castro e análise metapoética do poema "Penélope" de Díaz Castro en relación con "Desde los cuatro puntos cardinales" de Rosalía e co mito greco-galaico da *Odisea* de Penélope e Ulises.

Abstract: This paper has a twofold aim. The first is to draw the general features of the particular affiliation of Xosé María Díaz Castro's poetry within the radical Romantic poetry of Rosalía de Castro. The second aim is to produce a metapoetic analysis of Díaz Castro's poem "Penélope" in its relationship with the poem "Desde los cuatro puntos cardinales" of Rosalía de Castro and with the Graeco-Galician myth of Penelope and Odysseus derived from the *Odyssey*.

Palabras chave: poesía galega, poesía contemporánea, Rosalía de Castro, Castelao, Xosé María Díaz Castro, Françoise Pechère, análise integral, estudos de xénero, mito de Penélope, mito de *Galicia mártir*.

Key words: galician poetry, contemporaneous poetry, Rosalía de Castro, Castelao; Xosé María Díaz Castro, Françoise Pechère, integral analysis, genre studies, Penelope myth, *Galicia mártir* myth.

> Las palabras […] si, analizándolas y soltándolas, las deja uno obrar como libres alguna vez, en sentido inverso van destejiendo sus propios engaños ellas, tal como Penélope por el día apacentaba a los señores con esperanzas, pero a su vez de noche se tornaba hacia lo verdadero, di Agustín García Calvo en *Lalia* (García 1973: X)[1].

1 As palabras do fragmento que abren este escrito están tomadas do epigrama que, a modo de lema, abre tamén ese libro e estaban orixinariamente nunha porta da Universidade de Sevilla.

ROSALÍA E DÍAZ CASTRO

A poética de Díaz Castro ten no seu canto unhas epidérmicas follas verdes primeiras rosalianas e unhas profundas raíces radiantes últimas tamén rosalianas. A obra colectiva *Xosé María Díaz Castro. Día das Letras Galegas 2014* (Salgado / Blanco 2014a), que contén escritos de Xosé M. Salgado, Armando Requeixo, Françoise Pechère, o propio Díaz Castro e meus, así o deixou constatado coa análise, no ano dedicado pola Real Academia Galega ao poeta.

Por outra parte, os datos positivos da crítica de Armando Requeixo teñen precisado a presenza da autora de *Follas novas* no creador de *Nimbos* tanto no artigo como nas investigacións que culminaron na tese *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica* (2014a) e deron lugar á edición da *Poesía galega completa* (Requeixo 2014b: 46, 49, 55). E, da mesma maneira, as exhumacións de Xesús Alonso Montero, feitas na prensa ao fío da proclamación do ano dedicado ao poeta, confirmaron matices desta filiación de Díaz Castro en Rosalía de Castro (Blanco 2014: 182).

Pola nosa parte, nas análises que viñemos facendo sobre a presenza das mulleres na creación do poeta evidenciamos o profundo e persoal canto ás mulleres da terra e á metamorfose do mito da Gran Nai no acougo e na áncora da terra e do mar, no impulso vital da espera e da esperanza e nas dores e no pranto dos traballos das noites e dos días e da loita pola supervivencia. É este un canto inspirado na simbiose do poeta coa historia de longa duración de Galicia e do mundo e coa tradición cultural conservada nela que vén coincidir en moitos aspectos con elementos básicos da creación rosaliana, tal como sinalamos en numerosas ocasións, especialmente en *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (Blanco 1995: 247-276). No escrito "Beleza para sempre", publicado en *O selo dun poeta. Beleza para sempre* da autoría de Xosé M. Salgado e miña (Salgado / Blanco 2014b, Blanco 2014b: 13-26), mostro a profunda inspiración rosaliana e a atracción total por Rosalía de Castro do Díaz Castro poeta maduro, recreador e tradutor que colabora coa hispanista belga Françoise Pechère na construción da magnífica peza poética bilingüe galego-gala da tradición literaria galaica "Galiza / Galice" que reproduce en edición facsimilar o citado libro *Xosé María Díaz Castro. Día das Letras Galegas 2014.* "Beleza para sempre" sitúa tamén a Díaz Castro no ronsel da revolución romántica rosaliana como poeta integral do persoal e do colectivo, do local e do universal, do clásico e do popular, do sacro e do profano, da vida e da morte, do amor e do desamor, da dor e da alegría, da contradición da luz e da sombra, da creación completa e fragmentaria, do silencio e da palabra e da riqueza máxima da ambigüidade coa que se define nos versos de *Sombras radiantes y otros poemas:* "dejadme ambiguo en esta ambigua tierra / río de sombras entre sierra y sierra" (Díaz 2014: 35). E sitúao tamén como

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 31-35
ISSN: 1576-8767

poeta rosaliano existencial na liña da *preexistencialista* Rosalía Hölderlin (Carballo 1959: 19), evidenciada no pensamento e na creación do caderno *7 ensayos sobre Rosalía* (Pimentel 1952), como poeta intimista do pensar e do sentir do mesmo Díaz Castro vivo nos seus versos e poeta social das persoas e das colectividades pobres e oprimidas que recolle o dó máis descrido de Rosalía de Castro e dálle o consolo crente canónico e simbiótico do gozo vitalista da poética da loucura dos soños da autora de *En las orillas del Sar* e dos momentos de plenitude da comuñón coa natureza e da experiencia mística da creadora de *Cantares gallegos* e *Follas novas*. Nesta "Beleza para sempre" e noutros escritos anteriores como "Penélope na «Galiza / Galice» de Françoise Pechère", incluído no libro *Xosé María Díaz Castro. Día das Letras Galegas 2014*, e "Imaxes de mulleres na literatura galega: Penélopes de poetas. Rosalía Penélope, Xohana Penélope e Olga Penélope", incluído na obra editada por Carlos Andrés González Paz *As voces de Clío: a palabra e a memoria da muller na Galicia* (Blanco 2009: 87-100), aparece a persoal filiación rosaliana de Díaz Castro nas Rosalías Penélopes mulleres de emigrantes, "guerreiros", viaxeiros e navegantes, e moi especialmente na Penélope pesimista, impasible, estoica, fatalista, autónoma e independente do poema "Desde los cuatro puntos cardinales" de *En las orillas del Sar.* É a Rosalía que quizais podería ter inspirado a Díaz Castro a volta ao máis orixinario, primitivo e profundo optimismo do mito greco-galaico desta Europa do sur, se é que nel vai o soño da superación reparadora dos horrores da traxedia da "Galicia" "Virgen-mártir" (Castro 1982: 126 e 129) denunciada no poema "A gaita gallega", do libro dos *Cantares gallegos* de Rosalía, libro moi amado polo poeta que se conserva copiado a lapis en dous cadernos con letra de Díaz Castro gardados no legado do poeta ao coidado de Alfonso Blanco Torrado (Blanco 2014: 180-183 e 187), e no álbum *Galiza mártir* de Castelao, publicado durante a guerra civil en Valencia en 1937 en edición tetralingüe para denunciar ao mundo os desastres da guerra e dedicado, precisamente, "Aos galegos que andan pol-o mundo" (Castelao 1976: s .p.). En "Penélope na «Galiza / Galice» de Françoise Pechère" fixemos unha lectura do poema de Díaz Castro dentro do pequeno poemario rosaliano da "verdade" "núa" (Blanco 2014a: 183) que é a escolma «Galiza / Galice». Esa lectura integral, á vez humanística, ecolóxica e metaliteraria, deixábao ver ben como un poema de implícita memoria resistente e como posible parábola utópica da harmonía planetaria e da creación e da renovación da vida, en sintonía coas Rosalías Machado e Virginia do humanismo integrador (Rodríguez 1985: 5-6).

PENÉLOPE POEMA

Agora, recollendo o "deter a beleza que se vai" da poética da "beleza para sempre" que escollemos da poesía de Díaz Castro que máis amamos, retomamos e

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 31-35
ISSN: 1576-8767

continuamos a lectura metaliteraria do poema "Penélope" do apartado "Esperanza" do libro *Nimbos* exposta en "Penélope na «Galiza / Galice» de Françoise Pechère" e en "Beleza para sempre". Nestes dous lugares acollémonos á rica ambigüidade do poeta para poder ver en Penélope —como en Ulises, ausencia presente—, a persoa, a poesía e o poema que persisten.

E agora tamén, recollendo a realización da utopía da liberdade e do amor universais deses mesmos escritos anteriores, sumámoslle a liberación das palabras soltas e quizais libres da cita de Agustín García Calvo para que desvelen as verdades elas. E para poder ver na amorosa cegueira mesta do orballo, das sabas e da tea do tempo, do sono e do soño. E para poder non ver no vesgo da chuvia coa visión amorosa transversal imprescindible. E para, ao fin, así poder sentir o canto e a volta. A beleza de volver, a beleza de vesar, a beleza de tornar, como a de tornear e traballar unha peza de forma redondeada, como a de versificar a estrutura circular do poema, na volta das viaxes e da tea na beleza para sempre, na beleza inmóbil do movemento libre do pracer, na beleza do tornar da estrataxema á vida verdadeira, para que permaneza Penélope poema, Penélope persoa e Penélope poesía. Poema redondo.

Penélope poema, *carmen*, canto, cantar, cántico encarnados, como no poema "Regreso" de *Sombras radiantes y otros poemas*: "La noche acaba en cántico, mujer / ¡Déjame, al fin, sin recordarme el viaje, / sentir intacto el gozo de volver!" (Díaz 2014: 120). Porque, como revela o último poema do apartado "Esperanza" do libro *Nimbos* onde está "Penélope", na terra e no tempo hai "hora e lugar" e hai escada ao ceo: "Ademetido fun na espranza pura, / i a morte que me mata non é miña" (Díaz 1982: 39). Seguindo quizais o "¡Esperad y creed!, *crea* el que cree, / y ama con doble ardor aquel que espera" (Castro 1982: 393) do citado poema "Desde los cuatro puntos cardinales" de Rosalía, a espera, a esperanza, a crenza e a creación compoñen Penélope poema, a persoa e a poesía deste poeta con humilde poética de canteiro (Díaz 2014: 116), que envolve en néboa e en nubes as ruínas do pazo derruído do desterro, tal unha primordial pirámide truncada cuberta de herba, para que brille a luz do suco, do camiño e da liña do verso da vida, como no poema "Terra sucada", primeiro do apartado "Esperanza": "Terra sucada, poema / de cen versos na outonía! / Orballa na cal, no escuro / camiño de tantas vidas..." (Díaz 1982: 36).

Poema "Penélope". A permanencia da creación na obra creada. A obra redonda —"cereixa", "guinda", "mazá" na boca— que ampara a verdade dos versos. A verdade da vida revelada no movemento pendular permanente que vai da verba ao verbo encarnado e volve para que permaneza a beleza para sempre no movemento inmóbil: "Un paso adiante i outro atrás, Galiza!". O movemento vital da beleza inmóbil. Poesía. Penélope poema. *Carmen*.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 31-35
ISSN: 1576-8767

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Blanco, Carmen (1995): *Nais, damas, prostitutas e feirantas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

——— (2009): "Imaxes de mulleres na literatura galega: Penélopes de poetas. Rosalía Penélope, Xohana Penélope e Olga Penélope", en Carlos Andrés González Paz (ed.), *As voces de Clío: a palabra e a memoria da muller en Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento".

——— (2014a): "Penélope na «Galiza / Galice» de Françoise Pechère", en Xosé M. Salgado e Carmen Blanco (ed.), *Xosé María Díaz Castro. Día das Letras Galegas 2014*. Santiago de Compostela: Universidade, 177-187.

——— (2014b): "Beleza para sempre", en Xosé M. Salgado e Carmen Blanco, *O selo dun poeta. Beleza para sempre*. Santiago de Compostela: Universidade, 13-26.

Carballo Calero, Ricardo (1959): *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía. Discurso de ingreso na Real Academia Galega lido o día 17 de maio de 1958 seguido da resposta de Ramón Otero Pedrayo*. Lugo: Ediciones Celta.

Castelao (1976): *Galicia mártir*. Madrid: Akal.

Castro, Rosalía de (1982): *Poesías*. Padrón: Patronato Rosalía de Castro. Edición de Ricardo Carballo Calero e Lydia Fontoira Suris.

Díaz Castro, José María (1982): *Nimbos*. Madrid: Editora Nacional. Presentación de Ricardo Carballo Calero. Tradución do autor.

Díaz Castro, Xosé María (2014): *Sombras radiantes y otros poemas*. Madrid: Editorial Eneida. Edición de Luís González Tosar e Armando Requeixo.

García Calvo, Agustín (1973): *Lalia. Ensayos de estudio lingüístico de la sociedad*. Madrid: Siglo XXI.

Pimentel, Luís *et al*. (1952): *7 ensayos sobre Rosalía*. Vigo: Galaxia.

Requeixo, Armando (2014a): *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

——— (2014b): "Introdución", en Xosé María Díaz Castro, *Poesía galega completa*. Vigo: Galaxia, 7-56.

Rodríguez Fer, Claudio (1985): "Rosalía ante la joven poesía gallega actual", *Ínsula* 463, 5-6.

Salgado, Xosé M e Carmen Blanco (ed.) (2014a): *Xosé María Díaz Castro. Día das Letras Galegas 2014*. Santiago de Compostela: Universidade.

Salgado, Xosé M e Carmen Blanco (2014b): *O selo dun poeta. Beleza para sempre*. Santiago de Compostela: Universidade. (http://dspace.usc.es/handle/10347/10977).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 31-35
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 37-46
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

POETA TOTAL

Luís González Tosar
Presidente do PEN Clube de Galicia

Resumo: O presente traballo narra a historia de *Nimbos*, o poemario publicado en 1961 que representa un dos cumes da nosa literatura no século XX, desde os seus antecedentes na revista *Alba*, até a segunda edición de Galaxia (1989), que pode ser considerada testamentaria, xa que o autor deuna por boa despois de corrixila e revisala, un ano e medio antes do seu pasamento. As trinta e dúas composicións de *Nimbos* marcan un antes e un despois na literatura galega, e fan de Xosé María Díaz Castro unha figura maior que apareceu ante o gran público como un descoñecido cun só libro.

Abstract: The present paper tells the story of *Nimbos*, a poetry book published in 1961 that stands as one of the high points of Galician literature in the twentieth century, from the first poems appearing in the magazine *Alba* to the second edition in Galaxia (1989). In fact this second edition could be regarded like a kind of "poetical will" because the writer revised and amended the poems a short time before his death. The thirty two compositions of *Nimbos* mark a turning point in Galician literature and made his creator, Xosé María Díaz Castro, into a great literary figure who appeared before the general public as an unknown writer with only one book.

Palabras chave: Xosé M.ª Díaz Castro, *Nimbos*, edición, Galaxia, Francisco Fernández del Riego.

Key words: Xosé M.ª Díaz Castro, *Nimbos*, editing, Galaxia, Francisco Fernández del Riego.

Este 2014 foi, sen dúbida, o ano de Xosé María Díaz Castro. O autor designado pola Real Academia Galega para conmemorar as nosas Letras e do que tamén celebramos o seu centenario. Magnífica ocasión, pois, este simposio co que a Academia pecha o Ano Díaz Castro, para aclarar algúns aspectos sobre a vida e a obra do poeta falecido en 1990. Unha figura maior da literatura galega que, así de primeiras,

apareceu ante o gran público como un descoñecido cun só libro. Certo que a obra cimeira do de Guitiriz está contida, que non reducida, nas trinta e dúas composicións de *Nimbos*, poemario publicado en 1961 que marca un antes e un despois, que perdura como unha labarada cegadora. Escadasí, a traxectoria de Díaz Castro é a dun poeta total —vocación, lecturas e aprendizaxe—, alguén que comezou a escribir de neno e que continuou, íntima e intelectualmente, ferido pola literatura, como creador e como tradutor, ao longo dunha vida sen estridencias. *Nimbos* é un continente inabarcable, unha desas potencias que marcan e deixan pouso, que lle proporcionan altura a calquera sistema literario.

Díaz Castro constitúe un modelo de poeta esixente, preciso, dos que transmiten emocións, sentimentos, dos que rescatan a esencia, esa levedade á que chamamos Poesía, expresada a través de símbolos universais. El, de estirpe labrega e canteira, valeuse dunha ferramenta xenuína —en tempos de maior penuria que a actual—, a fala da xente, a fonte limpa do idioma, elevándoa á meirande categoría. Alleo a modas, de costas ao que na lírica dos 60 era obxecto de consagración —sen escaparlle por iso ao compromiso social e identitario— ergueu un circio monumento, desde a ausencia, seguindo a canle do río de Deus, pero logrando facer berrar as pedras. De por parte, cómpre cernar a rente a cecha denominación de poeta local, chairego de escola, voz do cadullo da tribo... Nada diso, aínda que repousase o seu canto nun tempo que vai de Parga á Pastoriza, o alento de Xosé María Díaz Castro é inmenso, abrangue a humanidade toda, alumea con luz propia a noite do mundo. Aproveitemos a obra e o exemplo deste autor, un políglota que amaba, sobre todas, a lingua nai, para facer deste ano o da excelencia do idioma. Ben nos cómpre.

Trateino e fomos bos amigos na súa última década, dos 80 aos 90. Intercambiamos correspondencia, falamos longo de literatura, sobre todo de poesía, e tiven o privilexio de colaborar con el na reedición de *Nimbos* (1989). Creo que foi feliz naquela etapa de reencontro coa cultura, coa realidade social e política do seu país. Os que o coñecemos sabemos que el, que nunca perseguiu a gloria, sentiríase mal e preferiría pasar desapercibido nesta circunstancia. Pero a súa obra é merecente do recoñecemento dos milleiros de galegos, de dentro e de fóra da nosa terra que, neste 2014, xa a piques de rematar, puideron achegarse á luz e á verdade da súa palabra.

AS EDICIÓNS DE *NIMBOS*

Nimbos (1961) de Xosé María Díaz Castro, con cinco edicións anteriores, reaparece por cuarta vez baixo o selo da Editorial Galaxia, casa editora do poeta, neste emblemático 2014. Estamos no ano do centenario do seu nacemento (O Vilariño, San Vicente dos Vilares, daquela Trasparga, hoxe Guitiriz, 19 de febreiro de

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

1914) e no que, por acordo plenario da Real Academia Galega —21 de xuño de 2013— será o escritor homenaxeado nas diversas celebracións das Letras Galegas. Cumpría, pois, reeditar a súa obra máis significativa, *Nimbos*, a única que el publicou en galego, xunto con *Nascida d´un sono*, tríade de sonetos dedicados á muller betanceira, gañadora dos Xogos Florais de Betanzos en agosto de 1946, aparecida nun tríptico imprentado pola Librería Tipográfica Celta de Vilagarcía de Arousa, en 1947. Esta cuarta edición de *Nimbos* reproduce, escrupulosamente, a segunda de Galaxia, 1989, que considero testamentaria, e que o autor deu por boa despois de corrixila e revisala, un ano e medio antes do seu pasamento (2 de outubro de 1990, en Lugo). Respéctase así a vontade do poeta e a dos seus herdeiros. Cónstame que Díaz Castro seguiu de preto, naqueles 80, o debate lingüístico e que a súa escolla ortográfica, léxica e morfosintáctica, non coincidía exactamente coa normativa nin, moito menos, coa reintegracionista.

Lonxe dun esmiuzado estudo ecdótico ou dunha análise intratextual, considero de maior interese para as lectoras e lectores de Díaz Castro narrar a historia do poemario, un dos cumes da nosa literatura no século XX. Iso si, entrefebrando datos, referencias e apreciacións asentadas nos papeis e traídas á memoria coa forza evocadora dunha amizade, a nosa, que abrangueu a derradeira década da vida do poeta.

Os antecedentes de *Nimbos* remóntanse, fundamentalmente, á revista *Alba*, que comezou a súa andaina na Coruña para pasar de contado a Vigo. Desta publicación saíron, entre 1948 e 1956, un total de dezaseis números. Xosé María Díaz Castro chega a *Alba* nos 50, da man de Aquilino Iglesia Alvariño, o seu grande amigo e guieiro poético no Seminario de Mondoñedo. Aquilino fora tamén quen o levara, en 1940, ao colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa, do que o de Seivane era director, centro no que Xosé María permaneceu como profesor ata 1947. Díaz Castro aparece nas páxinas da revista dirixida por Ramón González-Alegre como poeta en galego e castelán e, así mesmo, como tradutor de Chesterton e de Rilke. As poesías de *Alba* en galego son seis, das que recuperará catro para *Nimbos* ("Penélope" e "Terra sucada" [1950] e mais "A cerna" e "Cortina" [1951]), que pasou ao libro con modificacións. Porén, no decenio anterior, publicara outros dous poemas que tamén integrará en *Nimbos*: "Con este alento" (1947), no vespertino compostelán *La Noche*, retitulada "Coma brasas", e "Terra e mar" (1946), na revista viguesa *Cartel* de Julio Sigüenza, á que pon novo título, " Ai, capitán", e somete a importantes cambios.

Atento a *Alba*, Francisco Fernández del Riego contacta con Xosé María Díaz Castro e inclúeo na súa *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos* (1955) con sete composicións: "Vísperas", "Terra rebada" (en *Nimbos* "Terra achaiada"), "Con este alento" (antes en *La Noche*, pasará a *Nimbos* co título de "Coma brasas"),

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

"Monumento á ausencia", "Intre de beizos" (en *Nimbos* "Veleiquí os homes", refeito e ampliado), "Penélope" e mais "A cerna" (ambas e dúas xa en *Alba*).

Será a partir do traballo de Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión dun poeta* (1995), cando coñezamos os contidos dos cadernos manuscritos de mocidade, *Follas verdes* (1934) e *Follas ô aire* (1935). Díaz Castro faloume deles, mesmo o dixo en entrevistas, mais dándoos sempre por perdidos. Non era certo, conservábaos entre os seus papeis, pero non os consideraba, por iso dicía que se perderan. Se Blanco Torrado, despois da morte do autor de *Nascida d'un sono*, non tivese atopado eses cadernos inéditos no caixón da mesa de noite do cuarto do poeta no seu domicilio de Madrid, Jaime Vera, 23, 3º esquerda, non pasaría nada. O lugar que Díaz Castro ocupa entre os clásicos das nosas letras acadouno con *Nimbos*, non con eses versos adolescentes.

Manteríase, de non apareceren, unha chiscadela literaria que formaba parte do paratexto, digamos mellor, do modelo de poeta que escolleu para si Xosé María Díaz Castro. Certo que era un home reservado, modesto, discreto e nada vaidoso, pero quen reparase máis alá do aparente xeito de paisano, por veces retranqueiro, encontraría ao *lletraferit,* magnífica definición de Xesús Alonso Montero, ao intelectual de altura ben informado e con sólida formación, ao políglota, en francés, italiano, inglés e alemán —daquela non abondaban onda nós— ao escritor de valía coidadoso da súa obra, impecable. Tal foi así, que só rescatou de *Follas ô aire* para *Nimbos* un poema breve sen título, ao que lle puxo "Esmeralda".

De por parte, as investigacións de Armando Requeixo no artigo "A poesía de Xosé María Díaz Castro: prehistoria de *Nimbos*" (1999) confirmaron as miñas sospeitas de que se valese dalgún texto en castelán, reescribíndoo en galego e incorporándoo ao libro. Requeixo detecta un par deles, "Trasfiguración" e "Coma unha insua". A base dos mesmos está nas recompilacións de poesías en castelán anteriores a *Nimbos* —preparadas por seren da estimanza do autor e non editadas por falta de oportunidade—, onde figuran como "Transfiguración" e "De la ausencia".

O que debe quedar claro é que todo creador organiza a súa obra en liberdade e segundo o seu propio criterio. *Nimbos* constitúe un continente lírico inmenso, profundo, existencial e luminoso, unha unidade perfecta. A palabra lírica chéganos desde dentro, desde o íntimo. A súa linguaxe é moi rica e vai máis alá do torrón chairego, recrea o galego "valéndose de imaxes ideadas de maneira inagardada con nomes concretos tirados da realidade dos traballos e dos días correntes", en opinión de Xosé Luis Méndez Ferrín.

Teñamos en conta que, no caso que nos ocupa, á par do poeta está o tradutor profesional, coñecedor de idiomas nos que podía saciar a sede literaria na fonte limpa da lingua orixinal dos seus autores preferidos e que, cando o tempo llo permite, enreda, xoga traducindo poesía, mesmo compondo versos en francés e alemán; en

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

Dorna publicámoslle "Chanson" (1983) e "Wozu?" (1991), coas correspondentes versións ao galego, tamén de Díaz Castro.

Díaz Castro posuía oficio e habelencia, condicións que adquiriu lendo, traducindo, escribindo pouco, depurando moito. Por iso compuxo o seu libro devagar, asentado sobre os circios alicerces de materiais poéticos anteriores, xa desbastados de punteiro, os que relabrou coa delicada finura do cicel, ferramenta que manexaba coma ninguén. Encaixounos perfectamente ensamblados coa outra ducia e media de pezas concibidas e desenvoltas a partir da proposta que, en 1956, lle fixera Fernández del Riego; incorporarse á colección de poesía estreada por Uxío Novoneyra con *Os eidos* (1955). O resultado segue conmovendo, pervive contra tempo e desmemoria despois de máis de medio século.

Levoulle case cinco anos. Por fin, o 19 de setembro de 1960 chegou o orixinal a Galaxia, Policarpo Sanz 24, 1º, Vigo. Mais se non fose pola cordial e teimuda insistencia epistolar de Francisco Fernández del Riego e de Ramón Piñeiro, que ata o foi ver para animalo co do libro, nunha viaxe a Madrid en 1959 —tamén polos recordatorios de Ben-Cho-Shey, Carballo Calero e Novoneyra— quizais o poeta, cargado de traballo como tradutor para sacar adiante a súa familia e levado por un perfeccionismo extremo, non lle tivese dado cimeira daquela. No arquivo Del Riego da Fundación Penzol hai dezaoito cartas e unha tarxeta de Díaz Castro do período 1955-1962, e no Fondo Ramón Piñeiro —depositado na Penzol— consérvanse trinta e dúas cartas de Díaz Castro, respondendo a outras tantas de Piñeiro, datadas entre 1959 e 1989. Correspondencia moi a ter en conta para unha análise dun poemario tan longamente esperado.

E aínda pasaron nove meses máis entre engadidos, supresións e correccións, dun autor tan meticuloso coma sistemático na arquitectura da súa escrita. A primeira edición, chamarémoslle orixinal, sae, por fin, no verán de 1961, en Vigo. O colofón completa a data: "Rematouse de imprimir na imprenta Peón, de Pontevedra, o día 5 do mes de Santiago…" A estrutura artéllase en sete apartados: "Pórtico", "Noite", "Lus", "Espranza", "Milagre", "Sono" e "Ferida", que non variarán en ningunha das seguintes edicións. O libro consta de trinta e dous poemas, os mesmos en todas, pero con variantes. Como remate, Díaz Castro insiste en colocarlle un "Vocabulario galego-castelán de termos empregados neste libro, a morfoloxía ou a semántica dos cales non son —certa ou probablemente— comúns a toda Galiza". Aclaración tipicamente súa. Da fasquía do libro ocupouse Xohán Ledo, sobrio deseño da capa en branco e negro e tres ilustracións, tamén en negro, suxerentes brochazos antepostos ás seccións "Pórtico", "Espranza" e "Sono".

A edición orixinal sufriu unha modificación en 1964. Segundo me informou o amigo Enrique Méndez Gil, veterano empregado da editora, actual responsable do almacén, imprentáranse mil exemplares, e a pesar de que o libro fora saudado moi

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

favorablemente con recensións e comentarios de voces autorizadas: Otero Pedrayo, Risco, Cunqueiro, Carballo Calero, Fole, X. M. Álvarez Blázquez, Franco Grande, Lugrís…, vendíase pouco. Para remediar esta situación, o propio Fernández del Riego decidiu cambiarlle a capa aos centos de *Nimbos* que quedaban en existencia, xa satisfeita a demanda dos subscritores que daquela pasaban de cincocentos. Múdase a cor negra da portada pola laranxa e plastifícase. Non son certas, pois, as consideracións de que se trata dunha reimpresión e, aínda menos a hipótese de que o cambio obedeceu a burlar a censura.

A segunda edición, bilingüe, galego-castelán, tirouna do seu prelo a Editora Nacional, Colección Libros de Poesía, Madrid, 1982, exactamente o 14 de decembro. Traducida polo propio autor, leva unha longa "Presentación" de Ricardo Carballo Calero e a cuberta é de Diego Lara. Díaz Castro foi quen decidiu, tamén nesta ocasión, as modificacións: acentuación gráfica das maiúsculas, cambio da marca de comezo —a orixinal destacaba a primeira palabra de cada composición en alta—, eliminación das ilustracións interiores e sangrado dos versos de cada poema, agás o inicial. Do que se lamentaba Díaz Castro era do errado corte dos longos versos de "Alfa e omega" e "O berro das pedras". El, tan certo como era, corrixírao nas probas, pero non llo tiveran en conta. A tiraxe foi importante, tres mil exemplares, mais a distribución deixou moito que desexar. O motivo de que esta edición bilingüe non chegase ás librerías foi que a Editora Nacional era unha empresa de propiedade estatal. Organizada en plena Guerra Civil pola administración franquista, sería liquidada por Javier Solana, ministro de Cultura no primeiro goberno de Felipe González. Pechou precisamente pouco despois de que aparecese *Nimbos* nela, xunto con outros cinco libros máis pertencentes a Juan Ramón Jiménez, Gabriel Bocángel, Juan Larrea, Francisco Pino e Vladimir Holan. Nunha carta do 7 de xullo de 1983, desde Madrid, Xosé María infórmame destes pormenores e dime que asistiu, o 4, "ao acto de presentación dos seis poemarios, antre eles o meu, organizado por Gonzalo Armero, responsable da coleición e direitor de «Poesía», unha revista para a que me pediu poemas".

Foi Carlos Casares, amigo e ao tempo director de Galaxia, quen me propuxo, a comezos de 1989, buscar dous poetas para encargármonos da colección Dombate, á que quería darlle unha volta. Faleille de Anxo Quintela e de Xosé A. López Dobao, pareceulle ben. Puxémonos a traballar axiña con entusiasmo, coincidindo, todos tres, en que o volume inicial da nova xeira non podía ser outro que a reedición de *Nimbos*.

Eu víñame comunicando desde mediados de 1982 —a primeira carta asinouna tamén Henrique Monteagudo— con Xosé María Díaz Castro. Solicitáballe colaboracións para *Dorna*, informábao das novidades editoriais e comentáballe actividades e proxectos. El contestaba, máis ou menos puntualmente, mandaba algo, non

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

todo o que eu lle pedía (ten máis colaboracións en *Dorna*, vinte e cinco, que en ningunha outra publicación periódica, aí está o artigo de Xosé Manuel Salgado: "Díaz Castro e *Dorna*: a creba dun silencio") e íame dando as súas opinións e pareceres. Obran no meu poder trinta cartas de Díaz Castro, unhas mecanografadas, outras manuscritas, todas en galego, enviadas desde Madrid, Guitiriz e Urretxu, entre 1982 e 1989. Non gardei copia das miñas, recuperei recentemente unha presada delas mercé á xenerosidade de Armando Requeixo, autor da tese de doutoramento *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica*, dirixida por Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, que inclúe a edición crítica de *Nimbos*.

Falabamos moito por teléfono. Coñecémonos persoalmente en Guitiriz, no verán do 83. Díaz Castro, que non era tan distante nin reacio a intervencións públicas, como algúns pensaban, accedeu con gusto a vir a Compostela, en febreiro de 1985, para apadriñar o número 11 da revista *Dorna* nun acto celebrado na Facultade de Filoloxía, entón en Mazarelos. Previsor como era, e por mor da súa timidez —en público, porque en privado tiña moito humor e gozaba da tertulia—, leu un texto moi gabancioso (reproducido en *Dorna*, xaneiro de 1991) e mesmo recitou algúns poemas dos que lle publicaramos. Volveu a Santiago en abril de 1986, para presentar, xunto con Carlos Casares e Ramón Lorenzo, na Aula de Cultura da Carreira do Conde, o meu primeiro libro, *A caneiro cheo*. Ao ano seguinte fomos xuntos a Vigo, onde puido fundirse nunha aperta, moi emocionado, con Fernández del Riego, con quen tanto tratara e a quen aínda non coñecía. Longo faladoiro, exquisito xantar, simpática competencia, entre eles, por ver quen era capaz de lembrar máis denominacións científicas de peixes. Xornada marabillosa, memorable.

Chameino a Urretxu polo da reedición de *Nimbos*, a finais de xaneiro de 1989. Aceptou á primeira e ata secundou a idea de levala a cabo canto antes. Estrañoume nel, tan demorado neses asuntos, como se presentise que lle quedaba pouco tempo. Así o fixemos, en tres meses o libro estaba na rúa. Incrible tendo en conta a súa delicada saúde —sufrirá dous infartos, en 1984 e 1987— e o baixo estado de ánimo motivado pola morte da súa muller, María Teresa Zubizarreta Bengoechea, falecida de socato o 17 outubro de 1988, un machadazo. Cando finou Isabel, a esposa de Ramón Piñeiro, aínda o poeta en Guipuscoa, comuniqueillo. Púxolle unha carta a Piñeiro, o 16 de setembro do 89, na que, entre outras cousas, dicíalle: "E fáloche así, con este esforzo fraterno de comprensión, pois hai pouco que pasei por un trance durísimo ao perder tamén a miña muller, máis duro aínda polas circunstancias da súa morte e dos tempos inmediatamente anteriores".

Comezamos a traballar na reedición por correo postal e rematamos, a comezos da primavera do 89, en Guitiriz. Quedabamos sempre no bar O Pozo, case debaixo do piso no que vivía co seu irmán Serafín, na rúa Sesulfe, 1, 2º B. Acordamos que eu lle fixese as propostas de revisión e que llas envíase. Picouse o libro

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

e maquetouse seguindo a edición orixinal (1961), incluído o Vocabulario, ao que el lle daba moita importancia —así e todo alixeirouno abondo—, e eu, a man, nas galeradas fun marcando o que consideraba que se podía cambiar. Teño, a disposición de quen queira consultalas, aquelas primeiras probas de imprenta corrixidas de puño e letra de Díaz Castro, en vermello, nas que acepta algunhas das miñas propostas e rexeita outras. No cartafol *Xosé M.ª Díaz Castro. Nimbos de luz na Insua dos Poetas*, do 9 de xullo de 2011, publicado co gallo do cincuenta aniversario de *Nimbos*, que celebramos na Insua dos Poetas, incluín varias follas desas probas.

Xunto coas galeradas viña unha carta manuscrita datada o 7 de marzo de 1989 en Urretxu, na que entre outras cousas di:

> Mándoche eiquí, por fin, as correicións (mellor diría "recorreicións") das galeradas de Nimbos. Agradézoche moitiño a túa solicitude e a axuda que me prestas para a reedición do vello poemario. E, dun xeito xa máis persoal e entrañado, agradezo o teu alegórico poema sobor dun fantástico encontro entre Otero Pedraio e Díaz Castro, poema que me enchéu moito o ollo. Paso agora a comentar as principais correicións do texto. Pero, denantes deso, quero facer unha observación: as diverxencias antre as túas correicións e as miñas creo que se deben esencialmente a que estou moi lonxe de conformarme totalmente cos criterios que presidiron a redaición das famosas "Normas morfolóxicas e ortográficas" da lingua galega. Non vou expor eiquí as razóns da miña desconformidade porque eso levaríame moi lonxe.

E, de seguido viña a "Lista de correicións" páxina a páxina e palabra por palabra, explicando en cada unha o motivo da súa escolla.

Aquelas probas entregueillas a Emilio Vila nas Artes Gráficas Galicia, rúa Segovia, 19, Vigo. E dous días despois recollín as segundas probas que lle enviei ao autor para que as cotexase. Unha vez devoltas elaboráronse as pranchas e *Nimbos* entrou en máquina. Ese foi o proceso.

A segunda edición de Galaxia saíu do prelo o 20 de abril de 1989 cunha capa de Manuel Janeiro e tiráronse mil cincocentos libros. Díaz Castro volveume escribir, o 25 de xuño, desde Madrid, agradecéndome o envío de exemplares e engadindo: "Encantoume a coor azul do meu libro e a portada toda, estou conforme co texto, fixeches un bon traballo". Desculpábase tamén de non poder estar na presentación por retelo en Madrid unhas consultas médicas do seu irmán Serafín. Francisco Fernández del Riego e Xesús Alonso Montero foron os encargados de presentar, respectivamente, na desaparecida Librería Bertrand da rúa do Príncipe de Vigo, o 26 de xuño de 1989, *Nimbos* e *Remol das travesías*. Para min foi unha honra moi

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

grande que un libro meu compartise aquel acto co do mestre. E aínda que el non puido asistir, os seus versos chegaron ao corazón de todos os presentes.

Volvo á *Ascensión dun poeta*, do amigo Alfonso Blanco Torrado, como tantas veces volvín en noites de insomnio, en seráns de raxeira, en abrentes de ilusión, na procura de datos e informacións sobre Díaz Castro. Abro a páxina 58 e leo:

> Galaxia adopta algúns cambios nesta segunda edición (a de 1989) que non son propios de Díaz Castro: suprimindo contraccións propias da fala popular, así como vocábulos do idioma que practicaba acotío o poeta. Tamén o uso de acentos é normativizado polos editores, aínda que se manteñan excepcións como "crebóuse" e o "brandéuse" do poema "Remuiño".

Penso que Alfonso ignoraba, cando formulou esta aseveración, o proceso ao que acabo de referirme máis arriba, e supoño que cando reedite *A ascensión*, neste nimbado 2014 é un bo momento, rectificará tan errado xuízo. E así mesmo entendo que a apreciación de Blanco Torrado inducise a que Carlos Lema, encargado da terceira edición (Galaxia, Colección Dombate, Vigo, 4 de decembro de 2006) non tivese en conta para nada na súa "Nota do editor", unha *emendatio ope codicum*, a segunda de Galaxia (1989), que xa era testamentaria, nin sequera para criticala.

A edición de 2006 é dúplice. Unha das tiraxes é institucional, con carimbo da Xunta de Galicia e ademais da "Nota do editor" leva "Prólogo" de Alfonso Blanco Torrado, a outra é comercial. Ambas e dúas reproducen no interior a primeira páxina do mecanoscrito orixinal enviado por Díaz Castro e como ilustración da capa o cadro *Mañá de Pascua*, de Gaspar David Friedrich.

Nesta historia escalonada de *Nimbos*, á de 2006 correspóndelle o quinto chanzo. A cuarta banceira, se non me engano, ocuparíaa a edición de *La Voz de Galicia*, Colección Biblioteca 120, A Coruña, 2002. Esta si que segue a de 1989. Deixo a rente da soleira, non por menos valor, senón por ser o sitio máis axeitado para as traducións, o *Nimbes* (Tex Trilingüe, versió en catalá Vicent Berenguer, versió en castellá Xosé María Díaz Castro, Poesía Edicions de la Guerra, València, 1997). Meritorio esforzo.

RAMO FINAL

Cando me dispuña a pórlle o ramo a esta crónica, recibín unha chamada dun amigo con recoñecida autoridade no terreo da crítica e análise de textos literarios, Arcadio López-Casanova. Foi unha conversa interesante, de fondura diazcastriana, clarificadora para min. O autor do *Dicionario metodolóxico de análise literaria. A Poesía* (Galaxia, 2001) comezou situando a Díaz Castro onde lle corresponde pola súa

obra, entre os poetas de posguerra. Desbotou, con atinados razoamentos, a denominación de poeta chairego, "naceu na Terra Chá, dixo, pero en *Nimbos* concentrou temas universais: a dor existencial do home, o amor, a natureza, a espiritualidade transcendente, a liberdade… É a súa unha visión dramática, en constante tensión, pero esperanzadora...". Fun tomando nota das palabras de López-Casanova mentres el falaba e reprodúzoas aquí porque coincido con elas ao cento por cento.

E xa para rematar, deixo para os interesados, un paralelismo no que nunca ninguén, penso, ten reparado. A coincidencia entre as potencias poéticas de Francisco Luis Bernárdez, tamén noso, e Xosé María Díaz Castro. Ambos moi de Francis Jammes, Paul Claudel, Charles Péguy… Os dous compartindo imaxes semellantes: a auga, pingas do río que iluminan o mar; o vento, pulo que asubía e vai acariñando a terra; o lume, amor que lle abre ás criaturas de Deus un mencer infinito. Ignoro se o de Guitiriz leu ou non ao porteño, que era catorce anos máis vello, tampouco sei se *Nimbos* lle chegou a Paco Luis. Quédome coa luz que atravesa a beleza das cousas en *El buque* (1935) e cos nimbos, coma cinza de rosas que onte encheron de perfume o mundo, morto xove, dalgún soño.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 37-46
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 47-64
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

DÍAZ CASTRO E A ESCOLA DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO

Félix Villares Mouteira
Director do Arquivo Diocesano do Bispado de Mondoñedo-Ferrol

Resumo: O Seminario de Mondoñedo tivo e ten unha grande importancia nas letras galegas. A maioría dos poetas e escritores do norte da provincia de Lugo pasaron polas súas aulas. Os estudosos da Literatura Galega falan da Escola poética do Seminario de Mondoñedo. Todos os poetas que pasaron polo Seminario e que forman parte desta Escola poética teñen unhas características comúns: gran formación, beben nos clásicos latinos e gregos, preocupación pola fala e riqueza léxica, liña poética popular e costumista, cantores das cousas pequenas, predominio do descritivo e fondamente relixiosos.
Díaz Castro ingresa no Seminario en 1929 e está ata 1940, a non ser os anos da Guerra Civil. Alí aprenderá e escribir poemas e publicaraos baixo a guía de Aquilino Iglesia Alvariño. Díaz Castro ocupa un lugar senlleiro na escola poética do Seminario de Mondoñedo.

Abstract: Historically the Mondoñedo Seminary had and still has a great significance to Galician Literature. Most of the poets and writers born in the northern part of the province of Lugo received their education in its classrooms. Moreover, scholars studying Galician Literature argue the existence of a Poetical School of the Mondoñedo Seminary on the basis of a series of common features shared by all the poets who once belonged to it: a good cultural formation, a great deal of creative inspiration drawn from Greek and Latin classical writers, the preoccupation with language and with lexical richness, the folk and popular tendencies showed by their poetry, the preponderance of the descriptive verse, a poetry which celebrates the little things, and a deep-rooted religious feeling.
Xosé María Díaz Castro joined the Seminary in 1929 and remained there until 1940, with the exception of the years of the Spanish Civil War. There he learned to write poems which he then published under the guidance of Aquilino Iglesia Alvariño. Díaz Castro holds a prominent place in the Poetical School of the Mondoñedo Seminary.

Palabras chave: Xosé M.ª Díaz Castro, Escola Poética do Seminario Mondoñedo.

Key words: Xosé M.ª Díaz Castro, Poetical School of the Mondoñedo Seminary.

Xosé María Díaz Castro é unha das figuras sobranceiras da chamada Escola Poética do Seminario de Mondoñedo. É unha columna, un alicerce desta Escola. O Real Seminario Conciliar de Santa Catarina de Mondoñedo marcou para ben tanto a traxectoria vital como literaria do poeta dos Vilares.

O poeta chairego Aquilino Iglesia Alvariño —outra das columnas da Escola do Seminario— no fermoso poema "Oración do sapo", este (o sapo) pídelle a Deus que o libre dunha chea de perigos, propios do seu mundo: "as cousas que andan a correr", "os pucheiros cheos d'auga, nas hortas", "a boca das cobras", "as rodas dos carros" e, en xeral, "todol-os bichos malos", e, ó final suplícalle a Deus: "dainos, Señor, / un alpendre de sombra e de luar / para cantar". Eu creo que o Seminario de Mondoñedo foi para Xosé María Díaz Castro e para outros moitos poetas que se formaron nas súas aulas o "alpendre de sombra e luar" no que puideron compoñer os seus versos, no que puideron cantar.

INTRODUCIÓN

Os seminarios nacen a raíz do Concilio de Trento para a debida formación do clero. O Seminario de Mondoñedo foi o terceiro de España (despois dos de Burgos e Cádiz-Ceuta) e o primeiro de Galicia.

O Concello de Mondoñedo, presidido polo bispo Maldonado, o día 22 de outubro de 1565, acorda solicitar do Concilio Provincial autorización para erixir un Seminario. Pero a fundación do Seminario terá que agardar ata o ano 1583, baixo o pontificado do bispo Caja de la Jara. O primitivo edificio compoñíase de dúas casas na rúa Padilla, hoxe Afonso VII. En 1699, lévanse a cabo unhas obras de ampliación.

En 1770, o bispo da Diocese, Losada e Quiroga promove a construción dun novo edificio, nunha horta coñecida co nome de Turrillón, á beira da Catedral, construción que remata cinco anos despois. O edificio consta de planta baixa e primeiro piso. Ó rematar é cando o Seminario acada o seu maior esplendor, baixo o Padroado Real de Carlos III, que lle concede o título de Real Seminario Conciliar de Santa Catarina, chegando a contar con douscentos seminaristas.

O bispo don Xosé María Cos e Macho, no ano 1888, comeza a ampliación do edificio, construíndo un segundo piso sobre a edificación xa existente. As obras rematan o ano seguinte como pode lerse no frontispicio que hai na fachada principal.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

En 1910 e en 1930, no pontificado de monseñor Sollís e Fernández, constrúense novos locais para cociña e comedor; é o chamado Seminario Menor, anexo ó edificio xa existente.

Don Fernando Quiroga Palacios, daquela bispo de Mondoñedo, comeza en 1947 a gran ampliación do Seminario coa construción de novos pavillóns. Estas obras prolongáronse varios anos. As obras rematarán no ano 1954, no pontificado de monseñor Vega Mestre, dándolle ó edificio do Seminario o aspecto que hoxe ten.

O SEMINARIO, BERCE DE POETAS

O Real Seminario Conciliar de Santa Catarina de Mondoñedo tivo, e podemos dicir que segue a ter, unha grande importancia nas nosas letras. Se botamos unha ollada á Historia da Literatura Galega, vemos que, ata fai pouco tempo, a totalidade dos poetas e escritores do norte da provincia de Lugo pasaron polas aulas do Seminario mindoniense ou estiveron dalgún xeito vinculados a el a través dos seus profesores ou a través do contacto con alumnos que alí cursaban os seus estudos. Pódese dicir que non hai en Galicia, fóra da Universidade de Santiago de Compostela, un centro de ensino polo que teñan pasado tantos e tan sobranceiros poetas e escritores.

Naturalmente isto ten as súas explicacións, como imos ver. Por unha banda, o Seminario de Mondoñedo foi, durante moitos anos, o único centro de ensino superior que había en todo o norte da provincia de Lugo. Por outra parte, era un centro barato e, xa que logo, accesible, ás economías rurais e mariñeiras de por si moi modestas. A isto haille que engadir o gran prestixio que tivo o Seminario en tempos de Carlos III e en anos posteriores. Por último, outra razón pola que saíron tantos poetas e escritores é que o Seminario tiña un bo equipo de profesores que animaban os alumnos a escribir.

Ata hai poucos anos, a maior parte dos escritores do Seminario de Mondoñedo foron poetas. Así os estudosos da Literatura Galega falan, ó referirse a estes escritores, da chamada Escola poética do Seminario de Mondoñedo. Manuel María en *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega*, publicado en Coimbra, di: "O Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo vén a ser o eixo sobor do que xira, dende hai séculos, a vida intelectual da cidade. O Seminario de Mondoñedo é unha escola, ó menos dendes do século XVIII, de poesía galega que chega deica os nosos días. Importantes poetas galegos se formaron nas súas aulas" (Fernández Teixeiro 1968: 6).

Todos os críticos e estudosos da Literatura Galega recoñecen a existencia e a importancia desta Escola poética da que forman parte, entre outros, Antón María de Castro e Neira, Lois Corral Rodríguez, Xosé María Corral Rodríguez, Xacinto

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

Romualdo López, Pascual Saavedra, Nicomedes Pastor Díaz e Corbelle, Xosé María Chao Ledo, Francisco de Paula Buón, Felipe Lence Pérez, Manuel Leiras Pulpeiro, Antón Noriega Varela, Manuel María García Castro, Leoncio López de las Casas, Antolín Santos Mediante Ferraría, Francisco Amor Méndez, Celestino Cabarcos Suárez, Daniel Pernas Nieto, Ricardo Bodenlle Corral, Francisco Fanego Losada, Manuel Rico Prieto, Fernando Pérez Barreiro, Manuel Pérez Pérez, Xosé Crecente Vega, Xosé Trapero Pardo, Xosé García Cascudo, Enrique Chao Espina, Aquilino Iglesia Alvariño, Antonino Roca Roca, Xosé María Díaz Castro, Xosé Antón Rivas Reigosa, Anxo Seijas Cendán, Benxamín González Quelle, Uxío García Amor, Carlos Díaz Sante, Xosé Ramón Goás Gómez, Amador R. Fernández Mejeras, Xosé Chao Rego, Xosé Manuel Vázquez González, Anxo Ferreiro Currás, Xosé Bello Lagüela, Lázaro Domínguez Gallego, Pedro Díaz Fernández, Bernardo García Cendán, Antón Martínez Barcón, Marcos Mariño Parapar Lago, Ricardo Timiraos Castro, Wenceslao Vila Poupariña, Xosé Martinho Montero Santalha, Segundo Leonardo Pérez López, Vicente Míguez Salgueiro, Xesús Lustres Blanco, Luís Miguel Lustres Blanco, Camilo Valdeorras e Josechu Artiaga Díaz.

Polas aulas do Seminario de Mondoñedo, ademais destes poetas, pasaron outros escritores que non cultivaron a poesía ou si a cultivaron, pero que teñen publicados varios libros, sobre todo de investigación, como poden ser Enrique Cal Pardo, Santos Sancristóbal Sebastián, Xosé Chao Rego, Xosé María Fernández e Fernández, Digno Pacio Lindín, Xosé María Díaz Fernández, Segundo Leonardo Pérez López, Xosé Manuel Carballo Ferreiro, Xosé Martinho Montero Santalha, Ramón Villares Paz, Manuel Rivas García, Antón Costa Rico, Xosé Rubal, Camilo Valdeorras, e algún outro que pode quedar no tinteiro.

Como podemos ver, a nómina de poetas e escritores que pasaron polo Seminario de Mondoñedo é ben ampla.

DÍAZ CASTRO NO SEMINARIO DE MONDOÑEDO

En 1929, cando Xosé María Díaz Castro ten quince anos, ingresa no Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo. Antes asistiría a unha pasantía de Latín na casa reitoral da parroquia de San Pedro do Buriz para prepararse para o ingreso no centro mindoniense. Na súa familia xa houbera algún sacerdote, segundo dixo o poeta:

> Na miña familia había unha tradición, xa anterga, de curas... E unha moi grande relixiosidade. A constante influencia acabou por determinarme. Eu non sabía se había ou non vocación, pero deixeime arrastrar polos cariños familiares. Foi máis tarde, ben máis tarde, cando me din conta de que aquel non era o meu camiño (Xiz 1987: 162).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

No curso 1929-30, como alumno interno aproba o primeiro curso de Latín e Humanidades acadando "Meritissimus" (hoxe, sobresaínte-9) en Lingua Latina e Lingua Española que eran as materias que compoñían o plan de estudos. Nos exames extraordinarios celebrados o 27 de xuño de 1930, aproba o segundo curso de Latín e Humanidades, tamén con "Meritissimus" en todas as materias: Lingua Latina e Lingua Española. Sen dúbida, como pasou noutros casos, que a pasantía da reitoral do Buriz preparatoria para o ingreso tivo moito que ver nisto.

O terceiro ano de Latín e Humanidades faino no curso 1930-31, levando de novo "Meritissimus" en Lingua Latina, Retórica e Poética e Xeografía. Neste curso levou o primeiro premio. Cómpre sinalar que para acadar un premio había que levar "Meritissimus" en todas as materias do curso e facer un exame. O 30 de setembro do ano 1931 fai o exame de Reválida no que leva a cualificación de Aprobado. Hai que dicir que na Reválida as únicas cualificacións que outorgaban eran as de aprobado ou suspenso.

No curso 1931-32, aproba o primeiro ano de Filosofía con "Meritissimus" en Lóxica e Ontoloxía, Gramática, Álxebra e Nocións de Xeometría. No 1932-33, segundo de Filosofía con "Meritissimus" nas materias do curso Cosmoloxía, Psicoloxía e Teodicea, Historia Universal, Historia de España, Perfección de Lingua Latina, Perfección de Lingua Española e Solfexo. No curso 1933-34, saca adiante terceiro de Filosofía con "Meiritissimus" en Ética e Socioloxía, Perfección de Lingua Latina, Perfección de Lingua Española, Física e Química, Historia Natural e Solfexo.

Comeza os estudos de Sagrada Teoloxía no curso 1934-35. Aproba primeiro con "Meritissimus" en Dereito Público Eclesiástico, Teoloxía Fundamental, Sagrada Escritura, Lingua Grega, Lingua Hebrea e Doutrina Social Católica e "Benemeritus" (hoxe, Notable-7) en Teoloxía Moral, Liturxia, Historia Eclesiástica e Patroloxía, e "Meritus" (hoxe, Ben-6), en Canto Gregoriano.

No curso 1935-36, aproba segundo de Teoloxía con "Meritissimus" en Sagrada Escritura, Teoloxía Dogmática, Teoloxía Moral e Historia Eclesiástica e "Benemeritus" en Patroloxía e Canto Gregoriano. En 1936, é mobilizado e ten que deixar o Seminario. Unha vez rematada a Guerra Civil, no curso 1939-40, volta a Mondoñedo, pero, en xaneiro de 1940, abandona definitivamente o Seminario. Don Enrique Cal Pardo[1] recorda así aqueles tempos:

1 Don Enrique Cal Pardo naceu en Galdo (Viveiro) en 1922 e coincidiu con Díaz Castro no Seminario de Mondoñedo; no curso 1939-40 fixo o quinto curso de Latín e Humanidades. Na actualidade é o Deán e o Arquiveiro da Catedral de Mondoñedo.

> Pasaron unos azarosos meses del año 1936 y llegaron las vacaciones. Con el comienzo de éstas, coincidió el inicio de la Guerra Civil, que para mi significó poco; pero para la mayoría de los seminaristas significó la interrupción de los estudios y, en bastantes casos, el cambio total de rumbo en la vida. Nuestro poeta tuvo que incorporarse a filas y cambiar las rutas del parnaso y de las noches embrujadas, por unas noches al aire libre, con frío gélido muchas veces. El Seminario estuvo ocupado por los heridos en el frente de Asturias y no pudo dar comienzo el curso hasta el 25 de enero de 1937. Los alumnos eramos todos de los primeros cursos. Parecíamos huerfanos. De vez en cuando llegaban algunos alumnos mayores que venían a recibir sagradas Ordenes; otros, porque habían quedado heridos (perdido un ojo). Un día, sin saber porqué sí ni porqué no (en voz baja se decía que estaba enfermo) llegó el poeta a pasar una temporada. Como no había más clases que las de los primeros cursos, no tenía que hacer. Pero pronto le encomendaron un trabajo. Se proyectaba hacer una veladita y, para ser bien, era preciso representar una pequeña obra teatral. He aquí su trabajo: buscar una obra adaptada a la chiquillada del Seminario. Le pareció bastante asequible la titulada "El pavo robado". Se lo comunicó a la superioridad, que aprobó la obra y, en consecuencia, le mandaron elegir unos cuantos alumnos y empezar a ensayarla. Así lo hizo una temporadita. Ya casi la teníamos lista. Pero he aquí, que un día faltó al ensayo y se empezó decir que había abandonado el Seminario. Los que estábamos en la lista de "actores", no lo creíamos. Nos engañaba el ansia de representar la obra, que ya casi sabíamos de memoria. Pero, al cabo de unos días, nos enteramos de que su marcha era un hecho definitivo. Incluso corrió la noticia de que había marchado para incorporarse, como profesor, a la Academia que en Villagarcía de Arosa tenía otro poeta ex-alumno del mismo Seminario: Aquilino Iglesia Alvariño (Cal 2014: 26).

Aínda que xa comezara a escribir antes, foi no Seminario, onde Xosé María Díaz Castro atopou o seu camiño poético. El mesmo o manifestou:

> Alí foi onde me perfeccionei eu, aprendín a escribir, aprendín a escribir en verso, e empecei a publicar... nun periódico de Vilalba, unha revista de Vigo... Para min, Aquilino foi o guía. Primeiro fomos compañeiros de estudio en Mondoñedo. Máis tarde, compañeiros de profesorado. E sempre o ademirei. Para min, foi un dos mellores poetas que produciu a nosa terra, e aínda o sigue sendo (Xiz 1987: 162).

Compañeiros de Díaz Castro no Seminario mindoniense, que compartiron con el aulas, recreos... a vida enteira no día a día, salientan varios aspectos da súa

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

personalidade. Todos din que era coñecido coma «o poeta». Así Atilano Rico Seco[2] di: "Todos lle chamabamos "o poeta". Os seus tempos de ocio adicábaos á poesía. Era moi bo latinista: na clase de Latín era o número un. Cando pasou a Filosofía xa empezou a decaer e perdeu categoría intelectual; xa non era o primeiro" (Rico 1990: 18).

Don Enrique Cal Pardo, bastante máis novo que o poeta dos Vilares, coincidiu con el no Seminario e dinos que, cando el estaba nos primeiros cursos:

> En un entreacto de la comedia subió al estrado un teólogo, de buena presencia y clara voz. Sin previa presentación, porque todos, a excepción de los de la última hornada, conocían a Aniceto, empezó así: "Tengo el gusto de recitar un poema de un poeta que cobijamos". Claro que yo no sabía lo que significaba cobijar; pero lo importante no fue eso, sino el hacer ver que decir "el poeta que cobijamos" equivalía a decir José Díaz Castro. Él era aquel que todos llamaban "el poeta", el poeta que "cobijamos", el poeta por excelencia "cobijado" bajo los techos y entre las paredes del seminario. Y ese fue mi primer conocimiento de la existencia de José Díaz Castro y de su apelativo de "poeta" (Cal 2014: 25).

Pola súa banda, Xosé Díaz Campos[3] sinala:

> Estando no Seminario compuxo dous cadernos de poesías: "Follas verdes" e "Follas ó vento", que eu coñecín e lin e poido afirmar que moitos dos poemas que tiñan eran preciosos e moi galegos, non só por estar escritos en galego coloquial, senón, sobre todo, polo seu fondo de sabia sabiduría popular e fonda raigame galega (Díaz Campos 1990: 22).

Xesús Castro Prieto[4], natural do Buriz, di de Díaz Castro que "dos seus estudios para as clases diarias, aínda lle quedaba tempo para a poesía, tanto dalgunhas lecturas como de composicións especialmente en galego como faría durante toda a súa vida" (Castro 1990: 19).

Outro dos aspectos que subliñan é que era moi estudoso moi intelixente e moi afeccionado á lectura. Así Xosé Díaz Campos di que "era un bo estudiante,

2 Atilano Rico Seco foi compañeiro de curso do poeta dos Vilares no Seminario. Despois exerceu como sacerdote castrense. Naceu en Bretoña

3 Xosé Díaz Campos naceu en San Martiño de Belesar (Vilalba) en 1919. Esta parroquia limita coa dos Vilares e coa do Buriz. Coincidiu con Díaz Castro no Seminario e foron moi amigos. Foi párroco de varias parroquias e cóengo da Catedral de Mondoñedo.

4 Xesús Castro Prieto naceu en San Pedro do Buriz en 1915 e foi compañeiro de curso do noso poeta e moi amigo del. Foi durante moitos anos párroco de Santa María de Neda na bisbarra de Ferrolterra.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

intelixente [...] Era francamente estudioso, xa que non só preparaba as leccións para a clase, senón que tamén sacaba tempo para as súas aficións literarias. Lía moito e estaba ó tanto dos movementos literarios" (Díaz Campos 1990: 22). Segundo Xesús Castro Prieto, entre os autores preferidos estaba Lamartine. Xosé Díaz Jácome di que era "amigo dos libros" e que "o poeta amigo citaba nos seus escritos ós poetas franceses con especial simpatía" (Díaz Jácome 1990: 24). Pola súa banda, Xermán Palacios Rico[5] di:

> os que coincidimos con el e tivemos ocasión de escoitarlle recitar fragmentos de Horacio ou de Virxilio ou os exemplos do texto de Retórica e Poética, que como "pensum" diario nos esixía don Francisco Fanego na clase, vimos inmediatamente en Díaz Castro o alumno brillante, cunha grande sensibilidade estética, que despertou a nosa unánime ademiración e a quen queríamos parecernos (Palacios 1990: 20).

A súa facilidade para as linguas é outra das facetas que salientan os seus compañeiros no Seminario. Para Xosé Díaz Campos "era un gran estudoso de idiomas. Dominaba e falaba perfectamente o francés, lingua na que escribía e aínda facía versos. Cando se foi do Seminario traducía ben o inglés e xa comezaba a falalo con bastante soltura. Tamén andaba a voltas co alemán que xa lía e empezaba a traducir" (Díaz Campos 1990: 22).

Segundo Xosé Díaz Jácome "dominaba varias linguas modernas amais das clásicas, o que lle permitiu coñece-la poesía extranxeira, anque procurou evitar toda cras de influencia" (Díaz Jácome 1990: 24).

En canto á súa forma de ser, Atilano Rico Seco di que "era bo compañeiro, introvertido, moi metido en si" (Rico 1990: 18). Eulogio Fernández Murias[6] salienta a súa bonhomía. Para Xesús Castro Prieto "distinguíase pola súa afabilidade e finura. Atento a tódalas preguntas e intervencións dos demais, detíase un pouco a pensar para da-la resposta oportuna, coa tranquilidade que nel era habitual" (Castro 1990: 19). Segundo Xosé Díaz Campos "... era sinxelo e humilde, excelente compañeiro, de amena e erudita conversación, de mirada un tanto socarrona e con gran sentido do humor. Aínda que era bo observante da disciplina, gustáballe tomar parte nas pequenas trastadas que animaban a nosa monótona vida estudiantil" (Díaz Cam-

5 Xermán Palacios Rico, aínda que máis novo que Díaz Castro, foi compañeiro de curso no Seminario. Era natural de Mondoñedo e, despois de deixar o centro mindoniense, foi profesor de Francés en varios institutos da provincia de Pontevedra.

6 Eulogio Fernández Murias, nacido en Vidal (Trabada) en 1916, foi condiscípulo de Díaz Castro no Seminario. Foi párroco de San Xoán de Alaxe e Santa María do Valadouro.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

pos 1990: 22). Como froito desta "mirada un tanto socarrona e con gran sentido do humor" temos como exemplo a composición titulada "A nosa clás" que comeza así: "A nòsa clás é a pirmeira: / E un Consello de déz sábios, / con fina espada na léngua / i-eterna risa no labios" e na que fai un repaso de cada un dos seus camaradas. Tamén nos lembra unha anécdota do seu paso polo Seminario:

> Un día presentouse na formación antes da clase coa cara a medio afeitar e dime polo baixo cando cheguei xunta del: "–o toque da campá é a voz de Deus e hai que obedecerlle inmediatamente: se estás a medio afeitar, deixas a outra metade por afeitar. Aquí te-lo exemplo". E ensinoume a metade da cara pefectamente afeitada e a outra metade sen afeitar. Non fai falla dicir que, ó saír da clase e enterarse os demais compañeiros, fíxonos pasar a todos un intre agradable. (Díaz Campos 1990: 22-23).

Xosé Díaz Campos di que Díaz Castro estaba moi ben conceptuado e era moi apreciado no Seminario. E que cando lle foi comunicar a súa decisión de deixar o Seminario ó bispo de Mondoñedo, don Benxamín de Arriba e Castro, este díxolle que, se algún día cambiaba de parecer, as portas do Seminario quedábanlle abertas.

Todos estes compañeiros de Xosé María Díaz Castro falan da amizade do poeta dos Vilares con Aquilino Iglesia Alvariño, tamén alumno no Seminario mindoniense e das clases de Latín ou Retórica e Poética con don Francisco Fanego Losada que tanto influíu —como eles mesmos recoñecen— en que varios dos alumnos escribisen os seus versos. Así Xesús Castro Prieto di: "Como amigo do poeta figuraba como tal Aquilino Iglesia Alvariño, tamén seminarista" (Castro 1990: 19). Pola súa banda, Palacios Rico escribiu:

> Díaz Castro foi, durante algún tempo, a máxima figura literaria do Seminario de Mondoñedo, sucedendo neste "liderazgo" ó outro egrexio poeta, Iglesia Alvariño, que tamén se alimentara dos clásicos gregos e latinos naquelas aulas e que alí mesmo comezou a da-las primicias dunha brillante carreira poética, continuada ó longo da súa vida. (Palacios 1990: 21).

Xosé Díaz Jácome di: "Iglesia Alvariño era entón o seu amigo e compañeiro. Preparaba xa o primeiro libro —*Señardá*— onde resoaban ecos dos poetas portugueses... O influxo de Aquilino na poesía de Díaz Castro tiña a relevancia dun mestre" (Díaz Jácome 1990: 24).

Pola súa banda, Xosé Díaz Jácome, que non foi alumno do Seminario, tivo unha gran relación con varios poetas que se formaron nas aulas do Seminario (entre eles Díaz Castro) e que participaban nas tertulias que había no que el chamaba

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

"barbería-ateneo do Pallarego", sita ó pé da Fontevella. Alí xuntábanse Álvaro Cunqueiro, Xosé Díaz Castro, Aquilino Iglesia Alvariño, Francisco Fernández del Riego, Xosé Trapero Pardo, Xosé María de la Fuente Bermúdez, Alejo Barja, Xosé Ramón Santeiro, Tatino Díaz, Raimundo Aguiar, Bernardino Vidarte, Xosé Díaz Jácome, Xosé Cigarrán... Así Díaz Jácome escribiu:

> A miña lembranza de Xosé María Díaz Castro remóntase a súa estadía no Seminario de Mondoñedo. Alí o coñecín eu. Era un rapaz miudo, cordial, amigo dos libros. A nosa amizade consolidouse nos encontros que tivemos na barbería-ateneo do "Pallarego"[7] cando ía ou viña de vacacións. Tamén parolábamos no transcurso daqueles paseos dos seminaristas polas estradas, en formación cáseque militar, locindo a beca vermella (Díaz Jácome 1990: 24).

No Seminario Xosé María Díaz Castro foi un grande animador das veladas que se facían durante o ano e sobre todo polo Nadal. Cómpre sinalar que non había vacacións de Nadal senón que os seminaristas seguían no Seminario. Facía poemas para diversas circunstancias. Así, no ano 1935, cando fixo a entrada na Diocese o bispo don Benxamín de Arriba e Castro, o noso poeta compuxo un poema en castelán para esta ocasión. En xaneiro de 1985, cando lle pedíramos uns poemas para publicar na revista *Amencer* na que lle iamos dedicar as seccións "Os nosos escritores" e "Escolma", escribiunos dicindo:

> Primeiro, darlle-las gracias polo envío de varios números da revista AMENCER. Lémbrome ben que, na miña época de estadía en Mondoñedo, dirixín tamén unha revista absolutamente manuscrista, feita toda por estudiantes. Doulles a miña meirande noraboa. ¡Adiante! Esa publicación debe seguir, perfeccionándose cada día. Porque ela non é só un instrumento de expresión da cultura, senón un medio de aprendizaxe, de adquisición de cultura, un medio de creatividade.

Estaba a referirse á revista *Illuminare* que publicaba a Academia Misioneira San Francisco Xabier da que Díaz Castro foi o secretario e Iglesia Alvariño, o presidente.

Xosé María Díaz Castro sempre gardou un grato recordo do seu paso polo Seminario mindoniense. Eu lembro que dous anos antes do seu pasamento, presentouse unha tarde no Seminario. Tiven a sorte de acompañalo no percorrido por tantos lugares nos que el estivera e mesmo se emocionou. Ensineille a aula que leva o seu

7 O "Pallarego" era Manuel Ledo Bermúdez, barbeiro-músico que fixo un gran labor e musical e cultural en Mondoñedo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

nome e non paraba de dar as grazas. Xosé Díaz Campos di que "sempre conservou un gran amor ó Seminario e esforzábase en manter comunicación cos que foramos compañeiros seus" (Díaz Campos 1990: 23). Xulio Xiz Ramil, que tratou moito a Díaz Castro nos derradeiros anos da súa vida, díxonos ó preguntarlle como lembraba o seu paso polo Seminario:

> Con moito agarimo. Hai dúas cuestións ou dous xeitos para respostar isto. Dunha banda, non hai máis que ler *Nimbos* para darse conta da profundísima influencia que o Seminario tivo nel e a carga relixiosa ou espiritual que ten toda a súa poesía. Pero poido, ademais, certificar persoalmente o agarimo con que lembraba aquela estadía en Mondoñedo porque, precisamente, cando se confeccionou o noso vídeo "Díaz Castro, nimbos de poesía", Carlos Rodríguez, o meu compañeiro e mais eu recorrimos con Díaz Castro a súa xeografía vital. O chegar a Mondoñedo foi como volver á casa... Entramos nas aulas, tan cheas de lembranzas… No patio interior, onde coñeceu a Aquilino, que tanto influíu nel á hora de escribir poesía en galego. O Seminario foi onde se formou como poeta, lingüísta e humanista. Os mellores anos da súa vida pasounos alí. (Tuimil/López 1990: 16).

Como podemos ver o Seminario mindoniense tivo un grande influxo na vida e na traxectoria poética de Xosé María Díaz Castro.

DÍAZ CASTRO E A ESCOLA POÉTICA DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO

Como xa dixemos, Xosé María Díaz Castro xa comezara a escribir versos antes de ingresar no Seminario de Mondoñedo, pero vai ser aquí onde realmente, da man, sobre todo, de Aquilino Iglesia Alvariño e do profesor Fanego Losada, vai atopar o seu camiño como poeta. O primeiro poema de Xosé María Díaz Castro que viu a luz nunha publicación foi "¡Toma mi corazón!" que apareceu, en maio de 1931, na revista de Lleida *Lluvia de Rosas*. No xornal *El Progreso Villalbés*, foi publicado, en agosto de 1931, "Lembranzas e sospiros", o primeiro poema galego publicado polo noso poeta.

Durante a súa estadía no Seminario vai escribir dous cadernos de poesía: *Follas verdes* e *Follas ô aire*. *Follas verdes*, que leva por subtítulo *Cantares e romances*, está datado o 23 de abril de 1934 e contén setenta e cinco poesías distribuídas en cinco seccións: "Follas perdidas" (dez poemas), "Lyra enxebre" (vinte), "Ditos e refráns" (catro), "As noites" (seis) e "Romances, baladas e pensamentos líricos" (trinta e catro). Leva tamén un poema introdutorio. Pola súa parte, *Follas ô aire*, datado o 19 de marzo de 1945, está composto por cincuenta e catro poemas repartidos en tres

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

seccións: "Perversidade" (catorce composicións), "Ceguedade" (dezaoito) e "Aurora" (dezasete). Ademais, leva unha composición "Portada" e outra "Campanadas" que se repite ó comezo de cada unha das seccións. A maioría destes poemas están datados entre 1932 e marzo de 1935.

Xosé María Díaz Castro forma parte, por dereito propio, da chamada Escola Poética do Seminario de Mondoñedo. É máis, é unha das figuras máis senlleiras e sobranceiras da mesma.

En todos os poetas, que forman parte da Escola Poética do Seminario de Mondoñedo, atopamos unhas características comúns, que son as que fan que, en realidade, se poida falar dunha escola poética, dunha mesma familia poética. Velaquí as características:

1.- En todos eles se deixa ver unha fonda formación humanista que recibiron no Seminario e que reflectirán nos seus poemas. Esa formación humanista lévaos a humanizar todo o que está a súa beira. Xosé Trapero Pardo escribiu:

> Humano, porque nos seus primeiros anos conviviu coas xentes da bisbarra nativa, onde o senso de solidariedade, por necesidade de mutua axuda, ou pola convivencia dos mesmos problemas vitais, fai que a xente se comprenda ou se rexeite, segundo os casos. [...] Mais o noso poeta, tan humano, é tamén humanista, porque desque nas aulas do Seminario de Mondoñedo se meteu por entre a fronda dos autores latinos, xa engadiu á nativa outro senso de humanidade. (Trapero 1987: 160).

Como mostra este poema de Díaz Castro, publicado en *Nimbos*:

> Coma brasas
> Poeta ou non, eu cantaréi as cousas
> que na soleira de min mesmo agardan.
> Alumaréi con fachas de palabras,
> ancho herdo meu, o mundo que me deron.
> Ehí están, coma brasas contra a noite,
> as vellas cousas, cheas de destinos.
> Ollos que piden, de famentos nenos.
> Ollos que esperan, dunha adoescente.
> Galiza en min, meu Deus, pan que me deron
> leite e centéo e sono e lus de aurora!
> Longa rúa da mar, fogar da terra,
> i esta crus que nos mide de alto a baixo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

Con este alento, eu lles daréi ás cousas
o drama cheo que lles nega a vida:
dareilles rostos, pra que se conozan,
palabras lles daréi pra que se entendan…

2.- Outra característica é que beben nos clásicos latinos e gregos cos que se puxeron en contacto nas clases de Latín. Isto pode verse polos títulos dos poemas en latín, polas citas dos autores latinos, pola imitación das formas poéticas latinas, e mesmo, moitos destes poetas traducen os clásicos latinos. Francisco Fernández del Riego di que o noso poeta ten unha raizame clásica. Na poesía de Xosé María Díaz Castro, aparte da inclusión de frases latinas nos seus versos ("Coma un anxo airado" e "O berro das pedras), o poema titulado "Penélope", no que recrea un mito grego co que denuncia a pasividade que hai na nosa terra, é un bo exemplo:

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.
Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mól coma unha uva.
Pro tí envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.
Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.
Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

3.- En todos estes poetas se deixa ver unha fonda preocupación pola fala e todos teñen unha gran riqueza léxica. Están en contacto coas xentes do pobo e recollen voces, xiros, refráns, etc. O léxico dos seus poemas é o léxico que empregan os seus veciños. O mesmo Díaz Castro manifestou: "Eu escribo en galego dialectal, como xa dixeron algúns críticos nas reseñas da miña obra. Un galego de Lugo, e dentro de Lugo desta bisbarra. Que non é un galego perfecto, xa o sei, pero eu quero sempre falar na lingua da bisbarra onde nacín, porque así a miña voz é máis auténtica" (Xiz 1987: 163).

Aquilino Iglesia Alvariño escribiu: "Poetas para los que la temática arranca directamente del vivir gallego, de sus cosas y gentes, del campo y del mar, y para los que la expresión es la lengua viva del pueblo, fielmente trabajada, a veces con arte exquisito" (Iglesia 1961: 42).

Alfonso Blanco Torrado, en "Ascensión dun poeta", escribe, referíndose a Díaz Castro:

> mergúllase nos recantos da lingua popular pola que el sempre apostou [...]. É unha escrita feita nun galego coloquial, popular, que será sempre unha das características do idioma empregado por Díaz Castro [...]. Traballa as palabras coma os canteiros da súa parroquia se entregan a busca-las formas que acochan e esconden as pedras de gra das canteiras de Parga. Un traballo recreador do idioma, pero duro, a golpe de cicel que vai confirmando o seu mundo lingüístico, dando á luz novas formas cada vez máis expresivas (Blanco 1995: 126-127).

Por outra parte, Francisco Fernández del Riego di: "Lendo as páxinas de Nimbos decátase un que o seu autor posee unha linguaxe fiel, cinguida, e suntuosa ao mesmo tempo; unha linguaxe de imaxes xustas, sorprendentes de riqueza e de poder de evocación" (Fernández del Riego 1987: 44).

4.- Todos os poetas do Seminario están nunha liña poética popular e costumista. No poema de Díaz Castro "Vísperas" vemos claramente esta característica. Nel o poeta lembra o día antes da festa de Nosa Señora do Carme, que, no Buriz e en gran parte da Terra Chá, se lle chama a festa do Carmio, denominación que conserva Díaz Castro. Segundo Alfonso Blanco Torrado, "Desde o Río do Porto, o poeta vive a festa con toda intensidade, e faina vivir ós comunicantes, a través de imaxes tan evocadoras coma esta: «Foguetes lonxanos cain no río», no reflexo que eles fan na auga, dando a impresión de que están a caer alí mesmo" (Blanco 1995: 92).

VÍSPERAS
Polos días do Carmio a festa chega ó río.
Unha música ardente vén no aire coma un río
de recordos. Foguetes lonxanos cáin no río.
Este é o Porto - Muíño, todo en lapas, o río.
O río está deitado coma un boi remoendo,
i o Tempo non sei qué anda rente dél remexendo.
As bágoas do ameneiro cáin pola noite abaixo,
e fan céios pequenos de estrelas alombaixo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

Nas puntiñas dos pés a festa chega ó río,
i anésgase, larmeira, á veiriña do río.
Despóis vólvese tola: brinca o río berrando,
e pérdese nos bímbios i as xesteiras beilando,
i acéndese nos vidros da aldeia chea de anos,
i ergue a meiga as palpébras de animás e cristianos...
Chora o ameneiro en soños (Qué bén se óin os muíños!),
e chora polo tempo perdido nos camiños.
Ai cómo está de bágoas de nenos feito o río!
Este é o Porto - Muíño, todo en sombras, o río.
A Virxe pasa a máu polo lombo do río...

5.- Todos os poetas da Escola do Seminario son os cantores das cousas pequenas, as cousas miúdas, e teñen un afán e un amor franciscanista polas cousas humildes e sinxelas. No poema titulado "As formigas" vese claro isto: o poeta fixa a súa atención na imaxe simbólica das laboriosas formigas coma testemuñas da presenza de Deus no mundo. O poema titulado "Esmeralda" é, sen dúbida, outra boa mostra. Coido que o título xa o di todo pois chámalle esmeralda, pedra preciosa, perla, a unha herba. Xosé María Díaz Castro expresa a grandeza e o amor polas cousas, aínda as máis humildes, máis sinxelas.

Herba pequerrechiña
que con medo surrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sin ti,
¿por qué de ser pequena
te me avergonzas tí?
O Universo sería
máis pequeno sin ti!

O mesmo Díaz Castro dixo: "Algún crítico dixo que era un home con moito respecto ás cousas, un respecto ás criaturas de Deus non acariñadas. Esas son as que busca o poeta para elevalas a unha categoría, e por iso envólveas nun nimbo de luz, para darlles gloria" (Xiz 1987: 163).

6.- Nos poetas do Seminario hai un predominio do descritivo sobre o lírico. En Díaz Castro dáse, sobre todo, nos poemas anteriores a *Nimbos*, en concreto no caderno *Follas verdes*. Pero esta característica dos poetas do Seminario de Mondoñedo, non aparece dun xeito nidio en Xosé María Díaz Castro, como moi ben afirma Alfonso

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

Blanco Torrado: "[...] Ata agora unha poesía moi descritiva, que irá esvaéndose na medida en que o poeta vai madurecendo no seu crear" (Blanco 1995: 30).

7.- Por último, outra característica dos vates da Escola poética do Seminario de Mondoñedo é que todos son homes fondamente relixiosos e o tema relixioso aparece na súa poesía. Isto aínda naqueles máis anticlericais, como Leiras Pulpeiro. As mostras son moitas. Unha parte destes poetas do Seminario compoñen versos para seren recitados nas igrexas polo Nadal, tradición que comeza no século XVIII e chega deica ós nosos días.

Podemos dicir que toda a poesía de Xosé María Díaz Castro está enchoupada dunha fonda relixiosidade. Os exemplos son moitos. Os poemas "Coma un río", "Alfa e Omega", "Cova alumada", "Transfiguración", "Veleiquí os homes", "Quezais", "Oración a Nosa Señora", "O borrallo", "Coma un anxo airado", "O verme e a estrela", e, sobre todo "Como unha espada" poñen a Díaz Castro á altura dos grandes místicos castelás. Victorino Pérez Prieto di que "os versos de «Como unha espada» —con ecos de San Xoán da Cruz— de *Nimbos*, o seu único libro publicado, abondan para facer do poeta chairego Díaz Castro o poeta místico galego, ademais de situalo nos cumes da poesía galega, como recoñeceu Manuel María" (Pérez 2007: 171).

Para Alfonso Blanco Torrado, Xosé María Díaz Castro é o poeta con máis calado relixioso e ata místico da poesía galega publicada na segunda metade se século XX. Di que

> unha fe viva alumeou sempre o seu camiñar cando andou entre nós e mesmo vendo rematados os seus días e con toda a luz nos seus ollos, sobre todo nos do corazón e do espírito, aprovisionouse das mellores palabras para transpasa-lo umbral da Vida, nada de improvisacións de derradeira hora. [...] Desde moi novo o autor de *Nimbos* pensaba na morte coma "unha man donda que mataba unha lus e acendía outra", porque entendía a vida coma unha ascensión continua ata a luz plena, a eterna noite alumeada, é dicir, Deus. (Blanco 1998: 72 e 75).

Pola súa banda, Xosé Antón Miguélez Díaz cre que

> Díaz Castro ofrécenos un libro aberto, iluminado pola fe, pero que invita a acollida de calquera porque é un libro dun buscador, dun apaixoado da beleza e da harmonía humana, dun sedento, e non dun poseedor, da luz e de Deus. Na tradición da mellor poesía mística a súa busca, sofrinte, non se vive desde a absoluta ausencia e orfandade, senón desde unha experiencia positiva de namoramento pola vida e de encontro con Deus. Un encontro nunca rematado e sempre fuxi-

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

dío porque Deus é sempre o inabranxable, o sempre Meirande: por iso anque non soluciona nada do drama da vida si é capaz de iluminalo todo. O último verso con que remata o libro, "a beleza feríume para sempre", sitúanos como un perfecto resume do libro ante a mesma experiencia do Cántico de San Xoán da Cruz "... habiéndome herido / salí tras ti clamando y eras ido". (Miguélez 1987: 76).

COMA UNHA ESPADA
Tódolos ríos pasan pola miña
alma, cheos de Deus, música e lapas.
Tódalas pombas fan o meu amor.
A beleza fireume para sempre.
Ó traveso da escura teadaraña
deste mundo unha estrela cai no río
da miña vida e quédame chamando.
A beleza fireume para sempre.
En cada voz eu óio unha chamada
cun longo eco de adéus que non entendo,
pro que me fire coma espada ardendo.
A beleza fireume para sempre.
I as falopas dos anos van caendo
sobra sede inmortal i os ollos tristes,
pro no enterran a boca da ferida!
A beleza fireume para sempre.

De Xosé María Díaz Castro podemos dicir, a xeito de conclusión, que é o POETA, sen máis. Non necesita adxectivos. Un poeta que ten os seus alicerces no Real Seminario Conciliar de Santa Catarina de Mondoñedo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Blanco Torrado, Alfonso (1995): *A ascensión dun poeta: Xosé María Díaz Castro.* A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

——————— (1998): "A Relixión como clave para saborea-la poesía de Xosé María Díaz Castro", *Amencer* 150, 72 e 75.

Cal Pardo, Enrique (2014): "Mi recuerdo de Díaz Castro", *Amencer* 225.

Castro Prieto, Xesús (1990): "Retazos dunha vida", *Amencer* 82, 19.

Díaz Campos, Xosé (1990): "Opinións", *Amencer* 82, 22-23.

Díaz Jácome, Xosé (1990): "Lembranza do poeta Díaz Castro", *Amencer* 82, 24-25.
Fernández del Riego, Francisco (1987): "A imperdible voz do poeta" en *Homenaxe a Xosé M.ª Díaz Castro*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 44.
Fernández Teixeiro, Manuel María (1968): *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega.* Coimbra: Faculdade de Letras.
Iglesia Alvariño, Aquilino (1961): "Poesía gallega contemporánea", *Humboldt* 6, 42.
Míguelez Díaz, Xosé Antón (1987): "Deus nos poemas de *Nimbos* de X. M. Díaz Castro", en *Homenaxe a Xosé M.ª Díaz Castro*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 76.
Palacios Rico, Xermán (1990): "Opinións", *Amencer* 82, 20-21.
Pérez Prieto, Victorino (2007): *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego.* Noia: Toxosoutos, 171.
Rico Seco, Atilano (1990): "Opinións", *Amencer* 82,18.
Trapero Pardo, Xosé (1987): "O humanismo en Xosé María Díaz Castro", en *Homenaxe a Xosé M.ª Díaz Castro*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 160.
Tuimil Lorenzo, Nacho e Alfonso López Dovale (1990): "Falamos con… Xulio Xiz Ramil", *Amencer* 82, 16.
Villares Mouteira, Félix (1997): *Os poetas do Seminario de Mondoñedo*. Lugo: Deputación Provincial.
——— (2001): *Xosé Crecente Vega.* Noia: Toxosoutos.
——— (2007): *Un alpendre de sombra e de luar. A Escola Literaria da Diocese de Mondoñedo-Ferrol*. A Coruña: Biblos Clube de Lectores.
Xiz Ramil, Xulio (1987): "Xosé María Díaz Castro: Nimbos de poesía" en *Homenaxe a Xosé M.ª Díaz Castro*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 162-163.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 47-64
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 65-78
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

DÍAZ CASTRO: A PAISAXE NA POESÍA GALEGA

Xesús Manuel Valcarcel
Escritor

Resumo: A paisaxe é unha temática que lle gusta a todo o mundo, non deixa indiferente a ninguén. Todo o relativo a ela adquiriu —duns anos a esta parte— un interese crecente no conxunto da sociedade. En gran medida esta atención, ou sensibilización, forma parte dunha filosofía ambientalista que, cada día máis, mostra interese pola natureza e o medio ambiente. Neste traballo analízase a importancia da paisaxe na poesía galega.

Abstract: Landscape is a subject which everybody likes. It leaves no one indifferent. In recent years everything related to landscape has adquired a growing interest in the whole of society. This attention or awareness is largely part of an environmentalist philosophy that, every day more, shows interest in nature and the environment. This paper discusses the importance of landscape in Galician poetry.

Palabras chave: paisaxe, poesía (rural, mariñeira, urbana), arte, ecoloxía.

Key words: landscape, poetry (rural, marine, urban), art, ecology.

A paisaxe é un tema que lle gusta a todo o mundo, non deixa indiferente a ninguén. É como os ovos fritos con patacas, que nunca se coñeceu ninguén que non lle gusten, pois igual pasa coa paisaxe. Todo o relativo a ela adquiriu —duns anos a esta parte— un interese crecente no conxunto da sociedade. En gran medida esta atención ou, mellor dito, sensibilización, forma parte dunha filosofía ambientalista que, cada día máis, mostra interese pola natureza e o medio ambiente; polos valores naturais e estéticos.

1.- A PAISAXE, IMPORTANCIA E CONCEPTO

A paisaxe é unha temática que non deixa indiferente a ninguén porque, como acontece coa economía, a política ou a espiritualidade, aféctanos a todos: todos estamos concernidos pola paisaxe, especialmente pola paisaxe da infancia.

Que é unha paisaxe? Eu son profesor e, habitualmente, fago cos meus alumnos e alumnas unha excursión para que aprendan a describir os elementos da paisaxe galega. Tamén o fago na aula. Cada un de nós leva, como un tesouro agachado no fondo da alma, algunha paisaxe especialmente querida. Eu percibín isto cando estiven nos locais galegos da emigración; díxome unha muller da Fonsagrada, en Bos Aires: "Eu vou aló todas as noites". Aquela persoa, interna nunha institución que se chama Hogar Gallego para Ancianos, gozábase comigo cando lle falaba dos castros, dos cavorcos, das gabias, corgas e soutos que deixara nos eidos nativos e que nunca volvera ver.

A paisaxe é o resultado das experiencias sensoriais humanas, é unha parte moi importante da alma e, de feito, non atoparedes ninguén, nunca en ningunha cultura, que non sinta a paisaxe como algo propio. Unha profesora da Universidade de Santiago comentábame a teor do monte compañeiro do Pico Sacro (un monte cónico celta, unha elevación sacralizada nas inmediacións de Compostela) que a ela o que máis a amolaba era que destruísen "a súa paisaxe da infancia". O meu amigo Ramiro Fonte, xa finado, dicíame que periodicamente sentía a urxencia de ir ver o mar.

A paisaxe é unha creación emocional, literaria e plástica. É a memoria do territorio, é dicir Historia, porque pode entenderse como unha ordenación simbólica e visual; expresa as claves biográficas dos individuos e as sociedades. É en si mesma un sistema de signos que cada un de nós é capaz de interpretar.

Concepcións da paisaxe:

- Concepción empirista: a paisaxe é unha realidade biolóxica, laboral, arquitectónica etc.
- Concepción cultural: a paisaxe é o resultado de procesos sociais, tanto de carácter material (estrutura) como imaxinario (superestrutura).

Tipoloxías da paisaxe:

- Paisaxe natural.
- Paisaxe artificial (rural, urbana). Dentro delas podemos atopar paisaxes protexidas pola súa beleza ou historia (as Médulas, por exemplo), paisaxes industriais, mariñeiras, etc.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

2.- AS TENDENCIAS HISTÓRICAS DE INTERPRETACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe pode ser conceptualizada de diferentes formas de acordo coa perspectiva de estudo á que se someta. Pódese considerar en xeral como a expresión perceptual do medio físico, o que implica que é detectada por todos os sentidos, é dicir, é unha percepción multisensorial. Forma parte das experiencias vitais humanas.

Como recurso para o ser humano forma parte do medio natural, é unha realidade empírica e material, pero á vez é tamén un feito social, cultural; por tanto, é susceptible de ser analizada desde múltiples paradigmas e ideoloxías:

A visión marxista:

> Considera que existe a necesidade de impoñerse á natureza nun primeiro momento pero, alcanzado un estadio superior (de comunismo universal), o ser humano estaría en "harmonía coa natureza".

A visión liberal ou tecnocraticista:

> Considera que lle corresponde ao ser humano o control do medio natural, como recurso utilizable.

A visión ecoloxista:

> Considera que a sociedade civil debe participar na preparación, e na execución, de programas e políticas relacionadas co medio ambiente e a paisaxe.

As distintas visións do territorio non son neutrais. A paisaxe é unha construción cultural, e ademais está ideoloxicamente cargada. Tampouco son inocentes os xuízos previos: por exemplo, certas peculiaridades de Galicia, como a maior ruralidade e o menor desenvolvemento industrial, levan ao fortalecemento do prexuízo de "territorio edénico idealizado".

3.- A PAISAXE GALEGA: RURAL, MARIÑEIRA E URBANA

A cultura consiste na adaptación das persoas a un tempo e a un espazo. A cidade é, desde a *polis* grega, unha aglomeración de persoas que se concentran nun ámbito de convivencia. Non hai grandes cidades en Galicia, pero si cidades e núcleos urbanos que configuran unha urbanización difusa.

En Galicia, a paisaxe presenta tres zonas ben diferenciadas: o interior, a costa e a montaña. O interior está formado por mesetas e vales. A zona de montaña, por serras. As serras pertencen ao chamado Macizo Galaico. As montañas máis altas son Pena Trevinca (2.124 m) e Cabeza de Manzaneda (1.778 m). Tamén son importantes as serras dos Ancares e do Courel. En Galicia hai numerosos vales polos que discorren preto dun milleiro de ríos. Os máis importantes son os vales do Miño e do Sil. Galicia ten unha costa moi extensa e variada. Ao longo dela, desde Ribadeo ata A Guarda, hai unha gran variedade de formas: rías, acantilados, areais, illas, cabos, etc. A costa galega divídese en catro zonas ben diferenciadas: a Mariña de Lugo, as Rías Altas, a Costa da Morte e as Rías Baixas. A zona costeira é a máis poboada. Nela atópanse as principais cidades, e é a zona máis rica e industrializada. A zona central está pouco poboada. A agricultura e a gandería son as actividades máis importantes nela. A zona oriental está moi pouco poboada tamén, e a agricultura e a gandería son as principais actividades. O clima frío e a paisaxe montañosa fan difícil a vida nesa zona.

A paisaxe galega vén marcada tamén pola existencia de máis de 1500 quilómetros de costa, limitada ao norte polo mar Cantábrico e ao noroeste polo océano Atlántico. A Comunidade Autónoma representa o único territorio non portugués da fachada occidental ibérica, polo que se trata dun espazo nitidamente atlántico, malia formar parte dun Estado de marcada vocación mediterránea. Desde a costa da Guarda ata a comarca da Limia, o límite meridional galego segue a liña trazada polo curso baixo do Miño, que lle serve de fronteira natural con Portugal. Máis cara ao leste, a divisoria co país veciño segue unha liña administrativa que separa a provincia de Ourense das rexións portuguesas de Minho, Traz-os-Montes e Alto Douro. Cara ao leste, Galicia limita ao longo da canle do río Eo con Asturias e, descendendo cara á zona meridional, están primeiro as montañas do extremo occidental da Corda Cantábrica e, máis ao sur, están as montañas de Zamora e León. A costa presenta grandes contrastes, entre as formas suaves das Mariñas e os acantilados da Costa da Morte. O interior está atravesado por numerosos ríos ("o país dos mil ríos", dixo Álvaro Cunqueiro).

En Galicia tamén hai, obviamente, presenza urbana. Aristóteles xa estima que o ser humano é un animal social, a historia da cidade comeza coa *polis*: segundo Engels, a resultas do instinto gregario. A cidade é moi importante en todas as culturas (*A cidade de Deus*, de Agustín de Hipona, ou as cidades no Islam). As cidades galegas son relativamente recentes. Os movementos migratorios cara ás vilas e cidades e o xurdimento de poboacións multiculturais supuxo unha ameaza para os imaxinarios rurais, as máis das veces fortemente idealizados nas manifestacións artísticas. Os cambios sufridos polo mundo rural no seu xeito de vida deron lugar a unha ampliación do imaxinario que incorporou escenarios híbridos nos que a

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

aldea se ve transformada por novas formas urbanas na arquitectura, os modos de produción e os hábitos cotiáns.

4.- PAISAXE E ARTE, LITERATURA E POESÍA

Hai manifestacións coma a *land art* ou a *artscape* que pretenden sintetizar a idea de intervención na paisaxe por medio dunha aproximación creativa (permítaseme, con irregulares resultados... temos mostras en Allariz). Vou deixar de lado ese tipo de manifestacións, ocupareime da paisaxe na poesía galega.

Considero, no que atinxe á poesía (e á plástica) a paisaxe como unha construción cultural. A vinculación coa terra posúe unha gran carga simbólica. A terra é moi importante. Malia que a identificación en xeral da paisaxe galega é feminina desde os escritos de Rosalía, non foi en absoluto a única proposta de interpretación e construción dese imaxinario. Por exemplo, nos textos de Pondal atopamos unha paisaxe na que se destacan valores máis asociados tradicionalmente ao masculino.

Galicia é territorialmente moi variada, pero no estereotipo global, aínda que hai unha presenza constante do mar, a que se impuxo foi máis ben a paisaxe do interior: o verde, o monte e máis concretamente o bosque ligado ao campo e á ruralidade. Pódese ver en moitos textos a defensa da conservación da nosa paisaxe tradicional: autores como Rosalía, Otero Pedrayo ou Fole (nas súas charlas na BBC) xa denunciaban a corta de carballos ou defendían as especies autóctonas. Na Xeración Galaxia houbo quen lle buscou implicacións metafísicas á nosa contorna: escritores como Rof Carballo dicían que "a saudade é propia dos pobos verdes, onde a xeoloxía está oculta pola vexetación e a man do home mantense contida, sen imporse á natureza máis espontánea" (tomado de Internet). Tamén se dixo que, espiritualmente, polo seu contacto directo coa natureza, os labregos estarían máis preto de Deus (Lamas apunta nesa dirección). É moi importante en Galicia a literatura popular: a paisaxe forma parte desa tradición porque as fontes, os montes, as encrucilladas foron sacralizadas polo cristianismo.

A interpretación da paisaxe é cultural. Se revisamos os sonetos de Góngora vemos que Galicia, e tamén a súa paisaxe e paisanaxe, son percibidas como algo pobre, feo, palurdo. Contra esa visión vanse erguer os autores do Romanticismo. A paisaxe é un concepto eminentemente romántico, que aparece nos poetas laquistas e na exaltación da natureza. Resulta incuestionable que en Galicia os síntomas que nos permiten falar do desenvolvemento da sensibilidade paisaxística (os xardíns, os poemas descritivos, as pinturas, o uso do termo "paisaxe") só comezan a aparecer con forza a finais do século XVIII: os xardíns e os soutos dos pazos e dos priorados, os xardíns botánicos do XIX, etc.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

Tamén, directamente, a concepción cultural da paisaxe está relacionada coa pintura (Turner, Constable, Poussin, Monet, Manet, Pissarro, Cezanne, Hopper... e, en Galicia, Ovidio Murguía, Villamil, Sotomayor, Fermín Brocos, Manuel Colmeiro, Maside, Alfonso Abelenda, Virxilio, Urbano Lugrís).

Unha perspectiva diacrónica da paisaxe na literatura galega e, concretamente, na poesía, mostra a evolución e as mudanzas desa presenza constante.

Na poesía galaico-portuguesa medieval atopamos unha paisaxe bucólica na que a flora se concretiza en prados, abeleiras, piñeiros, etc. A respecto da fauna aparecen aves e, nun único poeta (Pero Meogo), o cervo. Nesta paisaxe —o *locus amoenus*— a amiga expón todos os trazos e tipos psicolóxicos da namorada (a inxenua, a esquiva, a narcisista...). Un motivo común a todas as cantigas que coñecemos dos tres xograres mariñeiros é achegarse ao mar para comunicar con el. Martín Códax canta, por boca da doncela namorada, o adro dunha igrexa onde baila, no sagrado, corpo velido. E igualmente D. Denis, por boca da muller namorada, interroga as flores do verde pino, que lle contestan. Máis adiante comentarei esta función da natureza como interlocutora do emisor lírico.

No século XIX, no prólogo de *Cantares gallegos*, Rosalía declara ter como obxectivo prioritario describir "cos seus cores verdadeiros os cadros encantadores que por aquí se atopan", as belezas de Galicia fronte á "seca Castela, á deserta Mancha" e a unha alteridade formada por todas "aquelas terras abrasadas de onde asta os paxariños foxen". A paisaxe convértese, a partir dese momento, nunha hipóstase que é un arquetipo cultural. En xeral no Romanticismo, o descubrimento da paisaxe, desde o punto de vista estético, é unha das súas grandes achegas. A paisaxe aparece como un espazo mítico e antigo, poboado por almas devanceiras ("os celtas memorables", di Pondal) ás que estamos unidos a través da paisaxe. En toda a obra de Pondal, a paisaxe aparece sempre como pano de fondo de todo o que acontece, caracterizada como agreste, baril, dura... coma os "feros corvos de Xallas, en agreste soedade".

A partir do século XIX, van ser un conxunto de escritores e pintores dos dous últimos séculos quen se encarguen de reproducir un repertorio concreto de motivos paisaxísticos considerados moi galegos: os bosques escuros e os espesos soutos, o val de brétemas azuis, a costa salvaxe e rochosa, os piñeiros, os castiñeiros e os carballos, a montaña e o ermo; os prados e campos de labranza (centeo, millo, patacas), hórreos e pallozas, palleiros, corredoiras, cruceiros na beiramar, ermidas con romeiros e rosquilleiras, ruínas de vellos castelos, pazos, igrexas, portos con pescas, barcas e redes.

Nas primeiras décadas do século XX este repertorio, tomado das fontes literarias e pictóricas, non se limita a unha colección de "postais": conforma o que podemos chamar o "estereotipo paisaxístico galego" que, a través da publicidade turística,

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

acabará por impoñerse como parte da "identidade social aceptada" da Comunidade: por exemplo, o álbum *Bellezas de Galicia*.

Nestas primeiras décadas do século XX, a obra de Noriega trasládanos unha natureza mesurada, amable e benigna, impregnada dunha forte presenza relixiosa. O ton é equilibrado e reflexivo, afastado dos excesos románticos e da ousadía das vangardas ("le son cosas muy peregrinas", dicía). Reflicte a paisaxe da Galicia interior, montañosa, agreste, afastada da civilización. Fixa a súa atención nos pequenos elementos da natureza (unha gota de orballo, unha flor, unha raiola de sol efémera, unha pucharca na cima dun penedo, o fío dunha tea de araña...).

En Amado Carballo, tematicamente, a natureza é tamén a gran protagonista, mediante o uso de prosopopeas. O elemento humano apenas aparece e, cando o fai, fúndese coa paisaxe. Emprego ousado de imaxes. A presenza dos elementos plásticos e cromáticos é abondosa e evidente. Uso do verso octosílabo, como Lorca e, en xeral, como todos os poetas destas vangardas, vinculadas ao gilvicentismo. Ambientación rural, aparecendo con frecuencia elementos folclóricos, relixiosidade popular e bucolismo. Presenza do mar, pero visto desde a terra, a diferenza de Manuel Antonio, onde o mar é visto desde o propio mar, desde a experiencia mariñeira do autor.

Uxío Novoneyra incorpora unha sensibilidade orientalista, o que eu teño denominado "o haiku autóctono". A poesía de Novoneyra é directa, asume unha directa simplicidade. Hai referencias constantes á flora e á fauna (aves da montaña, símbolo dos seres libres), o lobo, símbolo da persoa en contacto co misterio; os montes, símbolo dun universo poderoso no que as persoas procuran o destino.

É interesante observar que os autores da poesía "paisaxística" do século XX son case todos lugueses. Cada un presenta certas peculiaridades e case todos estudaron no Seminario e foron educados nos clásicos latinos Virxilio, Horacio, Ovidio, etc., coñecedores por tanto de *Bucólicas*, *Xeórxicas*, *Beatus Ille* e outros tópicos clásicos. Noriega é denominado o "poeta da montaña" en oposición a Leiras Pulpeiro, o "poeta da mariña". Da súa obra destaca *Montañeses* (1904) e *Do ermo* (1920); Xosé Crecente Vega, gran latinista, é autor de *Codeseira* (1933); Aquilino Iglesia Alvariño, tamén gran latinista, autor de *Cómaros verdes* (1947), libro que quizais sinale as liñas tópicas desta poesía. É o primeiro libro importante despois da guerra; Xosé María Díaz Castro, *Nimbos* (1961); Manuel María, *Terra Cha* (1954) e Uxío Novoneyra, *Os Eidos* (1955) e, máis recentemente, entre outros moitos e moitas, Fiz Vergara Vilariño.

Na poesía de Xosé María Díaz Castro atopamos unha paisaxe inequivocamente chairega, interiorizada e abstracta, ateigada de franciscanismo e telurismo. Os poetas da Terra Chá en xeral pódense encadrar na corrente poética que os críticos chaman "paisaxismo humanista", que incluiría tamén a Noriega. Para Méndez Ferrín

haberá de ser Iglesia Alvariño, que representa a pasaxe entre a xeración de 1925 á de 1936, o que configura as liñas tópicas deste grupo de poetas.

A produción dos últimos anos tende a recrear escenarios citadinos como a obra de Manuel Celso Matalobos, Baldo Ramos, Mariña Pérez Rei, Fran Alonso, Elías Portela, Helena Salgueiro, etc.

5.- PRESENZA FUNCIONAL (ESTILÍSTICA) DA PAISAXE NA POESÍA GALEGA

É tan importante e constante a temática da paisaxe na poesía galega, de todos os tempos, que constitúe de seu un elemento con función estilística. Vexamos algunhas desas presenzas funcionais con valor estético. Ireinas comparando, nalgúns casos, con textos de autores foráneos:

— *Recordo da vivencia infantil.*

> Mi infancia son recuerdos, etc. (A. Machado).
>
> Eu nacín en agreste soedade
> eu nacín cabo dun agreste outeiro
> por onde o Anllóns con nobre maxestade
> camiña ao seu destino derradeiro.
> Eu non nacín en vila nin cidade,
> mais lonxe do seu ruído lisonxeiro;
> eu nacín cabo do pinal espeso,
> eu nacín na pequena Ponteceso. (Pondal).

— *Interlocutora do emisor lírico.*

> Ai ondas, que eu vin veer,
> se me saberedes dizer
> porque tarda tanto meu amigo? (Martín Codax).
>
> Ai, cervos do monte, vinvos preguntar:
> Fois'o meu amig'e, se alá tardar,
> que farei, velida?
>
> Ai, cervos do monte, vínvolo dizer:
> Fois'o meu amig'e querría saber
> que farei, velida?" (Pero Meogo).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

— *Idealización edénica, louvanza da aldea, fransciscanismo.*

Herba pequerrechiña
que con medo sorrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sen ti,

¿por que de ser pequena
te me avergonzas ti?
¡O Universo sería
máis pequeno sen ti!" (Díaz Castro).

Raiola de luar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora. (Noriega).

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!
Eu venero as floriñas dos toxos (Noriega).

Nunha chabola baixiña
tras daquela pena;
non hai grileira tan pequena,
pero, ¡que diabro! é miña (Noriega).

Vou velliño, son pastor,
non me separo da serra
e, se é verdá que hai máis terra
dudo que seña mellor. (Noriega).

Teño amores na montaña
teño moza montañesa
que ma deparou un santo
no turreiro dunha festa
[...]
Heime casar, ¡non que logo!,
i heime de casar na aldea,
miña nai, porque alí moran
as poucas almas sinxelas
que sacan o pan da boca
pra socorrer a pobreza.

Entre medias das silvas dun valado
—floriña ventureira—
vivía unha violeta
—malpocada— tan pobre e cativeira
que xa se ía quedando sen color...
E pasaba chorando horas e horas,
sufrindo as espiñadas feridoras
das silvas que medraban arredor. (X. Crecente Vega).

—*Representación dos sentimentos do poeta e/ou símbolo alegórico da mensaxe poética.*

También la piedra, si hay estrellas, vuela.
Sobre la noche biselada y fría
creced, mellizos lirios de osadía; creced, pujad, torres de Compostela.
Campo de estrellas vuestra frente anhela,
silenciosas maestras de porfía.
En mi pecho, ay, amor, mi fantasía
torres más altas labra. El alma vela.(Gerardo Diego).

¡Fita aquel branco galán,
olla seu transido corpo! É a lúa que baila
na Quintana dos mortos (F. García Lorca).

Inverno na miña vila!
Fino ceo de telaraña
cinza de pérola.
Un galo canta, as murallas durmen,
redondas e brandas.
Horas sin ferro.
Reló de fariña: neve (L. Pimentel).

Galicia, longa praia, estesa e negra,
soia i esquiva
con pesados corvos,
senlleiras píllaras, vento coriscante
e morte e valeiro en todo o longo (X. L. Méndez Ferrín).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

Al olmo viejo, hendido por el rayo y en su mitad podrido,
con las lluvias de abril y el sol de mayo
algunas hojas verdes le han salido
[...]
antes que el río hasta la mar te empuje
por valles y barrancas, olmo, quiero anotar en mi cartera
la gracia de tu rama verdecida.
Mi corazón espera
también, hacia la luz y hacia la vida,
otro milagro de la primavera (A. Machado).

— *Percepción do misterio.*

Máis alá do Cabalo e Cabo de Home,
da Negra e deses baixos de Biduido,
mariñeiro de Cangas, vas perdido
e o mar é un gran misterio que te come (Bernardino Graña).

Cando a luniña aparece
i o sol nos mares se esconde,
todo é silencio nos campos,
todo na ribeira dorme.

Quedan as veigas sin xente,
sin ovelliñas os montes,
a fonte sin rosas vivas,
os árbores sin cantores.

Medroso o vento que pasa
os pinos xigantes move,
i á voz que levanta triste,
outra máis triste responde.

Son as campanas que tocan,
que tocan en sons de morte. (Rosalía).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

— *Valoración dos elementos da paisaxe como seres animados dunha dimensión espiritual.*

(Abidueiras)
Pastoriñas dos montes
[...]
o verde das súas follas, ouro agora,
vaise despindo ó vento dos menceres.
Encoiriñas na noite, tremelantes, son como lúas vivas xunta as fontes
e ó longo dos regatos de auga nova. (Aquilino Iglesia Alvariño).

Sol de outono no mar calmo fungue o lume
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a ágoa no rodicio do muíño
e arrecende dos fiunchos o cheirume
[...]
Zoa a mística campana. Nos lameiros
unha flauta: a dos sapos agoreiros;
Anda o trasno gargallando nos pinares. (Cabanillas).

Ouveando pola bouza
o vento murcho do outono
anda pola noite adiante
triste coma un can sen dono. (Amado Carballo).

O xesto monacal da pedra
benzoa o acougo da aldea...
Axeónllanse os camiños
abrazados ao cruceiro,
nunha azul eternidade
de pedra e ceo. (Amado Carballo).

Todas estas presenzas funcionais (estilísticas) e outras que se poderían considerar, conducen a afirmar a temática da paisaxe como unha percepción profundamente sentida por autores e autoras, e ten un carácter sentimental, como vivencia que, a partir da vinculación coa terra, se orienta nunha dirección panteísta de fusión identitaria. É un sentimento moi forte e poderoso.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

6.- SENTIMENTO DE PERTENZA – TELÚRICO – PANTEÍSTA

Todas as funcións que acabamos de sinalar da paisaxe na poesía galega mostran unha presenza histórica, constante e deliberada, desde Pero Meogo ata Díaz Castro e máis alá. Inspira un sentimento "relixioso" de respecto, nun sentido de adoración e de temor fronte a todo o que nos parece poderoso e perigoso. Son moi importantes, ante a paisaxe, a contemplación e o respecto. Ambas son capacidades e, como tales, susceptibles de aprendizaxe. A paisaxe está aí para ensinarnos quen somos. Esa é a súa importancia pedagóxica. A nós correspóndenos saber captar as súas mensaxes, descifrar as súas claves, recordar as súas leccións. Temos que reaprender moito sobre a arte da observación contemplativa das belezas naturais que, con todas as súas formas, nos rodean; temos que reencontrar esa mirada ampliada, purificada, renovada. É ao mesmo tempo simbólica, poética, e conserva un certo don de inocencia infantil. Esa mirada axuda a comprender que unha montaña, un río, un bosque, son algo máis que un conglomerado de minerais, unha masa de auga, uns troncos de árbores, e fálanos do mundo interior ("porque o que está fóra está dentro"), do devir cósmico. Esa arte da contemplación religa o macrocosmos do universo co microcosmos humano.

A paisaxe induce unha auténtica anagnórese espiritual, un sentimento de pertenza e integración no cosmos. Escribe Otero Pedrayo: "Sen iste sentimento da paisaxe nós non seríamos nós. Chega á música, á pintura, á poesía. Abrangue o ceo e tamén a terra. Ten meiguice. Anima os ríos, os boscos, as estrelas. Fainos soñar espertos. Amiel dixo que a paisaxe é un estado de alma, aseveración xa indiscutíbel. A percepción e o sentimento da paisaxe resultan ser, polo tanto, un fenómeno subxectivo. Mais, para subxectivizalo, cómpre que exista unha realidade exterior obxectiva que cada suxeito pode percibir —e percibe— conforme a súa sensibilidade. Por eso entendemos que hai tantas paisaxes como perceptores das mesmas" (discurso de ingreso como membro de número da Real Academia Galega de Manuel María, 2003).

7.- CONCLUSIÓNS

1.- As paisaxes en xeral son, ademais dun espazo natural, unha construción cultural humana (a percepción que temos da paisaxe non é algo que veña dado en si, senón produto dun proceso cultural, unha creación social, á que contribúen tamén a pintura e mesmo a literatura).

2.- A súa conceptualización difire de acordo coa disciplina que a estude: xeografía, historia, bioloxía, arqueoloxía, socioloxía, antropoloxía, etc.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

3.- Paisaxe e poesía están, na literatura galega, intimamente unidas: a paisaxe é un recurso estilístico constante e fundamental.

4.- Detéctase unha crecente preocupación por achegarse á comprensión, estudo e goce das paisaxes: cómpre coñecer a paisaxe para entendermos o que somos e o que non somos e, sobre todo, o que non queremos e o que arelamos ser.

5.- Propoñemos unha valoración, comprensión e goce das paisaxes fundada no respecto.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 65-78
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 79-85
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

A MADUREZ POÉTICA DE DÍAZ CASTRO: ANOS 80

Xosé Manuel Salgado
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Reflexiona o autor sobre a personalidade literaria de Díaz Castro, unha das grandes voces líricas galegas, aínda que, ó seu xuízo, o poeta lugués segue a ser un poeta de minorías. Pensa que *Nimbos* marca a madurez poética do autor, poemario que considera todo un "clásico", libro que contextualiza no seu tempo, menciona as posibles razóns que moveron a Galaxia a publicalo e refírese así mesmo, á recepción que tivo no seu momento. Alude a *Follas verdes* e *Follas ô vento*, dous libros de versos que permaneceron inéditos ata este ano 2014, interrogándose sobre se arrequecen en algo a figura do seu creador. Finalmente, fala do seu contacto persoal co poeta, cando este, nos momentos crepusculares da súa vida, foi rescatado para a poesía galega a través das páxinas da revista *Dorna,* comezando una nova andadura que considera enormemente frutífera.

Abstract: This paper aims to be a reflection on the literary personality of Xosé M.ª Díaz Castro, a poet little know by the general public but one who stands among the greatest voices of Galician poetry. Here it is argued that his book *Nimbos* is a truly "classic" that marks the full poetical maturity of his creator. In these pages the book is put in the context of the time of its publication by the Editorial *Galaxia* and the reception of the poetry of *Nimbos* is also mentioned. The paper aludes to two further poem books, *Follas verdes* and *Follas ô vento*, which remained unpublished until 2014, and tries to evaluate their contribution to the literary work of Díaz Castro. Finally the author of the present essay coments on his personal relationship with the poet when in the last years of his life Díaz Castro began a new and fruitful poetical career through the pages of the literary magazine *Dorna*.

Palabras chave: Xosé M.ª Díaz Castro, madurez, *Nimbos, Follas verdes, Dorna*.

Key words: Xosé M.ª Díaz Castro, poetical maturity, *Nimbos*, *Follas verdes*, *Dorna*.

Antes de pasar a desenvolve-lo tema que nos foi encomendado, quixeramos significar de modo especial, o noso agradecemento á Academia Galega por contar con nós para participar nesta xornada que vai ter coma protagonista a Xosé María Díaz Castro, circunstancia que tamén nos vai permitir contactar con todos aqueles que teñen algo que dicir sobre a persoa e maila obra deste home, un grandísimo poeta que se converteu neste ano que agora remata en indiscutible protagonista. Mais témo-lo presentimento, e non queremos deixar pasar a ocasión de advertilo, de que a pesar de tales fastos, Díaz Castro vai seguir sendo un poeta, non digamos secreto ou clandestino, pero si un poeta de poucos. Oxalá o tempo se encargue de quitárno-la razón.

Mais se hai un intre expresabámo-lo noso máis sincero recoñecemento á Institución que hoxe nos acolle, non quixeramos obviar un certo sentimento de perplexidade ó ter que responder ó título proposto á nosa intervención, rótulo que trae ás nosas mentes a cabeceira do xornal *El Pensamiento Navarro* que se convertera para Pío Baroja no máis logrado exemplo de oxímoron. Tempo haberá para a pertinente aclaración.

Por indicación e asisado consello de Aquilino Iglesia Alvariño, foi González-Alegre, editor e director da revista de poesía *Alba*, quen fixo circular con éxito inmediato aínda que minoritario, os primeiros poemas coñecidos do noso poeta na súa revista. A primeira contribución de Díaz Castro a *Alba* é o poema "Oración pol-os tolos" que ve luz no número 3 desta publicación (1948-1949). Logo, Fernández del Riego, en 1955, tivo o acerto de recoller un mangado dos seus versos —sete poemas en concreto— e incluílos no volume IV da súa *Escolma de Poesía Galega*, o que lle valeu ampliar o número de lectores. E xa en 1961 aparece *Nimbos*, libro emblemático na República das nosas letras e a partir de entón, como escribe Méndez Ferrín, "foi Díaz Castro un facho de luz para moi poucos, una dimensión nova e radical da fala galega, quen mellor definiu a substancia da nostalxia e o latexar misterioso da Terra" (1990b).

Paga a pena volver por un intre os nosos ollos ó ano da aparición do poemario para reparar nunha circunstancia que nos parece de sumo interese. Para os ventos que daquela zoaban, 1961 non é un ano que poidamos cualificar de estéril para a produción poética galega pois son cinco os libros de versos que se presentan perante o público: *Salterio de Fingoi* de Carballo Calero; *Bailada dos anxos* de González Garcés; *Lanza de soledá* de Aquilino Iglesia Alvariño; *Os namoros* de González-Alegre e *Por una terra apremiada* de Santamarinha Delgado, poemarios de suficiente entidade todos eles aínda que é certo que son inferiores ó que agora é obxecto da nosa atención. Cómpre sinalar por outra banda que, agás os libros de Carballo Calero e o de González Garcés que aparecen editados na colección Salnés, os outros tres xorden en selos editoriais alleos ó circulo de Galaxia. Se a isto

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 79-85
ISSN: 1576-8767

engadímo-lo feito de que, coa soa excepción de Novoneyra, os poetas máis novos —Manuel María, Fernández Ferreiro, Ramón Lorenzo, Méndez Ferrín, Bernardino Graña e Alexandre Cribeiro— fixeran a súa pública aparición con poemarios á marxe do mundo Galaxia, se esta editorial pensaba seguir publicando poesía, é lóxico que procurase un nome que solucionase do xeito máis satisfactorio posible o seu cometido. E a maquinaria editorial de Galaxia, debidamente engraxada, púxose en marcha, apremiando de xeito frenético a Díaz Castro a escribir un libro de versos, proceso que coñecemos en todo o seu desenvolvemento e que aparece descrito de forma minuciosa e con todo luxo de detalles por Armando Requeixo (Requeixo 2014). Díaz Castro pasaría así a deixar de ser un poeta solitario que posúe un control absoluto sobre a súa obra para entrar no mundo doutras xentes con intereses distintos. Porque é evidente que na interacción que ten lugar no proceso de edición dun libro, este multiplica os seus significados, adquire novos sentidos e pasa de ser una fantasía individual a ser un soño colectivo, soñado por persoas descoñecidas en lugares completamente ignorados polo autor.

E se a maquinaria editorial de Galaxia funcionou con precisión matemática para a posta en circulación do volume, en nada desmerece a esta a recepción que tivo *Nimbos*. Imprimido nos mes de xullo aínda que distribuído en setembro, o libro foi saudado entusiasticamente ó pouco da súa saída e foino non por vulgares comentaristas senón pola elite intelectual galega do momento: Xosé María Álvarez Blázquez (1961), Carballo Calero (1961) e Vicente Risco (1961). Aínda que aparecida a comezos do ano seguinte, mención especial merece a recensión que fixo da obra Otero Pedrayo, una verdadeira perla ensaística saída do obradoiro do rigoroso, atento e perspicaz lector que foi sempre o polígrafo ourensán (1962).

Se a posta en escena foi coidada con todo o esmero, sendo así mesmo espléndida a súa acollida, cabería preguntármonos agora, por que *Nimbos* demorou a súa recepción entre o "público"? Coidamos que a resposta vén dada pola eclosión doutro fenómeno literario que se chamou *Longa noite de pedra*, emblemático poemario de reivindicación social que dende o momento da súa irrupción se converteu nun auténtico reclamo para o público galego e non galego —aínda hoxe nas Historias da Literatura española e mesmo nos libros de Historia é común a referencia ó franquismo como "la larga noche de piedra"— e que mesmo chegou a facer sombra a outro dos grandes libros poéticos de noso, como é *Palabra no tempo* de María Mariño, que ve luz un ano despois do do poeta de Celanova e que por certo, está prologado por Otero Pedrayo. Cómpre dicir a este respecto, que o tema da reivindicación social, tampouco vai ser alleo ó poemario de Díaz Castro, como moi ben souberon ver no seu momento Xosé María Dobarro (1977) e o propio Carballo Calero (1982).

Mais, deixemos polo de agora acougar a *Nimbos*. Mercé ó esforzo e teimosía de Armando Requeixo, dispoñemos hoxe de dous poemarios de Díaz Castro que

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 79-85
ISSN: 1576-8767

se crían perdidos, *Follas verdes* e *Follas ô vento*, versos de xuventude e que, precisamente, ven luz neste seu ano. É opinión común que poucas veces se adoita identificar obra póstuma con obra mestra; o póstumo vén ser sinónimo de borrador extraviado, de manuscrito rexeitado e descuberto entre os papeis amontoados do creador; en todo caso, resto de serie, residuo co que prolonga-la gloria literaria que arrebatou a morte ou testamento traizoado. Nós, que examinamos coidadosamente o primeiro dos poemarios, afirmábamos noutro lugar —afirmación que podemos facer tamén extensible a *Follas ô vento*— que

> *Follas verdes* é un poemario representativo da prehistoria do excelente poeta que chegaría a ser Díaz Castro, una etapa na que alguén que acaba de ingresar na mocidade se manifesta cun vigoroso e torrencial pulo creador, evidente contrapunto coa delonga que evidencia un xa maduro Díaz Castro para entregarse ó labor poético. Obra xa que logo, dun rapaz extraordinariamente sensible, cheo de entusiasmo e ardentía, pero que apenas bota luz sobre o universo poético que vai alcanzar total plenitude en *Nimbos* (Salgado 2014: 14).

Hoxe sabemos que *Nimbos* é un libro moi meditado, produto dun longo proceso de elaboración de máis de trinta anos e se un autor tan coidadoso deixaba poemas seus sen publicar, era porque o seu gusto persoal, a súa autocrítica e o seu sentido da composición, claramente visible na colectánea da que estamos a falar, os rexeitaba. Escollía ben os poemas que publicaba e esquecía os que merecían ser esquecidos. Non era un autor ó que lle caesen os poemas da mesa de traballo e quedasen extraviados entre os papeis. E nestes poemas agora dados a coñecer, é certo que hai momentos nos que semella que vai despega-la inspiración mais, en calquera caso, os momentos líricos que despuntan algún destes versos, están lonxe —moi lonxe, atrevémonos a dicir— dos grandes momentos da poesía diazcastriana.

É obvio que a traxectoria poética de Díaz Castro non se circunscribe unicamente a *Nimbos* nin remata nin se esgota con este poemario pero non é menos evidente que *Nimbos* é o seu froito máis prezado. *Nimbos* é una obra redonda, perfectamente rematada; en nada semella pois, unha montaña rusa con altos cumes e súbitos descensos nin a unha ducha coma esas dos escoceses que alternan frío e calor. E diríamos máis: ninguén puido chegar a una perfecta formulación da *conciliatio* como el fixo en "Esmeralda" como tampouco ninguén soubo expresar esa visión fatal e estéril da vida galega como a que se evidencia no tan traído e levado "Penélope". Se se nos permite una comparación, aínda que só sexa por mero didactismo, *Nimbos* viría representar na nosa literatura o que *Les fleurs du mal* significan nas letras francesas, libro que eleva a Baudelaire ó cume máis alto das letras universais, un posto que alcanzaría por ter escrito, soamente, algúns dos poemas

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 79-85
ISSN: 1576-8767

que figuran no volume; pénsese, por exemplo, en "L'albatros", "Correspondances" ou "Une charogne". "Estes versos xa que logo —como escribiu Méndez Ferrín—, sobrevivirannos a todos e pasarán aos séculos futuros coma un dos cumios líricos da nosa lingua e de todos os tempos" (1990a).

Mais ningún libro, por espléndido que sexa, está rematado de facer. Un libro é un obxecto morto que soamente cobra vida no intre en que un lector se solaga nel e intervén, activamente, facéndoo seu. Se non existe o lector, non hai rexurdimento, non hai milagre porque a literatura endexamais é monólogo senón un diálogo, un segredo compartido entre dúas intimidades. Como lectores que fomos e que somos de *Nimbos,* parécenos oportuno chama-la atención sobre o feito de que nestes versos, aínda cando falen do máis cotián, das cousas de máis preto, hai sempre un impulso que eleva a palabra ó transcendente, un impulso, poético, a dicir un algo máis do que nunha primeira lectura, ou una lectura superficial, o poema parece dicir. E con relación a isto que acabamos de manifestar, cremos que non se nos pode cualificar de ousados se hoxe nos referimos a *Nimbos* coma un clásico, xa que, pola nosa experiencia de docente, estamos convencidos de que posúe o que Kermode chamaba *textual patience*, é dicir, a capacidade dunha obra para lograr que cada xeración a interprete á súa propia satisfacción, aínda que sexa moitas veces de modo diferente. E é que, como pensaba Calvino, "un clásico é un libro que endexamais remata de dici-lo que ten que dicir" (1995: 15).

Chegados a este punto e retomando as nosas palabras iniciais, cremos que a "madurez poética" de Díaz Castro culmina en 1961 cando nos fixo entrega do seu froito máis en sazón e ó tempo imperecedoiro. Mais se o termo "madurez" o asociamos a una etapa vital, correspondente xa ós anos crepusculares da súa vida, fanse necesarias algunhas moi breves reflexións por parte de quen foi membro do Consello de Redacción de *Dorna*, revista coa que Díaz Castro mantivo unha fraternal relación. E permítannos que estas consideracións se cinxan, non tanto ó feito literario en si senón máis ben á esfera persoal, ó máis íntimo daquel home que endexamais oficiou de poeta; "un home —e facemos nosas as palabras de quen hoxe preside esta centenaria Institución— tan sobrio e tan pouco mundano que non soubo de loureiros nin de homenaxes" (Alonso 1987: 17). Mais hai algo que non desexamos que quede no esquecemento. Se hai uns intres acudiamos a Baudelaire en procura de axuda, quixeramos agora convocar a Pondal, non porque a obra do de Ponteceso sexa un hipotexto da do noso poeta —razón de todo pertinente de acudirmos a Rosalía de Castro—, senón para significar una actitude similar en ámbolos dous poetas. Como é sabido, consonte ía decorrendo a súa vida, Pondal mostrou unha inequívoca e decidida intención de ser poeta en galego e pódese dicir que despois da aparición de *Queixumes*, a poesía de Eduardo Pondal como poeta en castelán é claramente circunstancial, cinxíndose unicamente a aquel "Himno al besugo",

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 79-85
ISSN: 1576-8767

que, por certo, aparece asinado por Arístides Valtierra. Pois ben, Díaz Castro, aquel home familiarizado con tantas linguas, sentiuse totalmente satisfeito por verter nas páxinas de *Dorna* poemas que con anterioridade non escribirá na nosa lingua e a este respecto, non quixeramos esquecernos dun fermosísimo poema, esteticamente á altura de calquera dos de *Nimbos*, que el traduce para a nosa revista; trátase do poema "Rolando" —*Dorna* 11, xaneiro de 1987—, o "Rodando" que escribirá anos atrás en castelán.

Como xa quedou dito, Díaz Castro foi un home que pasou pola vida fuxindo do falso prestixio, da vaidade e da ostentación pois endexamais formou parte do grupo daqueles escritores que traballaban para a súa propia galería, o que por outra banda impediu e imposibilitou un maior coñecemento e por ende, recoñecemento, da súa obra. "Díaz Castro —deixou escrito o chorado Francisco Fernández del Riego— cantou desde o centro do home e a súa emoción: do home puro, inmune por natureza ás especulacións, ás estratexias que informaban o que se deu en chamar *política literaria*" (2006). Pois ben, dende o comezo da nosa andadura en *Dorna*, fomos plenamente conscientes de que vivíamos nunha nación na que uns poucos, mediocres bastantes deles, levaban sempre os loureiros do triunfo; por iso estivo entre os nosos cometidos, tentar de recuperar algúns nomes confinados pouco menos que nunha nota a pé de páxina nos manuais literarios. E un deses nomes relegados ó case absoluto esquecemento foi o de Xosé María Díaz Castro, rescatado para a historia literaria a partir do número 6 da nosa revista; era o Día das Letras Galegas de 1983, día no que se honraba a memoria doutro poeta lugués, Manuel Leiras Pulpeiro, xa saben, aquel que "amou a verdade e practicou o ben".

Da relación de Díaz Castro con *Dorna* xa nos temos ocupado noutro lugar e non é momento pois, de volver repetir de palabra o que deixamos significado en letra impresa (Salgado 1991). Unicamente e para rematar xa a nosa intervención, só queremos dicir que daquela época de *Dorna* quedou a lembranza dun home que, afastado de Galicia durante unha grande parte da súa vida e liberado de tantos esforzos para sacar adiante unha familia, o que sen ningunha dúbida lle impediu a estabilidade para crear e promociona-la súa obra, semella que revivía ó noso carón, que se fundía de novo coa Terra con pulos anovados e ilusións renacidas e aínda que quedara atrás a primavera, gastado xa o tempo co xornal de moitos sábados, o sol que alumeaba a súa espera, ía iluminar tamén a súa inmortalidade.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 79-85
ISSN: 1576-8767

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús (1987): "Dúas palabras sobre o poeta Xosé María Díaz Castro", en *Homenaxe a Xosé M.ª Díaz Castro*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 14-17.

Álvarez Blázquez, Xosé María (1961): "Un libro luminoso", *Faro de Vigo* 15/X/1961.

Calvino, Italo (1995): *Por que leer los clásicos*. Barcelona: Tusquets.

Carballo Calero, Ricardo (1961): "Un poeta legible", *Faro de Vigo* 20/X/1961.

——— (1982): "Introducción", en Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*. Madrid: Editora Nacional, 7-17.

Dobarro Paz, Xosé María (1977): "Díaz Castro, Xosé María", *Gran Enciclopedia Gallega*. Vol. IX. Xixón: Silverio Cañada Editor, 75-76.

Fernández del Riego, Francisco (2006): "Díaz Castro, medio esquecido", *La Voz de Galicia* 3/VI/2006.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1990 a): "Homenaxe a Díaz Castro", *Faro de Vigo* 30/IV/1990.

——— (1990 b): "Un adeus a Díaz Castro", *Faro de Vigo* 8/X/1990.

Otero Pedrayo, Ramón (1962): "*Nimbos* de Díaz Castro", *La Noche* 11/VII/1962.

Requeixo Cuba, Armando (2014): *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

Risco, Vicente (1961): "*Nimbos* de Díaz Castro", *La Región* 19/X/1961.

Salgado Rodríguez, Xosé Manuel (1991): "Díaz Castro e *Dorna*. A creba dun silencio", *Dorna* 17, 23-32.

——— (2014): "Na amañecida de *Follas verdes*", en Carmen Blanco e Xosé M. Salgado (eds.), *Día das Letras Galegas 2014. Xosé María Díaz Castro*. Santiago de Compostela: Universidade.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 79-85
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 87-95
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

A FORTUNA CRÍTICA DA OBRA DE DÍAZ CASTRO

María Xesús Nogueira
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Estudo panorámico da fortuna crítica de Xosé María Díaz Castro. Analízanse os principais factores que foron conformando a recepción da súa obra. Identifícanse as achegas que máis influíron na interpretación da poesía do autor e estabelécense catro puntos de inflexión no proceso de recepción no período que vai da publicación de *Nimbos* á actualidade.

Abstract: This paper reviews the critical reception of Xosé María Díaz Castro's work. Relevant factors which shaped the reception of his work are examined, identifying those studies which most influenced the interpretation of his poetry, as well as four turning points regarding its reception from the publication of *Nimbos* to the present day.

Palabras chave: Xosé M.ª Díaz Castro, poesía galega contemporánea, recepción.

Key words: Xosé M.ª Díaz Castro, contemporary Galician poetry, reception.

> Pensamos ser un libro de dura e influencia. Ha ser moitas veces descoberto. Moitos agardarán por il. Moitos sorprenderanse de nono ter escuitado. Todo quer o seu tempo. Ramón Otero Pedrayo.

IDEAS LIMIARES PARA UNHA RECEPCIÓN EN CATRO TEMPOS

A dedicatoria do Día das Letras Galegas a un escritor ou escritora estabelece desde hai anos un punto de inflexión na fortuna da súa obra. A incidencia, tanto espontánea como programada, da efeméride na recepción é un feito abondo coñecido cuxa análise reborda as dimensións deste traballo. A propia actualización do estado da cuestión, que complementa as levadas a cabo no seu día por Xesús González Gómez

(1987) e, máis recentemente, pola coordinación do número XXIX dos Cadernos Ramón Piñeiro, dedicados a Díaz Castro (Cochón 2014), enmárcase no programa de actividades arredor das Letras.

O do escritor de Guitiriz é un caso singular no que á fortuna crítica se refire, se temos en conta tanto a condición de clásico que se lle vén atribuíndo como a recepción favorábel para xeracións vindeiras augurada, de maneira temperá, por Ramón Otero Pedrayo (1962) na cita reproducida a xeito de cabeceira. A exposición dunha panorámica da cuestión, articulada ao meu entender en catro tempos, debe retomar tres ideas abondo asentadas nos estudos literarios galegos, que enumero a seguir:

1. O poeta de Guitiriz vén gozando desde hai anos da condición de clásico á que se aludía máis arriba. Alén disto, vén sendo asociado a un só libro. *Nimbos* (1961) foi até o ano 2014 o único poemario seu coñecido e dispoñíbel.

2. Deixando a un lado recensións laudatorias, como a de Otero Pedrayo, aparecidas no momento da publicación de *Nimbos*, o recoñecemento de Díaz Castro foi serodio. Fóra dalgunhas excepcións, este remóntase á década dos oitenta do pasado século, momento no que xorden as primeiras reivindicacións e tamén os primeiros estudos favorecidos, sen dúbida, por un contexto estético máis afín.

3. Con independencia dos traballos aparecidos a partir deste período, Díaz Castro foi durante moito tempo identificado sobre todo cun poema, o celebérrimo "Penélope". O seu verso "un paso adiante i outro atrás, Galiza" converteuse nun lema que forneceu retóricas diversas.

Malia demandaren oportunas matizacións, estas ideas serven para trazar unhas liñas vertebradoras da cartografía da recepción, pois apuntan tres momentos clave: o da publicación de *Nimbos*, o das reivindicacións do escritor e o das relecturas, principalmente feministas, do poema "Penélope". A eles habería que engadir o da celebración do Día das Letras Galegas para completar a cronoloxía da fortuna crítica do escritor.

A PUBLICACIÓN DE *NIMBOS*

A aparición de *Nimbos* suscitou, como se dixo, críticas eloxiosas que saudaban o libro facendo fincapé en dous elementos: a novidade e a orixinalidade. No que atinxe ao primeiro deles, algúns textos repararon no feito de se tratar da obra dun autor inédito, en boa medida descoñecido, que publicaba na súa madurez. A este respecto, cómpre lembrar que Díaz Castro non era, á altura de 1961, un escritor absolutamente descoñecido. Armando Requeixo (2001) encargouse de dar noticia dalgunhas composicións de preguerra, así como de exhumar, entre

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

outros textos[1], os poemarios *Follas verdes* (1934) e *Follas ó aire* (1935) (Díaz 2014b). Resultan polo tanto acertadas as palabras de Mario Regueira cando afirma que "Díaz Castro non representa a figura dun poeta inédito que publica unha obra sorprendente tendo case cincuenta anos" (2014: 254).

As primeiras recensións salientaron tamén a orixinalidade da voz do autor de *Nimbos* a pesar de certas afinidades con Noriega Varela, con Crecente Vega ou con Aquilino Iglesia Alvariño. Nos meses que seguiron á publicación do poemario, este recibiu valoracións entusiastas e contundentes de lectores como Xosé María Álvarez Blázquez, que considerou *Nimbos* "un libro de poesía verdadera, una obra importante de un nuevo poeta de Galicia, que se incorpora, con firmísimo paso, a las filas de nuestro lirismo" (1961). Ánxel Fole cualificouno de "autor con voz propia y canto propio", ao tempo que falou da ausencia na súa poesía de "ismos, modas y escuelas" (1961). Ramón Lugrís referiuse a Díaz Castro como "un extraordinario poeta" que "dende agora está chamado a figurar na lírica galega con todo-los dereitos que lle da a súa peculiarísima voz" (1961). Encomiástica foi tamén a recensión publicada por Ricardo Carballo Calero, quen, nunha liña próxima á de Otero Pedrayo na crítica máis arriba reproducida, auguraba: "Díaz Castro farase ler, aínda sendo poeta, neste instante da nosa cultura no que só acostumamos ler aos prosistas" (1961).

Unha revisión das primeiras lecturas de *Nimbos* non pode obviar a súa condición de críticas inducidas por parte dos editores de Galaxia, en especial de Francisco Fernández del Riego e de Ramón Piñeiro. Así o demostraron os responsábeis do volume *Nimbos: cáliz fervendo!* (2014), nunhas páxinas limiares que achegan un esclarecedor texto de prensa atribuído a Álvaro Cunqueiro no que este anuncia a inminente aparición do poemario de Díaz Castro:

> La Editorial "Galaxia" anuncia como de inminente aparición un libro del poeta José María Díaz Castro, titulado "Nimbos". El poeta, solamente conocido hasta ahora en círculos muy restringidos, dueño de una nostálgica voz en la que la sangre apasionada se vela con tenues brumas, sosegado en la soledad pero ahíto de vida interior se acerca por primera vez al gran público. Se trata de una aportación de excepcional calidad a la siempre riquísima lírica gallega [...]. (Cochón 2014: 9)

1 Trátase de textos publicados en *La Noche*, do tríptico *Nascida d'un sono* (1947), de poemas aparecidos na revista *Alba* e da composición incluída por Francisco Fernández del Riego na *Escolma de poesía galega* (1955), na sección dedicada a poetas que non tiñan obra publicada.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

A este clima favorábel non resultou alleo o feito de que *Nimbos* fose un libro animado e solicitado pola Editorial Galaxia, como explicou Mario Regueira (2014: 251 e ss.) nun estudo clarificador no que analizou ademais a importancia do poemario dentro da estratexia da editorial.

Non debe esquecerse tampouco o contexto estético no que viu a luz o libro de Díaz Castro, dominado pola poesía social. O texto máis representativo desta corrente, *Longa noite de pedra*, foi publicado un ano despois de *Nimbos*. O novo escenario estético e a popularidade acadada polo libro de Celso Emilio Ferreiro explican a defensa que do de Díaz Castro fixo Xosé María Álvarez Blázquez, ao alertar de que "estamos asistiendo al espectáculo del arte en plena deshumanización" e presentar, fronte a tal situación, o modelo de Díaz Castro como o de "un hombre humano –ya es preciso hacer este absurdo distingo–", dono dunha "poesía reflejo hirviente de tal humanidad" (1961). É este un dos moitos exemplos nos que se bota man da obra do escritor de Guitiriz como reacción contra a poesía social e os novos códigos estéticos.

Con excepcións, logo da recepción inmediata que se acaba de referir, a obra de Díaz Castro foi vítima do esquecemento durante os anos 60 e 70, por moito que o autor fose recoñecido por algúns dos seus pares, como demostrou Armando Requeixo (2013) recordando a súa presenza nos catálogos de poetas galegos do momento elaboradas por Xesús Alonso Montero ou Benito Varela Jácome. Con todo, unha das excepcións á actitude xeneralizada foi o artigo no que Xosé Luís Franco Grande denunciaba o feito de que "unha poesía de tantos quilates non soe e só en medios reducidos se lle dispense a atención que merece" (1964: 512). Na súa reivindicación identificaba a "falta de *poder creador* (anotemos isto ben) que se bota de ver na literatura do noso tempo", e a "crise de imaxinación creadora" que dela deriva, como as causas principais da infravaloración da poesía de Díaz Castro (1964: 512). O ensaio de Franco Grande é unha mostra dunha función correctora da crítica exercida tamén polos autores doutros comentarios que reaccionaban ante a ausencia do poeta nalgunhas antoloxías de posguerra. É o caso da nota na que Ramón Piñeiro se sorprende pola omisión de Díaz Castro en *Poetas gallegos de posguerra* de Basilio Losada (1972), ou da recensión na que Fernández del Riego critica a exclusión que do autor estudado fai Miguel González Garcés en *Poesía gallega contemporánea* (Lorenzana 1977)[2].

2 *Vid.* para isto Queixas 2014: 233 e ss.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

OS ANOS OITENTA

O denominado *cambio de rumbo* producido no xénero poético nos inicios da década dos 80 semellaba apuntar cara a un contexto estético máis favorábel para a recepción da poesía de Díaz Castro. A estética dominante, axiña canonizada como *poesía dos oitenta* e identificada con trazos como o regreso aos temas clásicos ou o coidado formal, presentaba unha maior afinidade coa do poeta de Guitiriz que os versos sociais escritos nas dúas décadas anteriores. Por outra banda, debemos tamén ter presente un feito, a miúdo esquecido, como é a incorporación neste momento da literatura galega aos currículos escolares, que demandou non só a produción de materiais senón tamén de canons.

Deste período datan algunhas achegas á lectura do poemario de Díaz Castro, como o artigo de Xosé Ramón Pena (1979) significativamente titulado "*Nimbos* e a nova poesía galega", ou as páxinas dedicadas por Xosé Luís Méndez Ferrín no seu estudo *De Pondal a Novoneyra* (1984), onde se estabelecen algunhas das claves interpretativas máis reiteradas en traballos sucesivos, tal é o caso da importancia da luz, a condición relixiosa ou a nostalxia do paraíso perdido.

Foi, con todo, o 25 aniversario da publicación de *Nimbos* a efeméride que deu lugar ao primeiro recoñecemento colectivo recibido polo escritor, que se materializou no volume *Homenaxe a Díaz Castro* (1987), promovido pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz. O libro reúne estudos dedicados a diferentes aspectos da obra do escritor –a arquitectura de *Nimbos*, a relixión, a lingua poética, a recepción ou o papel da muller– e unha homenaxe dos poetas da Terra Cha –Darío Xohán Cabana, Fernán Vello, Manuel María, Margarita Ledo, Xesús Rábade e Antón Santamarinha Delgado–. A publicación marca un punto de inflexión na configuración dunha bibliografía sobre Díaz Castro –limitada aínda a *Nimbos*– que recolle algunha das cuestións analizadas nas décadas anteriores e estabelece claves principais da lectura da poesía diazcastriana, como o clasicismo, o carácter metafísico e relixioso, o paisaxismo e a reflexión sobre o ser humano.

É tamén na década dos 80 cando a revista *Dorna* convida o poeta a publicar nas súas páxinas, *rescatándoo* dun certo confinamento tanto persoal como editorial. Recordouno deste xeito Xosé Manuel Salgado, nun texto publicado no número co que a revista lembraba o poeta con motivo do seu falecemento en 1991:

> estivo sempre entre os nosos cometidos o de tentar recuperar algúns nomes confinados nunha nota a pé de páxina nas historias da Literatura máis acreditadas. E un deses nomes, relegado ó case absoluto esquencemento, é o de Xosé María Díaz Castro, rescatado do ostracismo a partir do número 6 da nosa revista. (1991: 23)

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

A recuperación do poeta como escritor activo, que publica os seus versos á beira de voces nalgún caso noveis, non debe pasar desapercibida en calquera achegamento á recepción da súa obra, tendo en conta ademais o papel que a revista tivo na difusión da poesía que se estaba a escribir naquela altura (Nogueira 2006).

AS RELECTURAS DE "PENÉLOPE"

A fortuna da composición "Penélope" percíbese tamén na atención que suscitou nos estudos dedicados á poesía do autor. O poema foi obxecto de numerosas análises, que non é este lugar para compilar, e entre as que sobrancea, polo seu carácter canonizador, a levada a cabo por Claudio Rodríguez Fer (1989). Existe consenso entre a crítica á hora de recoñecer que a popularidade do texto diazcastriano garda unha estreita relación coa tematización metafórica e reinvindicativa nos seus versos dunha Galicia inmobilizada, que tan ben engarzaba na poesía de corte social. Esta dimensión, cuxo peso en *Nimbos* é menor ao doutras e que pasou desapercibida para os críticos do entorno de Galaxia aos que máis arriba me referín, foi posta de manifesto por Ricardo Carballo Calero en 1974, nuns termos que resultan abondo elocuentes a respecto do desinterese que a poesía social comezaba a suscitar naquela altura:

> ao motivo do destino da comunidade en que o poeta se inserta o penelopiano destino de Galicia, un paso adiante e outro atrás. Así que Díaz Castro é tamén un poeta social. Só que non ten vocación de demagogo, polo que a súa poesía é non normativa. Quero dicir que o poeta non é un activista que se sirva da estrofa como da botella de gasolina. (1974: 277).

A imaxe "un paso adiante i outro atrás", que sintetiza esta dimensión social, deu lugar a unha das metáforas máis fértiles sobre Galicia, capaz de transcender o ámbito do literario para infiltrarse noutros discursos públicos.

Non é tanto o interese deste traballo reparar na produtividade da imaxe como no feito de que fose o poema de Díaz Castro un dos textos matrices na reescritura do que se denominou unha *xenealoxía mítica* (González Fernández 2005) baseada na figura de Penélope. Tal reescritura, que enlaza coa composición rosaliana "Tecín soia a miña tea"[3], acada unha significación inequivocamente feminista a partir do poema titulado tamén "Penélope"[4], de Xohana Torres. O texto conclúe cunhas

3 Da sección "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos", de *Follas novas* (1880).
4 Do libro *Tempo de ría* (1992).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

palabras nas que a muller que agarda desafía o seu destino: "EU TAMÉN NAVEGAR". O verso acabou converténdose nunha consigna para as novas escritoras que, desde os primeiros anos da década dos noventa, estaban a construír a súa voz desde unha clara conciencia de xénero.

A reescritura poética de Penélope, que deu lugar a unha das xenealoxías máis fértiles creadas polas poetas galegas (Blanco 1995, González Fernández 2005, Nogueira 2006), partiu da contestación feminista de Xohana Torres a reformulacións anteriores, en particular, a dous poemas que transmitían o mito desde un punto de vista patriarcal: "Penélope", de Díaz Castro e "Pende en que pende, Penélope pensativa"[5], de Álvaro Cunqueiro. O texto do poeta de Guitiriz actuou polo tanto como modelo dunha das series máis celebradas da poesía galega contemporánea, o que constitúe tamén un interesante fenómeno de recepción.

AS LETRAS GALEGAS DE DÍAZ CASTRO

Sen ser este lugar para unha análise –por outra banda, necesaria– do Día das Letras Galegas desde o punto de vista da recepción das figuras homenaxeadas, creo oportuno recordar que un dos obxectivos da efeméride é a difusión da obra destes. No caso de Xosé María Díaz Castro, autor até o momento dun único libro, as Letras Galegas favoreceron a publicación da súa obra completa, que incluía os poemarios de preguerra inéditos máis arriba mencionados. A *Poesía galega completa* (Díaz 2014b) ofrece un material que os estudos elaborados de aquí en diante non poderán obviar e que obrigará a redimensionar a figura de Díaz Castro na literatura galega contemporánea.

A produción xurdida a raíz do Día das Letras Galegas, da que o presente texto forma parte, achegou ademais os estudos *Vida e obra de Xosé María Díaz Castro* (Requeixo 2013), *A ferida da beleza en* Nimbos (Pérez López 2014), así como a edición de facsímiles (Blanco/Salgado 2014) e composicións traducidas polo poeta, e compiladas no volume *Cartafol de traducións e outros poemas* (Díaz 2014a).

Os estudos aparecidos ao abeiro das Letras consolidaron a diversificación de liñas de análise ás que a obra de Díaz Castro fora sometida e contribuíron á tarefa de situar esta, con máis precisión, na poesía galega da posguerra. O ton reivindicativo que acompañou os estudos sobre o escritor de Guitiriz até comezos dos anos noventa foi polo xeral desaparecendo, o que debe interpretarse como un sinal de normalidade na recepción do escritor.

5 Composición pertencente a *Herba aquí e acolá* (1980).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

Estamos, con todo, diante dun ciclo incompleto que demanda, para o seu estudo, unha maior distancia temporal. Se os traballos aparecidos ao longo deste ano van reverter nun mellor coñecemento da obra de Díaz Castro, queda por saber como vai asimilar o campo literario galego estas achegas e como se verán reflectidas nun instrumento canonizador por excelencia como son as historias da literatura que están por escribir. As palabras de Ramón Otero Pedrayo, certeiro na súa intuición de que *Nimbos* había ser un libro "de dura e influencia" e "moitas veces descoberto", resultan tamén oportunas para pechar esta panorámica, dado que "todo quer o seu tempo".

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez Blázquez, Xosé María (1961): "*Nimbos*, un libro luminoso", *Faro de Vigo* 15/X/1961.

Blanco, Carmen (1995): *Mulleres e independencia*. Sada: Ediciós do Castro.

Blanco, Carmen e Xosé Manuel Salgado (eds.) (2014): *Día das Letras Galegas 2014. Xosé María Díaz Castro*. Santiago de Compostela: Universidade.

Carballo Calero, Ricardo (1961): "Un poeta legible", *Faro de Vigo* 20/X/1961.

——— (1974): "Figuras representativas da literatura galega", *Grial* 45, 269-279.

Cochón, Luís (2014): "Adro", en Luís Cochón (ed.), *Nimbos: cáliz fervendo!* Cadernos Ramón Piñeiro XXIX. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 9-17.

Díaz Castro, Xosé María (2014a): *Cartafol de traducións e outros poemas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de Armando Requeixo.

——— (2014b): *Poesía galega completa*. Vigo: Galaxia. Edición de Armando Requeixo.

Fole, Ánxel (1961): "Un nuevo poeta", *Faro de Vigo* 17/II/1961.

Franco Grande, Xosé Luís (1964): "Díaz Castro nesta hora", *Grial* 6, 512-518.

González Fernández, Helena (2005): *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

González Gómez, Xesús (1987): "Díaz Castro perante a crítica", en *Homenaxe a Xosé Mª Díaz Castro*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 57-64.

Lorenzana, S. [Fernández del Riego, Francisco] (1977): "Poesía gallega de posguerra. Antología bilingüe, por Miguel González Garcés", *Grial* 55, 125-126.

Lugrís, Ramón (1961): "Notas a *Nimbos*", *La Noche* 9/XI/1961.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*.Vigo: Galaxia.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

Nogueira Pereira, María Xesús (2005): "A embarcación de palabras. Pequena crónica da revista *Dorna*", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (coords.), *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade, 587-598.

——— (2006): "De vangardas e Penélopes. A intertextualidade na poesía galega dos noventa", *Madrygal. Revista de estudios gallegos* 9, 93-102.

Otero Pedrayo, Ramón (1962): "*Nimbos*, de Díaz Castro", *La Noche* 11/I/1962.

Pena, Xosé Ramón (1979): "*Nimbos* e a nova poesía galega", *La Voz de Galicia* 23/XI/1979.

Pérez López, Segundo Leonardo (2014): *A ferida da beleza en* Nimbos *de Xosé María Díaz Castro*. Santiago de Compostela: Instituto Teológico Compostelano.

Piñeiro, Ramón (1972): "*Poetas gallegos de posguerra*, por Basilio Losada", *Grial* 35, 111-112.

Queixas Zas, Mercedes (2014): "Unha necesaria actualidade retrospectiva", en Luís Cochón (ed.), *Nimbos: cáliz fervendo!* Cadernos Ramón Piñeiro XXIX. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 231-247.

Regueira, Mario (2014): "Entre Deus e a Terra. Xosé María Díaz Castro no proxecto de Galaxia", en Luís Cochón (ed.), *Nimbos: cáliz fervendo!* Cadernos Ramón Piñeiro XXIX. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 251-267.

Requeixo, Armando (2001): "Xosé María Díaz Castro poeta de preguerra", *Madrygal. Revista de estudios gallegos* 4, 99-109.

——— (2013): *Vida e obra de Xosé María Díaz Castro*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Fer, Claudio (1989): "O poema «Penélope», de Díaz Castro", en *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 199-210.

Salgado, Xosé Manuel (1991): "Díaz Castro e *Dorna*. A creba dun silencio", *Dorna* 17, 23-32.

VV. AA. (1987): *Homenaxe a Xosé Mª Díaz Castro*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 87-95
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 97-104
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

O HERDO DE DÍAZ CASTRO

Alfonso Blanco Torrado
Asociación cultural Xermolos

Resumo: Faise un balance do que supuxo a dedicatoria do Día das Letras Galegas a Xosé María Díaz Castro e descríbese o seu impacto entre a mocidade. Explícase como a autenticidade da súa escrita abraiou os que o descubriron como poeta e exprésase o desexo de que o seu exemplo de compromiso cunha lingua e unha cultura anime a todos a continuar no seu ronsel.

Abstract: This article offers an appraisal of the Day of the Galician Letters dedicated to Xosé María Díaz Castro and it describes its impact among young people. It focuses on the authenticity of Díaz Castro's poetry and the experience of those young people who discover him as a poet. It is also expressed the wish to continue on his path, his example of commitment to the Galician language and culture.

Palabras chave: Día das Letras Galegas, Real Academia Galega, mocidade lectora, compromiso idiomático e cultural, autenticidade poética.

Key words: Day of the Galician Letters, Galician Academy, youth readers, commitment to the Galician language and culture, poetic authenticity.

Cando xa declina o Ano Díaz Castro, quero agradecer á Real Academia Galega o ronsel que fixo alumear no noso pobo coa decisión de elixir este poeta coma o homenaxeado no 2014. E fágoo dun xeito especial dende a mocidade, as nenas e nenos, cos que tiven a sorte de participar en máis de cen actividades. Porén, son testemuña de que se foi creando unha inxente sintonía con esta festa. Foi un acerto o seu nomeamento, como reflicte esa marea de recursos audiovisuais e literarios coa que forneceron a república das letras. Foi tal a pegada que a súa lírica é un manancial que reborda enerxía para sempre, acadando definitivamente que o autor siga sucando a nosa agra literaria máis alá da celebración anual.

Permitídeme que sexa un pouco intruso e, despois de escoitar os compañeiros da "táboa redonda", que xa marcaron con fortuna o perfil da relixiosidade de Díaz

Castro, me aventure por outros camiños abusando da experiencia deste ano no berce do poeta e en todo o país, xa que estamos na derradeira intervención antes da clausura do simposio polo Señor Presidente da Real Academia.

En Guitiriz estamos a vivir a súa achega en todos os eidos da actividade: nas feiras e festas, na hostalaría, no ensino, nos encontros deportivos, no mundo da inmigración. Xa o teño dito: ao remate deste ano todos os nenos e nenas, ou mozos e mozas das Terras de Parga e Guitiriz van saber algún verso do poeta.

E tamén o seu sentido da transcendencia deriva desta vivencia das tradicións relixiosas na súa comunidade. Para Díaz Castro o misterio actúa dende as criaturas máis sinxelas, sen caer no panteísmo, cunha cosmovisión axeitada ao Deus de Xesús, que revelou a súa presenza no mundo a través dun neno ateigado de frío nun comedeiro de animais. Xesús veu anunciar o Reino, que é a loita pola igualdade, a liberdade, a irmandade…

É verdade que Díaz Castro ten unha etapa máis devocional e confesional, froito da súa formación na familia e no seminario, pero á fin aliouse no franciscanismo. Defende o credo no que se criou, pero sen armarse con capa e espada, sempre dende a palabra creadora que busca a verdade. Como teño falado con Andrés Torres Queiruga que partilla esta mesa, só suxire porque é un grande místico:

> Saben os ollos que hai tralo valado un Reino
> e que do anxo hastra o grilo brinca o gozo de Deus.
> E Deus dá boa fada ós ollos namorados
> que chegaron abertos ás portas do mencer.

Cómpre agradecer a Díaz Castro que ensine a valorar o que temos ao noso carón, o amor e a harmonía partillada cando difunde o canto misterioso da Terra, mesmo a través da luz que vai adquirindo distintas intensidades, dende o abrente, antes de que os paxaros coma o paporroibo se poñan a cantar, porque a transcendencia intuída impide o materialismo que cousifica todo:

> Coma un río quixera eu ser: cantar
> con estrelas no lombo cara ó mar,
> deixando unha chorima en cada pedra,
> e unha bágoa de Deus en cada herba.

Nesta consideración da creación poética coma un servizo á sociedade, Díaz Castro axúdanos a inzar en autoestima e valoración a nivel persoal e como pobo, e non só a unha mocidade impactada pola súa nobreza de ficar, ata que morreu, na lingua que mamou. Arestora que tantas avoas e avós conviven horas cos netos

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 97-104
ISSN: 1576-8767

porque traballan nai e pai, o poeta subliña a excelencia da nosa cultura, en concreto a cultura rural, o leito da nosa identidade que os maiores temos que difundir.

E é neste leito no que temos que enmarcar algúns dos filóns da súa relixiosidade, na súa urda coa aldea e a parroquia na que naceu e medrou, xa que era fiel ás súas raíces e agradecido co patrimonio. En "Veleiquí os homes" insire trazos desta vivencia.

Pero a súa achega persoal é a mística. Converteuse no seu mellor valedor, dando un paso adiante nun tempo de alleamento, na Ditadura, o que ten que animar os maiores, orgullosos das súas raíces, a transmitilas sen complexos, como un manancial de saúde, de harmonía, que permite aprender a orientarnos neste mundo global sen esquecer o noso punto de partida. Pola contra, matinamos que a esta mocidade lle corresponde implicar a Galicia no escenario mundial dende a nosa identidade, porque temos recursos para competir como calquera outro pobo en moitos eidos. E non me refiro só á pesca, agricultura ou soberanía alimentaria, tamén á cultura, paisaxe, fala, recursos humanos, como están demostrando moitas e moitos deles en centros de investigación punta no mundo enteiro... Acredito que percibín nalgunhas e nalgúns militantes de colectivos xuvenís e alumnado de bacharelato devezos de dar a cara polo país das súas raíces, seareiros a través das redes sociais, do pobo que os arrola co seu espírito, orgullosas e orgullosos do seu destino... Nin as novas tecnoloxías nin a pertenza a este mundo global son unha traba para o noso futuro, senón a teima que ten que reforzar os vencellos co patrimonio que construíron os devanceiros. A mesma sensación que temos dende hai máis de trinta edicións no Festival de Pardiñas, Feira e Festa da Música e da Arte, xestionada por unha mocidade que goza das nosas artes en harmonía coas músicas e a creación de todos os pobos do mundo.

Díaz Castro viviu case toda a súa vida en cidades: Mondoñedo, Vilagarcía e Madrid, pero valoraba a sabedoría que foron enxergando os seus antepasados no mundo rural. O balbordo da capital non foi capaz de borrar a cultura que asimilou na infancia, que para el era o leito da súa procura como persoa e como creador.

DISPENSADE...

Pero, dispensade, penso que teño que aproveitar esta estadía aquí para deixar constancia do que algún medio titulou como o "Potencial creativo de Díaz Castro" e, dende esta perspectiva, explicar a magnitude da actividade escrita, audiovisual e musical que espertou. A xente moza, por sensibilidade, agradeceu a sorpresa que supuxo descubrir a súa ampla formación en idiomas e tamén noutros eidos do saber, porque para traducir no Instituto de Investigacións Científicas tantas temáticas tiña que dominar un mínimo de moitas ciencias. Esta constatación xuvenil

serviulles para enchouparse na frescura do río de cadaquén que nos acompaña dende a crianza. A mocidade refuga a rutina, as consignas xa machucadas, e mergúllase con emoción e con iniciativa en caudais como o humanismo de Díaz Castro, con esta resposta efectiva de sinais creativos que están a avisar de que urxe que lles transmitamos o vizo do noso patrimonio, sen clixés, dende a vida de cadaquén, sen dispersarnos en ningunha teorización que non cadra co seu afán.

A lectura sempre fornece as persoas de novos recursos, Díaz Castro arrequécenos con palabras que axudan a mocidade a transmitir as súas emocións, son como flashes que comunican o mundo dos sentimentos e soños. E sempre é importante a persoa que as pronuncia, por iso se xerou interese por coñecer ao poeta.

Mergullados nesta eclosión creativa quixemos nivelar a transcendencia desta realidade e concluímos que o seu canto das criaturas que conviven con nós fai abrollar emoción e suxire unha correspondencia naquelas e naqueles agradecidos coa vida e a súa contorna: "Alumarei con fachas de palabras, ancho herdo meu, o mundo que me deron".

O seu tratamento poético non é solemne, non sobe a ningún estrado nin moqueta que o afaste do latexo espontáneo da vida, contaxia cos saloucos cotiáns. Non hai distorsións nin retórica, é a canle que escolleu para revelar os segredos e tesouros de cada criatura sen cousificala, arrincándolle a luz que agochan e facéndoa patente aos que gozan dos seus versos. Converte a convivencia cos obxectos que usamos cada día en sensacións que transmite con beleza e que chegan ao fondo dos lectores e nisto é un clásico moderno que, coa poesía, abre unha raiola de luz tamén nas tribulacións propias dos treitos de idade máis temperá.

Os seus son os saloucos creativos que lle provoca a convivencia co lugar, o tempo, as criaturas…, que sempre nos acompañan na travesía da vida e que están ao alcance de todas e todos, simplificando a interpretación literaria aos alleos á preceptiva, pero sen minimizar a súa forza expresiva.

Esta autenticidade provoca a identificación da mocidade co autor, *a ras de chao*, dende o terrón que están a pisar, aínda que cadaquén fai a súa propia andadura, pero a súa poesía admite varias lecturas que axudan a valorar a vida cotiá.

E xa estamos a desentrañar a fortuna das letras do 2014, como é a resposta activa deste sector da poboación ao talante persoal de Díaz Castro que a buscaba como o seu interlocutor preferido, sobre todo no outono da súa vida, no retorno ao colo da Nai Terra, porque adiviñaba na ollada a súa capacidade de sorpresa e emoción, nunha sociedade que os despreza como se a adolescencia fose un andazo que cómpre superar axiña e a mocidade un treito do que nada se pode agardar. O poeta converteu a Asociación Xuvenil Xermolos na súa casa e o Festival de Pardiñas na demostración anual da súa vitalidade, mentres outra xente anquilosada desprezaba o seu pulo creativo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

Díaz Castro partilla a inspiración co lector ou lectora, "inter pares", como imos intuír en "Cántame, outra vez". Emporiso, dános a oportunidade de aprender a ficar no eido de cadaquén, como a mellor guía para non dispersarse na infinidade de galaxias polas que podemos navegar a través das novas tecnoloxías ao noso alcance dende a infancia. Motivados pola inmensidade da nosa tribo, a que canta o poeta, intimamos coas esencias doutras tribos indíxenas ou urbanas noutras latitudes. Porén créase como unha simbiose, unha complicidade, convencidos ambos de que a arte é a expresión da camiñada en común.

Para remarcar esta vontade de estilo da súa obra, inserimos aquí un dos tres poemas definitorios, do "Pórtico" de *Nimbos*, o titulado "Coma brasas":

> Poeta ou non, eu cantarei as cousas
> que na soleira de min mesmo agardan.
> Alumarei con fachas de palabras,
> ancho herdo meu, o mundo que me deron.
>
> Eí están, coma brasas contra a noite,
> as vellas cousas, cheas de destinos.
> Ollos que piden, de famentos nenos.
> Ollos que esperan, dunha adoescente.
>
> ¡Galiza en min, meu Deus, pan que me deron,
> leite e centeo e soño e lus de aurora!
> Longa rúa da mar, fogar da terra,
> e esta crus que nos mide de alto a baixo.
>
> Con este alento, eu lles darei ás cousas
> o drama cheo que lles nega a vida:
> dareilles rostos, pra que se conozan,
> palabras lles darei pra que se entendan...

URXE A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DA NOSA CULTURA

Onte mesmo estiven no centro de formación profesional Fernando Blanco de Cee e a directora compartía cos mestres como a impactara a atención das e dos alumnos naquela conferencia. Outro mestre advertía que, quizais influídos pola rutina espallada de que a xente nova "pasa", nós mesmos tamén pasamos e non lles transmitimos as esencias do noso pobo. Acreditei nesta intuición, porque descubrín nestes encontros nos centros de ensino, nas asociacións xuvenís, que elas e eles agradecen que lles mostremos os sinais da nosa identidade. Non abonda con regulamentar o

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 97-104
ISSN: 1576-8767

uso dunha lingua que ten un código gramatical semellante a outras que aprenden no ensino; a mocidade quere sentir como propias afectiva e emocionalmente dende o leito da fala a xeografía, a historia, a flora, a fauna, as ciencias…, que foron enxergando as xeracións anteriores e que son as que definen Galiza como un pobo na diversidade do Universo. E isto estamos deturpándollo e espoliándollo as e os adultos coa xeneralidade da política, o ensino, as relixións, os medios de comunicación, etc. Díaz Castro actuou doutro xeito, dándonos unha poesía que nomea a paisaxe, as crenzas, a cultura…, coa fala que mamou, quizais polo rigor co que traducía os outros idiomas. Secasí, advertía que o máis doado non era memorizar as gramáticas, senón introducirse e ser fieis á urda afectiva que singulariza cada pobo, froito dunha paisaxe humanizada. Moitas veces a mocidade e crianzas perciben unha lingua elaborada no obradoiro filolóxico, que non ten moito que ver coa fala afectiva das e dos avós, o que os retrae na súa afección pola lingua nai. Díaz Castro tiña como obxectivo erguer a fala que mamou a unha categoría literaria, pero sen desvirtuar o leito emocional que sostivo o idioma dende sempre.

As familias non teñen futuro sen a achega da infancia e a mocidade, pero tampouco a cultura. Urxe este diálogo ou transmisión interxeracional para que a nosa fala, a paisaxe, o patrimonio literario sigan con vida. Temos unha traxectoria histórica que garante este razoamento, porque moitos eidos, ou todos, da nosa cultura chegaron vizosos ata aquí grazas a esta comunicación: o idioma, a literatura oral, a artesanía, as técnicas agrogandeiras ou da pesca...

Díaz Castro é, neste sentido, unha testemuña exemplar da formación integral das persoas dende o berce e da responsabilidade social e política que lles corresponde aos que guían o destino do noso pobo. Abofé que ficou sempre neste compromiso: "Eí están, coma brasas contra a noite/ as vellas cousas, cheas de destinos./ Ollos que piden, de famentos nenos./ Ollos que esperan, dunha adoescente". O poeta sabe que nenos e adolescentes son interlocutores marabillosos para descifrar o noso patrimonio, lía nos seus ollos sempre escrutadores... Está a incidir, como bo mestre, na intelixencia emocional e imaxinativa, porque para el non abonda coa aprendizaxe literal e memorística. Empataron con tanta intensidade coa súa poesía porque os seus soños poéticos son como flashes que impactan a toda a persoa. Son un instante que perdura para sempre na súa sensibilidade, como captou Xosé Antón Cascudo no seu documental *O instante eterno*, que tamén presentou aquí, na Casa das Palabras. A lírica diazcastriana convértese nun relampo ou frechazo á primeira ollada ou primeiro ouvido, por iso foi musicada en todos os xéneros: folk, rock, rap, tango, a Real Filharmonía de Galicia..., como escoitaron estes lares na voz dos nenos e nenas do IES Poeta Díaz Castro na presentación dos actos do centenario. O canto acaelle á poesía como a expresión máis senlleira. O noso vate alterna ás

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 97-104
ISSN: 1576-8767

veces o "fálame" co "cántame", como no poema xustamente titulado "Cántame ti outra vez", e a miúdo identifica as dúas acepcións:

> Cántame ti outra vez. Quero escoitarte.
> Xúntame na túa voz, que estou disperso.
> Dame ti o mármore, eu dareiche a arte,
> pra que o teu sangue corra no meu verso.
>
> Creación dos dous sós será o poema,
> a vida mesma nos dá eiquí un ensino:
> Nunca na vida un brazo soio rema.
> ¡Sinfonía de dous tecendo un só destino!

"Cántame ti, outra vez" (ou "Cóntame") é unha loa á súa inspiración (na tradución do orixinal castelán xoga entre "cántame" e "fálame") inserido no *Terceiro Caderno* co título de "Complemento directo" e editado despois no número 17 de *Dorna*, aparecido en xaneiro de 1991.

FIEL Á LINGUA QUE MAMOU

Nos Séculos Escuros foron as xentes máis sinxelas as que deron vida ao noso idioma, mentres os letrados castelanizaban todas as súas actividades. Foi un momento decisivo para que non fenecese. Arestora tamén lles corresponde ser fieis á lingua coa que os arrolaron na súa crianza, comunicándoa con gallardía e nobreza aos máis novos, igual ca literatura oral, as cantigas, os ditos populares..., que conservan os nosos símbolos, o noso xeito particular de facer pobo.

Díaz Castro dignificou este labor co seu exemplo. Coñecedor de máis de quince idiomas polo seu oficio de tradutor, ficou sempre na lingua que mamou como a que expresaba mellor a súa personalidade, o celme da súa vida e obra que nel eran o mesmo. Esta erudición remarca a coraxe da elección a prol da súa fala.

Pero tamén inxecta na sociedade o seu carácter agradecido cos devanceiros, non só na fala, tamén pola conservación da paisaxe e da Terra nai, dunha alimentación sa, aprendendo a harmonizar coa natureza os labores e as festas da comunidade. O poeta apostou por esta cultura labrega da que teñen que sentirse protagonistas e valedores os maiores na convivencia cotiá, desterrando coma el calquera etiqueta de ruralismo ou vulgarismo. Para Díaz Castro era a verdadeira sabedoría, a da "Galiza que vai en min". Se Otero Pedrayo loaba a unidade de vida e obra na súa escrita era polo afán do poeta en manter o equilibrio afectivo, impedindo calquera creba ou salto ao baleiro na súa traxectoria. E así rematamos, incidindo nesta tarefa sandadora que nos corresponde a todas e todos: seguir dando pulo ao

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 97-104
ISSN: 1576-8767

herdo sociocultural que recibimos en sorte como a mellor tarxeta de presentación neste mundo global.

Porén, a Festa de Díaz Castro foi unha convocatoria ás e aos cidadáns, familias, ensino, administracións, medios de comunicación..., a tomar conciencia da súa responsabilidade en cimentar a personalidade dos máis novos neste leito xerador de ronseis de vida.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 97-104
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 105-118
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO: DOUS POEMAS CON PROBLEMAS

Xesús Alonso Montero
Presidente da Real Academia Galega

Resumo: Sobre dous poemas problemáticos de Xosé M.ª Díaz Castro: un en francés, "Hymne au Socialisme", de data indeterminada, e outro titulado "No combate", escrito probablemente a fins da Guerra Civil. A autoría do primeiro, de inspiración marxista, suscita dúbidas, e o segundo expresa o pensar máis tradicional de Díaz Castro naquel tempo.

Abstract: This essay deals with two troublesome poems of Xosé M.ª Díaz Castro. One poem, the "Hymne au Socialisme", was written in French at a date not yet determined. The other one, "No combate", was probably written at the end of the Spanish Civil War. Though there are some doubts about the authorship of the first poem —which shows a Marxist inspiration—, the second one instead express the Traditionalist ideology of Díaz Castro at the time of writing the poem.

Palabras chave: inspiración marxista:dúbidas, pensamento católico tradicional, *Nimbos,* densidade, autenticidade.

Key words: marxist inspiration, catholic traditionalism, *Nimbos*, density, authenticity.

NOTA PRELIMINAR

Antes do 11 de decembro de 2014, os estudosos de Díaz Castro xa tiñan abordado os aspectos esenciais da súa poesía, do mellor da súa poesía: o libro *Nimbos* (1961), o único corpus poético que o autor publicou en volume. Non fixo nada semellante coa súa obra dispersa anterior e posterior a 1961 pese a que non lle faltaron ocasións nin estímulos durante os trinta anos transcorridos entre a edición dese poemario e o seu pasamento, acaecido en 1990. Díaz Castro sentíase ben representado, optimamente representado, en *Nimbos.* Non se trabucou.

Esta consideración non cuestiona a valía —unha certa valía— dalgúns poemas anteriores e posteriores a 1961; todos eles, por outra parte, permítennos entender mellor, loxicamente, ó seu autor. É útil, pois, a compilación feita polo profesor Armando Requeixo co título *Poesía galega completa* (Díaz 2014a). Ó profesor Requeixo debemos, ademais dunha tese de doutoramento sobre o noso escritor[1], outras achegas textuais, unha de notable interese: *Cartafol de traducións e outros poemas* (Díaz 2014b). Teremos moi en conta este *Cartafol* para abordarmos un intrigante poema.

Na sesión de clausura do Simposio celebrado o 11 de decembro de 2014 no salón de actos da Academia, eu disertei sobre dous poemas de Díaz Castro non pertencentes a *Nimbos*, poemario, naquela altura, xa moi asediado por un número non pequeno de estudosos. Agora, meses despois, redacto aquela miña intervención tendo en conta o guión e as notas que, na sesión, foron o soporte dela.

UN POEMA EN FRANCÉS QUE É UN CANTO Ó SOCIALISMO MARXISTA: "HYMNE AU SOCIALISME"

Sen dúbida, o título deste "capítulo" sorprenderá a moitos e, quizais, alporice a algúns. Porque Díaz Castro, hoxe moito máis coñecido que hai varios meses, é un poeta, para os lectores atentos, que está moi lonxe das coordenadas de calquera forma de esquerdismo radical, tanto no seu vivir como nas súas ideas. O pensar da súa familia —ateigada de sacerdotes— e a formación no Seminario de Mondoñedo antes da Guerra do 36 estarán moi presentes antes e despois de *Nimbos*, poemario denso, auténtico, construído sabiamente desde a cerna do seu existir. Nas súas páxinas ofrécenos, ás veces moi explicitamente, a concepción relixiosa dominante no catolicismo da época, nunca cuestionado polo autor.

Pois ben, cidadán e poeta destas características, escribiu un "Himno ó Socialismo", de 65 versos, poema que, por forza, ten que desconcertar ós lectores de Díaz Castro, mesmo ós máis doutos na súa vida e na súa obra. O desconcerto é dobre porque o poema, ademais do seu contido revolucionario, foi escrito en francés ("Hymne au Socialisme"). Trátase, por conseguinte, dun poema alófono, en lingua francesa, dun poeta galego que, como é ben sabido, foi un gran políglota.

1 Dirixida polos profesores da Universidade de Santiago de Compostela Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, foi lida en Santiago o 28 de febreiro de 2014. Foi cualificada, con sobresaliente *cum laude*, polo tribunal composto por Xesús Alonso Montero (presidente), Xosé M. Salgado Rodríguez (secretario), Arcadio López-Casanova, Aurora López López e Xosé M.ª Dobarro Paz. Titulouse *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica* (Requeixo 2014).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

O poema, inédito ata o 21 de marzo de 2014, foi exhumado por Armando Requeixo, que o publicou no curioso *Cartafol* editado polo Consello da Cultura Galega. O profesor Requeixo xulga este poema como "o máis insólito dos escritos por Díaz Castro", opinión que comparto enteiramente. En nota, o meticuloso investigador revélanos que, nun principio, tivo dúbidas sobre a súa autoría, axiña disipadas cando bateu cunha versión manuscrita encabezada deste xeito: "Hymne au Socialisme. Par Xosé M.ª Díaz Castro, soi-disant paysan galicien".

Antes de acometermos a cuestión da autoría, ofrecemos un breve florilexio de versos do "Hymne" non só para decatármonos do excelente francés do noso políglota senón para asomármonos ós postulados marxistas máis significativos.

Je m'éveille	Esperto
pour chanter la gloire de l'avenir,	para cantar a gloria do porvir,
le Socialisme, le printemps du monde,	o Socialismo, a primavera do mundo,
qui est en train de venir.	que está a chegar.
[…]	[…]
J'entends des oiseaux chanter sur l'arbre,	Sinto os paxaros cantar na árbore,
sur le marbre	sobre o mármore
du tombeau du Capitalisme sans fleurs,	da tumba do Capitalismo sen flores,
du Fascisme en-allé sans retour.	do Fascismo que non volverá.
[…]	[…]
C'est, enfin, l'aube si longtemps attendue,	É, por fin, a alba tanto tempo esperada,
si longtemps défendue!	tanto tempo prohibida!
C'est, enfin! le soleil du Socialisme, qui monte	É, por fin! o sol do Socialismo, que sobe
dans le ciel, pour chasser	no ceo, para expulsar
l'injustice et la honte	a inxustiza e a vergonza
d'un societé foncièrement corrompue,	dunha sociedade fondamente corrompida,
[…]	[…]

Ningún partido político de inspiración marxista na Europa contemporánea do "Himno" deixaría de subscribir estes versos.

Mentres os deuses da Ecdótica non indiquen outra autoría, hoxe por hoxe cómpre abordar unha cuestión cronolóxica: en que momento o cidadán Xosé María Díaz Castro lle ditou esta superlativa gabanza do Socialismo ó poeta Xosé María Díaz Castro? O profesor Requeixo afirma que é un "poema dos anos oitenta", os anos —suxiro eu— nos que o noso escritor establece contacto persoal, por primeira vez na súa vida, con escritores galegos novos cos que fala —pero, sobre todo, ós que escoita— nas tabernas e cafés de Santiago de Compostela. Son mozos que, daquela, falaban en radical da política e, mesmo, da Revolución (con maiúscula), entre eles,

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

Luís González Tosar (nesta altura, moi listeriano), Claudio Rodríguez Fer, Alfonso Blanco Torrado, Henrique Monteagudo… Díaz Castro, alleo desde que chegou a Madrid en 1947 a este tipo de relacións, un día calquera, despois dunha sesión dialéctica nun deses foros non alleos a Baco, tributa unha homenaxe ás ideas e á retórica daqueles mozos tan entusiastas. Nese intre, quizais non foi insincero, ademais de exercitar, con moito decoro léxico e gramatical, o seu francés.

É unha conxectura como tamén o é a suposición de que Díaz Castro escribiu estes versos tan antifascistas e tan anticapitalistas en 1943 (despois da vitoria soviética de Stalingrado) ou en 1945, cando a bandeira da fouce e o martelo ondeaba en Berlín. Neses anos, Díaz Castro era profesor no Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa, centro que dirixía o poeta e latinista Aquilino Iglesia Alvariño. No León XIII exercía como profesor de inglés Carlos Lessner (1879-1952), afillado de Carlos Marx, de enigmática biografía. Foi, en Vilagarcía, profesor particular, de lingua inglesa, de Díaz Castro, como foi conselleiro bibliográfico do latinista Iglesia Alvariño. Por este sabemos que foi Lessner quen lle recomendou, para preparar eficazmente as oposicións a cátedras de latín, as rigorosas edicións bilingües dos clásicos latinos editados na Universidade de Oxford[2].

Se Lessner era aínda fiel ó ideario político de seu pai e do seu padriño, quizais tivo algunhas veces conversas clandestinas con Díaz Castro sobre o "soleil du Socialisme", conversas que, logo, o poeta transformou nun "Hymne", un himno que escribiu en francés como para desimplicarse un pouco.

Armando Requeixo, que tanto sabe e que llo apón sen reservas, debería explorar esta vía. Polo de agora, é lexítimo ser cauteloso verbo da autoría. Se cadra, calquera día, un especialista en poesía francesa do XIX e do XX (onde hai tantos poemas sobre o socialismo, e tantas "chansons") fainos ver que se trata dun texto preexistente ante o cal Díaz Castro, o Díaz Castro estudoso da lingua francesa, se limitou, como un "devoir" máis, a copialo[3].

2 Aquilino, nun diario, escribe en 3.ª persoa:

> 1939.-… Estudia inglés con un ahijado de Carlos Marx, que reside en Villagarcía, Carlos Lessner, hijo de emigrados alemanes, dueño de una gran biblioteca. Por su intermedio llega a los clásicos latinos de Oxford, en los deliciosos tomos de 6 chelines… (Iglesia 2011: 20).

3 No primeiro verso do "Hymne" (e tamén no 4 e no 63), o autor reproduce unha frase interxectiva do primeiro canto da epopea rural *Mireio* (1859) do poeta provenzal Federico Mistral (1830-1914), que foi Premio Nobel de Literatura en 1906, compartido co dramaturgo español José de Echegaray (1832-1916). A frase, no provenzal de Mistral, é: "Ó tron-de-bon-goi", que no "Hymne" contén un "lapsus": "troun" por "tron". En realidade está posta en boca dun gavieiro. Nós traducímola por "Que o demo me leve!", pero non sería desaxeitado traducila por "Que mal raio me parta!" ou "Que mala centella me coma!", sen excluír "Que mala centella me nunca coma!".

No verso 19, "en-allé" debería ser "en aller".

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

"NO COMBATE", POEMA ESCRITO NA GUERRA CIVIL (1936-1939)

É mágoa que Armando Requeixo, que tantos capítulos iluminou da biografía de Díaz Castro, non examinase a fondo un deles: o relativo ás oposicións feitas en 1947 polo noso políglota como consecuencia das cales obtivo unha praza —suponse que de tradutor— no Ministerio de Gobernación, un ministerio terrorífico naqueles anos do franquismo. Como carecemos da documentación pertinente, non sabemos se a oposición de Díaz Castro o vencellaba necesariamente a este Ministerio ou non. O certo é que, pola súa condición de políglota, foi tradutor no Ministerio da Policía. Ignoramos se puido escoller praza noutro ámbito da Administración. Hai que supoñer que para o Ministerio —un Ministerio tan delicado— Díaz Castro non suscitaba dúbidas: non só era un gran profesional —coñecedor de varias linguas importantes— senón un funcionario de confianza (estudara no Seminario, fixera a Guerra Civil —como enfermeiro— no bando vencedor…). Ninguén con inquedanzas literarias tivo relación no Madrid daqueles anos con Díaz Castro, que xa era poeta algo coñecido e, nunha ocasión, laureado (Xogos Florais de Betanzos de 1946). O que está claro é que el non se achegou ós círculos e cenáculos literarios daquel Madrid, nin sequera ó faladoiro do café Lyon d'Or, "presidido" por don Ramón Cabanillas e por "Ben-Cho-Shey", que estaban moi lonxe do comunismo e de calquera outra subversión. Eran —eles os dous e outros contertulios— galeguistas literarios, galeguismo que, quizais, os dirixentes de Gobernación desaconsellaban ós seus funcionarios. Probablemente esta situación foi a que levou a Díaz Castro a pedir traslado, algúns anos despois, a Cultura Hispánica, onde era secretario un paisano da mesma provincia, Manuel Fraga Iribarne. Sábese que o dinámico político vilalbés non foi alleo a esta remoción.

Díaz Castro, no Madrid de 1947, paga o foro que todos, dun xeito ou doutro, pagamos naqueles anos ou en anos próximos. Eu, que gañei, o 12 de decembro de 1956, a cátedra de "Lengua y Literatura Españolas" da Escola de Maxisterio de Santiago, presentei, previamente, entre os documentos preceptivos, un no que explicitaba a miña "adhesión a los Principios Fundamentales del Movimiento", que, en certos centros de ensino, tiña intérpretes moi curiosos. Na Normal de Santiago o profesor de Relixión, monseñor Lago Cizur, "Magistral de la Habana", creoume problemas, no curso 1956-1957, porque recomendei ás alumnas de Literatura Española (terceiro curso e último da carreira) a lectura do *Lazarillo de Tormes*. Ignoramos, como xa apuntei, as características da oposición de Díaz Castro e as tarefas e obrigas pertinentes no exercicio da profesión, en todo caso nun Ministerio moi delicado. O que, si, é certo, é que o cidadán Díaz Castro, canso, sen dúbida, de ser profesor interino nun centro vilego, decide aproveitar a súa condición de políglota para ter un emprego e un soldo fixos en Madrid. Decisión lexítima. Como diximos

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

tivo que haber circunstancias que non favoreceron a súa proxección fóra do ámbito profesional e familiar. O único libro que publicou, xa serodio, ós 47 anos, é un volume breve (32 poemas) que se debe ás virtudes persuasoras de Ramón Piñeiro e doutros dirixentes da editorial Galaxia. Xa cun excelente libro no mercado, avalado polos mellores críticos desde o mesmo 1961, Díaz Castro non se abre a cenáculos, a encontros, a outras actividades. Nun tempo menos duro, sobre todo para os que non eran realmente esquerdistas, non sabemos se opinou nalgún sitio máis ou menos público sobre a problemática do idioma galego (o idioma de *Nimbos*), sobre o seu futuro, sobre a política cultural… Hai que supoñer que, polas súas raíces, pola súa formación mindoniense e polo que fose, estaba alleo, antes da morte de Franco, a calquera controversia, por pequena que fose, co Réxime. Mesmo hai un poema, bastante extenso, por certo, que o retrata de corpo enteiro. Ese poema —que se ofrece no Apéndice— reclama de nós un comentario.

Titúlase "No combate", foi escrito na Guerra Civil e permítenos coñecer como entendeu aquela traxedia o cidadán Xosé María Díaz Castro, soldado (no bando franquista, por imperativo de Lei) naquela contenda. Chamado a filas, o mozo Díaz Castro deixa os amores do lugar, os pais e o fogar onde aprendera "a rezar" e "en Dios a pensar" pois é a hora da guerra, a hora de "revestir a coraza dos fortes", intre no que no seu peito "abrochou a venganza e a fame de guerra". Pasa o tempo, recibe "moitas fridas", pero non teme morrer pola patria, el, que non foi ó combate para acadar "unha croa de mirtos" senón para esmagar "a soberbia" da "profidia estranxeira".

O poema, non teño dúbida ningunha, é autobiográfico, e todo fai supoñer que se escribiu en plena Guerra Civil, cara ó final ("xa fai tempo que veño loitando"): Díaz Castro, que, por circunstancias xeográficas, combate no bando franquista, fai-no identificado e ilusionado ("por estrela a lus da fe e da esperanza") e non teme a morte porque considera unha aldraxe que "a patria querida" sexa atacada por "xente estranxeira". Como non se refire ós alemáns (nazis), nin ós italianos (fascistas), nin ós portugueses (viriatos), nin ós marroquís (coloniais) —que eran combatentes no seu bando— hai que supoñer que, pensando no bando republicano, se refire "ós roxos", sexan os das Brigadas Internacionais ou os mesmos españois que, por seren "roxos", eran malos españois, xente allea, xente estranxeira. O noso soldado, que non lle ten medo á morte, só teme morrer "entrelas gadoupas da xente estranxeira".

O poeta manifféstase como un cidadán de pensamento moi tradicional, que vén dun *humus* moi católico (dun catolicismo, daquela, totalmente acrítico) e que cre sinceramente no argumentario da propaganda e da retórica franquistas (os estranxeiros, os inimigos da raza, do noso ser esencial…). Díaz Castro pon o acento nos inimigos estranxeiros, o que me obriga a pensar que para el eran tan estranxeiros os rusos de Leningrado como os socialistas do barrio do Calvario, en Vigo ("a

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

Rusia chiquita"). Dirixíndose, ó final do poema, ó seu lar e á súa nai, pai e irmáns, comunícalles que ten un "relicario no meu corazón" que lle dá forzas para loitar por eles, por Cristo, pola patria

> contra xente allea
> que o noso recuncho
> aldraxar intentan

Supoño que, pasados algúns anos (non sei se moitos ou poucos), Díaz Castro reconsiderou o discurso tácito e expreso deste poema franquista, nacionalcatólico e de moi simple argumentación. Supoño que é significativo que nunca o publicase. En calquera caso, estes versos son un documento dun intre do seu vivir naquel problemático tempo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Díaz Castro Xosé María (2014a): *Poesía galega completa*. Vigo: Galaxia. Edición de Armando Requeixo.


——————— (2014b): *Cartafol de traducións e outros poemas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de Armando Requeixo.

Iglesia Alvariño, Aquilino (2011): *Poemas Castellanos: 1936-1937*. Seivane (Abadín): Ediciós A Pedrosa.

Requeixo Cuba, Armando (2014): *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

Apéndice I
"Hymne au socialisme"



HYMNE AU SOCIALISME

"Ô troun-de-bon-goï!"
Je m'éveille,
je m'écrie:
"Ô troun-de-bon-goï!"
(comme il est écrit
dans le poème "Mireille"
de Mistral, le poète félibre),
parce que je suis un homme libre,
ô merveille!
Je m'éveille
pour chanter la gloire de l'avenir,
le Socialisme, le printemps du monde,
qui est en train de venir
tel qu'une eau profonde,
qui monte, jaillit et inonde.
J'entends des oiseaux chanter sur l'arbre,
sur le marbre
du tombeau du Capitalisme sans fleurs,
du Fascisme en-allé sans retour.
D'où viennent ces lueurs?
Je vois déjà le jour,
j'entends le chant éperdu des oiseaux;
une brise étrange lèche les ruisseaux,
effleure le gazon.

Je brise les liens de [illegible] mon sommeil,
je vois le soleil
se lever rayonnant sur l'horizon,
sur le monde sombre,
chassant les ombres
d'un passé mortel et mort.
La veille
j'étais debout sur le quai d'un port
sans bateaux.
Mais ce matin j'entends les oiseaux
et je m'éveille
et je m'approche de la fenêtre.
Le soleil pénètre
le branchage des hêtres,
inonde la campagne,
gagne
les foyers endormis, les huttes, les usines,
les monts et les ravines.

Je m'éveille.
J'oublie le port sans bateaux de la veille.
Ce n'est pas un rêve!
Le soleil se lève!
C'est enfin l'aube si longtemps attendue,
si longtemps défendue!
C'est, [illegible] enfin! le soleil du Socialisme, qui monte
dans le ciel, pour chasser

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767



l'injustice et la honte
d'une société foncièrement corrompue,
c'est le soleil qui illumine
les foyers appauvris, les huttes, les usines,
les bidonvilles du monde, les racines
d'un arbre monstrueux qui suce la sève
du pauvre qui aspire
à ne pas vivre en esclave.
Le monde enfin respire!
Le soleil enfin se lève!
Le monde enfin se lave!
Je joins mon petit chant au chant des oiseaux,
"ô troun-de-bon-goi!". Je quitte ma maison,
en fredonnant une chanson
pour me joindre à un monde nouveau...

Díaz Castro, Xosé María (2014): *Cartafol de traducións e outros poemas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de Armando Requeixo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

Apéndice II
"N'o combate"

I

Un día de sombras,
un día de brétemas,
retumbaron na paz do meu pueblo
d'o combate as malditas trompetas…
Resonáronme drento d'a i-alma,
i-agudas saetas
no meu peito cravóu un delor…
¡chamáronme â guerra!

***

Lá no val eu deixéi a casiña
durmindo antr'a serra,
e con ela deixéi meus amores,
pais, hirmáus, corazón… ¡alma enteira!
o fogar bendito
onde adeprendera
a rezar, a sentir, a querer,
baix'os agarimos d'a nai cariñenta;
a adourar a sangre groriosa d'a raza,
ô alento da verba paterna;
i-en Dios a pensar ô calor divino
d'un Cristiño de tosca madeira.

***

Anque débel marchéi i-afrixido…,
—lembrando o cariño que â patria tuvera—,
revestínme a coraza d'os fortes,
d'os valentes que, ousados, pelean…
Y-axiña abrochóu no meu peito a venganza,
i-a fame de guerra.

***

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

N'a frente brilando
d'a fe e d'a esperanza a lus, por estrela;
n-as maus empuñada
d'os guerreiros a invicta bandeira;
i-un alado corcel cabalgando;
¡voéi â contenda!

II

Xa fai tempo que veño loitando,
tempo fai que guerreo sin trégoa…
moitas frîdas que xa recibín
desafíanme a miña existencia;
¡mais non temo morrer pol-a patria,
si é que morro n-o campo d'a guerra!
Que ti ben o sabes; ouh patria querida!,
non vîn â pelea
co afán d'a conquista
d'unha crôa de mirtos prâ testa.
Ô teu fillo ceibouno ô combate
o afán d'aplastar a soberbia
con que o infame pendón levantara
pra matarte, a perfidia extranxeira.
Eu vín sóio, tan sóio co a sede,
coas ansias inmensas,
de borrar co meu sangre os baldós,
as negras afrentas
que profanaron o nome sagrado
d'a raza e d'a terra;
que manchaban a sangre d'os héroes,
de sabios, poetas,
d'artistas e santos,
que sempre teceron â patria adourada
grorioso diadema.
Verteréi unha a unha, ¡ouh España!
d'o roxo licor que me ferve nas venas
todal-as gotiñas,

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

¡e máis que tuvera!
¡Sóio temo morrer, miña patria,
entrel-as gadoupa da xente extranxeira…!

***

¡Ouh, miña casiña,
doce e feiticeira,
com'ô bico da nai amorosa,
que n-a paz da aldea,
n'o curruncho d'a serra, descansas,
branqueando, entre brancas bidueiras
ô sorriso bendito d'a lúa,
que te envolve n-as noites sereas,
perfumada cô arume d'as froles,
incensada cô fume d'as nebras…!

***

¡Ou nai cariñosa,
pomba morta d'amor e terneza,
que abalache cen veces os fillos
no berce ô arrolo d-a túa voz meiga…;
que a chuchos, surrisas,
bágoas, cantinelas…
d'o rosario infinito d'a túa bondade
quixeches contar d'ouro as pelras…;
sol d'os meus amores,
pomba morta de dôr e tristeza
pobo fillo querido que un dia
marchara pra ¡"guerra"…!

***

¡Ouh meu pai velliño,
n-os invernos d'a vida cand'ela;
sol que aluma nas noites
mais tristes e negras…!
¡Ouh ti que puñeches no meu corazón

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

un bálsamo santo para dôres e penas…;
Meu pai tan velliño, ¡lembranza querida,
que da man me leva…!

***

¡Meus hirmáus amados
douradas estrelas,
que deixéi relucindo n-o ceio
sin nubes, radiante d'a aldea…;
brancas prumas que o niño quentastes
d'a miña inocencia!

***

¡Meu lar, miña nai, meu pai, meus hirmáus,
miñas caras prendas;
miña fe, miña esperanza,
vida, amor, corazón… ¡alma enteira!
Desde qu'eu marchei
voso gozo matóu miña ausencia.
Eu ben sei que vos tedes a i-alma
cheia d'amarguras, d'amarguras cheia.
Os olliños murchos
de tanto chorar, xa quizabes non teñan
unha soia bágoa,
porque todal-as fontes a dôr deixóu secas.

***

Mais non todo se foi. Vir comigo
miña i-alma non quixo, e deixein-a
alá; i-ora vive
tranquila e contenta.
Palpitándovos drento d'o peito,
soñando nas vosas meniñas acaso…
Teño un relicario no meu corazón
que â todal-as horas os meus labios beixan
porque n-él descansan d'o voso amorciño

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

as santas reliquias, reliquias eternas…
Prô tede esperanza,
miñas doces prendas,
que os que traban, valentes, batallas
contra xente allea
que o noso recuncho
aldraxar intentan,
¡non poden morrer, porque a morte, de medo,
a eles non s'acerca!

***

Mais si acerto a caer n'o combate,
n-a ruda pelea,
co enemigo batíndome, bravo,
de vosoutros, de Cristo e d'a patria eu defensor
non choredes por min, como choran
os nenos, que viven orfiños n-a terra,
¡que os mártires morren, non morren:
son astros de groria, de luz sempiterna!

Díaz Castro, Xosé María (2014): *Poesía galega completa*. Vigo: Editorial Galaxia, 369-374.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 105-118
ISSN: 1576-8767

II

Alocucións académicas sobre Xosé María Díaz Castro no Día das Letras Galegas

Lingua literaria e galego popular en Díaz Castro /
/ Xosé Luís Regueira Fernández

Un poeta e un libro / Darío Xohán Cabana Yanes

Raices da poesía de Díaz Castro / Xosé Luís Franco Grande

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 121-128
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

LINGUA LITERARIA E GALEGO POPULAR EN DÍAZ CASTRO

Xosé Luís Regueira Fernández

1. INTRODUCIÓN

Nestes últimos meses produciuse arredor de Díaz Castro un fervedoiro de traballos e de iniciativas creadoras. Estudos sobre a súa vida, edicións e meritorias análises da súa obra: Armando Requeixo, Luís González Tosar, Segundo Pérez, Carmen Blanco, por citar os máis sobranceiros. E tamén comentarios e artigos, blogs e chíos, vídeos e músicas diversas, que nos mostran que segue a ser unha figura vixente e actual, do noso presente, porque é verdadeiramente un clásico da literatura galega.

Moito se leva dito xa sobre a súa obra, e tamén algo sobre a lingua. Nalgunhas destas achegas e comentarios seguen estando presentes, aínda, expresións como "poeta dos Vilares", "poeta chairego" e outras semellantes. E si e non. Porque é verdade que é dos Vilares, é certo que é chairego, pero é sobre todo galego e universal. E esta dimensión tamén se pode ver a través da lingua con que escribe os seus poemas.

É opinión estendida que Díaz Castro elabora unha alta poesía usando a "lingua humilde dos seus paisanos", a "fala dialectal da Terra Chá" ou, dixeron outros, a "fala popular chairega e brañega". Nesta alocución vou atreverme a contradicir esta idea e tratar de mostrar que Xosé María Díaz Castro escribía nunha lingua literaria moi depurada e con trazos de fonda personalidade. Aínda que tamén é verdade que a súa vontade de autenticidade e de proximidade está firmemente declarada no emprego que fai dos recursos lingüísticos. Referireime de maneira particular ao libro *Nimbos*, que foi o que el publicou e corrixiu para a edición de maneira definitiva en 1989 (cito pola terceira edición, Díaz 2014a)[1].

2. A LINGUA LITERARIA EN *NIMBOS*

Do galego literario, e non da fala chairega, é unha das palabras clave de todo o libro *Nimbos*, e que expresa un dos motivos temáticos centrais da súa obra: *lus,* con seseo

1 Omito indicar páxina e liña de cada exemplo para evitar a acumulación de números e facilitar a lectura.

final, que aparece 30 veces neste poemario; coma tamén outra palabra importante: *crus*. Este trazo si se encontra en falas próximas, e nos mapas do ALGa (1999: mapas 172-174) mostran que Guitiriz se encontra xusto na fronteira deste fenómeno. Nesta localidade rexístrase a forma *cruz* (con [θ] final), mentres que ao outro lado da divisoria da provincia da Coruña si aparece *crus* (con [s̪]). Pero estas eran palabras correntes no galego literario, mesmo en autores coma Fole ou Otero Pedrayo, que son de fóra da área en que se escoita esa pronuncia (TILG s.v. *lus, crus*).

Seguindo un uso moi frecuente na época en que escribe, usa o adverbio *eiquí* (*Eu deixo eiquí os nimbos, coma cinza de rosas*...) e *veleiquí,* no poema titulado precisamente "Veleiquí os homes". Da mesma maneira, escolle o galego común *nós* e *vós,* e non *nosoutros* e *vosoutros,* as formas da área lingüística mindoniense, na que se encontran estas terras (ALGa 1995, mapas 146, 152; Fernández Rei 1990: 75). Tamén era corrente no galego escrito da época o arcaísmo *outo,* por *alto* (TILG, s.v. *outo, outos, outa, outas*); e a esa mesma tradición textual pertencen formas adaptadas coma *arquiteitura* ou *traxeito,* co tratamento habitual para o grupo culto *−ct−* na literatura e o ensaio anteriores a 1975. Mais neste último exemplo xa encontramos unha característica diferencial de Díaz Castro respecto doutros escritores do seu tempo, e que revela o seu fino criterio lingüístico. Na época en que escribe e en que publica *Nimbos*, as formas que se escribían para esta palabra era *traieito* ou *traieuto,* que son adaptacións do castelán *trayecto.* Pero Díaz Castro evítao. O Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG, lema *traxecto*) mostra que esta é a primeira ocorrencia deste cultismo que non é adaptación do castelán *trayecto*, con só unha excepción: un exemplo illado no *Mitteleuropa* de Risco, que escribe *traxecto* (mais sete liñas máis adiante dúas veces *traieuto,* Risco 1934: 73-74). Unha proba do coñecemento e de criterio lingüístico de Díaz Castro.

De feito, en todo o libro non encontramos castelanismos, nin sequera aqueles máis habituais na fala cotiá, con moi escasas excepcións (coma *pinos*, seguramente por razón métrica, pois tamén emprega *piñeiros*). Acode ás formas da lingua literaria, e escribe *Deus,* e *adeus,* formas recuperadas para o estándar actual; e tamén *Galiza,* outro arcaísmo recuperado para a lingua literaria, por dúas veces no poema emblemático "Penélope": *Un paso adiante e outro atrás, Galiza...,* onde rima con *espreguiza,* mais tamén noutros lugares, coma en "Coma brasas":

> ¡Galiza en min, meu Deus, pan que me deron,
> leite e centeo e sono e lus de aurora!

Tamén en "Penélope", escolle a forma *chuva,* para rimar con *uva,* cando esta palabra só se documenta nalgúns puntos da península do Morrazo (ALGa 1999, mapa 379), ademais de ser a forma do portugués estándar. Pero é sobre todo unha

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 121-128
ISSN: 1576-8767

palabra que está na lingua literaria, e que emprega, entre outros, o seu amigo Aquilino Iglesia Alvariño (TILG, s.v. *chuva*). E con isto hai que poñer en relación *rosto,* forma tamén do portugués, pero que era de uso frecuente na literatura da época, en escritores coma Carballo Calero, Cunqueiro, Otero Pedrayo ou Blanco Amor, por citar algúns (TILG, s.v. *rosto, rostos*). Nunha carta a Luís González Tosar, a propósito das correccións á edición definitiva de 1989 que aquel estaba preparando, Díaz Castro (2014b: 139) xustifica manter esta forma por ser "unha preferencia particular miña, baseada na asociación fonética con outras palabras". Resulta interesante comprobar que na versión publicada uns anos antes na *Escolma* de Fernández del Riego (1955: 283) escribira: *dareilles caras, pra que se conozan*... mais en *Nimbos* cambiouna por *rostos.* Razóns estéticas, coñecemento fondo do galego escrito e criterio rigoroso.

De maneira que o que acabo de expoñer vén corroborar o que xa apuntara no libro en homenaxe a Díaz Castro que a Asociación Cultural Xermolos lle organizou no ano 1987, con Alfonso Blanco Torrado á fronte, quen tanto fixo polo coñecemento da súa figura e das súa obra (Regueira 1987); e vén ilustrar tamén a idea expresada por Luís González Tosar (2014: 12), no prólogo da súa edición de *Nimbos*, de que "a súa linguaxe é moi rica e vai máis alá do torrón chairego". Isto pode deducirse do extremo coidado e atención que o autor pon en cada detalle da lingua e que unha análise detida pon á luz, pero, ademais, queda fóra de calquera dúbida nas cartas dirixidas a Francisco Fernández del Riego, cando preparaba a publicación de *Nimbos* en 1960, e a Luís González Tosar, con motivo da edición que este estaba a realizar en 1989, e que foron publicadas por Armando Requeixo no *Epistolario* (Díaz 2014b). Nunha carta a González Tosar, a propósito das galeradas da súa edición de *Nimbos,* o poeta rexeita algunhas propostas de corrección, atendendo sobre todo a razóns de ritmo e de cómputo métrico. E, de maneira reveladora, no poema "Veleiquí os homes" indica: "cambio agora 'chucha' por 'beixo', por ser 'chucha' demasiado localista e vulgar" (140). Porque el está a usar unha lingua que é excelsamente literaria, coidada e depurada, non localista e nada vulgar.

3. GALEGO POPULAR

Dito isto, a idea de que Díaz Castro, como poeta e como persoa, ten unha fonda vinculación coa xente e coa lingua dos Vilares e de todas estas terras, é unha evidencia que non necesita ser demostrada. A súa poesía, universal, está construída a partir de elementos e motivos do seu contorno máis inmediato, das súas vivencias e experiencias, do mundo que coñecía de maneira directa. Os seus poemas están, moitos deles, xeograficamente localizados: Arxán, Ponte Gafín, Porto Muíño, e máis alá Parga e A Pastoriza, A Corda, ou a romaría do Carmio

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 121-128
ISSN: 1576-8767

no Buriz. A toponimia sitúa as súas experiencias e emocións nunha xeografía concreta, próxima e familiar.

Da mesma maneira, e sempre dentro desa lingua literaria da que falei antes, hai unha procura de proximidade e de autenticidade expresada, fina pero firmemente, a través da lingua. Como afirma nunha carta a Fernández del Riego (Díaz 2014b: 69), "En el léxico y en la ortografía siempre he querido ajustarme, en lo posible, al lenguaje y la prosodia del pueblo, particularmente de mi comarca natal". Así, esta proximidade maniféstase, de maneira clara e aberta, a través do uso do léxico concreto, dos nomes das cousas, que son sempre, agora si, os que se empregan nestes confíns da Terra Chá: *budio* 'bidueiro', *ameneiro, enxerir, falopa, moular, alumar, cómbaro, cadullo,* e tantas outras, aínda que algunhas destas voces son máis xerais e dinse en áreas máis ou menos extensas (Regueira 1987: 99-101). Eu, que comparto con Díaz Castro todo este léxico na miña lingua nativa, entendo o significado e percibo as connotacións cando leo os sintagmas *noite cecha,* ou *esta tarde tan cenza.* Mais estes dous adxectivos non están no dicionario, non son xerais. E por iso Díaz Castro insistía en poñer, e en manter, un vocabulario explicativo destas voces. Coas palabras da súa terra e da súa vida fala para os galegos e para o mundo todo, e quere ser entendido.

Esa fidelidade amósase tamén nas eleccións morfolóxicas, coma os plurais de *animás, corazós, cañós,* ou a terminación de *mau* e *grau,* na flexión verbal (*Doinos: ¡Doinos a póla, / pro seguimos cernando!*), en pequenos detalles fonéticos, coma a vogal inicial de *urizados* ou a de *hirexe,* ou o thetaísmo de *enxizgo* e *ezquina* (modificado en *esquina* na edición definitiva), en moitos outros detalles que sería longo enumerar aquí e que poden consultarse en Regueira (1987).

Para deixar constancia da finura, do coidado e da precisión con que traballa a lingua, referireime brevemente a unha cuestión que vai máis alá da lingua escrita. Porque esta é unha poesía que non se pode ler "ortograficamente", letra por letra. Hai que lela desde o coñecemento fondo e auténtico da prosodia propia dos falares populares destas terras, que é tamén a prosodia auténtica do galego todo. Desta maneira, unha persoa que teña o galego como lingua de seu non precisa acudir a cómputos silábicos para pronunciar, poño por caso:

> [...] ¡Ai laio
> sobre o escombro dun soño
> que non se erguerá máis!
> (Cova alumada)

onde as elisións, necesarias por prosodia, e por métrica, fan que en "sobre o escombro" de tres vogais gráficas só se pronuncie unha. Todo o poemario está elaborado

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 121-128
ISSN: 1576-8767

de maneira que as elisións e contraccións que son habituais na fala teñan tamén que facerse nunha lectura adecuada do poema. É galego escrito, sen dúbida, e galego literario, pero sempre co son da lingua resoando dentro da cabeza, e do corazón. Se algunha proba máis fixer falta, non hai outra mellor ca oílo a el mesmo recitar algúns dos seus poemas no valiosísimo documental *Nimbos de poesía,* que o seu amigo Xulio Xiz fixo sobre el en 1987[2]: *Que o sol siga o seu rego deica o mesmo cadullo,* di alí o propio Díaz Castro (min. 25:45, coas dúas secuencias vocálicas marcadas resoltas en [ɔ]).

Esta atención aos pequenos detalles revela unha consciencia e unha sensibilidade lingüísticas pouco comúns, e que resulta totalmente coherente co resto dos recursos lingüísticos utilizados. Uns recursos de gran sobriedade, sen artificios. Unha adxectivación escasa e precisa, que dá protagonismo aos nomes das cousas comúns, as palabras do vivir de cada día no mundo en que se criou: a labranza, a vida e a paisaxe da súa parroquia: *os bois, arar, os cómbaros, o río, o machado*...

Dise que Díaz Castro canta as cousas pequenas, a *herba pequerrechiña que con medo sorrí,* o *paporroibo, a flor da pudia, o canto das lavercas, o orballo*... E é verdade. Mais tamén dos rexos *bois que aran, que pacen, que remoen*, das *pedras que brincan da canteira*, que *berran e que se converten en altas torres*, *carros que cantan cargados de pedras*, do *calado e forte arado,* do *duro machado que cerna a póla*. E do *sol, enterrado na Corda hastra a metá*, e da *lúa que enterra as súas cornas tras de Arxán*. E sobre todo, da *luz,* da *sede de luz,* e da *sombra,* e do *tempo: o río!*

Todos son elementos do contorno da vida na aldea, e na aldea do Vilariño, máis concretamente. Mais non hai apenas paisaxismo, se tal no poema "Esmeralda" ou en "Terra sucada"*: ¡Terra sucada, poema / de cen versos na outonía!* Pero incluso así sempre hai un significado transcendente. Porque o que define, ao meu ver, o labor poético de Díaz Castro é que se serve de cousas e de palabras comúns e cotiás para crear unha poesía de fondas emocións e de alta espiritualidade, co sentimento relixioso presente en moitos dos poemas.

E iso lógrao, dunha maneira única, a través de imaxes potentísimas, utilizadas como símiles ou metáforas, coa tenrura do *paporroibo que nos días de gran neve se acurrucha cantando nas soleiras dos labregos*, pero tamén coa angustia da *sombra moura do machado na galla*, ou coa contundencia con que pecha a primeira estrofa de Penélope: *Aran os bois e chove*.

Arar, o arado, a rella, o rego, o cadullo... elementos dos que se serve maxistralmente para construír metáforas de forza inusitada:

2 Pode verse en https://vimeo.com/87852135, ou en http://www.crtvg.es/cultural/especiais/nimbos-de-poesia (última consulta: abril 2014).

Que o sol siga o seu rego deica o mesmo cadullo,
a derradeira rella do tempo en carne viva,

Calquera que, coma min mesmo, se criase nunha aldea antes do final dos anos 60 comprende o sentido, e o sentimento, da breve narración que pecha o poema "Cortina":

Morreu. Os bois volveron a pacer
e tralo arado as pegas a brincar...

Hoxe xa só a través de descricións etnográficas se pode saber que quere dicir *enfundir cruces de loureiro nos trigos,* mais o significado dese acto, dunha relixiosidade popular e posiblemente de fondo pagán, tamén é inmediato para os que algunhas vez o vimos facer. Non obstante, o poder evocador da maioría das súas imaxes é intemporal:

Treman no budio escuro bágoas,
rola unha estrela, dorme o can.

Ou:

O río está deitado coma un boi remoendo,

Esta presenza do cotián nas realidades, nas imaxes e nas palabras non se contradí co feito de que escriba nunha lingua literaria. É unha lingua literaria depurada á que incorpora o léxico do seu mundo familiar. Non pretende cegarnos coas palabras, senón que logra que as palabras cotiás aparezan con naturalidade asociadas a ideas transcendentes. Da súa lingua sae a imaxe dun poeta que se sitúa na escala humana, que nos mira aos ollos desde a nosa altura, para levarnos e elevarnos a cumios insospeitados.

CABO

É a súa, por tanto, unha lingua sobria, serena, pausada, esencial, coa que consegue magníficos achados expresivos. Creo que acerta Miro Villar (2014) cando di: "É duro e descarnado o idioma se se compara co habitual na lírica galega, pero poucos poetas galegos empregaron un idioma máis expresivo, natural e maxistralmente escollido". A lingua adecuada e eficaz para o seu propósito poético, e coherente con el mesmo e coa súa xente. Coherente coa súa obra e coa súa vida.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 121-128
ISSN: 1576-8767

No poema "Coma brasas" , situado no "Pórtico" do libro, declara:

> Alumarei con fachas de palabras,
> ancho herdo meu, o mundo que me deron.
> Eí están, coma brasas contra a noite,
> as vellas cousas, cheas de destinos.

E abofé que o logrou. Alumou o mundo que lle deron, e con esas brasas alumou tamén o noso mundo e a nosa lingua, que el sentía tan súa.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALGa 1995 = García, Constantino *et alii* (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal.* A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALGa 1999 = García, Constantino *et alii* (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. III: Fonética.* A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Díaz Castro, Xosé María (2014a): *Nimbos.* Vigo: Galaxia. 3ª edición. Limiar e edición de Luís González Tosar.

——————— (2014b): *Epistolario.* Vigo: Galaxia. Edición de Armando Requeixo.

Fernández del Riego, Francisco (1955): *Escolma de poesía galega. Vol. 4: Os contemporáneos.* Vigo: Galaxia.

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

González Tosar, Luís (2014): "Crónica dun deslumbramento", en Xosé María Díaz Castro, *Nimbos.* Vigo: Galaxia, 9-21.

Regueira Fernández, Xosé Luís (1987): "O galego de *Nimbos*", en *Homenaxe a Xosé María Díaz Castro.* Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 85-102.

Risco, Vicente (1934): *Mitteleuropa. Impresións d'unha viaxe.* Santiago de Compostela: Nós.

TILG = Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. http://ilg.usc.es/TILG/. Última consulta: abril 2015.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 121-128
ISSN: 1576-8767

Villar, Miro (2014): "Unha lectura crítica de *Nimbos* no centenario de Xosé María Díaz Castro", *As crebas* 19/II/2014 (bitácora de Miro Villar, http://crebas.blogaliza.org/2014/02/19/unha-lectura-critica-de-nimbos-no-centenario-de-xose-maria-diaz-castro/). Última consulta: abril 2015.

Xiz Ramil, Xulio (dir.) (1987): *Xosé María Díaz Castro. Nimbos de poesía*. Lugo: Ophiusa, 1991. 1 videocasete (VHS) (30 min.).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 129-134
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

UN POETA E UN LIBRO

Darío Xohán Cabana Yanes

Señor Presidente da Academia, señoras e señores académicos, señor Presidente da Xunta de Galicia, señor Alcalde de Guitiriz, fillos e netos de Díaz Castro, autoridades, amigas e amigos todos, e moito especialmente amigo Alfonso Blanco, sumo sacerdote agora da relixión diazcastriana, e sobre todo seu amigo en vida, que lle alegraches tantos días e lle consolaches tantas tristezas:

Non fai falta que lles diga o que representa pra min hoxe estarlles a falar aquí, nas beiras da miña Terra Chá nativa, dun poeta que vai comigo desde que empecei a poñerlle asedio con máis teimosía ca fortuna á cidadela da poesía, dun home do que finalmente, despois de moitos anos de lelo e remoelo e admiralo, cheguei a ser amigo.

E non é fácil a encomenda, non. Por unha banda, quixera eu deixarme levar do folgo lírico e falar con abundancia de corazón do amigo e do home bo que tanto nos quería e se abraiaba de que lle andásemos ó redor coma unha pequena corte cando, despois dunha longa viaxe, volveu cumprido de sabedoría a esa terra que chamamos Ítaca, ou Anjou, ou Vilanova das Infantes, ou Vilares de Parga e Guitiriz. E tamén quixera alzarme nas alas do entusiasmo e voar por riba da Chaira cantando ladaíñas á poesía de Díaz Castro, esa poesía tan profundamente arraigada nesta terra que apenas se nomea, pero que vai de Parga á Pastoriza severamente posta por debaixo das cousas que agardan escuramente na soleira de cada un ata que chega o poeta e as rodea e as nimba cunha luz de milagre.

Pero non o farei. Intentarei cinguirme a un estilo máis baixo e máis terrestre, impoñendo entre min e o obxecto do meu discurso unha certa distancia que non é nada fácil de manter.

Moi poucos poetas dun só libro o son dunha maneira tan compacta, tan notoria e tan teimosa como o é Díaz Castro. Por moito que lle pese algunhas veces ó poeta, e mais ó seu lector. Hai certos escritores, e sobre todo certos poetas, que nos importan máis cós outros, e entón non descansamos até que o lemos todo, e sempre nos parece pouco, porque o núcleo duro da súa obra esperta adicción. Cada lector ten algunhas desas devocións, que naturalmente, e felizmente, non todos compartimos. A miña adicción persoal a Díaz Castro, que moitos de vostedes sen dúbida comparten, fai que teñamos ansias de todo canto é del, e por iso nunca lle agradeceremos

bastante a Armando Requeixo a súa devoción diazcastriana que cristalizou, entre outras moitas e marabillosas cousas, na edición da *Poesía galega completa* de Díaz Castro. Beizón por tanto gozo como sentín descubrindo a prehistoria de Díaz Castro e os arredores de Díaz Castro nestes días pasados. Pero se non me equivoco, Díaz Castro seguirá sendo sempre o poeta dun libro, o poeta de *Nimbos*.

Todos sabemos agora como foi, e certamente no principio a historia non ten nada de orixinal. Un adolescente de dezasete anos publica os seus primeiros versos —versos de aprendizaxe— en *El Progreso Villalbés,* e logo, pouco a pouco, nos seguintes anos, noutras revistas e xornais, van saíndo máis poemas, a maioría en versos de arte menor, cun sabor se queredes moi oitocentista, moi romántico e sentimental, con algúns alustros de neopopularismo, con algún rastro talvez xa de Aquilino, pero sobre todo moita escola poética de Mondoñedo, cousas do Seminario. E Díaz Castro quería ser poeta, e por iso compilou dúas coleccións ou libros, *Follas verdes* e *Follas ó aire,* que seguramente intentou publicar e tivo a fortuna de non conseguilo. Porque Díaz Castro aínda non era Díaz Castro.

Díaz Castro empezou a ser Díaz Castro cando xa tiña os trinta anos ben cumpridos, e eu diría que neste ser el mesmo tivo unha influencia decisiva Aquilino Iglesia Alvariño, apenas cinco anos máis vello ca el, que en 1940 o levou para dar clases no Colexio León XIII de Vilagarcía, onde Aquilino era director, e onde os dous estiveron ata 1947. Nestes anos, Aquilino escribiu esa cousa grande que é *Cómaros verdes,* publicado precisamente no 1947. E neses anos Díaz Castro gañou (1946) os Xogos Florais de Betanzos con *Nascida dun soño,* tres sonetos de moi boa factura que, non sei se con razón, me resoan bastante a Noriega Varela, aínda que Noriega rara vez era capaz de rematar tan ben os sonetos. E neses anos escribiu case seguramente o poema máis longo que chegou a *Nimbos,* "O berro das pedras", para presentalo a uns Xogos Florais celebrados en 1945 en Compostela, nos que foi premiado o poema "Loores ao Señor Sant-Yago" de Fermín Bouza-Brey. Ó meu entender non con toda xustiza, pois o poema de Díaz Castro, que non me é dos máis simpáticos por esa especie de nacional-catolicismo galego que ten como ideoloxía de fondo, desde o punto de vista poético paréceme máis robusto có xogo cabanillesco-peguyano de Bouza-Brey, certamente moi bonito pero tamén moi floralesco.

É a partir daqueles anos que Díaz Castro foi divulgando os seus primeiros poemas —os primeiros poemas do verdadeiro Díaz Castro— case coma solemnes marteladas, que saían en *La Noche* ou na revista *Alba* de Ramón González-Alegre. Por iso cando en 1955 don Paco del Riego publicou aquel bendito tomo IV da *Escolma de poesía galega* titulado *Os contemporáneos* decidiu, seguramente sen pensalo un intre, incluír nel sete poemas de Díaz Castro, o único —fixádevos ben, o único— de todos os poetas antologados que non tiña aínda ningún libro publicado. E iso que

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 129-134
ISSN: 1576-8767

estaba moi lonxe de ser o máis novo, pois daquela Díaz Castro xa pasaba dos corenta anos, mentres os derradeiros da escolma, Manuel María e Novoneyra, andaban apenas polos vinte e cinco.

E o libro aínda se faría esperar seis anos máis de lenta creación, e de dura escolma certamente, ata chegar e ata quedar nos trinta e dous poemas que compoñen un libro excepcional. Así foi xulgado *Nimbos,* nos meses inmediatos á súa saída, por poetas e lectores de poesía tan bos coma Xosé María Álvarez Blázquez, Vicente Risco, Carballo Calero, Ramón Lugrís, Ánxel Fole, Otero Pedrayo, e finalmente Franco Grande nun xa máis longo ensaio en *Grial*. Non era, evidentemente, un poeta de masas: ninguén o era naquel tempo, agás se acaso Celso Emilio Ferreiro e Manuel María, e iso algúns anos despois. Pero era un poeta moi firmemente consagrado na opinión dos seus colegas e no sentir da pequena ou non tan pequena masa dos bos lectores de poesía de Galicia, que consideraban *Nimbos* como un dos grandes libros da poesía galega e o seu autor como un dos mellores poetas da nosa lingua. Este xuízo sería despois eficazmente canonizado por Méndez Ferrín nese libro esencial que é *De Pondal a Novoneyra,* onde sitúa a Díaz Castro na máxima xerarquía da que el chama Xeración de 1936, facéndoo obxecto dun estudo de dimensións e fondura especial, xunto con Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e ninguén máis.

Nimbos, 1961: un grande libro de poesía que se afirmou para sempre, e cuxo título pronunciamos, poño por caso, coma *De catro a catro*, coma *Herba aquí e acolá.* Mais para que unha árbore sexa grande non é preciso que estea nun deserto. Contra o que algúns teñen dito, non me parece a min que o período anterior a *Nimbos* se caracterizase por ningunha caída na poesía galega. Moitísimo ó contrario: 1947, xa o citei, *Cómaros verdes.* 1950, *Dona do corpo delgado*, Álvaro Cunqueiro. 1955, *O soño sulagado*, Celso Emilio. E de novo o grande Aquilino: 1960, *De día a día;* 1961, *Lanza de soledá;* 1961, *Nenias*. Estes eran os seus compañeiros de xeración segundo a clasificación ferriniana, e eran precisamente os grandes, os que saen máis longamente en *De Pondal a Novoneyra*. Mais non estaban sós. Unha podente xeración de poetas novos florecía en Galicia naqueles anos, e aínda que toda ela non chegara ó seu apoxeo, aínda que algúns dos seus membros apenas publicaran nada en libro, xa dera grandes probas de si mesma. En 1961 Manuel María xa levaba ó lombo media ducia de libros éditos, entre eles ese poderoso *Advento* de 1954. Novoneyra, ben querido a Díaz Castro, publicara *Os eidos* en 1955. E no 1957 saíra o misterioso *Voce na néboa*, dun rapazolo chamado Méndez Ferrín, que xa anunciaba claramente, e algúns víano ben, o que tiña de ser e é o máis grande poeta e o máis grande escritor galego do noso tempo. Naquela noite de pedra non faltaban aquí e acolá as cacheiradas da mellor poesía.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 129-134
ISSN: 1576-8767

Pero o libro de Díaz Castro fíxose notar irrevogablemente desde o primeiro intre pola súa poderosa e severa sentimentalidade, e tamén probablemente por algo que ser foi advertido decontado, mais que quizá non sempre se suliñase abondo: pola súa perfección formal, pola súa métrica maciza.

Dicía Ezra Pound nalgún ensaio que había dúas clases de poetas, os duros e os brandos. Falaba de poetas medievais, xaora. Entre os poetas duros estaba por exemplo Dante, entre os brandos Petrarca. Entre os duros Arnaut Daniel, entre os brandos se cadra Bernart de Ventadorn. A clasificación valerá o que valla, que para min non é moito, pero quizabes na poesía do século XX teña máis sentido do que ten aplicado ós poetas do XIII ou do XIV. Probablemente Ezra Pound cando falaba de Dante e Petrarca estaba falando de si mesmo e dos seus contemporáneos.

Falando dos contemporáneos de Díaz Castro, e por non saírmos dos catro máis grandes que destacou Ferrín, poderiamos tamén facer unha división non entre poetas brandos e poetas duros, senón entre poetas de forma tensa e poetas de forma laxa; e por suposto non seremos tan tendenciosos coma Ezra Pound e non desprezaremos implicitamente un dos dous xeitos, porque nós somos poetas infinitamente inferiores ó vello tolo Ezra, pero somos un pouco menos sectarios e un pouco máis razoables, e sabemos que a poesía é unha fraga de mil árbores diferentes e cremos que en materia de poesía o mellor é que nazan cen flores e que florezan cen escolas, como dixo o outro.

Poetas de forma máis ben laxa son, efectivamente, dous dos grandes desa xeración, Celso Emilio Ferreiro e Álvaro Cunqueiro, e máis se acaso o segundo có primeiro, polo menos na época máis serodia de *Herba aquí e acolá*. E quen se atrevería a tirar desta diferenza unha conclusión xerárquica? Quen se atrevería a negarlle a *Herba aquí e acolá*, onde boa parte dos poemas prescinden case de toda música verbal, a condición de grande poesía?

Poetas de forma tensa son, evidentemente, Aquilino e Díaz Castro. Aquilino, o grande sonetista, mesmo cando discorre polos amplos meandros do verso mal chamado libre martelea as palabras con firme oficio de ferreiro e corta os versos con abraiante precisión.

O mesmo ou algo parecido sucede con Díaz Castro, que ademais o verso libre apenas o practicou. A súa métrica é especialmente coidada, pero non só coidada como o pode ser a de calquera experto sonetista que dedicase algúns leceres a contar sílabas e acentos polos dedos, senón valiosa en si mesma pola súa capacidade de crear emoción.

Noutro lugar intentei, seguramente con pouca fortuna, mostrar algunhas características da métrica de Díaz Castro, e mesmo ousei arriscar, en canto ás súas variedades menos clásicas, algunha hipótese de orixe. Non é este o momento nin o lugar, nin o tempo o permite, de discorrer sobre ela. Pero si quixera insistir en algo

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 129-134
ISSN: 1576-8767

que debería ser case un truísmo: unha grande parte da eficacia emotiva dos poemas de Díaz Castro está no aguzado gume dunha métrica limada, lixada, depurada, e sobre todo forxada na bigornia por alguén que sabía moito ben que a súa materia poética se tiña que ordenar case que sempre en chousas ben labradas, en regos estritamente paralelos como son case todos os de *Nimbos*. "Calidade e dureza", poderiamos dicir aplicándolle ó seu verso o título dun conto de *Amor de Artur.* Calidade e dureza é unha expresión que até parece feita adrede para dicir o que é *Nimbos* como forma.

O seu único libro. O seu libro único é suficiente para a imaxe verdadeira de Díaz Castro, para a gloria de Díaz Castro e da poesía galega. Nos seus últimos anos entroulle a Díaz Castro un curioso error, non infrecuente entre poetas: que non escribira abondo, ou por mellor dicir, que non publicara abondo. Conmovido polo afecto e pola admiración que suscitaba en nós —en González Tosar, en Fernán Vello, en Xesús Rábade, en min mesmo e en tantos outros moito máis novos ca el, pero tamén en Paco Martín, en Manuel María, en Méndez Ferrín—, conmovido porque ao chegar a Galicia, xubilado, Alfonso Blanco lle facía ser o centro dunha pequena corte, e quizabes tamén un pouco ruborizado, pois era home dunha modestia pudorosa perfectamente auténtica, Díaz Castro quería contribuír con novas cousas ó edificio da literatura nacional. E non podía xa. Por iso quixo que o seu libro en castelán, *Sombras radiantes*, se convertese nun libro galego. Por iso me pediu, podo dicilo en público, podo dicilo en Guitiriz, que eu llo traducise ó galego; e por iso eu, percibindo nel unha certa angustia, aceptei a encomenda coa condición de que logo el, sobre o borrador que eu lle faría, reescribiría aqueles poemas, para que fosen completamente del sen máis intermediación ca un traballo servil, de peón carpinteiro ou axudante de ferreiro. Mais veu a morte e non deixou; eu fixen as versións primeiras, e antes de ter tempo a pasarllas el púxose enfermo e pouco durou.

Alguén que non citarei agora polo nome di que un non é poeta toda a vida, que un é poeta ás veces. Este gran poeta que foi Díaz Castro non foi poeta sempre. Nós queremos ter connosco todas as palabras que deixou, pero en realidade el é o poeta de *Nimbos*, e *Nimbos* é o seu único libro, e é suficiente e máis ca suficiente, porque é un dos libros máis fermosos e máis conmovedores da poesía galega de todos os tempos.

Señor Presidente, queridas amigas e amigos, non lles pareza mal que eu queira cerrar a miña intervención sobre a poesía de Díaz Castro con algunhas palabras que á persoa de Díaz Castro lle dedicou Manuel María ben pouco antes de morrer:

> Xosé María Díaz Castro é un home cordial, bo e xeneroso. Un home sen pretensións que vai pola vida cos ollos abertos á beleza e o corazón aberto á paisaxe, ós animais, ós homes. Non esixe nada, non pide nada. Cando ten un pequeno

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 129-134
ISSN: 1576-8767

> recoñecemento asómbrase e agradéceo moi fondamente porque lle semella excesivo. Ós amigos dálles —dános— xenerosamente a súa limpa, fonda e sincera amizade, do mesmo xeito que a cerdeira florece na primavera ou o reiseñol canta e encanta nos máxicos días do luminoso maio.

Neste luminoso maio, nas terras severas de Parga e Guitiriz a onde el volveu de vello *plein d'usage e raison*, lembramos e honramos a súa obra que é de toda a nación, e sabemos que vive e vivirá mentres a lingua dure, mentres a patria dure. Pero os que fomos seus amigos non podemos evitar que se nos encolla o corazón coa lembranza da súa bondade, da súa dozura, da súa agarimosa cortesía, que xa nos faltan para sempre.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 129-134
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 135-143
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

RAÍCES DA POESÍA DE DÍAZ CASTRO

Xosé Luís Franco Grande

Entre o que poderiamos chamar as raíces da poesía de Díaz Castro están, ao meu ver, estes dous elementos: a súa formación na cultura clásica e a súa formación relixiosa. Seguro que haberá outras. Ocupareime agora da influencia que, na miña opinión, tiveron na súa poesía as culturas clásica e relixiosa. Non teño a pretensiosidade de presentar a miña exposición como conclusións; digamos que son tan só suxestións que ao mellor poden levarnos a achegarnos máis e mellor a unha poesía moito máis complexa do que de primeiras pode parecer.

FORMACIÓN RELIXIOSA

A súa formación relixiosa, ao noso ver, chegou a incorporarse de maneira decisiva ao seu mundo intelectual. Atopamos nos seus poemas numerosas referencias á relixiosidade cristiá, como xa ten sido salientado polos estudosos da súa obra. Nunha primeira aproximación a este tema, hai xa bastantes anos, sorprendeume que o inicio dun poema de Díaz Castro, "Monumento á ausencia", me suxerise ecos dalgúns dos poemas de Prudencio, concretamente do "Hymnus ad Galli cantum". A linguaxe e o tema do galo como símbolo do día que nace, o tema da luz que anuncia a vida despois das sombras da noite, parecéronme razóns abondo para establecer este parentesco ou unha certa afinidade espiritual. Tan seguro me sentía que o día 21 de abril de 1990, con ocasión da homenaxe que se lle tributou en Guitiriz pola Asociación Cultural Xermolos, pregunteille se recoñecía esa afinidade. Respondeume que non. O malo foi que me dixo que non sabía quen era Prudencio. Isto, certamente imposible, levoume a seguir furgando neste aspecto e paréceme que debo reafirmarme na miña impresión primeira: a linguaxe dos himnos de "Laudes", entre os que tamén figuran os de Prudencio, está chea de referencias á luz (símbolo de vida, graza e espírito): *tu lumen, tu splendor Patris; paternae lucis gloria; Pater luminis omnis; lux intrat, albescit polus: Christus venit*, entre infinitas variantes.

Hai himnos que dedican ata seis versos —todos seguidos— a entoar un cántico encomiástico a "Cristo-Luz", o que non pode senón lembrarnos os seus versos "os ollos inda cheos da lus de Deus", ou "Vese a Deus relocindo nos ollos dos que esperan", ou tamén "que che fan ver a Deus/ coma unha mar de lus", entre outros nos que máis implicitamente se abesullan referencias bíblicas e á cultura cristiá [por exemplo, V*igilate, et orate ut non intretis in tentationem* (Marcos, 14-38)].

Pouco menos que imposible que Díaz Castro non coñecese, manexase e amase os textos latinos do himnario litúrxico, e, en concreto, dos Laudes, nos que se recollen as citas bíblicas máis significativas sobre Deus e a luz. A luz é a sombra de Deus. Penso que esta cultura relixiosa pesou tamén de maneira decisiva no poeta Díaz Castro. Reparade que nun libro de trinta e dous poemas, pasan de trinta as referencias á luz, e en ocasións con cita expresa do texto latino ou bíblico: *Lumen ad revelationem,* alusión á profecía de Isaías sobre a chegada de Cristo, quen, por outra banda, asegurou que "Eu son a luz do mundo". E o título mesmo do seu único libro publicado en vida non deixa dúbidas sobre a esencial presenza da luz na súa poesía. Para el, ao cabo, a poesía vén ser, como expresamente declarou, "un nimbo de luz".

Reparemos no primeiro poema do *Cathemerinon Liber* ("Hymnus ad Galli cantum"). Nese poema, Prudencio ve todas as cousas do universo rodeadas —nimbadas, podemos dicir— polo resplandor da divindade. O canto do galo, de tendencia espiritualízante e simbólica, vén ser como unha abertura a toda a súa obra. A aurora é santa; o concepto de luz —símbolo de vida, graza e espírito— é o leitmotiv deste poema e de case todos os do *Cathemerinon.*

Ales diei nuntius	(O alado mensaxeiro do día
lucem propinquam praecinit;	pregoa a proximidade da luz,
nos excitator mentium	a nós o excitador da intelixencia
iam Christus ad vitam vocat.	Cristo, xa nos chama á vida).

O tema do galo é moi vello na cultura. Era ave sagrada na India e en Persia (símbolo que descoñeceu Homero e que, ao parecer, chega ás literaturas europeas no século VI antes e Cristo co poeta Teogonis). En Prudencio, o galo é o símbolo da graza e de Cristo. Na poesía popular, e tamén na poesía culta, é o canto á vida que se inicia co abrir do día e, á par, o tema da aurora que sorprende aos amantes:

Cantan os galos pra o día,
érguete, meu ben, e vaite
Como me hei de ir, queridiña,
como me hei de ir e deixarte?

di o noso coñecido cantar popular, que ten a virtude de englobar os dous conceptos (os galos que anuncia o novo día e a aurora que sorprende aos amantes); e que por certo non deixa de nos lembrar o "Érguete, miña amiga; /abre e vente", do "Cantar dos Cantares", de Salomón.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 135-143
ISSN: 1576-8767

Apriesa cantan los gallos
e quieren quebrar albores

lemos no Cantar de Mío Cid.

Las piquetas de los gallos
cavan buscando la aurora,
cuando por el monte oscuro
baja Soledad Montoya.

di García Lorca no seu célebre "Romance de la Pena Negra". É curioso: García Lorca volve a este tema nun dos seus poemas galegos, no titulado "Vella Cantiga", dedicado a Rosalía:

¡Érguete, miña amiga,
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete, miña amada,
porque o vento muxe, como unha vaca!

Non é nada difícil atopar en Díaz Castro todas esas referencias ao galo, como anunciador do día, alusión á luz da aurora como alegría do día que nace e do sol que vence as sombras e, por riba de todo, unha melodía, unha forza lírica, un remuíño rítmico que nos agarra e nos envolve e nos eleva ao milagre, porque é un milagre, da creación poética:

Lus,
céio rachado, lus!
Inda vexo a lus.[1]
E despoilos galos,
e despoilos homes,
e despois todo val, cález fervendo!

Á marxe das connotacións relixiosas do himno de Prudencio, paréceme que o poema de Díaz Castro participa dalgunha maneira da linguaxe e dos elementos de

1 Referímonos, en concreto, ao inicio do poema de Díaz Castro, non ao contido xeral do mesmo. Como xa sinalamos noutra parte (Franco 1987: 51-53), hai neste poema unha moi eficaz contraposición de planos: no inicio do poema —que é o que agora nos interesa— hai como unha situación auroral, luminosa, un crescendo de luz, que deseguido se contrapón con outro plano melancólico, indeterminado e aberto á interpretación.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 135-143
ISSN: 1576-8767

referencia do "Hymnus ad Galli cantum", de sorte que a lectura do segundo nos lembra ou suxire o contido do primeiro. O himno de Prudencio está cheo da forza que a divindade proxecta sobre o mundo; o inicio do de Díaz Castro suxire a forza da natureza que se espreguiza e se abre ao novo día; a luz do poema de Prudencio é a da divindade, a luz de Díaz Castro é a do esplendor da natureza, da aurora, do amencer —se ben a seguido vén outro plano cunha función estética moi diferente, conforme temos subliñado noutro lugar. A alegría da luz que se proxecta sobre o mundo co amencer forma parte esencial do contido dos dous poemas, se ben con funcións moi diferentes.

Acertado ou non, paréceme que ese é un camiño, nada doado, que merece ser explorado: sería unha maneira máis de achegarnos á complexa poesía de Díaz Castro. Un camiño que xa foi iniciado por Andrés Pociña no seu estudo "A cultura latina nos autores e autoras galegos" e que proxectaría moita luz sobre autores que, como Díaz Castro, tiveron unha estreita relación co mundo clásico ou coa cultura latina. Non se pode amar o que non se coñece: a pouco que entremos en profundidade na súa poesía e nas raíces espirituais da mesma, decatarémonos de que a súa poesía, depurada e intensa, é un ancho herdo que nos deixou.

A palabra como forza creadora está prevista no coñecido *In principio erat Verbum, et Verbum erat apud Deum, et Deus erat Verbum*, expresión coa que se inicia o Evanxeo de San Xoán. A palabra é o principio, é Deus mesmo, sen ela non hai mundo: *Omnia per ipsum facta sunt*.

No seu poema "Como Brasas" Díaz Castro refírese poeticamente á forza creadora da palabra:

> Alumaréi con fachas de palabras,
> ancho herdo meu, o mundo que me deron.

O seguinte concepto é que a palabra é vida e esa vida é a luz da humanidade. Sen a palabra nada existe. Ela é a vida e a luz do mundo (*in ipso vita erat, et vita erat lux hominum*).

As cousas, a realidade inmediata, precisan do alento do poeta, que será quen lles confira "o drama cheo que lles nega a vida". Ou sexa, que a palabra poética, pola súa forza creadora, converterá aquela realidade inmediata en vida e en luz. En obra de creación, en *poiesis*. Orixinariamente, para aos gregos *poiesis* era toda creación.

A palabra, pois, é a luz verdadeira que ilumina todos os seres humanos. A palabra é a gran forza creadora, no poema de Díaz Castro, como para San Xoán a palabra —o *Logos*, o *Verbum* é Deus mesmo, o Creador.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 135-143
ISSN: 1576-8767

O poema "Como brasas" mesmo semella un compendio desa doutrina, ou ao mellor poderiamos dicir que está nimbado polo espírito do prólogo do Evanxeo de San Xoán, que o seu autor está mergullado de cheo na atmosfera suxestiva do texto do evanxelista e que as ideas deste pasaron a formar parte da materia poética dese fermoso poema de Díaz Castro e aínda de toda a súa obra poética. Fermoso e cheo de sabedoría, da serenidade que acostumamos apoñer ao mundo clásico —mundo que pretendemos ver como xa feito, concluído e sen contradicións— e que reverte moito da elegante maxestade que o noso poeta aprendeu na poesía clásica.

Nada máis lonxe da miña intención que suxerir que esteamos diante dun autor de poesía relixiosa. Díaz Castro non é un poeta relixioso, por máis que nos seus poemas abrollen, ciscadas aquí a acolá, referencias á cultura relixiosa na que estivo mergullado nunha etapa moi fundamental da súa vida. Só suxerimos que ese particular mundo espiritual está presente na súa obra como substrato, como pouso, como herdo actuante incorporado de seu á súa personalidade. Non é un poeta relixioso como tampouco o é Rainer María Rilke, por máis que este compuxese poemas de contido relixioso —que, por certo, traduciu ao galego Díaz Castro, ao menos algúns deles.

FAMILIARIDADE COA CULTURA CLÁSICA

O espírito do mundo clásico é manifesto na poesía de Díaz Castro. Sabemos que amaba a poesía de Virxilio e tamén a de Horacio. Ao seu hendecasílabo dediquei outro traballo e a el me remito. O hendecasílabo vén ser o herdeiro do hexámetro. Por suposto non se me oculta que a medida e o ritmo da poesía clásica grega e latina pouco ou nada teñen que ver coa métrica moderna. Suxiro que o particularísimo hendecasílabo de Díaz Castro, de ritmo lento (o que semella contrario á súa mesma natureza e historia, sempre de ritmo rápido), parsimonioso, solemne e maxestoso provén dos hexámetros dactílicos de Virxilio, ou moito me trabuco, este ritmo de Virxilio

> Nos patriae finis et dulcia linquimus arva,
> nos patriam fugimus; tu, Tityre, lentus in umbra
> formosam resonare doces Amaryllida silvas.

semella ter eco nestes, e outros, versos do noso poeta:

> Galiza en min, meu Deus, pan que me deron
> leite e centéo e sono e lus da aurora!
> Longa rúa da mar, fogar da terra,
> i esta crus que nos mide de alto a baixo.

Non só no verso hendecasílabo mostra Díaz Castro ese ritmo lento e parsimonioso, de solemnidade maxestosa, senón tamén nos versos de catorce sílabas, con cesura na sétima, dos que son bo exemplo os do poema "Vísperas":

> Polos días do Carmio a festa chega ó río.
> Unha música ardente vén no aire coma un río
> de recordos. Foguetes lonxanos cáin no río.
> Este é o Porto-Muíño, todo en lapas, o río.

Virxilio segue sendo parsimonioso, solemne e maxestoso aínda cando escribe poesía épica. Abondaría con sinalar o inicio do canto primeiro da Eneida:

> Arma virumque cano, Troiae qui primus ab oris
> Italiam, fato profugus, Laviniaque venit
> Litora [...]

Paréceme imposible atopar ese ritmo noutros poetas latinos: nin Catulo, nin Ovidio, e pode que nin sequera o refinado Horacio, crearan ritmos semellantes. Horacio, a diferenza de Virxilio, empregou unha gran variedade de formas métricas (e Virxilio non saíu do hexámetro dactílico), pero ese ritmo especial coidamos que non é característica de Horacio e si de Virxilio.

Mais o mundo clásico non é tan só a poesía. O mundo clásico está tamén nas ideas, nos criterios estéticos —tan importantes na cultura grega, de onde pasaron a Occidente— e nas demais manifestacións de cultura. Parécenos que ese mundo está presente en Díaz Castro de maneira profunda e moi asimilada. Só farei mención da *Epistula ad Pisones*, de Horacio. Nela, ao longo de moitos séculos, atoparon orientación e consello escritores de todos os tempos e culturas. Por iso foi tamén coñecida coa denominación de *Ars poética*. Horacio aconsellaba así a necesidade de coñecer os modelos gregos: "Estudade os modelos gregos; lédeos noite e día" (XXIII). E ao mellor o mesmo Goethe tomou de Horacio ese consello, polo que Eckermann nos informa: "...esta necesidade de tratar con grandes predecesores é sinal dunha inclinación superior... Que se estude Molière, que se estude Shakespeare, pero, por riba de todo, que se estuden os gregos, e sempre os gregos" (Eckermann 2005*:* 696). E Díaz Castro non foi alleo ao espírito e doutrina da célebre epístola de Horacio, segundo hoxe sabemos de maneira documentada. E eu quero pensar que a súa poesía pon de manifesto que seguiu con moita atención os consellos deste, en especial aquel que tanto acostuman esquecer os poetas de hoxe:

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 135-143
ISSN: 1576-8767

> [...], si non offenderet unum
> quemque poetarum limae labor et mora. Vos, o
> Pompilius sanguis, carmen reprehendite, quod non
> multa dies et multa litura coercuit, atque
> perfectum deciens non castigavit ad unguem.

Este rigor e seriedade na creación e no perfeccionamento da obra xa creada penso que ten a súa orixe na epístola citada e nas obras clásicas que frecuentou. A solidez que emana da súa creación poética, xunto coa elegancia que provén da obra ben construída, dános eses poemas seus que son verdadeiras xoias traballadas co amor e oficio de ourive, enteiramente acabados, perfectos na súa execución, dispostos para se converteren en algo *aere perennius*, duradeiro como o bronce, como o mesmo Horacio, nunha arroutada de soberbia, dixera da súa propia obra. El mesmo nos confesou que "sempre tentei de esixirme a min mesmo un esforzo cara á perfección posible".

Non é difícil abesullar en cada verso, en cada estrofa —non digamos xa en cada poema— que o *limae labor et mora* foi observado e executado con meticulosidade: de aí veñen eses versos completos, diáfanos, redondos, nos que nada sobra e todo é xusto e insubstituíble, nos que a claridade loce sempre nun dicir orixinal e cheo de elegancia. O exemplos poden ser múltiples (Díaz 1961):

> Ei, o sol, niño ardendo nos loureiros! (57).
> Lóstrobos enroscados das fouciñas (57).
> un són de frauta ou chafarís de ameixas. (57).
> no resplendor do día que busquéi. (52).
> i esta crus que nos mide de alto a baixo. (12).

Como múltiples poden ser tamén os que poderiamos sinalar en Virxilio (e sen saírnos sequera da Bucólica I):

> O Meliboee, deus nobis haec otia fecit.
> Ite meae, felix quondam pecus, ite capellae.
> et iam summa procul villarum culmina fumant.
> nec gemere aëria cessabit turtur ab ulmo.
> Fortunate senex, hic, inter flumina nota.
> et fontis sacros, frigus captabis opacum!

El sabía, porque o aprendera en Horacio dunha maneira expresa e en xeneral nos clásicos latinos e gregos, que ningunha obra grande se crea sen traballo, sen

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 135-143
ISSN: 1576-8767

un traballo de moitos días, de moita lectura, de moito corrixir. E tamén sabía do consello de Rodin a un Rilke aínda novo, cando este lle preguntou que como había que vivir, e Rodin respondeulle: "Traballando!" Desta actitude de honestidade diante da creación sae esa poesía súa de tantos quilates, núa, espida de calquera ornamento non necesario —óleo puro e final que queda despois de traballar, moer e remoer, ler, reler e corrixir.

A lírica verdadeira, a lírica grande, pode ser tamén unha sorte de *aletheia*: esta para os gregos era a verdade. A verdade era o que se abría, o que se manifestaba, o que se patentizaba, o que Heidegger chama a desocultación do ente. E a verdade que realmente se desoculta, que se nos abre e que se nos patentiza na poesía de Díaz Castro, como en toda lírica grande, é ese lóstrego, rápido e poderoso, que chamamos creación. Claro que é un milagre a creación, a creación xenial, calquera que sexa a arte a que nos refiramos. De aí que o *quid divinum* dos antigos non estivese moi desencamiñado. Porque *quid divinum* era tamén o *Verbum*, o *Logos*, a *poiesis*, como orixinariamente a entendían os gregos.

(Quixera que se me entendese ben: cando me refiro a influencias nada máis lonxe de min que suxerir falta de orixinalidade nin tampouco imitación doutros modelos literarios. Co termo influencia quero sinalar que Díaz Castro, como todo creador, sen excepción, é froito de moi diversas circunstancias: do tempo en que lle tocou vivir, da terra en que naceu e viviu, da súa formación intelectual, da súa sensibilidade artística, das súas lecturas, e tamén, por que non, das súas teimas, prexuízos, afinidades, encontros e desencontros. Sen esquecer tampouco que cabe a posibilidade de influencias alleas á vontade e das que non somos conscientes. Virxilio, por poñer un exemplo ben sobranceiro, non se explica sen o coñecemento da poesía grega, aprendizaxe á que dedicou boa parte da súa vida. En calquera caso, adiantemos tamén que unha cousa son as influencias e outra a formación. A esta nos referimos cando suxerimos os seus vincallos coa cultura clásica e coa cultura relixiosa: nunha e noutra non hai dúbida de que se formou o poeta de Guitiriz).

Nun home de cultura tan varia e complexa, sen dúbida que se poderían sinalar outras referencias. Pode que Noriega, ou pode que Iglesia Alvariño, ou tamén algunhas outras de culturas moito máis afastadas. Aquí só se aludiu a algunhas que nos fan pensar que contribúen a comprender a obra de Díaz Castro, escolleita e profunda, maxestosa e elegante, e a convertela nun verdadeiro *monumentum aere perennius,* un monumento duradeiro como o bronce, e que por iso vai permanecer *annorum series et fuga temporum.*

Como Horacio, el podería ter escrito *Non omnis moriar,* non todo morrerei. Pero quizais tería escollido a humildade de Ovidio e diría: *tenuis mihi campus aratur,* é

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 135-143
ISSN: 1576-8767

humilde o campo que eu traballo, é pouca cousa o que fago. En calquera caso será duradeira a súa obra e levará aos lectores de calquera tempo ese *quid divinum* da creación, da súa obra chea de sabedoría, de verdade e de elegancia.

Porque o dicir poético de Diaz Castro, o seu *Verbum*, o seu *Logos*, a súa *poiesis* —para expresalo con palabras de San Xoán— é un dicir *plenum gratiae et veritatis*.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Díaz Castro, José María (1961): *Nimbos*. Vigo: Galaxia.

Eckermann, Johann Peter (2005): *Conversaciones con Goethe*. Barcelona: El Acantilado.

Franco Grande, Xosé Luís (1987): "A eficacia expresiva de Díaz Castro", en H*omenaxe a Xosé María Díaz Castro.* Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos.

Pociña, Andrés (1997): "A cultura latina nos autores e autoras galegos", *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, 77-102.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 135-143
ISSN: 1576-8767

III

Traballos de investigación e estudo

O xenio celta do portugués e do galego.
De Francisco de S. Luiz Saraiva a Manuel Murguía /
/ Beatriz García Turnes

Pondal, estudante de Latín. Achegas biográficas
a propósito duns inéditos / Juan Félix Neira Pérez

Un manuscrito inédito do século XVIII sobre
a importancia da lingua galega e a necesidade dun dicionario /
/ Xosé Ramón Barreiro, Xosé Luís Axeitos e Ricardo Axeitos

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 147-170
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

O XENIO CELTA DO PORTUGUÉS E DO GALEGO. DE FRANCISCO DE S. LUIZ SARAIVA A MANUEL MURGUÍA

Beatriz García Turnes
Instituto da Lingua Galega

Resumo: Manuel Murguía é un dos máis relevantes e sólidos difusores do celtismo lingüístico da Galicia decimonónica. Ás fontes historiográficas que adoitan sinalarse para o celtismo murguián cómpre engadir as lingüísticas, que chegan do enciclopedismo francés vía Portugal, particularmente da man de Francisco de S. Luiz Saraiva. Detrás do celtismo lingüístico portugués atópase unha particular concepción do que é o xenio dunha lingua e de como se produce a evolución desta no tempo. Comparte Murguía esa mesma concepción? Ou é diferente o celtismo ao norte e ao sur do Miño?

Abstract: Manuel Murguía is one of the most important and solid diffusers of linguistic Celticism in nineteenth-century Galicia. To understand it we should take into account not only the historiographical sources which are usually considered, but also the linguistic ones that come from the French *Enciclopédie* via Portugal, particularly from Francisco de S. Luiz Saraiva. Portuguese linguistic Celticism is supported by a particular conception of what the genius of a language is and of how linguistic evolution takes place. Does Murguía share this Portuguese conception? Is Celticism different North and South of Miño river?

Palabras chave: celtismo lingüístico, século XIX, xenio da lingua, orixe, evolución.

Key words: linguistic Celticism, XIXth century, genius of language, origin, evolution.

Un dos aspectos máis curiosos do pensamento galego no século XIX é, visto dende a perspectiva actual, o empeño dun sector do rexionalismo en defender as orixes celtas dos habitantes e mais do idioma do país. Foi Manuel Murguía, na súa *Historia de Galicia* (1901[2]) [primeira edición: 1865], quen máis páxinas dedicou a argumentar verbo deste aspecto, polo que non estrañará que o estudo da celtomanía

se centrase na súa figura, que fose abordado fundamentalmente por historiadores, nin que se fixase sobre todo nas fontes historiográficas de tal mito, que sinalan como orixe do celtismo lingüístico galego o celtismo antropolóxico e histórico dos nacionalistas franceses.

É verdade que, seguindo un traballo xa clásico de Poliakov (1971), poderiamos poñer na propia reflexión sobre as orixes e a clasificación dos idiomas europeos as raíces últimas dese celtismo histórico e antropolóxico. Poliakov sostivera que a *invención* da raza celta tiña a súa raíz na lingüística, pois a nacente antropoloxía decimonónica tomara como base as familias establecidas dentro da gran familia indoeuropea por esta disciplina para subdividir as razas fisiolóxicas distinguidas ata o momento no que Poliakov chama razas históricas (celtas, saxóns...). O camiño de volta da raza cara á lingua faríase ao establecer que estas razas históricas, que viñan coincidindo con antigos pobos europeos, virían dadas por diferenzas biolóxicas entre os seres humanos, que xerarían cadansúa cultura (lingua, literatura, folclore...) de acordo coas súas potencialidades. Para o caso concreto do traspaso do celtismo antropolóxico ao ámbito lingüístico na obra de Manuel Murguía, R. Máiz (1984) sinalou o francés B. A. Granier de Cassagnac, a quen o historiador decimonónico cita directamente.

Aínda que coido que as correntes de pensamento sinaladas no parágrafo anterior efectivamente contribuíron á formación dos mitos racial e lingüístico celtas, tamén entendo que non poden ser consideradas exclusivas. Para empezar, as xenealoxías celtas e xermanas para os distintos pobos europeos teñen unha longa tradición que se remonta á idade media (Juaristi 2000). Por outra banda, o libro de B. A. Granier de Cassagnac *Antiquité des patois, anteriorité de la langue française sur le latin* (1859), sen deixar de formar parte das correntes de pensamento sinaladas por Poliakov e de estar impregnado da ideoloxía da época, atopa os seus antecedentes máis directos en obras publicadas fundamentalmente durante os séculos XVII e XVIII —antes, polo tanto, do descubrimento da familia lingüística indoeuropea— e, tal e como sinalou Henrique Monteagudo (2000: 199), inscríbese nunha tradición de reflexión lingüística que viña percorrendo o Vello Continente dende os comezos da idade moderna "cando, impulsados por unha nacente consciencia protonacional, distintos eruditos en varios países comezaran a postular candansúa orixe particular, non latina, para aqueles (o etrusco para o italiano, o grego ou o celta para o francés, etc.)".

Daquela, pode haber outros camiños diferentes da historiografía para a entrada das ideas celtistas en Galicia. O mesmo H. Monteagudo distingue entre tres tipos de influencias —historiográfica, literaria e lingüística— que tiveron vías de chegada diferentes. O celtismo historiográfico viría directa e preferentemente vía Francia, o celtismo literario vía Illas Británicas e o celtismo lingüístico ao que agora me

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

refiro, tamén de orixe francesa, seguramente vería favorecida a súa chegada pola boa acollida que tivera en autores portugueses que defendían as orixes non latinas dun idioma que, como pouco, as compartía co galego.

De feito, M. Murguía, ao falar dos celtas, recorre normalmente a outros historiadores europeos e sobre todo franceses (Thierry, H. Martin ou Cailleux), así como a escritores da antigüidade (Estrabón, Silio Itálico...) ou mesmo a obras literarias (as dos novelistas A. Karr e W. Scott, dos poetas bretóns como Brizeux, o *Leabar Gabala*...). Con todo, cando no capítulo I da *Historia de Galicia* afonda na cuestión lingüística ata o punto de dedicar unhas corenta páxinas a falar do "Idioma; sus orígenes, su formación, causas de su decadencia", cambia de referentes. Daquela, queda claro que as súas fontes principais son dúas: o francés A. Granier de Cassagnac e o portugués Francisco de San Luiz Saraiva, coñecido como o cardeal Saraiva. Máis en concreto a súa *Memoria em que se pretende mostrar que á lingua portugueza não he filha da latina*. De feito, se ben se refire o autor galego, ao tempo que á súa ignorancia en temas lingüísticos, aos "grandes descubrimientos hechos últimamente por los filólogos ingleses y alemanes" (Murguía 1901[2]: 302-303) [1865], anuncia que se vai guiar principalmente polos "estudios hechos acerca del castellano y sobre todo los que se ocupan del portugues", alleos ata ese momento ás innovacións da lingüística histórico-comparada, á hora de falar "del origen y formación" do galego.

A CELTOMANÍA PORTUGUESA

De celtomanía fala J. Leite (Vasconcellos 1929: 872) para referirse á "escola daqueles que pretendiam que o portugués não provinha do latim, mas provinha principalmente do celta". Adolfo Coelho (1868) atribúelle ao ilustrado A. Ribeiro dos Santos a responsabilidade de introducir no seu país a hipótese da orixe celta do portugués, ata daquela considerado corrupción do latín. Décadas antes, Francisco de San Luiz citara como únicos autores celtistas de toda a tradición portuguesa a A. Ribeiro dos Santos e ao seu discípulo João Pedro Ribeiro.

En efecto, as fontes de A. Ribeiro dos Santos son moitas, pero non hai entre elas obras portuguesas. Portugal, a diferenza doutros países como Francia, mantivérase ata ese momento fiel á hipótese renacentista que vía no legado de Roma as orixes do seu idioma patrio (Droixhe 1978).

Concretando un pouco máis, A. Coelho dirixe as nosas olladas cara á obra concreta de A. Ribeiro dos Santos que considera punto de partida do celtismo portugués: "Das origens e progressos da poesia portugueza", que se recolleu nas *Memorias de Litteratura Portugueza publicadas pela Academia Real das Sciencias de Lisboa*. Curiosamente, nas *Memorias* dadas ao prelo pola Academia (Santos s.d. [1814]) só hai referencias marxinais ao tema do celtismo. En todo caso, na Biblioteca Nacional

de Lisboa consérvanse máis de dez manuscritos de A. Ribeiro dos Santos dedicados en exclusiva a xustificar as orixes celtas do portugués e parece indiscutible que as ideas expresadas polo autor neses seus textos inéditos foron difundidas e debatidas na época e durante todo o século XIX, como mostran as continuas referencias directas ou indirectas e a dependencia delas que presentan outros textos daqueles anos. Nun *Opúsculo* atribuído aos dous socios do Conservatorio de Lisboa, Francisco Martins de Andrade e João Nepomuceno de Seixas, en que tamén se defende a orixe celta do portugués, parece insistirse en que, aínda que só se publicou un texto de A. Ribeiro dos Santos que tocaba este asunto, varias das súas memorias foron lidas en diversas sesións da Academia das Ciências de Lisboa e difundidas por esta vía (S.a. 1844: XX).

A. Ribeiro dos Santos, en efecto, era membro da Real Academia das Ciências de Lisboa, lugar central da discusión lingüística e literaria en Portugal ata a introdución do novo paradigma histórico-comparatista e a creación do Curso Superior de Letras (por outra banda, ligado inicialmente a esta mesma institución). A Academia Real das Ciências de Lisboa foi fundada no ano 1779, en pleno iluminismo e baixo o espírito das luces, como institución consagrada ao desenvolvemento da ciencia e da instrución e orientada, en última instancia, á prosperidade e á felicidade de Portugal. A ela pertenceron tamén Francisco de S. Luiz e mais António Caetano do Amaral e João Pedro Ribeiro. Estes dous últimos adiantaron uns anos (a 1806 e 1810, respectivamente) a difusión impresa das ideas celtistas de A. Ribeiro dos Santos, a quen presentan como o auténtico mestre e inspirador dos seus comentarios. A. Caetano do Amaral, quen destacou fundamentalmente como historiador de Portugal, limítase a introducir unha "humilde nota" verbo destes asuntos nunha das súas memorias (Coelho 1868: XIV). João Pedro Ribeiro (1860) detense algo máis no tema nas *Dissertações chronologicas e criticas sobre a historia e jurisprudencia ecclesiastica e civil de Portugal.*

Do testemuño de J. Leite (Vasconcellos 1929) e do de Adolfo Coelho (1868) conclúese que a *escola céltica* non se mostrou moi activa nos anos seguintes á publicación da teoría de A. Ribeiro dos Santos e, así, sería a xa citada "Memoria em que se pretende mostrar, que a Lingua Portugueza não he filha da Latina, nem esta foi em tempo algum a lingua vulgar dos Lusitanos", de Francisco de San Luiz, un traballo de 1837 publicado pola Real Academia das Ciências de Lisboa, a que reavivaría a polémica.

Podemos situar o centro da discusión arredor do celtismo lingüístico entre 1837 —ano en que se publicou por primeira vez unha obra enteiramente dedicada a refutar a orixe latina do portugués— e 1867 —en que A. Soromenho publica a súa *Origem da lingua portuguesa*. A partir de aí a hipótese celtista parece perder forza e entrará en franca decadencia cos ataques de A. Coelho (1868) e a progresiva

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

implantación da lingüística histórico-comparada en Portugal. Xa non producirá obras dignas de mención que provoquen a rápida e irada resposta dos latinistas, e quedarán fóra dos foros científicos para manifestarse unicamente no ámbito da opinión pública. Ao tempo, os anticeltistas deixarán de dedicar longas páxinas a argumentar en contra dos seus opositores, e conformaranse con mencionar a escola céltica como un produto da pasada ignorancia ou a lamentar en dúas liñas a persistencia de ideas acientíficas entre a poboación e, o que semella máis grave, nos manuais destinados aos liceos.

Velaquí unha lista dos traballos máis relevantes centrados na polémica celtista que se publicaron nos trinta anos que median entre a obra de Francisco de San Luiz e a de A. Soromenho (Coelho 1868, Vasconcellos 1929, Boléo 1947). Clasifícoos en dúas columnas en función da postura defendida por cadaquén.

Ano	Proceltistas	Anticeltistas
1837	San Luiz, Francisco de: "Memoria en que se pretende mostrar, que a lingua portugueza não he filha da latina..." (S. Luiz 1837)	
1843		Anónimo [en anotación á man "Auctor: Francisco Antonio de Campos"]: *A língua portugueza é filha da latina, ou refutação do senhor patriarcha eleito D. Francisco de S. Luiz...* (S.a. 1843)
1844	Anónimo [Vasconcellos (1929) indica que o traballo é de Francisco Martins de Andrade e João Nepomuceno de Seixas]: *Opusculo acerca da origem la lingua portugueza...* (S. a. 1844) Obra dedicada a J. B. Almeida Garrett, quen lles responde no mesmo volume. A obra preséntase como unha primeira parte que había ter continuación. Porén, semella que a resposta de A. Herculano disuadiu os autores de publicar a segunda parte.	Almeida Garrett, J. B. d':"Illmos. Srs." (Garrett 1844) Herculano, A.: "Reflexões ethnographicas, philologicas e historicas a proposito de uma publicação recente sobre a origem celtica da lingua portugueza" (Herculano 1844). Só se publicou a primeira das reflexións.
1846		Herculano, A: *História de Portugal* (Herculano 1980)
1852		Almeida, J. J. de Sousa Torres e,: "Origem da língua portuguesa" (Almeida 1855)
1858		Leoni, F. E.: *Génio da língua portugueza...* (Leoni 1858)
1867		Soromenho, A.: *Origem da lingua portugueza* (Soromenho 1867)

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

Como se ve, o predominio de obras de corte celtista ao comezo do século (incluídas as tres precursoras non recollidas no cadro) que intentan contrarrestar o latinismo predominante ata o momento na reflexión lingüística portuguesa deixa paso á discusión e, finalmente, á preponderancia de traballos críticos co celtismo, que xa non obteñen resposta directa dos derrotados heterodoxos.

A análise dos textos duns e doutros permite comprobar como dialogan ou se enfrontan as dúas posicións, pero case sempre dentro do marco do mesmo paradigma científico, con argumentos moi semellantes e habitualmente alleos ás teorías da nacente romanística. Mesmo naqueles casos en que os polemistas demostran coñecer ilustres lingüistas como Raynouard, queda claro que os camiños que este autor comezara a abrir non foran aínda tripados dabondo en Portugal.

Moitas ideas expostas por A. Ribeiro dos Santos nos seus manuscritos repítense nos opúsculos dos seus continuadores, en parte debido á dependencia destes do iniciador do celtismo en Portugal e, en parte, debido á dependencia de todos os celtistas portugueses das mesmas fontes, entre as que destacan, como moi ben soubo ver J. Leite de Vasconcellos, os enciclopedistas franceses G. Girard e N. Beauzée.

A eles se mostra especialmente fiel o cardeal Saraiva, o autor celtista máis sólido e o que, para demostrar as súas teorías, se centra máis en argumentos de tipo lingüístico —e non de autoridade ou históricos. Quizais por iso é tamén o autor a quen os anticeltistas contestan unha e outra vez nos seus escritos, mesmo cando afirman estar dirixíndose a outros.

De todos os argumentos que manexa Francisco de S. Luiz, interesa especialmente o relativo ao xenio da lingua.

O XENIO DA LINGUA

Todos os autores portugueses da corrente celtista coinciden en que a procedencia celta do portugués pode deducirse da comparación entre esta lingua e o latín, que revela dous xenios, dúas naturezas, completamente diferentes.

Nos seus manuscritos, A. Ribeiro dos Santos só aludía de pasada a este argumento, que se propoñía desenvolver cando por fin publicase os traballos baseados nos manuscritos. En troques, e aínda que, na liña dos ilustrados franceses, afirmaba que o léxico non era determinante para decidir a filiación das linguas, dedicaba varias obras ás etimoloxías celtas de palabras portuguesas.

Algo parecido sucede con F. Martins de Andrade e J. N. de Seixas: no prólogo propoñen tratar na súa obra acerca das orixes da lingua portuguesa catro aspectos, o terceiro dos cales sería a demostración de "que em a natureza destes dois idiomas [latín e portugués] se dá uma oposição manifesta" (S.a. 1844: XXII). Con todo, no opúsculo publicado só se aborda o primeiro dos puntos propostos ("que o latim,

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

introduzido na Peninsula pela conquista dos romanos, não foi, durante o dominio daquella nação, a lingua vulgar dos hispanhoes portuguezes") e as anunciadas continuacións nunca chegaron a publicarse.

É Francisco de S. Luiz quen se basea na comparación entre linguas para demostrar a súa teoría de que o portugués e o latín teñen diferente xenio e, por tanto, unha non pode derivar da outra. Vexámolos resumidos nun cadro:

	Latín	Portugués
Casos	+	– (agás nos pronomes) F. de San Luiz di que nos séculos XIV, XV e XVI, como se pensou que o portugués procedía do latín, se tomaron latinismos que provocaron notables defectos.
Liberdade na orde de colocación das palabras na oración	+	–
Pasiva	sintética	analítica
Variacións temporais e aspectuais nos verbos	< nº (lego)	> nº grazas aos distintos auxiliares que permiten formar perífrases (leio, estou lendo, venho de ler)
vb. copulativo *estar*	–	+
infinitivo conxugado	–	+
Adverbios	en -ter	en -mente (que, segundo F. de San Luiz, por erro etimolóxico se fai proceder de 'mens')
comparativos en -or	+	– (con tres ou catro excepcións)
superlativos en -issimo	+	– (adoptáronse no século XV porque se pensou que o portugués procedía do latín)
Diminutivos, aumentativos e partículas (conxuncións e preposicións)	pequeno número	moita variedade
Idiotismos (proverbios, frases feitas…)	distintos nunha lingua e na outra	
Artigo	–	+
Vocabulario	moitos vocábulos diferentes (ver detalles máis abaixo)	

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

Como se ve, a comparación baséase fundamentalmente en aspectos de morfosintaxe. Xa no século XVII autores como M. Z. Boxhorn, que destacaba a importancia da morfoloxía, manifestaran o carácter decisivo do criterio gramatical na clasificación de idiomas. No século das luces, o abade G. Girard erixiuse nun defensor fundamental da primacía da sintaxe e da morfoloxía en detrimento do léxico á hora de establecer tipoloxías lingüísticas. De feito, en base a estes criterios estableceu unha clasificación que dividía os idiomas en análogos, transpositivos e mixtos ou anfibiolóxicos. Deste xeito, incluíu o frances, o italiano e o español nun grupo diferente ao latín en base a que as tres primeiras linguas presentaban orde fixa dos elementos da oración (Suxeito + Predicado + Complementos), razón pola que prescindían dos casos, e contaban tamén con artigos, en tanto que a segunda podía presentar orde variable grazas a contar con casos e carecía de artigo.

Esta concepción, que permitía a emancipación da gramática francesa das categorías latinas, recolleuna e difundiuna con algunhas variacións N. Beauzée no seu artigo "Langue" da *Enciclopedia*. Baseándose unicamente na oposición orde fixa/casos, tirou a conclusión de que o francés, o español e o inglés están unidos polo celta co hebreo, feito confirmado pola construción analóxica que os caracteriza e que constitúe un índice de filiación máis fiable ca todas as etimoloxías que poidan relacionalas coas linguas transpositivas, dado que é na sintaxe onde reside o xenio principal das linguas. Pero ademais, establecida a clasificación, N. Beauzée dedica varias páxinas do seu artigo a comentar outras diferenzas entre os distintos idiomas incluídos nela (B.E.R.M. 1765: 161):

> Si nous tenons du latin un grand nombre de mots, nous n'en tenons pas notre syntaxe, notre construction, notre grammaire, notre article *le, la, les*, nos verbes auxiliaires, l'indéclinabilité de nos noms, l'usage des pronoms personnels dans la conjugación, une multitude de tems diferencies dans nos conjugaisons, & confondus dans les conjugaisons latines; nos procedes se sont trouvés inalliables avec les gérondifs, avec les usages que les Romains faisoient de l'infinitif, avec leurs inversions arbitraires, avec leurs ellipsses acumules, avec leurs périodes interminables.

Obsérvese que os argumentos van na mesma liña dos que logo empregará F. de San Luiz, aínda que este se mostra orixinal en máis puntos que aquel que lle recoñece o seu opositor Francisco António de Campos, quen se refire ao dos idiotismos (ver cadro arriba) como o único que tiña o mérito de non ser tirado de G. Girard e de N. Beauzée (S.a. 1843). De feito, o cardeal Saraiva recorre a fenómenos que non podían presentar os seus colegas galos por non seren característicos da gramática do francés, como a existencia do verbo *estar* ou do infinitivo conxugado en portugués.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

Aínda que o cardeal Saraiva é, dos celtistas portugueses ata aquí considerados, o que máis atención lle dedica á morfoloxía e á sintaxe, tamén se detén abondo a argumentar en contra da latinidade do vocabulario portugués, recorrendo para iso case sempre a probas presentadas por A. Ribeiro dos Santos, por N. Beauzée ou por ambos os dous. Seguindo a N. Beauzée (que segue á súa vez, neste punto, a Ch. des Brosses), Francisco de San Luiz indica que algunhas das palabras que coinciden en portugués e en latín non son en realidade palabras latinas, senón préstamos que pasaron dun idioma a outro ou vocábulos comúns a linguas moi diversas (de aí que non se poida basear a comparación de idiomas na semellanza de vocábulos). Isto último sucede coas onomatopeas, as interxeccións e as palabras infantís, que son, segundo un argumento expresado por N. Beauzée, produtos da natureza. Tamén sinala Francisco de San Luiz que algunhas das palabras do portugués que habitualmente se consideran latinas son en realidade creacións romances a partir dun único étimo latino, ou que son palabras celtas tomadas polo latín do idioma druídico, ou que se trata de cultismos de entrada serodia. Minimiza así, como o fixera A. Ribeiro dos Santos nos seus manuscritos, o número de vocábulos que os romanos introduciron directamente en Portugal.

UN AUTÉNTICO CELTISTA?

A raíz das publicacións de Girard e de Beauzée, moitos ilustrados franceses consideraron o seu idioma —cunha estrutura gramatical demasiado diferente, ao seu ver, do dos césares— unha continuación moderna da antiga lingua celta que, durante o período de dominación romana, incorpora moitos préstamos léxicos latinos. En Portugal, os seguidores de A. Ribeiro dos Santos, como Francisco de S. Luiz e incluso o propio A. Ribeiro dos Santos nas obras que chegou a publicar, preferirán falar de permanencia da lingua primitiva da Hispania sen insistir en exceso en que esta sexa celta. Aínda así, deben ser considerados celtistas dado que, máis ou menos directamente, aos celtas nos remiten. J. P. Ribeiro faino delegando en António Ribeiro dos Santos, que o di con toda claridade nos seus manuscritos. Polo que se refire a Francisco de S. Luiz, da expresión "celtista" a el aplicada chega a declarar M. de Paiva Boléo que é inexacta, visto el "em página alguma das suas duas memórias [dedicadas á orixe do seu idioma], afirmar que o português vem do céltico" (Boléo 1947: 611).


Aínda sendo certa esa resistencia a chamarlle directamente celta ao portugués primitivo, coido que de moitas das afirmacións que o cardeal fai ao longo das páxinas dedicadas ao tema pode deducirse que este pensaba no celta como lingua base do portugués, e para mostra vale a mesma cita que M. de Paiva Boléo usa para argumentar ao contrario (S. Luiz 1837: 29; as cursivas son miñas):

> Ha finalmente ainda outros muitos vocábulos, que se devem tirar da lista dos derivados do latim, e são 1º. Os que nós e os Latinos tomámos da lingua Grega, e ficarão sendo comuns aos tres idiomas; 2º. Os que sendo própios da *antiga lingua Lusitana, ou da Hespanhola, ou da Gauleza, ou enfim da Celtica, língua geral da Europa ocidental e meridional,* passárão ao Latim, e forão ultimamente augmentar a lingua Romana, quando Lusitanos, Hespanhoes ou Gaulezes começárão a ter tracto com os Romanos, ou militarão debaixo de suas bandeiras, ou contra ellas.


Parece evidente que a "lingua céltica" equivale, ou máis ben abrangue, a antiga lingua lusitana, a española e mais a gala, dado que se presenta como idioma común de todo o sur e occidente do continente europeo, idea esta que se estendeu no século XVIII, en que o celta chegou a considerarse antecedente de todos os idiomas do Vello Continente (Auroux/Horde 1992). O que se falaría en cada un dos diversos países e rexións de tan vasto territorio serían dialectos dun mesmo idioma celta, tal e como explican outros autores, como A. Ribeiro dos Santos ou J. P. Ribeiro. E pouco importa que o cardeal considere que "há uma contribuição grega muito importante, como [...] o afirma expressamente e como ressalta de muitas das suas etimologias" (Boléo 1947: 612). Isto non nos autoriza a considerar que Francisco de S. Luiz, máis que adscribirse á corrente da celtomanía, deba presentarse como inaugurador da lusitano-grecomanía, como indica con certa sorna Manuel de Paiva Boléo. Tamén A. Ribeiro dos Santos recoñece o papel doutros idiomas na formación do portugués, como calquera lingüista precomparatista.

A este respecto, paréceme interesante parar brevemente a expoñer cal é, segundo Auroux (1988) e Auroux e Horde (1992), a concepción da mobilidade lingüística na reflexión que, por comodidade (dado que estes mesmos autores se negan a atribuírlle tal cualificativo), chamarei precomparatista.

En 1998, Auroux contrapoñía os modelos comparatista e precomparatista de evolución das linguas cos seguintes esquemas:



© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767



O modelo 1, que en 1992 chamará *modèle en arbre*, é o propio da gramática histórico-comparativa. O modelo 2, que chamará en 1992 *diffusioniste*, sería o de autores precomparatistas como o cardeal Saraiva. Ambos os modelos son incompatibles. Así explica Sylvain Auroux (1988: 31-32) as razóns desta incompatibilidade.

> Le thème de l'accroisement ne suffit pas à permettre une conception du changement comme innovation linguistique [...]. Le modèle de le *fig. 4* [o noso modelo 2] (dont les arcs orientés correspondent à la simple relation d'ordre "être une source de") et celui de la *fig. 5* [o noso modelo 1] sont généralement incompatibles. Pour parvenir à la notion de *famille linguistique*, il faut constituer des classes d'équivalence à partir du prédicat "avoir pour encêtre commum". Seul le modèle de la *fig. 5* [modelo 1]; dans lequel tout noeud de rang est dominé par un seul noeud de rang (n-1), assure la transitivité nécessaire á une relation d'equivalence.

Auroux, Bernard e Boulle (2000) recoñecen que o modelo de representación da evolución de linguas en árbore é moi anterior á gramática histórico-comparada, pero entenden que este, tal e como o constrúe A. Schleicher no século XIX, posúe un valor epistemolóxico diferente: as linguas dunha mesma familia derivan todas dun mesmo idioma que o lingüista reconstrúe e cada unha delas é unha entidade autónoma, claramente separada a partir dun momento determinado da que era a súa orixe e daquelas que descenden dela.

O que en 1998 non parece incompatible para Auroux é que o modelo 2 reflicta a concepción da mobilidade lingüística no tempo (T) en termos de mestura (as


linguas avanzan e cambian a medida que se mesturan con outras) e, asemade, en termos de alteración/corrupción dun idioma primitivo: a lingua portuguesa, para a xeneralidade dos celtistas, é a mesma lingua celta das orixes, máis ou menos modificada por elementos externos que van chegando ao longo dos séculos.

No entanto, en 1992, Auroux e Horde introducirán un terceiro modelo, chamado *fixiste,* propio dos enciclopedistas como N. Beauzée. En tanto no modelo difusionista a lingua actual parece ser mestura doutras anteriores, no modelo fixista mantén a súa esencia, aínda que reciba achegas doutros idiomas que afectan máis ao vocabulario ca aos aspectos centrais que determinan o seu *xenio.* A de *xenio* é, como xa deduciría o lector, unha noción que adquire moita relevancia na reflexión lingüística do dezaoito e é, ao meu ver, a que permite establecer unha distinción entre os dous modelos precomparatistas. Como xa se adiantou, os enciclopedistas defenden que unha lingua cunha estrutura gramatical e, xa que logo, un xenio moi diferente non pode ser a fonte dun idioma actual, nin sequera por mestura con outra.

Hai unha idea máis que está detrás da diferenza entre a concepción difusionista e a fixista. A primeira, imperante no século XVII, aínda que seguirá aparecendo en eruditos posteriores, incide na idea da evolución da lingua (por influencia doutros idiomas) en termos de corrupción, de decadencia. A lingüística iluminista, creadora do modelo fixista, empeza a ligar o cambio lingüístico á idea de progreso: as linguas mudan, non só porque se mesturen con outras, cousa que non se ve necesariamente como causa de decadencia, senón porque avanzan a cultura, os coñecementos e as necesidades dos pobos que as empregan como vehículo de comunicación.

Aínda que estas dúas concepcións precomparatistas non aparecen ben delimitadas na maior parte dos autores, se tivésemos que elixir entre considerar o modelo evolutivo de Saraiva difusionista ou fixista, eu non dubidaría en optar polo segundo, dado que entende que as contribucións gregas non lle afectan á gramática do idioma. Saraiva, que depende moi estreitamente da lingüística enciclopedista, non pensa que o portugués sexa basicamente celta-grego *plus* modificacións debidas a contribucións posteriores, senón celta *plus* modificacións debidas a achegas léxicas doutros idiomas, entre os que o grego ten un importante papel. É dicir, que a súa idea da orixe e evolución do portugués pode presentarse segundo o esquema da esquerda, e non segundo o da dereita:

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767



É máis doado desconfiar da posición *fixista* de calquera outro autor portugués que cuestione a latinidade da súa lingua ca dun tan estreito seguidor dos enciclopedistas franceses coma o cardeal. En todo caso, aínda sendo certo que uns autores enfatizan máis o peso dos idiomas, ou de determinados idiomas, de substrato, adstrato ou superestrato na formación do portugués (e do galego) ca outros, a concepción de base é a mesma para todos eles, o que nos autoriza a incluílos nun único grupo, o celtista ou celtómano, oposto ao daqueles que recoñecen no latín a base do seu idioma actual.

FRANCISCO DE S. LUIZ VS. MANUEL MURGUÍA

M. Murguía non semella coñecer a obra de F. Díez nin de ningún romanista e na altura en que escribe o primeiro tomo da súa *Historia*, publicado en 1865, non se desenvolveron aínda as lingüísticas chamadas científicas dos países latinos, así que para falar dos idiomas da casa ten que recorrer a autores alleos á nova corrente filolóxica.

Noutros capítulos da súa *Historia,* M. Murguía apóiase máis nos avances feitos pola nova lingüística europea que estaba xurdindo e que parece coñecer só superficialmente. Precisamente, tratará de utilizalos —forzándoos ou malinterpretándoos— para demostrar a antigüidade do celta, primeira lingua en desprenderse do tronco ariano, a importancia da compoñente celta na formación do idioma galego e, apoiándose nisto, a orixe aria e europea da poboación galega.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

En todo caso, como quedou dito, no capítulo especificamente dedicado á lingua, o historiador galego opta por dous autores alleos ás innovacións da glotoloxía decimonónica: o francés A. Granier de Cassagnac e o portugués Francisco de S. Luiz.

Empecemos por A. Granier de Cassagnac. Murguía rexeita como esaxeradas algunhas das afirmacións do francés, como a de que o propio latín deriva do celta. Con todo, no momento en que publicou o primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*, non podía deixar de resultarlle simpático un discurso que lles atribuía aos dialectos un papel fundamental na formación da lingua teito de Francia, o que seguramente ao escritor galego lle pareceu transferible á situación sociolingüística española:

> Les éléments primordiaux, essentiels, populaires, de la langue française, sont d'origine nationale. Ils appartiennent directement, clairement, aux six ou sept idiomes, branches distinctes de la langue celtique, qui se parlent encore aujourd'hui en France, come le provençal, le catalan, le languedocien, l'aquitain, le bas-breton, l'auvergnat, le wallon; et ces idiomes, qu'on appelle du nom général de patois, sont incontestablement antérieurs, non-seulement à l'invasion romaine, mais à la formation de la langue latine. (Granier 1859: 6).

Non esquezamos que a reclamación da paternidade do galego sobre o castelán ou, como pouco, a forte influencia da pobre lingua do noroeste peninsular sobre a compañeira do xa decadente imperio español, foi un dos argumentos prestixiadores do idioma que esgrimiron os autores do Rexurdimento (Hermida 1992).

Por outra parte, A. Granier de Cassagnac tivo que chamar a atención de M. Murguía porque se referiu directamente na súa famosa obra aos *patois espagnols,* que para el son "comme ceux de la Gaule, antérieurs au latin, et ils se parlaient parmi les paysans pendant la période de la plus belle latinité" (Granier 1859: 12).

En efecto, de Granier de Cassagnac di tomar M. Murguía a idea seguinte: o dialecto (vernáculo sen cultivo) falado nos seus días en Galicia (e, por suposto, os *patois* falados en Francia e o mesmo francés, no caso da súa fonte) existe dende antes da invasión romana, sobreviviu á latinización e rexurdiu no momento en que o Imperio se debilitou para chegar ata os nosos días (segundo M. Murguía, mesturado co latín). A. Granier de Cassagnac non é, de feito, demasiado orixinal nas súas propostas, que entroncan coa corrente moderna que busca dignificar as linguas vulgares atribuíndolles orixes antigas.

De feito, a idéntica conclusión podería chegar M. Murguía lendo a calquera dos celtistas portugueses, que non negaban a latinización da Península nin a implantación do idioma de Cicerón para os usos cultos e máis visibles, o que lles permitía xustificar a inexistencia de documentos escritos en lingua celta e as alusións de

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

certos autores da época á extensión do idioma dos conquistadores romanos. Por outra parte, a idea da persistencia das linguas prerromanas durante a dominación dos césares podemos encontrala nas páxinas de diversos autores dos séculos XVII e XVIII.

Daquela, este tipo de argumentos transmítese e repítese con poucas novidades na reflexión lingüística precomparatista dende finais do século XVI ata finais do XIX, aínda que tamén cheguen a M. Murguía directamente vía A. Granier de Cassagnac.

De Francisco de San Luiz (e non dos ilustrados franceses) toma M. Murguía a proba lingüística: a semellanza de vocabulario non xustifica a exclusividade da orixe latina do galego, pois non é no léxico onde reside o xenio das linguas.

Á hora de citar os puntos en que parece atoparse tanto a esencia dun idioma coma as principais diferenzas entre latín e galego, M. Murguía sinala algúns dos aspectos morfosintácticos que resaltara o cardeal (declinacións dos nomes e conxugación dos verbos latinos fronte á existencia de artigo e o uso de verbos auxiliares no romance). Con todo, como vimos que lles sucedía aos celtistas portugueses, M. Murguía non pode evitar a tentación de xustificar tamén no léxico a filiación céltica do galego presentando a, ao seu entender, gran cantidade de palabras coincidentes en francés e galego (ou entre francés e aragonés) como proba dun fondo celta común, e chamando a atención sobre os topónimos de orixe celta. Ao tempo, remite directamente ás explicacións do cardeal Saraiva acerca da presenza de voces latinas no propio idioma.

Se nestes puntos segue fielmente a Saraiva, engade da súa propia colleita o papel preponderante que lle atribúe á fonética do idioma na determinación do seu xenio e orixe. Remite para iso a autores como M. Cubí quen, "hablando del dialecto gallego del Vierzo [sic] señala ya la influencia que debieron tener en su formación los idiomas célticos de los antiguos callaicos" (Murguía 1901[2]: 315) [1865], ou o padre Hervás, dado que anunciara a filiación céltica do galego "cuando estableció la diferencia de acento entre el portugués y el castellano, atribuyendo el primero, á vestigios de los idiomas célticos" (Murguía 1901[2]: 329) [1865][1]). E é que o autor compostelán empeza presentando as probas lingüísticas que lle deberían permitir establecer as diferenzas radicais entre o xenio do latín e o do galego, pero acaba amosando as que separan a galego e castelán. Non en van, a filiación céltica dos galegos e do seu idioma constitúen un intento de negar que o galego sexa dialecto e/ou fillo do castelán e de afirmar ao tempo a diferenza entre Galicia e Castela.

1 Téñase en conta que M. Murguía declara que o idioma luso é "gallego elevado á la condición de idioma nacional", cando non lingua filla da nosa (Murguía 1901[2]: 329) [1865].

> Modificó el gallego las voces latinas, según su labio, y, obedeciendo á las leyes gramaticales de sus antiguos lenguajes, introdujo aquellas variaciones que tanto le diferencian y separan del que, después de esto, todavía se llama lengua madre. Otro tanto hizo el castellano, si bien para demostrar una vez más y con toda verdad, que no son tan hijos legítimos de la lengua del Lacio, como se pretende, no hicieron ambos romances, ni iguales modificaciones en las voces, ni tampoco en la gramática, tal vez porque, ó guardaban menos lealmente que los gallegos sus viejas hablas, ó éstas eran diferentes, siéndolo asimismo las razas que las hablaban.
> El *au* latino lo mudaron los castellanos, casi siempre en *o,* y los gallegos en *ou*, como se vé en *aurum, taurus, autumnus,* que los primeros hicieron oro, toro y otoño, y los segundos ouro, touro e outono. [...]
> Mas, en lo que es harto notable, la diferencia entre los romances gallego y castellano, es en la parte gramatical. Terminan los verbos castellanos en *ar, er, ir,* amar, leer, decir, y de estas terminaciones sacan dos gerundios en *ando* y en *endo,* como amando, leyendo, diciendo. Por su parte los verbos gallegos terminan en *ar, er, ir* y *or*, como amar, comer, partir, compor, y con rigurosa analogía, deducen los gerundios, en *ando, endo, indo* y *ondo*, como amando, comendo, partindo, compondo, con lo cual se comprende fácilmente la ventaja que en esto lleva al castellano. (Murguía 1901[2]: 323-325) [1865].

> Si, como sostiene un gran filólogo, el desenvolvimiento del lenguaje, es resultado de estas dos operaciones, la alteración fonética y el renovamiento dialectal, pudiera llegar un día en que el castellano debiese al gallego algo de su incomparable dulzura. Mas, como el genio de ambas lenguas es tan distinto como los pueblos que las hablan, difícil es que jamás llegue el romance castellano á pedir prestada la más pequeña palabra á nuestra lengua. (Murguía 1901[2]: 334-335) [1865].

O papel da fonética celta na transformación do latín é ben doado de explicar para M. Murguía establecendo paralelismos de actualidade e comprensibles para os lectores contemporáneos, paralelismos que tamén nos permiten entender a nosoutros como vía o historiador a interrelación entre os dous idiomas primitivos para dar lugar ao galego.

> Un hombre puede llegar á hablar correctamente una lengua extranjera, pero no a pronunciarla: se mostrará indígena en la frase y extranjero en el acento, dice Edwars. Lo comprendemos perfectamente: y quién que oye hablar castellano á un gallego, no percibe al instante la marcadísima diferencia del acento con que lo habla? Pues bien, no indicará esto que ambos países fueron poblados

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

> por diferentes naciones que hablaban diversas lenguas y que pronunciaron por lo mismo el latín de distinta manera? Si los pobladores de Galicia no hubiesen sido los celtas, como lo dice la historia, si aquí no hubiese resonado jamás su lenguaje, si hubiese venido el gallego directamente del latín, y a éste se le conociese en algún tiempo como lengua nacional, de la cual se desprendiese nuestro romance á la manera que el fruto maduro de la rama de que pende, conservaríamos después de diez y nueve siglos, aquel acento que tanto nos distingue de las demás provincias de España y que todavía se escucha en los pueblos que tienen nuestro origen? No, seguramente. Nuestra fonética disiente por completo de la castellana y esto no es un mero capricho de los hombres, si no [sic] tendencia natural en los de nuestra raza. Indica diferencia de origen, y asimismo la diferencia de los antiguos lenguajes gallegos, sobre el romano formado aquí en los primeros siglos de la edad media. (Murguía 1901[2]: 315-316) [1865].

E esta cita lévanos a outro dos puntos, se cadra o fundamental, en que a visión de M. Murguía (1901[2]: 311) [1865] acerca da orixe do galego e do portugués difire da do cardeal Saraiva, tal e como o mesmo historiador sinala ao afirmar que "no queremos ir tan lejos como este docto escritor". M. Murguía (1901[2]: 311) [1865] non nega que o latín chegou a ser "lengua dominante" en Galicia, nin sequera que o galego sexa "hijo del latín" (311). De feito, aparentemente insiste máis na celticidade do galego noutros puntos da súa *Historia* ca nas páxinas que dedica especificamente a explicar as súas orixes prerromanas, onde afirma que, en todo caso, se trata dun idioma derivado do latín, aínda que sexa dun latín fondamente transformado polo celta. Parece, xa que logo, que á hora de facer esta reflexión demorada e específica sobre as orixes da nosa lingua, M. Murguía tende a matizar, recoñecendo o importante papel da de Roma.

> Creemos, como la mayor parte de los modernos escritores españoles que de esto tratan, que el idioma gallego es, hablando con más claridad que propiedad, hijo del latín, pero también que ha sufrido grandes modificaciones y que lleva el sello de nuestros antiguos lenguajes. (Murguía 1901[2]: 311) [1865].

> En el latín debe buscarse el origen del gallego, y conjuntamente en los idiomas célticos, que aquí se hablaban, y que no sólo no se perdieron, sino que hay razón para suponer que siguieron hablándose por la gente del campo, durante los cuatro siglos que dominó Roma en Galicia: idiomas que no solamente nos dieron muchas de sus voces, sino que modificaron las latinas según su labio e impusieron más tarde algunas de las formas gramaticales que adoptó el romance gallego. (Murguía 1901[2]: 312) [1865].

Outro texto, tamén centrado en cuestións lingüísticas, en que M. Murguía defende unha postura moi próxima á que revelan estas citas é a introdución que fai ao *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega* do Padre Sarmiento, publicado por primeira vez polo historiador compostelán na *Ilustración gallega y asturiana* no ano 1880 (aquí citarase pola reprodución feita en 1943, que contén o prólogo e as notas de M. Murguía). O galego é unha lingua latina, aínda que na súa formación debe terse moi presente o papel do substrato celta:

> Empieza nuestro autor por asegurar que el gallego no es lengua, sino dialecto del latín: lo cual es verdad. Entre las lenguas neo-latinas está colocado el gallego con entera justicia; pero ¿no tuvieron ninguna influencia en su formación las lenguas habladas por las antiguas poblaciones célticas en Galicia? Sí que la tuvieron, y es lo que ya nadie niega; la dificultad estriba en señalar taxativamente en qué proporción y hasta dónde. (Murguía 1943: 17) [1880].

Para S. Luiz había continuidade entre a lingua celta primitiva e o portugués dos seus días, de maneira que este se podía entender como celta modificado por achegas de compoñentes posteriores, como o latino. Para M. Murguía o punto de partida atópase no latín. Porén, en realidade, pouco importa que a base do galego sexa o idioma traído polas lexións romanas, dado que o noso historiador non identifica esa *base* do idioma co seu *xenio*. É dicir, que aínda que o galego sexa unha evolución do latín, éo mercé á intervención do celta, que constitúe en realidade a súa esencia, pois a fonética e a gramática do idioma son súas e é na fonética e na gramática onde reside o xenio das linguas.

M. Murguía sabe que o idioma galego ten a súa orixe no latín e non o nega, como en troques fixeran os seus predecesores celtistas en Portugal ou en Francia, e como farán outros galeguistas, como M. Curros Enríquez. O que fai é argumentar que a orixe da lingua é independente do seu xenio, e para iso aproveita os recursos dun vello paradigma que lle permite identificar evolución con mestura de linguas (modelo difusionista).

Isto vese moi claro no prólogo ao citado *Estudio* de Sarmiento, cando, unhas páxinas despois de afirmar que "entre las lenguas neo-latinas está colocado el gallego con entera justicia" argumenta que o xenio do galego é semellante ao do francés, lingua que dá por incontestablemente celta (as cursivas son miñas):

> No sólo tenemos voces, no sólo giros, sino tendencia natural al modo de decir francés, no hijo, como pudiera presumirse, y ya se dijo del P. Feijóo, de la lectura de libros transpirenaicos, sino *del genio de nuestra lengua* y de la índole especial de ver y expresarse, *propia de nuestra raza, en origen, igual a la de las Galias*. A pesar

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

> de la distancia, a pesar del tiempo, fieles seguimos al espíritu de las gentes de quienes venimos; espíritu que desgraciadamente empieza a perderse, y que hasta ahora *hizo de nosotros un pueblo con fisonomía propia*. (Murguía 1943: 18-19) [1880].

No fondo, e aínda que pareza que neste punto as opinións de M. Murguía son totalmente contrarias ás de S. Luiz, é o cardeal quen lle permite defender con rotundidade a celticidade esencial do galego sen negar a súa evidente orixe latina. Tal e como fixeran os enciclopedistas, S. Luiz delimita as parcelas da lingua que deben considerarse verdadeiramente importantes para a súa clasificación dentro dunha ou doutra familia lingüística. M. Murguía recolle esa idea e, combinándoa coa clásica visión da evolución das linguas como mestura (visión difusionista) e con outras achegas das que se falará máis abaixo, dá só un paso máis ao desvencellar esa clasificación da da fonte primeira do idioma: esta pode ser latina sen que a lingua, na súa cerna, o sexa (algo inaceptable para os enciclopedistas e para o cardeal Saraiva).

Hoxe diriamos que, se os pobos celtas adoptan o latín e o modifican de acordo coas calidades da lingua de substrato, o resultado é, como moito, un latín *celtizado*. Para M. Murguía, en troques, o resultado é un celta latinizado ou romanizado, pois o celme do idioma galego resultante da mestura procede do dos druídas. E iso, claro, nas ocasións en que é máis proclive a recoñecerlle un papel á lingua dos césares, pois cando o contexto argumentativo o demande, insistirá con moita maior claridade no compoñente celta, atribuíndolle practicamente toda a gramática, toda a fonética e boa parte do vocabulario do galego.

Para dar este paso, M. Murguía pode apoiarse no mencionado Granier de Cassagnac e tamén no pensamento nacionalista histórico-organicista no que se inscribe a fundamentación murguiana da nación galega, para quen o xenio das linguas xa non é simplemente unha cuestión de sintaxe. Aínda que non é obxecto deste artigo, para comprender totalmente a idea de xenio da lingua que ten Murguía non se pode perder de vista que, ademais dos autores concretos que cita, o historiador galego está baixo a influencia da ideoloxía dominante do seu tempo.

A partir de autores como Condillac, Kant e, sobre todo, Humboldt e Herder, o concepto de xenio das linguas fórase desprazando do terreo da gramática ao dos significados e, dalgunha maneira, fora espiritualizándose. Fronte á concepción iluminista dunhas categorías de pensamento semellantes para toda a humanidade esténdese a idea de que cada idioma nacional constitúe un xeito diferente de articulacion do pensamento. Deste xeito, lingüistas e profanos entenden que a lingua dun pobo (*Volk*), división natural da humanidade, é a súa posesión máis sagrada porque se constitúe en expresión máis acabada da súa personalidade única e individual, do seu carácter ou alma, na materialización do *Volkgeist*. Abandonar a propia

lingua supón abandonar a propia identidade, en tanto que manter unha lingua diferente revela unha identidade nacional diferenciada.

Como vimos, Manuel Murguía continúa baseando en probas de tipo gramatical a demostración do xenio diferenciado da lingua galega, pero toma da ideoloxía nacionalista do seu tempo a idea da estreita relación lingua-*Volkgeist*. O Discurso dos xogos florais de Tui, entre outros textos, revélao ben ás claras.

> O galego é o que nos dá dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos dí que pois somos un povo distinto debemos selo. [...] Léngoa distinta —dí o aforismo político— acusa distinta nacionalidade. (Murguía 1891: 84).

De aí que non lle sexa admisible independizar a raza histórica que para el deriva nos galegos actuais, a celta, da lingua que estes falan. De feito, á hora de entender en que e por que M. Murguía se afasta das ensinanzas do cardeal Saraiva hai que considerar que debe encaixar a súa teoría lingüística no edificio da súa teoría da nación galega, que é o seu obxectivo final. Noutras palabras, o celtismo lingüístico de M. Murguía é perfectamente explicable nun historiador que busca asentar as bases da nación galega fundamentalmente na raza (celta) e que, a partir de aí, pretende construír un sistema coherente que explique todo o que somos como derivado dela (Máiz 1984).

EN CONCLUSIÓN

As polémicas decimonónicas sobre as orixes do portugués e do galego lévannos a unha cuestión do máximo interese, a do xenio das linguas, que se encontra tras o debate. Este xa é un concepto importante na lingüística do século XVIII, en que se pon en relación coa clasificación dos idiomas en distintas familias, unha clasificación que pretende ser á vez tipolóxica e xenética, precisamente porque se entende que non poden estar emparentadas linguas de xenio diverso e, xa que logo, que lingua nai e lingua filla deben ter idéntico xenio. Isto é así porque o xenio das linguas, para os enciclopedistas, reside na súa estrutura gramatical e porque se entende que a lingua filla é a mesma lingua nai das orixes, aínda que transformada (concepción fixista da evolución dos idiomas). O que está claro é que a do xenio é unha cuestión morfosintáctica que non afecta no fundamental ao pensamento, cunhas categorías únicas expresadas de forma diferente en cada vernáculo.

M. Murguía ve como aplicar estas ideas á evolución do galego a través de Francisco de San Luiz, a quen é evidente que coñece, dado que o cita. O autor compostelán baséase na súa autoridade para buscar probas obxectivas de que o galego é esencialmente celta; é dicir, probas de que a súa estrutura gramatical é diferente da do idioma traído polos romanos. A estas une outras, nomeadamente os aspectos

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

fónicos, que permiten explicar a súa teoría sobre a celticidade da lingua ao poñer en paralelo o que sucede cando un galego fala castelán con marcado acento do país co que sucedería cando os celtas falaban latín. De aí que, a diferenza de contemporáneos seus para quen o idioma do pobo se perfeccionaba en contacto co castelán das clases instruídas (Valladares 1884:VII) e que criticaban en troques con dureza as interferencias dos galegófonos que pretendían expresarse en español, M. Murguía (1907) faga unha valoración contraria: falar castelán con acento e xiros galegos é inevitable, porque os galegos trasladamos o xenio da nosa lingua e impregnamos da alma do pobo todo canto idioma tocamos, tan forte é a nosa personalidade; en troques, son claramente condenables as interferencias da lingua da Corte no galego.

O que semella claro é que as probas concretas que permiten determinar o xenio celta da lingua galega, diferente do latino (e, o que é máis importante para M. Murguía, do castelán) son o límite da influencia do cardeal portugués. Estas deben ser conxugadas cunha concepción difusionista da evolución das linguas que sería inaceptable para un fixista como Saraiva e que lle permiten independizar orixe de xenio da lingua. A iso contribúe tamén, como vimos, a focalización da relación xenio da lingua-*Volkgeist*, que o obriga a desvencellar orixe latina de *Volkgeist* celta. Como consecuencia, M. Murguía constrúe un discurso sobre a orixe e evolución da lingua galega que, se é inaceptable para a lingüística comparatista, tampouco acaba de encaixar nos presupostos do paradigma anterior, pero que encaixa na ideoloxía nacionalista orgánico-historicista dominante no seu tempo e que lle permite poñer unha peza máis, e non pouco importante, no edificio en construción da nación galega.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Fontes primarias

Almeida, J. J. de Sousa Torres e (1855): "Origem da língua portuguesa", *O Instituto. Jornal Scientifico e Litterario* Vol. I, 111-115, 156-157, 166-168.

B.E.R.M. (Beauzée, N.) (1765): "Langue", en Sylvain Auroux (1973): *L'Encyclopédie. "Grammaire" et "langue" au XVIII^e siècle*. Paris: Maison Name, 91-172. [Edición facsimilar da entrada].

Coelho, Francisco Adolpho (1868): *A lingua portugueza. Phonologia, etymologia, morphologia e syntaxe.* Coimbra: Imprensa da Universidade.

Garrett, J. B. Almeida (1844): "Ilms. Srs", en S.a. (Francisco Martins de Andrade e João Nepomuceno de Seixas), *Opusculo ácerca da origem da llingua portugueza composto e dedicado ao conselheiro João Baptista d'Almeida Garrett por dois socios do Conservatorio Real de Lisboa*. Lisboa: Imprensa Nacional, VII-XV.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

Girard, Gabriel (1747): "I. Discours", en *Les vrais principes de la langue françoise ou la parole réduite en méthode, conformement aux loix de l'usage.* T. I. Paris: Le Breton, 1-40. [Edición facsimilar, Genève: Librairie Droz, 1982].

Granier de Cassagnac, Adolphe (1859): *Antiquité des patois. Antériorité de la langue française sur le latin.* Paris: E. Dentu, Libraire-éditeur.

Herculano, Alexandre (1844): "Reflexões ethnographicas, philologicas e historicas a propósito de uma publicação recente sobre a origem celtica da lingua portugueza", *O panorama* Vol 3º, Serie 2ª, 391-394.

——— (1980): *História de Portugal. Desde o começo da monarquia até o fim do reinado de Afonso III.* T I. Lisboa: Livraria Bertrand. Texto da cuarta edición, e derradeira das revisadas polo autor, de 1874.

Leoni, Francisco Evaristo (1858): *Genio da lingua portugueza, ou causas racionaes e philologicas de todas as reformas e derivações da mesma lingua.* Lisboa: Typographia do Panorama.

Murguía, Manuel (1891): "Discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui de 1891", *Grial* 43 [1974], 83-89.

——— (1901[2]) [1865[1]]: *Historia de Galicia.* Tomos I-V. A Coruña: Librería de don Eugenio Carré [Edición facsimilar, Editorial La Gran Enciclopedia Vasca, 1980].

——— (1907): "Discurso - contestación", *Boletín de la Real Academia Gallega* 16-17, 96-110.

——— (1943) [1880[1]]: "Prólogo", en Martín Sarmiento (1943) [1755], 13-24.

Ribeiro, João Pedro (1860): "Dissertação V. Sobre o Idioma, Estylo, e Orthografia dos nossos Documentos, e Monumentos", en João Pedro Ribeiro (ed.), *Dissertações chronologicas e criticas sobre a historia e jurisprudencia ecclesiastica e civil de Portugal*. Tomo I. Lisboa: Academia Real das Sciencias, 181-198.

S. Luiz, Francisco de (1837): "Memoria em que se pretende mostrar, que a Lingua Portugueza não he filha da Latina, nem esta foi em tempo algum a lingua vulgar dos Lusitanos", *Memorias da Academia Real das Sciencias de Lisboa. Classe de Sciencias Moraes, e Bellas Artes,* T.XII. Parte I, 1-43.

S.a. (Andrade, Francisco Martins de e João Nepomuceno de Seixas) (1844): *Opusculo ácerca da origem da llingua portugueza composto e dedicado ao conselheiro João Baptista d'Almeida Garrett por dois socios do Conservatorio Real de Lisboa*. Lisboa: Imprensa Nacional.

S.a. (Campos, Francisco António de) (1843): *A lingua portugueza é filha da latina, ou refutação da memoria em que o senhor patriarcha eleito D. Francisco de S. Luiz nega esta filiação*. Lisboa: Typographia de M. J. Coelho.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

Santos, António Ribeiro dos (inédito a): *Memorias para a historia das origens e progressos da poesia portugueza*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (inédito b): *Da conservaçao' e uso da antiguissima lingua geral de Espanha em todo o tempo do senhorio dos romanos*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (inédito c): *Convervaçao' da primitiva lingua de Hespanha nos tempos da dominaçao' romana*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (inédito d): *Origens celticas da antiga lingua celtica*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (inédito e): *Origens celticas da antiga povoação e lingua geral de Espanha*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (inédito f): *Origens celticas da antiga lingua geral de Espanha e de seus actuaes dialectos*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (inédito g): *Ensayo para hum vocabulario harmonico da lingua portuguesa e de outras antigas e modernas para ajudar a operação das approximações de huã parte das linguas a huma só matriz*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (inédito h): *Memorias da poesia em Portugal, com uma breve noticia de dous cancioneiros até agora desconhecidos*. Biblioteca Nacional de Portugal.
——— (1814): "Das origens e progressos da poesia portugueza", *Memorias de Litteratura Portugueza,* T. VIII, Parte II, 233-251.
Sarmiento, Martín (1943) [1880[1]]: *Estudio sobre el orígen y formación de la lengua gallega.* Buenos Aires: Editorial Nova.
Soromenho, Augusto (1867): *Origem da lingua portugueza. These para o curso da cadeira de litteratura moderna no Curso Superior de lettras.* Lisboa: Typ. de Francisco José da Silva.
Valladares Núñez, M (1884): *Diccionario gallego-castellano.* Santiago de Compostela: Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central.
Vasconcellos, José Leite de (1929): "A filologia portuguesa. Esbôço histórico. (A propósito da reforma do Curso Superior de Letras de Lisboa)", en *Opúsculos* Vol. IV. Coimbra: Imprensa da Universidade, 841-926.

Fontes secundarias

Auroux, Sylvain (1988): "Modeles de l'age classique pour la mobilité linguistique", en André Joly (ed.): *La linguistique génétique. Histoire et théories.* Lille: Presses Universitaries, 19-42.
——— (dir.) (1992): *Histoire des idées linguistiques. Le développement de la grammaire occidental.* T. II. Liège: Pierre Mardaga Éditeur.
——— (dir.) (2000): *Histoire des idées linguistiques. L'hégemonie du comparatisme.* T. III. Sprimont: Pierre Mardaga Éditeur.
Auroux, Sylvain e Tristán Horde (1992): "Les grandes compilations et les modèles de mobilité", en Sylvain Auroux (dir.), *Histoire des idées linguistiques. Le développement de la grammaire occidental.* T. II. Liège: Pierre Mardaga Éditeur, 538-579.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

Auroux, Sylvain, Gilles Bernard e Jacques Boulle (2000): "Le développement du comparatisme indo-européen", en Sylvain Auroux (dir), *Histoire des idées linguistiques. L'hégemonie du comparatisme.* T. III. Sprimont: Pierre Mardaga Éditeur, 155-171.

Boléo, Manuel de Paiva (1947): "Adolfo Coelho e a filologia portuguesa e alemã no século XIX", *Biblos* vol. 23, 3, 607-691.

Droixhe, Daniel (1978): *La linguistique et l'appel de l'histoire (1600-1800): rationalisme et révolutions positivistes*. Genève: Librairie Droz.

Hermida Gulías, Carme (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Juaristi, Jon (2000): *El bosque originario. Genealogías míticas de los pueblos de Europa.* Madrid: Taurus.

Máiz, Ramón (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*. Sada: Ediciós do Castro.

Mariño Paz, Ramón (1995): "Estudio introductorio", en Martín Sarmiento, *Coloquio de vintecatro galegos rústicos.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega: 7-102.

Mattoso, José (1980): "Prefácio", en Alexandre Herculano, *História de Portugal. Desde o começo da monarquia até o fim do reinado de Afonso III.* T I. Lisboa: Livraria Bertrand, VII-LII.

——————— (dir.) (1993): *História de Portugal. O liberalismo (1807-1890)*. Vol V. Lisboa: Estampa.

Medina, João (1977): *Herculano e a geração de 70.* Lisboa: Edições Terra Livre.

Monteagudo, Henrique (1995): *Ideas e debates sobre a lingua. Afonso Daniel Rodríguez Castelao e a tradición galeguista.* Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento inédita.

——————— (1997): "Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego", *Cadernos de lingua* 16, 5-33.

——————— (1999a): *Historia social da lingua galega.* Vigo: Galaxia.

——————— (1999b): "Nas raíces ideolóxicas do nacionalismo lingüístico: unha visita a Johann Gottfried Herder", en Rosario Álvarez Blanco e Dolores Vilavedra Fernandez (eds.), *Cinguidos por unha arela comun. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero.* T. I. Santiago de Compostela: Universidade, 691-714.

——————— (2000): "Ideas de Manuel Murguía sobre o idioma galego", *Boletín da Real Academia Galega* 361, 197-220.

Poliakov, León (1971): *Le mythe arien. Essais sur les sources du racisme et des nationalismes.* Paris: Calmann-Lévy.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 147-170
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 171-192
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

PONDAL, ESTUDANTE DE LATÍN. ACHEGAS BIOGRÁFICAS A PROPÓSITO DUNS INÉDITOS

Juan Félix Neira Pérez
IES Fernando Blanco (Cee) e UNED A Coruña

Resumo: O poeta Eduardo Pondal estudou de neno gramática latina na casa dun crego rural, en Vilela de Nemiña, no concello de Muxía. No Instituto de Santiago de Compostela cursou a asignatura de latín. Exhumamos neste artigo uns papeis inéditos con exercicios de tradución latina feitos polo noso bardo Pondal. Estes documentos están depositados no Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

Abstract: When he was a child the poet Eduardo Pondal studied Latin grammar at the house of a rural priest in Vilela de Nemiña (Muxía). Later he learned the Latin language during his secundary education in Santiago de Compostela. We bring out in this article some unpublished papers that contain Latin translation exercises made by our bard Pondal. These documents are now deposited in the Historic Archive of the University of Santiago de Compostela.

Palabras chave: Eduardo Pondal, gramática latina, exercicios de tradución.

Key words: Eduardo Pondal, Latin grammar, translation exercises.

A Ana Rivas Barros, *magistra Padronensis, semper magistra*.

1. PONDAL NOS *CASÁS DE NEMIÑA, Ó ABRIGO DE VENTO CIRCIO*

Tempus irreparabile fugit: no ano 2017 cumprirase un século da morte do Bardo bergantiñán e, como dicía Manuel Ferreiro non hai moito nunha cita pondaliana[1], a biografía rigorosa que Pondal merece aínda está por facer. Gran de area quere ser este artigo: profundar no Pondal estudante de latín co pretexto de tres documentos inéditos e das informacións biográficas tiradas dalgúns poemas seus, indagando nalgúns aspectos biográficos non abordados ata o de agora, con algunha corrección incluso.

1 Na sesión do 12 de novembro de 2013 do Simposio Pondaliano, celebrado en Ponteceso, a propósito da súa biografía de urxencia *Pondal: do dandismo á loucura (biografía e correspondencia)* (Ferreiro 1991).

Don Cristóbal de Lago González: *aquel dómine feo e estupendo*

Era o destino de Eduardo Pondal recibir unha educación esmerada, como membro dunha familia acomodada. Ante a precariedade do ensino primario na Galicia rural do século XIX[2], decídese que, como preludio aos futuros estudos eclesiásticos ou universitarios, o neno Eduardo marche do fogar para recibir a instrución básica. Tal foi tamén o caso do seu irmán Cesáreo, o primoxénito, que se formou durante catro anos en Padrón, na casa do clérigo don José Castro Agudín, como preparación para os estudos universitarios que o seu pai desexaba para el, mais frustrados porque o fillo acabou por marchar a América (Valdés 2009:17).

Carballo Calero (1981: 241-243) apunta que "Pondal estudóu gramática latina na reitoral de Vilela de Nemiña. Había entón en Galicia sedes parroquiás no campo que eran pequenos centros de estudo de Humanidades. Se o crego era bo latino, reunía ao seu arredor un bo fato de estudantes". E a propósito do poema "Ó abrigo de vento circio", no que Pondal (1995: 56-58) cita a outros rapaces estudantes en Nemiña, Carballo Calero apunta a pé de páxina: "Pondal non mencioa o nome do mestre. Íste foi don Cristóbal de Lago, cura párroco de Touriñán, que vivía no seu anexo de Nemiña. Era irmán da dona do médico de Muxía don Leandro Abente Chans, irmán da nai do poeta". Mais esta afirmación, que o crego preceptor era irmán da súa tía, non ten fundamento, e tal aserción vénse repetindo nos bosquexos biográficos do poeta: "Pondal, pois, vai formar-se en Vilela de Nemiña, baixo a dirección do cura párroco de Touriñán, Cristóbal de Lago, irmán da muller de seu tio Leandro Abente, médico en Muxia" (Ferreiro 1991: 14).

Manuela Lago Díaz era, en efecto, muller do médico Leandro Abente e, xa que logo, tía de Pondal, pero non irmá de Cristóbal de Lago González, como revelan obviamente os seus apelidos. A acta bautismal despexa toda dúbida[3]: ela era filla de Vicente de Lago, Administrador de Rentas da Súa Maxestade e oriúndo de San Fiz de Caberta (Muxía); e de Isidora Díaz, oriúnda de Santa María de la Morenica (Cuenca).

Vexamos agora quen era o preceptor do poeta. Pola época na que Pondal aprendería o latín en terras muxiás, rexía o curato da parroquia de Touriñán e da súa filial Nemiña un tal Cristóbal de Lago, como sinala Carballo Calero, pero Cristóbal de Lago González —e non Lago Díaz—, de cuxa identidade dá fe a súa acta bautismal[4]: fillo de Silvestre e María González, veciños de Vilela, lugar de Nemiña (Muxía).

2 No concello da Bugalleira (actual Ponteceso) había dúas escolas, en Tallo e Corme, relativamente preto da casa de Eduardo, e "poco concurridas pues solo asisten á entrambas 36 niños" (Madoz 1845: 173). É evidente que non debían de cumprir as expectativas do pai dos Pondal.

3 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS): *Muxía, Santa María*. Libros Sacramentais, Bautizados, 1779-1840, nº 5.

4 AHDS: *Nemiña, San Cristobo*. Libros Sacramentais, Bautizados, 1669-1851, nº 1.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767


Igrexa parroquial de san Cristovo de Nemiña.

Absolutamente concordante co antedito, confirmamos a identidade deste Cristóbal no seus expedientes de Sagradas Ordes[5], que informan de que Cristóbal de Lago y González é estudante, veciño da parroquia de San Cristovo de Nemiña e, desde os seus primeiros anos, con "ardiente deseo de ascender al estado sacerdotal".

No Libro de Defuntos de Touriñán e Nemiña[6] estampa don Cristóbal a súa última sinatura o 10 de decembro de 1872. Pouco máis dun mes despois, o 17 de xaneiro de 1873, o crego Manuel Oreiro y Pérez dedica unha páxina a consignar a defunción de "Cristóbal de Lago y González, hijo de Silbestre de Lago y Mª González, difuntos de Vilela de la indicada de Nemiña. Falleció de epatización pulmonar, con 75 años, el 16 de enero". Dezasete sacerdotes oficiaron o seu funeral. Daquela Pondal xa atopara o camiño da poesía: en 1872 publica *A fada dos montes*.

A formación de don Cristóbal de Lago

Non carece de interese indagar a formación intelectual do que foi preceptor dun dos nosos poetas do Rexurdimento. Por máis que dedicamos inxentes esforzos a atopar a súa pegada no ámbito académico universitario, os traballos foron en balde: no Arquivo Universitario de Santiago non hai rastro da súa presencia. Non puido estudar no Seminario de Santiago, que comezou a funcionar no ano 1829, cando el xa rematara os seus estudos.

Cremos que don Cristóbal pertenceu ao grupo de aspirantes a cregos que se formaron en Santiago, pero no eido extrauniversitario, nas casas das ordes monásticas (dominicos, xesuítas, franciscanos ou agostiños), con pasantes de Gramática ou cos chamados "practicantes de moral". Na solicitude de don Cristóbal para acceder á Prima Tonsura (o grao máis baixo da xerarquía clerical) preséntase simplemente como "estudiante", sen maior precisión, unha expresión por certo non infrecuente nos solicitantes. Para acceder aos seguintes graos, as autoridades eclesiásticas, a través dos sínodos, esixían entender a lingua latina e saber gramática (Barreiro

5 AHDS: Sagradas Ordes, 1062-64/94.

6 AHDS: *Touriñán, San Martiño/Nemiña, San Cristobo*. Libros Sacramentais, Defuntos, 1851-1891, nº 6.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

Mallón 1988: 469-507), os coñecementos que precisamente Pondal confesa que adquiriu en Vilela.

Do seu proceso de promoción na carreira eclesiástica, sabemos tamén que en 1823 solicita a obtención dos Graos e da Epístola, dous chanzos previos ao Presbiterado, "sin haber echo ausª. alguna más que aora ultimamente ala Ciudad de Santº. donde se halla á cursar sus estudios por el Imbierno durante el curso".

A súa condición de clérigo patrimonista queda avalada no documento no que consta que ten patrimonio doado pola súa viúva nai e polo seu irmán, Andrés de Lago[7]. Na documentación para o acceso ao Evanxeo, o último chanzo, aparece como "subdiácono patrimonial" e reitérase que cursa estudos en Santiago[8].

Na documentación relativa a este patrimonio[9], necesario para ordenarse sacerdote, Francisco Montero y González, cura de Touriñán, aporta datos sobre a formación de don Cristóbal, e confirma a súa función docente: "Certifico qe despues de concluida la Gramatica se dedicó a la Moralidad, y en algs años a la instru.on de niños con titulo conferido pr. el Provisor Dn. Lorenzo Ortega. 8re, 26, 1823". Sinala ademais que "se halla estudiando desde su niñez con entera voluntad de ascender al estado sacerdotal, al qual siempre manifestó mucha inclinación".

O principal dos bens doados, o primeiro do catálogo, é precisamente a casa onde seguramente Pondal recibiría as ensinanzas do dómine: "Una casa compuesta de alto y vajo cubierta de teja y madera con sus pisos y faiados correspondtes. sita en dho lugar de Vilela que le produce de renta en cada un ano tres ferrados de trigo, y reducidos a dinero son quarenta y ocho rs". Aínda hoxe segue en pé, destacando entre as restantes do lugar polas súas dimensións. Alí pasou moitas horas da súa nenez o noso Bardo, vivencias que non lle foron indiferentes a xulgar pola inspiración poética experimentada moitos anos despois.

Nesta casa recibirían as súas clases os discípulos de don Cristobo. Non era propiamente a reitoral —si a había na parroquia matriz, en Touriñán—, pois non pertencía ao igrexario, senón ao patrimonio privado do párroco. Polo antropólogo muxián Manuel Vilar (2013) sabemos que Pondal tería o seu aloxamento en Queiroso, nun lugar adxacente a Nemiña (só a dous quilómetros aproximadamente), na casa que alí posuían os seus parentes os Abente de Muxía, entre os que estaba o seu tío o médico Leandro. "En Queiroso aínda sinalan a casa na que se di estivo o Bardo, é a casa de Pondal", apunta Vilar. O mesmo confirma terlle oído contar ao seu mestre Ramón Vázquez o propietario actual desta casa, Eliseo Leis. Era unha

7 AHDS: Sagradas Ordes, 1062-108/74.

8 AHDS: Sagradas Ordes, 1062-114/66.

9 AHDS: *Fondo Xeral*, Serie Patrimonios, 1061-106/33. "Mem.l de bienes donados a Dn. Xptobal de Lago pª q.e p.r ellos se pueda ordenar, y ascender al estado ecclesiastico".

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

típica casa de labranza, desfigurada hoxe por desafortunadísimas reformas pero que aínda conserva pegadas do seu enxebre pasado, coa súa eira e varios cabazos.



Lugar de Vilela de Nemiña.

Puidemos comprobar como, entre as xentes deste afastado lugar, quedan aínda algúns recordos, moi descoloridos, destes tempos de incipiente e precaria escolarización rural. "Casa dos curas", non reitoral: así lle chamaban á que hoxe é a súa casa (a "Casa do Rexo") e foi escola de Pondal, segundo información do octoxenario Xesús Touriñán Trillo. Conta que a súa avoa era sobriña do cura Vicente, que sucedeu ao seu tío don Cristóbal no curato; morreu nonaxenaria e recorda terlle oído dicir que "na casa vivían curas e daban clase, ensinaban aos rapaces, e estes vivirían en casas pola parroquia, porque na súa casa non había sitio". Apunta Xesús que "a casa do cura era a do medio, as dos lados eran outras casas", e tamén sinala que nela "había moitos libros pero que tiraron con todo porque non lle daban valor". A sobriña neta do propietario, arriscada e fabulosa, mesmo afirma que "as clases eran arriba de todo, na ventá máis alta".

Mais non son estas as únicas noticias que a tradición oral recolle relativas ao Bardo na contorna de Fisterra. No maxín de moitos existe a estampa dun Pondal cruzando dacabalo pola praia ata Vilela, aproveitando a baixamar na ría de Lires, supoñemos que acompañado do seu criado Farruco da Bouza.

O *MAGISTER* RETRATADO POLO DISCÍPULO

Da dedicación á "instrucción de niños" xa sinalada podemos deducir a vocación docente de don Cristóbal. Mais un feito adicional confirma este proído pola formación dos cativos, xa que sabemos que á altura de 1868 don Cristóbal aparece nun índice de párrocos que solicitan rexentar nas súas freguesías escolas de ensino primario, sempre que non excedesen as cincocentas "almas"[10]. Nunha carta elevada ao Arcebispado[11], escribe:

10 AHDS: *Fondo Xeral*, Serie Instrución Pública, 1750-1897, Escolas e colexios da Diócese, Antecedentes varios, nº 459.

11 *Íbidem*. Carta de Cristóbal de Lago a D. Pablo Cuesta, datada en Touriñán a 4 de xullo de 1868.

> admito el magisterio que en ellas [as parroquias de Touriñán e Nemiña] se me encomienda, tanto por considerar esta ocupación útil para la mas facil enseñanza de los niños, y despertar del profundo sueño en que están aletargados algunos padres de familia, respecto de la educación cristiana de sus hijos, cuanto p^{r}. residir en estas parroquias dos presbiteros que pueden, y están resueltos á escusarme en las necesidades ocurrentes.

Quedou dito que Carballo Calero (1981: 243, n. 13) sinala que "Pondal non mencioa o nome do mestre" no poema "Ó abrigo de vento circio", no que o Bardo recorda aqueles tempos de estudante de latín en Vilela de Nemiña. Certamente. E tamén parece esquecelo noutra peza na que evoca os mesmos tempos, "Ao abrigo do monte da Croa", xa que non alude a el nin sequera indirectamente. Porén, no proceso creativo deste poema buliu no seu maxín a estampa do mestre, como demostran as variantes textuais pacientemente editadas por Ferreiro (Pondal 2002: 525-533). Malia o fragmentarismo paga a pena reproducir os bosquexos de Pondal para tirar deles as súas impresións. Incluímos entre parénteses as diversas opcións léxicas que barallou o poeta antes de parir a redacción definitiva.

Amable nostalxia, aprecio e humor mestúranse no momento de evocar as ensinanzas "dáquel domine estraño e estupendo/Baixo a ruda e genial disciplina/De quen riran Juan Bravo e Nebrija". Volve insistir na mesma idea "D'aquel domine raro e estupendo/Do q'o boo Ciceron tanto rira (ben rira, Marco Tulio se rira, De quen tanto o gran Tulio se rira)". Sinala que na "pequena aldea" de Vilela "estudiei lingua latina,/En Santiago Villafañe,/No libro Bravo e Nebrija,/Do noso boo Dn Cristobo/Baixo a ruda desciprina/N'ela pasei os dous anos/Millores da miña vida".

Noutros borradores deste poema achega máis datos, incorporando notas prosopográficas do crego: "N'esta aldeíña estudiei/O arte d'Antonio Nebrija/Co noso boo presbítero (Dn. Cristobo)/Don Cristobo de Nemiña/Lago, de color mourisca/". E finalmente: "Co noso boo Dn Cristobo/De Lago, muy boa ficha,/De corpo barudo, nacho (rechoncho, algo nacho)/E cara de letra antiga/Cal de mouro de Trudante (d'Argel)/escura, fea e cetrina/Cal d'arabe de Makalla (¿Mascute?)/Escura fea e cetrina/En esta pequena aldea/Estudiei lingua latina/Co noso boo Dn Cristobo/De Lago, muy boa ficha".

Os *auctores* latinos na *Vilela pequeniña*

Polos poemas citados sabemos dalgúns dos libros usados polos discípulos de don Cristóbal. O que comeza "Ao abrigo do monte da Croa", na súa versión definitiva, cita dous expoñentes do latín clásico: Tulio, sen dúbida Marco Tulio Cicerón, e Horacio, nomeados a propósito dun verso non exento de humor: "con aquel dó-

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767


Casa de Queiroso, onde viviu Pondal.

mine feo e estupendo,/de quen Tulio e Horacio fugiran". A interpretación desta "fuxida" non é difícil se temos en conta os bosquexos: "Do q'o boo Ciceron tanto rira (ben rira, Marco Tulio se rira)" ou "De quen tanto o gran (boo) Tulio se rira". Para remarcar a personalidade peculiar do crego, o poeta bota man da hipérbole: ata aos *auctores* da antigüidade non lles pasa desapercibido o crego preceptor.

A propósito de Horacio, podemos traer a colación a carta enviada por Pondal desde A Coruña (25 de xaneiro de 1898) á súa irmá Josefa, "Pepita", solicitándolle o envío das obras do ilustre poeta augústeo: "Los libros de Horacio, que se distinguen por su cubierta verde, (todos en rústica), uno debe de estar en el mismo baúl y los otros en el estante de ese despacho. Son estos por todos, 8 pequeños volúmenes, y además otro folletito del mismo color verde y tamaño que dice: *Ars Poética o Epístola ad Pisones*" (Ferreiro 1991: 187).

Noutras dúas cartas de 1904 e 1905, ámbalas dúas enviadas a Andrés Martínez Salazar desde Ponteceso, pecha o texto coa mesma cita latina extraída da *Sátira II*, tamén de Horacio: *Vivite fortes, fortiaque opponite pectora rebus* na primeira e, máis brevemente, *Vivite fortes* na segunda (Ferreiro 1991: 209, 215).

Os borradores do poema devandito fornécennos de máis información, pois son citados nas diversas variantes textuais Santiago Villafañe, Juan Bravo e Antonio de Nebrija. O máis nomeado, Nebrija (1441-1522), debe o seu timbre de gloria ao feito de ser o autor da primeira gramática dunha lingua vernácula, a *Gramática castellana* publicada en 1492. Profesor de linguas clásicas en Salamanca primeiro e despois en Alcalá, Nebrija escribiu unha obra para a aprendizaxe do latín, as *Introductiones Latinae*. As dúas obras poderían estar nos andeis de don Cristóbal, amén doutras das moitas escritas polo senlleiro humanista.

Moito menos coñecido é o "Arte do boo Villafañe". Refírese, sen dúbida ningunha, ao *Speculum Gramaticorum*[12], obra de Santiago de Villafañe de la Payana y Yebra, latinista do século XVII, berciano de Cacabelos. Estudou cos xesuítas de Villafranca del Bierzo, e as escolas da Compañía de Xesús acabarían tomando o *Speculum* como libro de texto. Podería ser o uso deste libro un indicio de que foi

12 *Explicacion facil, breue y elegante de las quatro partes de la Gramatica Ethimologia, Prosodia, Ortographia y Syntaxis: con lo methodico y historico della al estilo de las doctas Escuelas de la Compañia de Iesus.*

no centro da Compañía de Xesús onde don Cristobo estudou antes de ordenarse sacerdote?

Mais a que resulta verdadeiramente curiosa é a mención a un tal Juan Bravo. Cremos non errar se o identificamos con Juan Bravo de Piedrahita (1527-1610), do que sorprende a súa dedicación: nin gramático nin latinista, como Nebrija ou Villafañe. Bravo escribiu tratados de medicina sobre cuestións diversas[13], iso si, en latín. Foi a primeira vez que Pondal contactou coa materia da que ía ser a súa formación universitaria? Non deixa de ser curioso, insistimos, o recordo que Pondal ten deste autor.

Paga a pena comentar, pola súa peculiaridade, un feito protagonizado por don Cristóbal en relación á medicina, e do que temos noticia por unha carta enviada por este ao arcebispo de Santiago[14]. Corría o mes de marzo de 1854 e como ecónomo de Touriñán e Nemiña escríbelle moi preocupado ao seu prelado contándolle que lles subministrou purgantes a varios enfermos, algúns dos cales morreron. "El exponente no tiene remordimiento de que la muerte de estos fuese causada por el purgante, sino por una causa natural; pero desconfia que esta medicina aplicada intempestivamente, ó en dosis desproporcionada haia contribuido á acelerar la muerte, especialmente de un niño, á quien propinó el remedio sin verle, de una muger de parto abandonada ya por los facultativos y la de un hombre acometido de fiebre". Mais don Cristóbal "teme haber incurrido en irregularidad, cuios fatales efectos le angustian continuamente, principalmente ahora que está para recibir la colación de beneficio curado de Touriñan". De aí que suplique a dispensa ao arcebispo frei Rafael de Vélez, que o absolve "ad cautelam", pois sería un caso de homicidio "casual" e non "voluntario" ou "directo". Cadaquén pode tirar as súas propias conclusións, pero o certo é que, entre as obras de Juan Bravo, non faltan as relativas á febre e aos purgantes[15]. *Cura animarum* e *cura corporum*: tales foron as ocupacións, moi desiguais en resultados, do mestre do futuro e efémero médico Pondal.

No poema titulado "O dolmen de Dombate" (Pondal 2001: 28-31 e notas) lémbrase tamén Pondal "do erudito Nebrija/e do boo Villafañe" na redacción definitiva. Nos bosquexos escribe que aprendía en Nemiña "Do boo Nebrija o arte,/E aquel outro tratado/Q'escribío Villafañe".

13 Ademais de comentarios ás obras dos célebres médicos da antigüidade, Hipócrates e Galeno, o tratadista abulense abordou, entre outros, o estudo da farmacopea e os medicamentos, e a hidrofobia.

14 AHDS: *Fondo Xeral*, Serie Varia, 1148, Arciprestado de Nemancos (1825-1903), Mazo 3º, Parroquias O-V.

15 *In libros Galeni de differentiis febrium commentaria* e *De Curandi Ratione per medicamenti purgantis exhibitionem Libri.*

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767


Casa de Vilela, lugar onde estudou Pondal.

Por último, no borrador da peza iniciada por "Ouh boo Farruco da Bouza" (Pondal 2002: 121-122 e notas) temos a mención a outro autor latino: "Cando eu era inda rapas/E en Quinto Curcio estudiaba". Non hai dúbidas: trátase do retórico Quinto Curcio Rufo, de cronoloxía incerta pero probablemente da época do emperador Claudio, e autor dunhas *Historiae Alexandri Magni* en dez libros que, cun estilo poético e retórico, non carecen de pasaxes apaixoantes e de grata lectura que excitarían a imaxinación novelesca dos nenos confinados en Vilela. No fin de contas, como sinala Bieler (1992: 273-274), a obra é "una novela de otra clase [con respecto al *Satiricón* de Petronio], o al menos algo muy parecido a una novela… Ha cumplido con su finalidad, que era la de servir de pasatiempo". No mesmo sentido defínea Bayet (1985: 311): una "vida novelada", onde non faltan o pintoresquismo, as lendas e as heroicidades que contribuíron ao seu "éxito innegable" e que de seguro farían as delicias dos escolares. Porén, non hai pegada de Alexandre Magno nos versos de Pondal: sabido é que o seu helenismo[16] se inclina claramente á exaltación da ruda Esparta, máis acaída aos seus propósitos temáticos.

2. PONDAL NO INSTITUTO DE SANTIAGO

O neno Pondal chega a Compostela fornecido dos rudimentos da lingua latina. E será outro clérigo, o presbítero don Pedro Losada se cremos a Florencio Vaamonde (1889: 114), quen lle amplíe os coñecementos de latín iniciados en Vilela. Descoñecemos a fonte de Vaamonde, pero a noticia podería ser inexacta, como veremos. Na capital vai estudar tamén grego, con don Santiago Usoz, segundo Bouza Brey (1925), aínda que "nom parece razoável admitir que Pondal dominasse o grego e conhecesse a literatura clássica no mesmo nível que os professores graduados universitariamente na Faculdade de Filosofia e Letras ou formados nas Universidades Pontifícias", apunta Carballo Calero (1986: 50).

16 Ademais doutros estudos centrados en aspectos parciais ou poemas concretos, cabe destacar as achegas de Carballo Calero (1986). J. Mª Blanco Filgueira (1967) dedicoulle a súa tese de licenciatura (inédita): *El helenismo en Pondal*. Máis recentemente, Mª Teresa Amado Rodríguez en "Os gregos e Pondal" (1999).

Os institutos de ensino secundario fundáronse tarde en Galicia con respecto a outras rexións españolas, debido ao escaso peso das clases acomodadas, terratenentes e burguesía fundamentalmente (Barreiro Fernández 1983: 67). Mais o pontecesán chegou a tempo a unha feliz circunstancia: en 1847 fundábase en Santiago o Instituto de Segunda Enseñanza Agregado á Universidade[17], onde comezou o Bacharelato no curso 1848-1849, cando tiña trece anos, xunto con 78 alumnos máis, nas aulas da Universidade, da que dependía o Instituto.

O Plano Pidal (1845) dáballe á segunda ensinanza unha orientación humanístico-clásica moi marcada, como demostraba o gran peso concedido en tódolos cursos ás gramáticas castelá e latina, fronte ás asignaturas de ciencias, moito máis relegadas. Cabe sinalar o carácter obrigatorio da lingua francesa, lingua por certo na que Pondal leu aos clásicos, como revelan as informacións de Bouza Brey (1925: 1-14). O ensino elemental impartiríase durante cinco anos, con presenza do latín en tódolos cursos: Lingua Latina en primeiro e segundo, Gramática Latina en terceiro, e Gramática ou Lingua Latina en cuarto e quinto. O libro escollido pola Cátedra de Latín era *Gramática Latina y Castellana* de Luis Mata Araufo, Colección de Autores Latinos dos Escolapios.

Cabía a posibilidade de realizar durante dous anos un "ensino de ampliación"[18] para conquistar o título de Licenciado en Letras. Esta Sección de Letras incluía varias materias, entre elas Perfección da Lingua Latina ou Latín e Grego. Pondal cursou este "6º ano de Filosofía (1853-1854)", como consta no seu expediente, con resultado de "Notable", e "con este curso simultaneó lengua griega: Sobresaliente". Acadaba así o Grao de Bacharel en Filosofía[19], o 8 de xuño de 1854, ano no que comeza a carreira de Medicina e Cirurxía.

O primeiro catedrático de Latín do Instituto sería don Francisco Santiago Viqueira, que impartiría o seu saber ata 1850. Tiña como auxiliar a don Pedro Bartolomé Casal. Ámbolos dous deberon ensinarlle a materia a Pondal, como tamén outros que ensinaron nos anos de formación do futuro poeta: os profesores doutores don Manuel García Maceira, don Ildefonso Rosendo Fernández e don Lucas

17 As informacións referentes ao Instituto foron tiradas da tese de licenciatura de María do Carme Fariña Casaldarnos, *O Instituto "Arcebispo Xelmírez" de Santiago de Compostela. Historia documental (1845-1857)* (1996).

18 "La segunda enseñanza de ampliación es la que prepara para el estudio de ciertas carreras o sirve para perfeccionar los conocimientos adquiridos en la elemental. Esta enseñanza se dividirá en dos secciones, que por los estudios que en cada una, respectivamente, predominan, se llamarán de *Letras* y de *Ciencias* […]" (Art. 6º do Plano Pidal).

19 "La segunda enseñanza elemental y la de ampliación constituyen juntas la *Facultad de Filosofía*, en la cual habrá grados académicos como en las Facultades mayores" (Art. 8º). "Para ser admitido el grado de *bachiller en Filosofía* se necesita aprobar los estudios de la segunda enseñanza elemental" (Art. 9º do Plano Pidal).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

Estrada Carrasco. Non consta como profesor do Instituto o devandito don Pedro Losada, que si foi un destacado docente da Universidade.

Nun dos regulamentos o Instituto establece o seguinte:

> Los profesores de latín y castellano tendrán obligación de enseñar á la par estas dos lenguas, apoyando en la primera el conocimiento de la segunda para que los alumnos lleguen a poseerla en la perfección debida. Cuidarán particularmente de que sus discípulos hagan continuos ejercicios de temas y traducciones, procurando no omitir nada de cuanto contienen los tomos de trozos selectos de ambos idiomas que para cada año ha publicado el Gobierno, única colección de que se hará uso en las escuelas. En el primero se pasará sin embargo la parte titulada *Epitome Evangeliorum* por no estar al alcance de los alumnos en el estado de instrucción que han de tener.

Os inéditos en latín

No Arquivo da Universidade de Santiago atópase o expediente académico de Eduardo María González Pondal Abente[20]. Consta da documentación correspondente non só aos seus estudos superiores de Medicina e Cirurxía, senón tamén aos de ensinanza media, pois como dixemos o Instituto de Santiago dependía da Universidade. Bouza Brey deu conta xa dalgunhas informacións deste expediente en 1925, e Manuel Ferreiro reproduciu gran parte dos documentos, polo menos os máis relevantes (1991: 265-273). Porén, ficaron inéditas tres cuartillas cun exercicio de latín consistente en traducir un breve texto, unha "oración", do castelán ao latín. Este feito podería deberse a que esta documentación que hoxe exhumamos, pertencente ao Instituto de Santiago, fora incorporada ao expediente *a posteriori* das pescudas anteditas.

Os tres exercicios, asociados a papeletas de cualificacións académicas das que reproducimos unha no anexo, están firmados por Pondal e indican afortunadamente o ano académico ao que corresponden. Temos consultado outros expedientes da mesma época, e tamén neles se recollen estes exercicios, incluso cos mesmos textos, polo que teriamos que pensar que son una especie de probas de avaliación para demostrar a súa capacitación na gramática e composición latinas. Da comparación entre os do bacharel Pondal e outros alumnos podemos concluír as excelentes competencias do pontecesán na lingua latina. Semella que o bienio co "dómine feo" resultou frutuoso. Xulgue o lector:

20 Arquivo Universitario de Santiago (AUS): *Fondo Universitario*, Expedientes persoais, 579, nº 7.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

[1] 16 x 22 cm.

1r.

Eduardo Gonzalez Pondal y Abente
2º. año de Filosofia.
Numero 29

1v.

Vosotros que os habeis ocupado en el estudio de la Religion no habeis debido tener en menos la Moral, sabreis que la existencia de Dios es una verdad mas clara que la luz del dia, y que su voluntad soberana es la regla de nuestras costumbres.

Latin

Vos qui vacastis (sive vacavistis) studio religioso non aestimaturi fuistis minoris (id est pretii literas morales, scietis existentiam Dei ese verum clarius luce diei (seu quam lux diei est) vel magis clarum quam lux diei est, volumtatemque divinam ejus esse statuta reliligiosa morum nostrorum.
Eduardo Gonzalez Pondal y Abente
2º. año Numero 29.

[2] 15 x 21 cm.

1r.

Oracion

En todas las lenguas los poetas usan palabras y giros ó construcciones que en la prosa no se toleran; pero en la Griega y en la Latina, llegó a tal punto esta licencia; que el lenguaje poëtico se llamó con propiedad Dialecto. Es pues no combeniente sino necesario, para tener un conocimiento completo de estas lenguas; leer los poetas que en ellas escribieron sus obras y notar de paso cuanto se diferencia su estilo del de la prosa.

Omnibus idiomatibus poëtae adhibent verbis construccionibusve quae oratione poluta non perpetiuntur sed idiomate Greco Latinoque pervenit eo liberalitas haec; ut stilus poëticus nominaret proprie Isagoge. Est igitur non combeniente sed necesarium ad noscendum perfecte

1v.

haec idiomata legere poetas qui illis exoravere libros suos, et notare eo, ubi distinguntur stilus eorum ex illo orationis solutae.
Eduardo Gonzalez Pondal y Abente
3er año
Nº 59

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

[3] 16 x 22 cm.

1r.

4º año de Filosofia
Eduardo Gonzalez Pondal
Nº 5

1v.

Oracion

La universidad de Santiago, fundada por los reyes de España para instruir a la jubentud, se propone tres grandes objetos que son la ciencia, las costumbres, la religion. En primer lugar intenta cultibar el talento de los jobenes, y adornarle con todos los conocimientos de que son capaces. Despues se aplica a rectificar su corazon por principios de honór y de probidad para hacerlos buenos ciudadanos.

Latin

Academia compostelana condita regibus hispaniis ad jubentutem instituendam, habet in mente tres magnos fines, quae sunt scientia, mores, religio. Primum conatur ingenium jubenorum perpolere, et illud exornanare omnibus notionibus quibus sunt capaces. Secundum opponitur suum cor rectificare intra honoris provitatesque, ut sint boni cives.

Eduardo Gonzalez Pondal

Estamos ante os autógrafos máis antigos conservados de Pondal: era entón un poeta en potencia, pero tamén só un simple estudante do Instituto cando escribiu e asinou estes papeis. Ata o de agora os autógrafos máis antigos eran o *Brindis* pronunciado no banquete de Conxo e unha carta relacionada con el, que atopamos no Arquivo Diocesano de Santiago e publicamos neste mesmo *Boletín* (Neira 2012), documentos datados en marzo e agosto de 1856 respectivamente. Os que aquí exhumamos datan dos anos 1849, 1850 e 1851, inicios respectivos dos cursos 2º, 3º e 4º de Filosofía.

Unha análise dos textos con vagar revela que estamos ante un alumno con coñecementos gramaticais e destrezas de tradución moi destacados. No texto 1 apreciamos como Pondal coñece as variantes do pretérito perfecto (*vacastis* e *vacavistis*) e da construción do comparativo de superioridade, tanto a sintética (*clarius*) coma a analítica (*magis clarum*), cos correspondentes segundos termos da comparación. Non empanan o seu labor tradutor os lapsos que comete ao non pechar a paréntese, a duplografía **reliligiosa* por *religiosa* e o de traducir **literas* por *litteras*, con simplificación de xeminadas.

No texto 2 chama a atención o uso pouco ortodoxo de dous termos. En troques de traducir *lingua* opta por *idioma*, que en latín alude a un concepto lingüístico diferente, o "idiotismo". Non procede tampouco o vocábulo empregado para traducir "Dialecto": *Isagoge* significa en latín "exordio, parte introdutoria dunha obra". Máis comprensible, se reparamos na evolución posterior da lingua, resulta o fallo no grupo consonántico culto *-ct-*: **construccionibus* por *constructionibus*.

A confusión na identificación da conxugación verbal leva a Pondal a traducir **perpolere* no canto de *perpolire*; é sen dúbida o erro máis salientable no texto 3, no que non faltan vacilacións ortográficas (**jubentutem* por *juventutem*), simplificación de xeminadas (**compostelana* por *compostellana*) ou o ablativo plural incorrecto **hispaniis* por *hispanis*. O cambio de liña explica a duplografía **exorna-/nare* por *exornare*.

3. PONDAL POETA: A REVELACIÓN DO HELÉNICO

Nun home vitalmente entregado en corpo e alma á creación poética, a pegada da súa formación latina tiña que ser indeleble. Todo poeta é un ludópata da palabra. E o coñecemento da lingua latina en tódolos seus niveis ten por forza que emerxer neste xogo, implícita ou explicitamente. Mais Pondal é recoñecido, ante todo, como un helenista. Polo expediente universitario sabemos que cursou a lingua grega, na que obtivo sobresaínte. Nunha misiva informa de que dúas circunstancias persoais lle impediron matricularse a tempo en grego, polo que solicita poder facelo fóra de prazo. As circunstancias aducidas son a morte da súa irmá Eduarda e unha indisposición do solicitante por motivos de saúde.

Excede o propósito deste artigo abordar o helenismo en Pondal, bastante estudado por certo. Con respecto á herdanza latina, Carballo Calero sinala que "emprega sen temor o cultismo latinizante ou helenizante" (1981: 311). Á marxe das alusións devanditas a autores latinos en poemas, do Pondal de vinte anos, estudante de Medicina, di o seu benquerido Murguía: "El amor, la poesía, la libertad, la gloria, todos tenían para él su sonrisa. Virgilio y el Tasso eran sus dioses" (1886: 432). É a vea épica que, partindo do imprescindible Homero, chega a outros poetas moi do gusto de Pondal, entre eles Virxilio, considerado por Carballo Calero (1986: 52) como unha das fontes áureas nas que bebe o pontecesán. En carta de 1882, Murguía pregúntalle a Pondal por que non traduce a Virxilio, o cal denota os amplos coñecementos que do latín tería o poeta: "V., que tan perfectamente conoce el latín y el gallego, y el campo y sus faenas, ¿por qué no nos traduce en el idioma materno *Las Geórgicas?* (Ferreiro 1991: 105).

Na correspondencia privada emerxe algunha vez o Pondal latinista. A propósito de Horacio, podemos mencionar a carta enviada polo poeta desde A Coruña (25 de xaneiro de 1898) á súa irmá Josefa, "Pepita", solicitándolle o envío das obras do

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

ilustre poeta augústeo: "Los libros de Horacio, que se distinguen por su cubierta verde, (todos en rústica), uno debe de estar en el mismo baúl y los otros en el estante de ese despacho. Son estos por todos, 8 pequeños volúmenes, y además otro folletito del mismo color verde y tamaño que dice: *Ars Poética* o *Epístola ad Pisones*" (Ferreiro 1991: 187). Precisamente a esta obra (389) pertencen as palabras latinas coas que o pontecesán demostra o seu coñecemento de Horacio nunha carta a Martínez Salazar: "Mis *Eoas* están concluidos y sólo cumplen, por breve tiempo, aquel precepto de Horacio: *Membranis intus positis…* (Ferreiro 1991: 143)".

Noutras dúas cartas de 1904 e 1905, ámbalas dúas enviadas a Andrés Martínez Salazar desde Ponteceso, pecha o texto coa mesma cita latina extraída de *Sermo* II, 2 (vv. 135-136), tamén de Horacio, neste caso dunha sátira: *Vivite fortes, fortiaque opponite pectora rebus* na primeira e, máis brevemente, *Vivite fortes* na segunda (Ferreiro 1991: 209, 215). O poeta cita de memoria os versos da sátira horaciana, por suposto; a pasaxe completa é *quocirca vivite fortes,/fortiaque adversis opponite pectora rebus.* Ou sexa: "Polo tanto vivide fortes, e opoñede forte peito ás circunstancias adversas". É o Pondal estoico, senequista.

Nunha misiva de 1868 a Murguía, Pondal remata o escrito cun adaxio medieval inspirado nun verso do poeta latino Ovidio (*Epistulae ex Ponto*, IV, 10, 5): *Guta cavat lapidem;/ non vix, sed saepe cadendo* (Barreiro/Axeitos 2005: 55). Sen dúbida cita de memoria, porque comete dous erros: *Guta* por *gutta*, e *vix* por *vi*.

Entende Pondal que se o destinatario é un intelectual sempre se pode dar mostras de erudición. Na carta en galego enviada desde Ponteceso a Eugenio Carré Aldao coroa o texto cunha cita de Séneca, tirada de *Ad Helviam matrem de consolatione*, XIX, 3: "Todo esto lles fará reflexionar e conocer unha vez mais, cuan pouca e fraca cousa sea o corazon humano, e cuan profunda aquela sentencia de Séneca: *Moerentes ea quae diligunt fugiunt*" (Ferreiro 1991: 203). Tamén aquí a cita faina o poeta *grosso modo*, pois a literalidade é *Solent maerentes ea quae maxime diligunt fugere*, isto é: "Acostuman os aflixidos a rexeitar aquilo que máis queren".

Por último, outro autor citado por Pondal é Lucrecio (*De rerum natura*, II, 14), no seu estudo *Toponimias del pequeño valle de Puenteceso*. A propósito da destrución e saqueo de dous dolmens no seu "val nativo", exclama indignado: *¡O misera meus hominum, o pectora cae…* (ilexible) (Forcadela 1988: 113). Estamos de novo ante unha aproximación, tamén de memoria, ao verso correcto *O miseras hominum mentis, o pectora caeca!*

En fin, da súa bagaxe clásica grega e latina, será o universo helénico o que lle proporcione ao seu estro poético non poucos contidos, ambientes, personaxes e elementos lexicais. Mais non ocorre o mesmo co mundo romano, case só presente no cultismo latinizante. O austero, rudo e belicoso lacedemonio gañáralle a partida ao civilizado romano.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Amado Rodríguez, Mª Teresa (1999): "Os gregos e Pondal", en Rosario Álvarez Blanco e Dolores Vilavedra Fernandez (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Tomo II. Santiago de Compostela: Universidade, 95-107.

Barreiro Mallón, Baudilio (1988): "El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)", *Compostellanum* vol. 33, 3-4, 469-507.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1983): *Historia de la cultura gallega. Siglos XIX-XX*. T. III. A Coruña: Gamma.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Xosé Luís Axeitos (ed.) (2005): *Cartas a Murguía II (1868-1885)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Bayet, Jean (1985): *Literatura latina*. Barcelona: Ariel.

Bieler, Ludwig (1992): *Historia de la literatura romana*. Madrid: Gredos.

Blanco Filgueira, José M.ª (1967): *El helenismo en Pondal*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de licenciatura inédita.

Bouza Brey, Fermín (1925): "A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus *Queixumes*", *A Nosa Terra* 208-211, 11-12.

Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea: 1808-1936*. Vigo: Galaxia.

——— (1986): "Sobre o helenismo de Pondal", *A Nosa Terra Extra* 7, 49-53.

Fariña Casaldarnos, María do Carme (1996): *O Instituto "Arcebispo Xelmírez" de Santiago de Compostela. Historia documental (1845-1857)*. Santiago de Compostela: Universidade.

Ferreiro Fernández, Manuel (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura (biografia e correspondencia)*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Forcadela, Manuel (1988): *A harpa e a terra. Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Madoz, Pascual (1845): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo I. Madrid: [s.e.].

Murguía, Manuel (1886): *Los precursores*. La Coruña: Imprenta de La Voz de Galicia.

Neira Pérez, Juan Félix (2012): "Dous autógrafos inéditos de Eduardo Pondal: o Banquete de Conxo", *Boletín da Real Academia Galega* 371, 389-403.

Pondal, Eduardo (1995): *Poesía galega completa. Vol. I. Queixumes dos Pinos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións. Edición de Manuel Ferreiro.

——— (2001): *Poesía galega completa. Vol. II. Poemas impresos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións. Edición de Manuel Ferreiro.


© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

——————— (2002): *Poesía galega completa. Vol. III. Poemas manuscritos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións. Edición de Manuel Ferreiro.

Vaamonde Lores, Florencio (1889): *Resume da historia de Galicia.* A Cruña: Emprenta e Libreiria de Carré.

Valdés Parga, Jaime (2009): *Ponteceso, el nacimiento de un pueblo*. A Coruña: Sugestión Gráfica.

Vilar Álvarez, Manuel (2013): "A Muxía de Rosalía" (24-3-2013), *Terra e Tempo. Dixital galego de pensamento nacionalista*. http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=2988&seccion=13



UNIVERSIDAD DE SANTIAGO.

Facultad de Filosofía — Curso de 1849 a 1850

2º año. — Papeleta nº 29.

D. Eduardo Gonz.z Pondal natural de


Provincia de

ASIGNATURAS.	NÚM. DE LAS LECCIONES.	CALIFICACIONES.
Latín y Cast.	33	Bien.
	123	Bien.
Traduccion		Bien.
Historia	3	Bien.
	22	Bien.
Geografía	10	Bien.
R. y Literal.	42	Bien.


Santiago 17 de Junio de 1850.

J. Ogea

Papeleta de cualificación de Pondal no 2.º ano de Bacharelato.




Datos do alumno no exercicio do 2.º ano.



Datos do alumno no exercicio do 4.º ano.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767



Vosotros que os habeis ocupado en el estudio de la Religion no habeis debido tener en menos la Moral, sabeis que la existencia de Dios es una verdad mas clara que la luz del dia, y que su voluntad soberana es la regla de nuestras costumbres.

Latin


Vos qui vacastis (sive vacavistis) studio rei divinae non aestimaturi fuistis minoris (id est pretii) literas morales, scietis existentiam Dei esse verum clarius luce diei (seu quam lux diei est) vel magis clarum quam lux diei est, voluntatemque ejus esse statuta religiosa morum nostrorum.

Eduardo Gonzalez Pondal y Abente

2.º año Numero 29

Exercicio de tradución do 2.º ano.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767



Oracion


En todas las lenguas los
poetas, usan palabras y giros
ó constrcciones, que en la prosa
no se toleran; pero en la Griega
y en la Latina, llegó á tal punto
esta licencia, que el lenguage
poëtico se llamó con propiedad,—
Dialecto. Es pues no conveniente,
sino necesario, para tener un cono-
cimiento completo de estas lenguas,
leer los poecias que en ellas escribie
ron sus obras, y notar de paso cuan
to se diferencia su estilo del de la prosa.

Omnibus idiomatibus poëtæ, adhibent
verbis constrcctionibusve, quæ, oratione
soluta non perpetrantur, sed idiomate
Græco Latinoque, pervenit eo liberalitas
hæc; ut stilus poëticus nominatur
propriè; Isagoga. Ut igitur non conveniente
sed necessarium, adhibendum perfectè

REAL ACADEMIA GALEGA


Exercicio de tradución do 3.º ano (anverso).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767



Exercicio de tradución do 3.º ano (reverso).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767



Exercicio de tradución do 4.º ano.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 171-192
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 193-229
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

UN MANUSCRITO INÉDITO DO SÉCULO XVIII SOBRE A IMPORTANCIA DA LINGUA GALEGA E A NECESIDADE DUN DICIONARIO

Xosé Ramón Barreiro
Xosé Luís Axeitos
Ricardo Axeitos Valiño
Real Academia Galega

Resumo: O obxectivo deste traballo é o de transcribir e dar a coñecer un novo opúsculo lingüístico galego inédito, de finais do século XVIII, cuxo autor, despois de ponderar e gabar a riqueza da lingua galega, defende a urxente necesidade de redactar un dicionario galego. Lamentablemente, ao dito manuscrito fáltanlle as páxinas finais, o que nos impide coñecer o nome do autor. Pola nosa parte, sen pretender solucionar totalmente o problema da autoría, e como primeira achega, facemos un repaso por aqueles ilustrados galegos que no momento da redacción do texto dedicaron a súa atención á lingua galega e que ben puidesen ser os seus redactores.

Abstract: The objective of this work is that of transcribing and provide a new Galician unpublished linguistic treatise of the late eighteenth century, in which the author, after pondering and praising the wealth of Galician language, defends the urgent need to draw up a dictionary in Galician. Unfortunately the manuscript is missing the final pages, which prevents us from knowing the name of its author. For our part, and without trying to completely solve the problem of authorship, and as a first approach, we review those Galician illustrated that when text was editing, turned their attention to the Galician language and who could be his editors.

Palabras chave: Historia da lingüística galega, século XVIII, lexicografía galega, Martín Sarmiento, Miguel Arias de Losada, Xoán Sobreira Salgado, Francisco María del Valle Inclán, Bernardo Foyo, José Labrada, Vicente Payzal.

Key words: Galician linguistic history, galician lexicography, eighteenth century, Martín Sarmiento, Miguel Arias de Losada, Xoán Sobreira Salgado, Francisco María del Valle Inclán, Bernardo Foyo, José Labrada, Vicente Payzal.

No século XVIII no contexto sobre o debate hexemónico das linguas, naceu o estudo do galego da man do Padre Sarmiento, quen marcou un camiño que pronto seguirían outros ilustrados galegos. Porén, a tarefa destes homes, mesmo a do ilustre monxe bieito, quedou confinada nunha tradición manuscrita que non facilitou a visibilidade dos novos conceptos e metodoloxías que estaban a sentar os alicerces da lingüística románica.

O obxectivo deste traballo é o de transcribir e dar a coñecer un novo opúsculo lingüístico galego inédito do século XVIII[1], nacido neste contexto fundacional, e no que o autor, despois de ponderar e gabar a riqueza da lingua galega así como de salientar a xeneralidade do seu emprego no territorio de Galicia e nos limítrofes, defende a urxente necesidade de redactar un dicionario galego.

Este texto, ademais de ser un novo testemuño do interese que o galego espertou nos estudosos do XVIII, tamén nos achega un novo dato: a existencia dun vocabulario galego, hoxe perdido, e a identificación do seu autor, o bieito Miguel Arias de Losada.

Mais o manuscrito está, lamentablemente, incompleto ao faltarlle as páxinas finais, e carece do nome do autor e de data de redacción. Recollido en oito pregos numerados do un ao oito na marxe superior esquerda, que veñen sendo dezaseis páxinas escritas na súa totalidade, a súa letra ten as características formais das grafías de finais do século XVIII e comezos do XIX. O coidado da caligrafía e os poucos riscados que presenta parecen indicar que estamos ante unha copia en limpo do escrito.

Sabemos que faltan pregos por quedar o texto cortado de xeito abrupto no medio dunha frase. Ademais, as páxinas presentan na marxe inferior dereita un reclamo que adianta a primeira palabra do texto da seguinte páxina. Así a última das páxinas ten un destes reclamos, delatando tamén unha continuación que falta.

O documento leva por título *Aparato al dicionario de la lengua gallega* e comeza lamentando a falta de estudos da lingua galega aínda cando de entre todas as linguas coñecidas "la más inútil de todas ellas, la menos conocida, y más distante de nosotros, mereció el desvelo de hombres amantes de la sociedad" (p. 1). Mesmo os galegos que notaron esta falta limitáronse a "lastimeras conversaciones" (p. 1) sen que ninguén se animase a pórlle remedio. Tan só coñece o autor anónimo a dúas persoas que intentaran emprender a tarefa de realizar un dicionario da lingua galega. A primeira, Sarmiento, tivo a idea de "formar un diccionario de la lengua

1 O manuscrito chegou ao arquivo persoal de Xosé Ramón Barreiro por doazón do culto anticuario don Ricardo Martínez, quen asegurou que procedía de fondos adquiridos aos herdeiros de don César Vaamonde Lores.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

en que se crío" (p. 1), pero sen chegar a rematalo. Aínda que se fala en termos eloxiosos dos traballos lingüísticos do sabio bieito, recoñéceselle o descoido de ter admitido por galegas palabras en realidade portuguesas quizais confundido polo esquecemento, despois de todos os anos pasados en Castela, de "la pronunciación gallega, único distintivo de muchas voces que los gallegos no pueden ni podrán diferenciar por escrito, mientras no usen de notas literales igualmente diversas que sus tonos" (p. 2), ou ben por ignorar os termos empregados nas diferentes comarcas galegas, pois o galego dominado por Sarmiento sería o da súa Pontevedra natal.

A mención a Pontevedra leva ao autor do texto a dedicar un pequeno eloxio da vila de Pontevedra, lembrando a outros dous fillos ilustres dela, Pedro de Acuña "secretario de Estado de Su Majestad" (p. 3) e o tío deste, Sebastián de Malvar, "arzobispo de Santiago" (p. 3) (comentario importante, pois, como veremos, permitiranos achegar unha data aproximada para a redacción do escrito).

Tras este inciso lémbrase que tamén autores portugueses cometeron o erro de, sendo galegas, considerar como propias da súa lingua composicións antigas conservadas por escrito, como os casos de Manuel de Faria co poema que comeza "O rouçom da Cava emprío de tal sanha", e de Bernardo de Britto coas coplas "que empiezan: *No figueyral figueiredo*" (p. 4).

A segunda persoa que segundo o noso autor abordou a elaboración dun léxico galego foi Miguel Antonio Arias Losada, tamén bieito e párroco de Camanzo e Añobre, quen compuxo un vocabulario castelán-galego e galego-castelán co obxecto de que servise de axuda aos sacerdotes casteláns que tiveran *cura de almas* en Galicia (p. 5). Pero esta obra tan só ocupa "un pequeño tomo en cuartilla, escrito de letra redonda y con mucho margen, que es no haber hecho nada" (p. 5).

Continúa o texto refutando os argumentos daqueles que ven imposible "formar un completo diccionario gallego" (p. 6) por culpa da gran variedade na pronuncia, a riqueza sinonímica, a diversidade dialectal e as numerosas vogais do galego. Para o autor do *Aparato*, estes riscos non faltan noutras linguas como o latín ou o francés sen que teñan evitado que delas se realizasen dicionarios.

Maior importancia lle dá ao feito de non se escribiren en galego os instrumentos públicos e ter quedado reducida a lingua a un uso familiar. Porén, segundo o *Aparato*, ata o ano de 1526 redactáronse en galego algunhas escrituras públicas, tal e como testemuña o arquivo da casa de Vilamarín, do señor don Benito Gil y Lemos, conde de Taboada (p. 7)[2]. A partir de aquí o autor dedica unha longa digresión de

2 O motivo da elección deste ano como o último para a redacción de protocolos en galego, aínda que o autor do opúsculo non o expresa, podería deberse a que é no arquivo da Casa de Villamarín onde atopa o último protocolo que coñece escrito en galego, un foro outorgado por García Rodríguez de Villamarín do 11 de setembro dese mesmo ano, mencionado máis adiante no texto (p. 12).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

carácter paleográfico sobre o emprego, en Castela e Galicia, de volumes compostos de varias pezas cosidas unha detrás da outra para recoller documentos públicos. Rematada esta, recuperado o fío da cuestión da escrituración do galego na Idade Media, pregúntase o autor do texto polas causas do abandono da nosa lingua polos notarios, apuntando como conxectura a intervención do poder real. Menciona tamén a posible decadencia do galego nos últimos corenta anos do seu uso notarial como posible causa da súa substitución polo castelán. Para comprobar esta hipótese cita varias escrituras de entre os anos 1482 e 1526 que o autor considera en realidade escritas en galego aínda que estean cheas de castelanismos.

Nos testemuños públicos posteriores a 1526, en todo caso, desaparece o galego, conservándose tan só algúns galeguismos como *ayra*, *celeiro*, *mucho poco*, *tuviera* por *había tenido* e outros que non teñen fácil equivalente en castelán e que aínda se empregaban no século XVIII.

Pásase logo a resaltar a utilidade que tería un dicionario galego, primeiramente por ser imposible "desterrar enteramente un idioma de su país y substituirle por otro" (p. 13). Tamén ten Galicia notables diferenzas con Castela na agricultura, na división da terra, nas ferramentas de labor, na cría e aproveitamento do gando, nos nomes das partes dos animais e, en fin, na cantaría. Deste xeito, os escribáns galegos requiren da súa lingua para poder expresarse correctamente, empregando os termos propios e máis axeitados para describir a realidade que os rodea.

Por outro lado, os propios galegos descoñecen o significado de moitas palabras empregadas nas diferentes comarcas de Galicia. Como exemplo no *Aparato* cítase o caso dun preito entre o conde de Lemos e o de Ribadavia sobre a xurisdición de Castrelo de Miño, no que se debateu sobre o significado dos termos *còto*, *meyrindad* e *alfoz*.

O dicionario galego sería ademais útil para os non galegos ao facilitarlles a comprensión dos galeguismos que enchen as escrituras producidas en Galicia.

Finalmente, remata o texto lembrando os coñecementos de pesca, agricultura, cría de gando, manufacturas e de botánica que o dicionario galego podería salvar e divulgar, no desexo do autor de incorporar o espírito científico do século XVIII, moi vinculado á clasificación e estudo da flora e da fauna. Neste punto queda o manuscrito cortado á metade do parágrafo.

DATACIÓN E AUTORÍA DO DOCUMENTO

Aínda que o texto conservado non fai mención de autor, lugar de redacción ou data, non é difícil encadralo nun período de tempo que vai desde 1792 a 1795. O mesmo autor nos proporciona un ronsel que inevitablemente nos conduce a estes anos.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

Referíndose ao galego que se fala na cidade de Pontevedra para explicar certos lusismos que detectaba na obra do Padre Sarmiento, temendo ser mal interpretado, dedica eloxiosas palabras á riqueza, cultura e nobreza dos seus habitantes, engadindo que "no se entienda que esta es lisonja dirigida a sus más esclarecidos hijos y venerables señores el excelentísimo señor don Pedro de Acuña y Malvar secretario de Estado de Su Majestad, y su excelentísimo tío don fray Sebastián de Malvar y Pinto arzobispo de Santiago" (p. 3). É dicir, que cando se redacta este documento, tío e sobriño ocupaban estes cargos. O arcebispo morreu o 25 de setembro de 1795 e don Pedro foi nomeado secretario de Estado, ou ministro, por Floridablanca en 1792, sendo posteriormente confirmado por Aranda e Godoy. Por conseguinte *o documento só puido ser redactado entre 1792 e 1795*.

Do lugar de redacción non temos indicación segura ningunha. Tan só no manuscrito se fai unha referencia ao arquivo "de este monasterio benedictino de San Martín de la ciudad de Santiago" (p. 15). O uso do deíctico parece indicar a proximidade do autor co mosteiro santiagués, pero non confirma que fose alí onde se compuxo o texto.

A importancia do texto que transcribimos e mesmo unha especie de xustiza histórica ben merecen o esforzo de intentar coñecer o nome do seu autor,, aínda que hai que recoñecer a dificultade deste afán. Nos anos mencionados, en Galicia había varios estudosos que realizaron traballos lingüísticos sobre o galego que ben puideron ser os autores do *Aparato*, porén tamén cabe a posibilidade de que fose alguén que ata o momento non se lle coñeza ter feito nada sobre o tema. Sen dúbida a identificación da autoría do *Aparato* requirirá do concurso de novas investigacións e, quizais, de novos achados que completen o noso documento, mais, pola nosa parte, como primeira achega, faremos un repaso por aqueles ilustrados galegos que naqueles tempos (finais do século XVIII) dedicaron a súa atención á lingua galega.

O Padre Sobreira

O frade bieito Xoán Sobreira Salgado, sen dúbida ningunha, foi quen máis traballou na composición dun dicionario galego a finais do século XVIII.

Nacido en Beade (Ourense) en maio de 1746[3], recibiu o hábito o 17 de novembro de 1761, no mosteiro de Nosa Señora de Sopetrán (Toledo) e profesou neste mesmo mosteiro o 21 de novembro de 1762.

3 Información tomada do nomeamento de académico correspondente da Real Academia da Historia, asinado o 25 de xuño de 1790.

Estudou Artes e Filosofía no colexio dos bieitos de San Vicente de Salamanca e, cursados tres anos de Teoloxía, estivo de pasante en Teoloxía en San Pedro de Eslonza.

Logo foi destinado como segundo predicador ao mosteiro bieito de Nosa Señora de Monserrat en Madrid e no ano 1777 pasou ao mosteiro de San Martiño, tamén en Madrid. Foi aquí onde descubriu a obra e a significación intelectual de Sarmiento. Como el mesmo di, ao ordenar os papeis do sabio bieito, especialmente as "cartas escritas al Rvdmo Sarmiento, arrojadas por desidia o desprecio al rincón menos limpio del convento" (Pensado 1974: 53), naceu nel a idea de compoñer o dicionario do galego "en obsequio de mi patria y también de todo el reino de España" (Pensado 1974: 188). Lamentou sempre Sobreira que non iniciara e concluíra Sarmiento o dicionario, aínda que tivera animado a outros a facelo e mesmo puxese as bases para tal cometido. Ben é verdade que a obra coñecida de Sobreira, moi especialmente a súa epistolografía, perfila un home que asimilou a metodoloxía e os conceptos de Sarmiento, mais que el mesmo mostrou pouca capacidade e pragmatismo para desenvolvelos e levalos a cabo.

Tivo Sobreira que compatibilizar as distintas responsabilidades que lle encargou a súa orde con ese compromiso que con vontade asumira e que parece non era de agrado dos seus superiores, que lle puxeron todo tipo de cambadelas ata "desterralo" (así o definía el), ao ser trasladado do mosteiro de San Martiño de Santiago[4], onde podía utilizar o seu importante arquivo e a magnífica biblioteca, ao mosteiro de Ribas de Sil[5].

A Sobreira non lle interesaba facer carreira na orde, por iso introducía nas súas cartas amargas críticas contra o Padre Xeral e o Capítulo Xeral, e mesmo renunciou en dúas ocasións a ser abade de Sopetrán, aínda que finalmente e por obediencia aceptou a abadía en 1802. Todo o seu entusiasmo, todas as súas forzas cada día máis débiles as dedicou a ampliar, recompoñer, rectificar as palabras do futuro dicionario, que, con todo, non chegou a rematar, deixando só un feixe de papeletas. Mais si rematou un traballo de contido similar ao noso manuscrito. A *Idea de un Diccionario de la lengua gallega*, publicada polo profesor Pensado (1974), e na que o bieito traza o plan para a elaboración dun dicionario da lingua galega, así como doutras obras que consideraba necesarias para a formación dunha historia completa de Galicia.

4 Aquí veu a finais da década de 1780 e nel permaneceu durante uns catro anos. En todo caso, en abril de 1794 xa estaba no mosteiro de Ribas de Sil (Pensado 1974: 54).

5 Alude Sobreira a esta "persecución" en varias das cartas que escribe a Cornide e a Gómez de Ortega (Pensado/Axeitos 1983).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

Segundo José Luís Pensado esta obra compúxoa Sobreira entre 1794 e 1797, estando xa no mosteiro de Ribas de Sil (1974: 63). Se ben en xaneiro de 1793, o bieito escribíalle a José Cornide desde Santiago de Compostela que xa estaba a pensar nun "aparato, plan o idea" dos seus traballos e mesmo pretendía irllo remitindo por entregas a medida que o redactaba (Pensado/Axeitos 1983: 58-59, 125).

Podería ser o noso *Aparato* un escrito de Sobreira, previo á *Idea*, que logo o bieito desbotou?

Primeiramente hai certa coincidencia nas datas de redacción do noso texto e o momento en que o bieito comeza a pensar no *aparato* ou *idea* do seu dicionario. Ademais sendo Sobreira o autor, quedaría perfectamente aclarada a referencia no manuscrito que editamos ao mosteiro de San Martiño Pinario.

Hai tamén outras coincidencias entre os dous textos. Ambos poñen un ano concreto ao momento en que se deixa de escriturar en galego. Se ben o *Aparato* dá o ano de 1526, mentres na *Idea* propón o de 1525 (Pensado 1974: 208). Igualmente os dous mencionan a Sarmiento como o primeiro en intentar formar un dicionario galego aínda que non chegara a rematalo.

Porén contamos ao mesmo tempo con diferenzas de diverso tipo. O *Aparato* fala do vocabulario galego de Miguel Arias de Losada, que non aparece na *Idea*, aínda que posiblemente Sobreira sabía da súa existencia. Nunha das súas cartas a Cornide do 31 de agosto de 1791 dille que "mi criado quedaba con orden de entregar el Vocabulario de Losada siempre que Vmd. lo quisiese" (Pensado/Axeitos 1983: 113). Así mesmo nas súas *Papeletas de un Diccionario Gallego*, s.v. "abruño", "agás", "agoyrar" e "alcuzara", acode Sobreira para autorizar o sentido a un "según Losada" ou "ex Losada" que apuntarían ao vocabulario que quere remitir a Cornide (Sobreira 1979: 40, 106, 112, 136; Pensado/Axeitos 1983: 39-41). Ata o de agora descoñecíase a identidade do Losada mencionado polo bieito, pero pensamos que con moita probabilidade se trata do autor do que fala o novo opúsculo.

Os documentos galegos recollidos no *Aparato* e na *Idea* tampouco coinciden. O texto que presentamos cita os arquivos de Gil y Lemos, arquivo da Encomenda de Portomarín, o de don Pedro Vázquez de Puga, de Rouzós, dos condes de Lemos e Ribadavia, da vila de Salvaterra, que Sobreira nunca menciona.

Tampouco nada se di na *Idea* dos lusismos do Padre Sarmiento, aos que o autor do noso texto dedica varias páxinas. E, en fin, o termo "còto", unha das poucas palabras galegas mencionadas no *Aparato*, explícase aquí como formado por "la primera o cerrada, y significa el mojón, o punto mojonero, cual sea monte, cual piedra puesta a mano" (p. 15). Nas *Papeletas* de Sobreira este termo non aparece, pero si o recolle nunha carta súa a Cornide do 9 de xaneiro de 1793, onde o describe "con la primera muda, ya sabe Vmd. que es el castellano cotarro" (Pensado/Axeitos 1983: 124). O propio profesor Pensado recoñece non entender o que Sobreira quere dicir

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

con "la primera muda". En canto ao significado que lle atribúe o bieito, o do "cotarro" castelán, haino que entender no sentido de "cueto, altozano" que o DRAE non recolle ata a súa edición de 1899 (Pensado/Axeitos 1983: 50-51). Respecto ao significado que dá o autor do noso texto, "punto mojonero" en castelán, é un sentido non recollido nunca en galego[6].

Sen recorrer a máis exemplos, podemos concluír que, se ben no texto non hai ningún elemento que nos permita afirmar con certeza que este é de Sobreira, porén, tampouco sucede no sentido contrario, de xeito que carecemos de datos suficientes para atribuír ou negar a autoría do bieito.

Francisco María del Valle Inclán

Naquela Compostela de finais do século XVIII e comezos do XIX, que espertaba intelectualmente, destacou un persoeiro activo e destemido que tamén se ocupou da orixe das linguas e, entre elas, do galego, mostrándose sensible a esta preocupación ilustrada. Referímonos a don Francisco María del Valle Inclán, fundador do primeiro xornal galego, *El Catón Compostelano*[7], e que xa só por iso ten un lugar de honra na historia de Galicia.

Hai anos Xosé Ramón Barreiro dedicoulle a atención que merece nun artigo ao que remitimos ao lector e que nos libera agora de pormenorizar a súa complexa biografía (2000). Unicamente nos referiremos ás súas inquedanzas lingüísticas.

A obra lingüística de Valle Inclán, antepasado do grande escritor, aparece nos tres Discursos que lle dedica no xornal *El Catón Compostelano*[8] e que son os máis coñecidos e citados, pero sobre todo no manuscrito *Prenociones de las lenguas originales*, redactado no ano 1779 e que ocupa 430 folios de letra preta e que, ata o de agora, non vimos citados na obra de ningún filólogo galego[9].

6 No DRAE, na edición de 1780, dáse como segunda acepción de "coto" "El mojón que se pone para señalar la división de los términos, o de las heredades".

7 No ano 1998/1999 o propietario do único exemplar completo do xornal *El Catón Compostelano* ofreceullo á Xunta de Galicia. Informado desta oferta o profesor Barreiro falou co presidente don Manuel Fraga, quen deseguida comprendeu a transcendencia de tal exemplar. O prezo era moi accesible. Por disposición de don Manuel o conselleiro de Cultura pechou a operación. Iso explica que o Consello da Cultura Galega, por medio do relatorio de Comunicación que coordinaba don Xosé López, fixese unha edición facsimilar do xornal e propiciase a publicación dun tomo de Estudos, as dúas obras aparecidas no ano 2000. Unha institución privada conseguiu do conselleiro de Cultura que por algún tempo os dous tomos do exemplar único, propiedade da Xunta, fosen expostos na biblioteca desa Institución. Pasaron 15 anos e alí seguen. Cando no ano 2010 organizaron os profesores Axeitos e Xosé Ramón Barreiro a Exposición *Ex Libris Gallaeciae*, solicitaron poder expoñer os dous tomos do primeiro xornal de Galicia. Non foi posible. O *Catón* ten que estar xa na Biblioteca de Galicia da Xunta de Galicia que é a súa propietaria.

8 Os tres discursos aparecen en *El Catón Compostelano*, páxinas 18-29, 33-45 e 49-62, que corresponderían (se *El Catón Compostelano* levase numeración) aos números II, III e IV.

9 O manuscrito consérvase no arquivo da Real Academia Galega.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

O obxectivo das "investigacións" de Valle Inclán é o de recuperar o primitivo texto do Antigo Testamento eliminando as contaminacións que experimentou durante séculos[10]. Cando chegou ás súas mans a monumental obra do profesor de Oxford Benjamin Kennicott, *Vetus Testmantum Hebraicum* (1776), na que se recollen as variantes do texto procedentes de máis de 700 manuscritos, Valle atopa a confirmación ás súas hipóteses: que practicamente ningún versículo do Antigo Testamento está exento de contaminacións.

Consecuentemente reclama unha nova Políglota na que o texto apareza depurado das adherencias adquiridas durante os séculos precedentes. Pero iso só será posible cando se recuperen en España os estudos das linguas bíblicas, abandonadas desde que o Concilio de Trento, na Sesión IV (8/IV/1546), estableceu que a única edición recoñecida da Sagrada Escritura era a "vetus et vulgata editio, quae longo tot saecululorum usu in ipsa Ecclesia probata est". Canonizábase desta forma a edición usualmente coñecida como *Vulgata* que no ano 1592 atopou o referendo do Papa Clemente VIII no prefacio da edición vaticana dese ano.

Se, pois, a única edición recoñecida pola Igrexa era a *Vulgata*, sobraban os estudos das linguas hebrea, árabe, grega, siríaca, etc. (*Prenociones*, p. 29). Así explicaba Valle Inclán o atraso español no referente ás linguas bíblicas, e a enorme distancia entre a investigación española e a inglesa.

Tendo en conta cal era o obxectivo da súa investigación, xa se comprende que só ocasionalmente se referise ás linguas actuais, e que as súas apreciacións estivesen inscritas nunha concepción veterotestamentaria, seguindo a liña das vellas especulacións seiscentistas sobre as orixes das linguas peninsulares[11] (Mariño Paz 2000).

Así, partindo dunha ríxida visión da cosmoloxía bíblica, daba por suposto que todas as linguas do mundo procedían dalgunha das 72 linguas que se conformaron na Torre de Babel[12]. O proceso de expansión das distintas familias polo mundo supón a exportación da lingua propia da tribo ou familia que, xa establecida nun territorio, foi evolucionando mediante a adaptación ao medio. Por iso hai un nexo común, unhas veces máis perceptible que outras, entre todas estas linguas,

10 Valle Inclán estudou as linguas bíblicas pola súa conta, especialmente o hebreo, recibindo clases dun xudeu, iso si, católico.

11 Polo demais, xa un tanto abandonadas nas datas en que escribe Francisco del Valle Inclán (Lázaro Carreter 1949: 92, 94).

12 Nas especulacións dos humanistas cristiáns dos séculos XVI e XVII, coas que entronca Valle Inclán, se a diversidade lingüística procedía da dispersión de Babel, o número destas primeiras linguas que racharon coa unidade adánica debía de corresponderse co das familias nas que se agruparon os descendentes de Noé, de aí que estas fosen 72 (Lázaro Carreter 1949: 92).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

especialmente na súa fonética, porque a escrita foi xa marcando diferenzas que parecen irreconciliables pero que non o son[13].

Xa concretando a realidade lingüística española oponse rotundamente a que o galego (do que procede o portugués), o castelán, o catalán e valenciano deriven do latín, convencido de que a súa orixe se atopa en realidade nalgunha das linguas primitivas procedentes da Torre de Babel.

Mesmo refuta con certa violencia verbal a tese de Masdeu de que as linguas españolas e europeas "empezaron a formarse en el siglo XII y XIII de la corrupción del latín, lengua vulgar que introdujeron los romanos en España" ("Discurso II", en *El Catón Compostelano*, 18-19) e que así o senten italianos, franceses, ingleses e españois. "Pero yo me moriré persuadido de que todos se engañan y engañaron desde un Petavio hasta nuestro Sarmiento […] que demuestra su ignorancia en las lenguas orientales" ("Discurso II", en *El Catón Compostelano*, 19).

Para Valle Inclán, un conquistador podería introducir a súa lingua, as súas leis e costumes, "podrá introducir su escritura y prohivir la patria, pero desterrar las lenguas nativas no es de su esfera, a no ser que pase a cuchillo los naturales" ("Discurso II", en *El Catón Compostelano*, 23). De feito, todos os esforzos despregados pola Coroa para acabar co vasco, co galego, co catalán ou valenciano fracasan porque "en el acto de arrojar las tablas de la escuela se vuelven los niños, se explican, divierten y desahogan en su lengua nativa" ("Discurso II", en *El Catón Compostelano*, 23). A pretensión de acabar coas linguas propias é fanatismo "y llámola mal fanática, debiendo llamarla sacrílega, porque la formación de una lengua ni es cosa del Acaso o costumbre, ni cae bajo la esfera de los hombres. Es un atributo peculiar de la divinidad. Las setenta y dos lenguas de que hace mención la Sagrada Escritura, de todas se supone el mismo Dios por autor" ("Discurso II", en *El Catón Compostelano*, 24). Por iso "las lenguas que hoy se hablan en España son en el fondo las mismas que nos han dejado los primeros pobladores".

Aínda que os prexuízos teolóxicos invalidan a súa argumentación lingüística, queda en pé a súa valentía para denunciar o permanente afán do poder político por unificar a favor do castelán a pluralidade lingüística de España. E faino no momento en que a monarquía absoluta gozaba da plenitude do seu poder. Valentía case subversiva que choca, por exemplo, coa actitude dun Padre Feijoo sempre atento a preservar o poder absoluto do monarca e escasamente sensible á pluralidade lingüística que de feito se vivía en España.

13 Valle Inclán acurta a distancia entre a Torre de Babel e o nacemento de Cristo, corrixindo a cronoloxía bíblica de Eusebio, San Isidoro e as Tablas Alfonsíes, e fixando en dous mil anos, máis ou menos, esta distancia, polo que son aínda perceptibles as afinidades entre as distintas linguas que revelan a súa procedencia do tronco común: as 72 linguas bíblicas.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

Precisamente, desta actitude do noso protoxornalista pódese achar certo eco no *Aparato*. Neste texto tamén o seu autor defende a imposibilidade de erradicar o galego e substituílo polo castelán (p. 13). Porén, en contra das opinións de Valle Inclán, afirma a súa orixe latina (p. 13). Xa só isto podería bastar para inclinarnos a negar a atribución da autoría do noso opúsculo a don Francisco. Por outro lado, entre o exposto no *Aparato* e as inquedanzas lingüísticas do autor d'*O Catón* non hai verdadeiramente ningún punto en común. As pretensións deste último eran as de afirmar a orixe divina dos idiomas en canto todos derivan das 72 linguas matrices nacidas da Babel das Escrituras. Nada que ver coa filosofía que estrutura o noso escrito.

Bernardo Foyo

Nesta reducida nómina de intelectuais expertos en temas lingüísticos, temos que referirnos ao monxe Bernardo Foyo, "varón muy aplicado e infatigable en el estudio", como se fai constar nunha crónica na que se recollen os nomes dos bieitos máis destacados.

Natural de Lastres (Asturias), profesou no ano 1740 no mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela. Estudou en San Vicente de Salamanca e, concluídos os estudos, foi pasante no mosteiro de Eslonza, en Celorio, lector en Corias, abade de Irache, etc. Finalmente retornou ao mosteiro de San Martiño Pinario, onde permaneceu desde 1793 ata 1803, ano da súa morte.

En San Martiño foi nomeado arquiveiro, dedicando a maior parte do seu tempo a transcribir documentos antigos que lle pasaba aos avogados da orde para defender os dereitos do mosteiro. A súa inconfundible letra aguda aparece en centos de notas e papeis do arquivo de San Martiño Pinario, como tivemos ocasión de comprobar.

Deixou manuscritas algunhas obras[14] sobre temas históricos; e o Padre Sobreira, que lle tiña devoción por ser un dos seus mestres en Eslonza, dinos que era un experto na transcrición de documentos e que ademais tiña moitos coñecementos en materia lingüística, aínda que predominaba no monxe a manía de atribuírlle ao grego a orixe da maior parte das palabras.

14 Ademais dun *Catecismo Benedictino*, cuxo manuscrito se conserva na biblioteca de Monserrat, deixou un *Ensayo de Disertación Histórica sobre la Iglesia, Silla Episcopal, Ministerios y Cabildo de Santiago*, redactado no ano 1768, e un *Discurso sobre el altar y ara primitiva*, cuxo orixinal se atopa no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela e que foi publicado por J. Guerra Campos (1956-1968). Ernesto Zaragoza, nun dos seus artigos (2006: 133), confunde o título da publicación feita por Guerra Campos, algo moi frecuente neste autor torrencial que é escasamente autocrítico a pesar da serie de erros que aparecen nas súas obras sobre a historia dos bieitos en España.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

Nin polo seu nacemento e a súa formación debeu de ser un experto na lingua galega e, por conseguinte, alleo ao manuscrito que presentamos. Pero os seus amplos coñecementos en materia lingüística sen dúbida influíron non pouco na súa comunidade de Santiago onde coincidiu con Sobreira, e co que mantería prolongadas discusións sobre temas lingüísticos[15].

José Labrada

José Labrada beneficiouse historiograficamente da atención que mereceu e merece o seu fillo, Lucas Labrada, quen pecha o ciclo dos grandes ilustrados galegos. Dúas importantes monografías, publicadas entre 2002 e 2004, sobre este último[16], permítennos asomarnos á vida familiar dos Labrada. Aquí aparece don José e a súa dona, María Antonia Romero, aínda que sempre aparecen de esguello, en forma certamente esquiva, deixando tras deles un halo de misterio que se resiste a ser penetrado.

A primeira noticia historicamente comprobada que temos de José Labrada é o bautizo do seu primeiro fillo, José Lucas, o 19 de outubro de 1762, na parroquia de San Xulián de Ferrol. Sen dúbida, daquela exercía de intérprete no Departamento Marítimo de Ferrol[17].

A inesperada expulsión dos xesuítas en abril de 1767 e a conseguinte necesidade de atender as clases de gramática nos colexios que foran deles no curso 1767-1768 abríronlle novas perspectivas profesionais. Presentou a súa solicitude, polo menos, en dous centros: no colexio da Coruña e na Universidade de Santiago. Na Coruña non o dubidaron e ofrecéronlle a cátedra de Maiores cun soldo de 300 ducados e un aloxamento gratuíto para a súa familia (Barreiro 1996:348), pero había un problema. O encargo duraría só ata a incorporación dos agostiños de Caión que solicitaran substituír aos padres xesuítas expulsados[18]. Esa proposta coincide coa chamada da Universidade santiaguesa. Labrada non o dubida e acepta a cátedra de gramática da Universidade. Mais as condicións eran peores que as que lle ofrecían na Coruña. Os tres profesores nomeados só serían profesores substitutos mentres a gramática de Maiores foi para Ignacio Frater, a de Medianos para Labrada e a de

15 En carta a Cornide, do 31 de agosto de 1791, o Padre Sobreira refírese ao monxe Bernardo Foyo nos seguintes termos: "En cuanto a la palabra *baña*, dice el maestro Foyo que se deriva de *brano*, aoristo de *breco* […] Este padre tiene la enfermedad de reducir a griego todo nuestro idioma, pero es digno de ser oído en punto de las raíces de nuestras inflexiones y para mí es muy venerable porque fue mi maestro en Eslonza" (Pensado/Axeitos 1983: 115).

16 Juan José Burgoa Fernández (2002) e García Cortés (2004).

17 Así se indica no testamento de Lucas, o fillo (García Cortés 2006: 247).

18 Os agostiños de feito non se incorporaron ata 1774.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

Mínimos para Xoán Ignacio de Pazos[19]. As condicións económicas eran tamén moi inferiores ás da Coruña, 2.000 reais para o de Maiores, 1.800 para Labrada e 1.700 para Pazos, aínda que no curso seguinte, de 1768 a 1769, melloraron algo estas condicións: 2.500 reais para o profesor de Maiores, 2.300 para Labrada e 2.200 para Pazos.

Estando en Santiago, viviu na parroquia de Santa María onde naceron os seus fillos Pascual Antonio (17 de xaneiro de 1770) e Antonia Xosefa (25 de setembro de 1771) mentres que o maior, Lucas, estudaba na Universidade.

No ano 1783 xa residía na cidade da Coruña, ben porque non lle renovaran o contrato en Santiago ou por preferir montar unha Academia para gramáticos nesta cidade. Posteriormente retornou á cidade de Ferrol onde morreu no ano 1804.

Estes son, practicamente, todos os datos coñecidos sobre a vida de José Labrada. Porén, descoñecemos que estudos cursou, onde os cursou, onde aprendeu os idiomas que lle permitiron solicitar e conseguir ser nomeado intérprete da Capitanía Xeral de Ferrol e, mesmo, onde naceu e a identidade dos seus pais. Isto último resulta o máis rechamante se temos en conta que no testamento de Lucas José Labrada de 1835, este declara que os seus pais eran "ambos del estado noble" (García Cortés 2004: 247). Sorprende que o fillo non nos indicara de que familia procedían, permitíndonos así confirmar a súa procedencia fidalga. O propio José Labrada parece insistir neste silencio cando nunha composición latina de 1771 que lle dedica ao reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Sánchez Ferragudo, asina cun sinxelo "Joseph Labrada, gentis congnomine dictus" (Barreiro 2002: 27), sen unha esperable referencia á orixe ilustre do seu apelido.

Un historiador con experiencia nos estudos biográficos pode intuír que hai algo oculto na súa personalidade que escapa aos habituais mecanismos que cada historiador utiliza e emprega. De feito, non nos resistimos a aventurar a hipótese, aínda que arriscada pola falta de datos, de supoñer que Labrada non era o verdadeiro apelido de don José e que o fillo, ao mencionar a suposta fidalguía familiar, pretendía cubrir a súa familia cun manto de nobreza para ocultar unha orixe escura (Barreiro 2002).

En canto ás obras escritas que se nos conservan de José Labrada, á composición latina antes mencionada, hai que engadir outra, escrita en latín e en grego, que publicou no ano 1773 en Santiago: a primeira *laudatio* aparecida en honor do Padre Sarmiento, morto algúns meses antes, que titulou *Expostulatio cum Morte ob interim Reverendissimi Patris Martini Sarmiento* (Barreiro 2002).

19 Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, Libro de Claustros, A-135, Acta do 31 de setembro de 1767.

A *Morte* aparece enmarcada nun contexto pagán. É unha dura imprecación contra as Parcas que durante anos teceron os fíos da vida do Padre Sarmiento ata que un día, repentinamente, puxeron fin á súa obra, impedíndolle que percorrese o seu camiño ata o final. As Parcas impídenlle chegar ata a meta portando o facho acendido da ciencia para transmitírllelo aos demais.

O que sorprende nesta breve obra é a ausencia de toda referencia ao poder salvífico de Cristo que coa súa morte posibilitou a redención. Nin Cristo como redentor, nin a igrexa como poder vicario do propio Cristo atopan espazo ningún. Só hai unha recreación pagá, como se non existise unha intermediación cristiá nin unha cultura que explicase a morte sen a predeterminación dos fados que marcan os destinos dos seres humanos.

Finalmente, o Padre Sobreira menciona tamén outro traballo de carácter lingüístico[20]. O frade galego, na súa obra *Idea de un Diccionario de la lengua gallega* recoñece que grazas á dilixencia de don José Andrés Cornide "merecí la buena noticia de una disertación sobre el origen de la lengua gallega, escrita con mucha erudición por el gallego don Josef Labrada, vecino de La Coruña", e engade "a la noticia se siguió inmediatamente el deseo de poseer tan buena prenda. Al deseo acompañaron las diligencias sin perdonar a los ardores de julio y pude lograr una hermosa copia, digna de ver la luz pública, firmada por su mismo autor" (Pensado 1974: 198).

Esta noticia, xunto ao feito de ser Labrada un mestre de gramática e experto en linguas, activo nos anos de redacción do noso *Aparato*, fai del un posible autor deste. Porén, a obra mencionada por Sobreira, e da que actualmente non se coñece exemplar ningún, trataría, como indica o seu nome, sobre a orixe do galego, asunto que apenas se trata no noso texto e tampouco existe constancia de que se interesase pola lexicografía galega.

Vicente Payzal

Na Real Academia Galega consérvase o manuscrito dun vocabulario, obra de Vicente Payzal[21]. Nacido en Padrón o 24 de setembro de 1752 e falecido na mesma vila en 1836, estudou Leis na Universidade de Santiago de Compostela entre 1777 e 1785.

20 Ténselle tamén atribuído outra obra latina, *Pro juventutis*, pero que en realidade debeu de ser escrita por un xesuíta antes da expulsión da súa orde (Barreiro 2002: 27).

21 O vocabulario foi editado por Ferreiro (1994). Os datos biográficos debémosllos ás investigacións de Damián Suárez Vázquez (2007).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

O seu vocabulario carece de data, se ben pola letra pódese situar a súa formación nos decenios finais do século XVIII e os iniciais do XIX. Máis concretamente, o estudoso Damián Suárez (2007: 363) sinala que na elaboración da obra Payzal debeu de empregar as edicións do DRAE de 1791 e 1803, considerando a posibilidade de que esta obra fose realizada en distintos momentos. En todo caso isto sitúa o labor lexicográfico do padronés ao redor das datas nas que sabemos que se debeu de escribir o *Aparato*.

Non obstante, non hai constancia de que Vicente Payzal tivese realizado ningún outro traballo, nin lingüístico nin de calquera outro tipo. Deste xeito carecemos de maiores datos que nos permitan achegar algo máis que a mera hipótese da atribución ao de Padrón do noso texto.

O PRIMEIRO DICIONARIO GALEGO DE MIGUEL ANTONIO ARIAS LOSADA

Segundo o noso texto, os pasos de Sarmiento para dotar a Galicia dun dicionario da súa lingua parece ser que só foron seguidos por don Miguel Antonio Arias Losada, vigairo das igrexas de Camanzo e Añobre (hoxe no concello de Vila de Cruces, Pontevedra), o que tería composto un vocabulario castelán-galego, "obra muy necesaria para los señores sacerdotes castellanos que tienen cargo de almas en el Reino de Galicia" (p. 5).

Esta referencia non é a primeira noticia que temos da existencia deste vocabulario galego, pois é moi posible que este Arias Losada poida ser o Losada, autor dun vocabulario, mencionado por veces polo Padre Sobreira, como xa temos advertido máis arriba. Mais o bieito non achega maior información, de xeito que os intentos de identificalo non puideron pasar de propor algún que outro nome, como fixo o profesor Pensado, coa figura de Francisco Losada, abade de Rouzós, amigo e colaborador de Sobreira (Pensado/Axeitos 1983: 43-44).

Segundo a documentación das parroquias de San Salvador de Camanzo e San Pedro de Añobre, ambas anexas e levadas polo mesmo sacerdote, conservada no Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela, o único titular que se acomoda á información do *Aparato* é Antonio Gómez de Losada. Este era un frade bieito que foi vigairo segundo do mosteiro de San Paio de Santiago de Compostela[22] antes de facerse cargo das parroquias de Camanzo e Añobre. Nelas, xa en abril de 1746, exerceu de cura interino ata que Benito de Limia se fixo cargo delas. Pero o 31 de

22 Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela, Libro de casados (1730-1774) e de defuntos (1730-1770) das parroquias de San Salvador de Camanzo e de San Pedro de Añobre, signatura: P005703.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

maio de 1747, o provisor de Santiago aprobou o seu nomeamento como cura de Camanzo e Añobre a pedimento da abadesa de San Paio, Francisca Bermúdez de Castro[23]. Permaneceu como párroco destas dúas igrexas ata 1769, cando foi substituído por frei Mauro Losada[24].

As monxas de San Paio de Santiago eran as titulares dunha serie de beneficios parroquiais, como os de Camanzo e Añobre, San Andrés de Orrea, San Pedro de Lobaces, Sobrado de Trives, San Pedro de Ramirás, etc., e dispuñan do dereito de presentar vigairos parroquiais ao bispo de cada diocese, que normalmente referendaba a elección feita. Ata comezos do século XVIII as abadesas de San Paio presentaban como vigairos parroquiais a membros do clero secular. Dúas eran as funcións dos vigairos: a chamada "cura de almas", é dicir, as atencións ministeriais como se fosen párrocos e unha segunda función, a defensa do patrimonio do mosteiro de San Paio e a recadación das rendas anuais deste. Parece ser que as abadesas non estaban satisfeitas co clero secular nesta segunda función e decidiron pasar a nomear como vigairos a monxes bieitos.

Durante a estancia de Antonio Gómez de Losada en Camanzo non consta que sufrira as perturbacións que tiveron os seus antecesores, que parece ser que se excederon no celo recadador a favor de San Paio ou deles mesmos[25].

Polo que sabemos, este frei Antonio Gómez tomou o hábito de bieito no mosteiro de Lourenzá o 25 de marzo de 1728, e, posteriormente ao seu cargo de vigairo das bieitas de San Paio e de cura de Camanzo e Añobre, foi abade de Lourenzá entre 1777 e 1787, morrendo en 1786 (Zaragoza 1990: 865). Debía ser, por conseguinte, un monxe ilustrado.

23 Tal e como nos indica a nota dun visitador das parroquias que se atopa no Libro de Fábrica das parroquias de Camanzo e Añobre (1656-1770, Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela, signatura P 005680, follas 142v a 143r).

24 Así nolo informa o propio Mauro Losada nunha nota autógrafa nun dos libros parroquiais que consta no Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela (Libro de casados (1730-1774) e de defuntos (1730-1770) das parroquias de San Salvador de Camanzo e de San Pedro de Añobre, signatura: P005703, folla 90r).

25 A presión recadadora exercida por algúns vigairos sobre os veciños, utilizando todo tipo de argucias e artimañas (como o non dar recibos para logo volver reclamar o pago das rendas), provocou en Camanzo unha forte contestación social contra os vigairos Mauro Losada e Plácido Emelgo, sucesores no cargo de Antonio Gómez de Losada. No ano 1788 os veciños queimáronlle ao párroco o hórreo de millo, e como reclamara a presenza dos escribáns para facer reconto das perdas, e se iniciara un proceso criminal, algún veciño deixoulle na igrexa de Camanzo un anónimo no que entre outras cousas se lle dicía: "Fr. Prasio Melgacho, parreco de Camanzo, parroco de los demonios, tu acabas (cos) probes que lles vendes o que ten para comer. Tu non nos vestes, como fai o de Piloño; tu non lles das ferrados de grao, como fai o de Bendaña. Tu acabas (cos) probes dos feligreses con os escrivanos, tu queres acabarlos de todo… Pois si non despachas os escrivanos… e se non mudas de vida, guramos a Dios y a esta (pon unha cruz) que as de amanecer queimado" (García Colombás 1980: 345-346).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

Mais a coincidencia de nome e apelido non é, porén, suficiente para acreditar que esteamos ante o mesmo personaxe. De feito, dise no Libro de Gradas que é natural de Santa María de San Clodio (Ourense), mentres que no *Aparato* se di que naceu en Valgarreiro.

Tan só atopamos dúas aparicións deste topónimo en Galicia. Unha denominando un lugar da aldea de Freás, da parroquia de Santa María de Astariz, hoxe no concello de Castrelo de Miño (Ourense) e daquela parroquia con xurisdición propia dependente do cabido de Ourense e cuxo territorio ocupaba só esta parroquia (Río 1990: 177). A segunda como un antigo lugar da parroquia de Santa María de San Clodio (Ourense), hoxe desaparecido[26]. Precisamente, este último permitiríanos confirmar a identificación do autor do vocabulario mencionado no noso opúsculo coa do bieito Antonio Gómez.

En canto ao propio vocabulario, tras varias pescudas, a día de hoxe aínda non atopamos ningún manuscrito que nolo conserve.

COMO REMATE: UN FALADOIRO EN SANTIAGO NO SÉCULO XVIII PARA O ESTUDO DO GALEGO E O MAXISTERIO DE SARMIENTO

Foi Sobreira quen no seu escrito *Idea de un Diccionario* deu a noticia de que en Santiago se formara un faladoiro sobre o estudo do galego, do que tamén formaban parte algunhas damas aristocráticas (Pensado 1974: 188) e do que, no seu día, tamén deu conta Murguía (1880: 137).

Encaixa perfectamente a constitución deste faladoiro no contexto dunha ilustración que procuraba recuperar eidos culturais desatendidos durante séculos. A cuestión das linguas vernáculas non estaba entre os obxectivos máis inmediatos pero a serie de obras publicadas sobre a lingua vasca, como posible matriz lingüística da España prerromana, contaxiou a todos os territorios con linguas de seu.

No ano 1784 constituíuse en Santiago a Sociedade Económica de Amigos del País (VV.AA. 2006) e non sería estraño que este faladoiro se acollera a esta nova institución que viña cubrir espazos científicos e culturais que a Universidade, petrificada por regulamentacións antigas e sacralizadas que impedían calquera tentativa de cambio, non atendía nin coidaba.

26 A memoria deste topónimo consérvase precisamente na documentación do propio mosteiro de San Clodio, hoxe repartida por diversos arquivos. Hai unha edición de escrituras medievais deste mosteiro realizada por Manuel Lucas Álvarez e Pedro Lucas Domínguez, na que se poden atopar varias referencias a un Valgarreiro ou Valguerreiro (Lucas Álvarez/Lucas Domínguez 1996: 474, 486, 487, 788). Tamén, noutro traballo de Manuel Lucas Álvarez sobre a procedencia das rendas do mosteiro, volve aparecer este topónimo recollido en libros de contas (Lucas Álvarez 1996: 464-465, 467).

Aínda que nas investigacións feitas sobre a Sociedade Económica de Santiago (Fernández 1981) non se detecta ningún tipo de faladoiro desta índole, teñamos en conta o protagonismo que exerce, nestes primeiros anos da Sociedade, Freire Castrillón, que foi sen dúbida o grande animador dela, e que contou co apoio de Páramo y Somoza, un dos pais da Sociedade. Freire Castrillón non só foi autor de *La Piligrina* (1787) e dunha *Segunda Parte de La Piligrina* (1803), estraño híbrido galego castelán, senón tamén doutras composicións en galego recentemente publicadas (Barreiro/Mariño 2008). Nada tería, pois, de estraño que Freire, vicesecretario da Sociedade Económica de Santiago, fora un dos membros deste faladoiro.

No *Aparato al diccionario de la lengua gallega* non se fai mención ningunha deste faladoiro, mais si se fai referencia a "conversaciones" (p. 1) e a "opiniones" (p. 6) expostas por outras persoas, aínda que fosen para razoar sobre a imposibilidade de formar un dicionario do galego. De feito un dos obxectivos deste documento é convencer os seus lectores da necesidade de facer este dicionario. Ao carecer do remate do texto e descoñecer as circunstancias da súa creación, non é doado identificar o *lector ideal* que o seu autor podería ter presente ao escribilo, pero entre os seus primeiros receptores deberían contarse, sen dúbida, os suxeitos deses plurais impersoais cos que moi probablemente o noso autor tivo algún intercambio de pareceres, o que nos permite sobreentender a existencia dun mínimo debate sobre a situación da nosa lingua e do seu posible estudo na Galicia deses anos finais do século XVIII, dentro ou non do contexto dun faladoiro formal.

Finalmente, tamén queremos salientar outra idea que reflicte o *Aparato*: a mestría de Sarmiento. O bieito non só foi o gran precursor da lingüística galega, senón que as súas obras foron a fonte fundamental da metodoloxía e dos conceptos lingüísticos cos que traballaron os seus continuadores galegos do setecentos (e aínda poderiamos dicir tamén do oitocentos). O autor deste texto sen dúbida tiña coñecemento dos seus traballos e das súas ideas sobre o galego, considerándoos de gran valor e peso intelectual, e tan só se atreve a reprocharlle, á parte dos seus lusismos, o non ter rematado a súa tarefa lexicográfica.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1996): *Historia de la ciudad de La Coruña.* 2ª ed. A Coruña: La Voz de Galicia.

——————— (2000): "Francisco María del Valle Inclán ou A Extravagancia ó servicio da cultura", en Xosé López García (coord.), *El Catón Compostelano.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 15-46.

——————— (2002): "A imprecación contra a morte de Xosé Labrada: a primeira *Laudatio* en honra do Padre Sarmiento", *Boletin da Real Academia Galega* 363, 25-44.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Ramón Mariño Paz (eds.) (2008): *Papés de emprenta condenada. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Burgoa Fernández, Juán José (2002): *José Lucas Labrada Romero: un ilustrado ferrolán do século XVIII.* Ferrol: Concello.

Fernández Casanova, Carmen (1981): *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago.* Sada: Ediciós do Castro.

Ferreiro Fernández, Manuel (1994): "Contribución á lexicografía histórica do galego: o vocabulario de Payzal", *Cadernos de Lingua* 9, 55-88.

García Colombás, M. (1980): *Las señoras de San Payo: Historia de las monjas benedictinas de San Pelayo de Antealtares.* Santiago de Compostela: Caja de Ahorros de Galicia.

García Cortés, Carlos (2004): *Lucas José Labrada Romero (1762-1842), estudio biográfico-ideológico sobre un prototipo de ilustrado gallego*. Ferrol: Concello.

Guerra Campos, José (ed.) (1956-1958): "Discurso sobre el altar y ara primitiva erigida sobre el sagrado cuerpo del Apóstol Santiago el Maior, que se venera en Compostela. Por Fr. Bernardo Foyo, monje benedictino de San Martín de Santiago. Año 1783", *Compostellanum* vol. 1, 4, 866-878; vol. 2, 2, 236-282; vol. 3, 2, 119-125.

Lázaro Carreter, Fernando (1949): *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*. Madrid: Centro Superior de Investigaciones Científicas.

Lucas Álvarez, Manuel (1996): "Una aproximación a superficies y rentas en el patrimonio del monasterio de San Clodio do Ribeiro da Avia (Ourense)", en Antón A. Rodríguez Casal (dir.), *Humanitas: estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real.* Santiago de Compostela: Universidade, 463-474.

Lucas Álvarez, Manuel e Pedro Lucas Domínguez (1996): *El Monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos.* Sada: Ediciós do Castro.


Marcial, Marco Valerio (1960): *Epigrames.* Barcelona : F. Bernat Metge.

Mariño Paz, Ramón (2000): "O debate lingüístico nas páxinas de *El Catón Compostelano*", en Xosé López García (coord.), *El Catón Compostelano*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 63-70.
Murguía, Manuel (1880): "Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega", *La Ilustración Gallega y Asturiana* 11.
Pensado, José Luis (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia.
Pensado, José Luis e José Luís Axeitos (1983): *Cartas del padre Sobreira a Gómez de Ortega y Cornide*. Sada: Ediciós do Castro.
Río Barja, Francisco Xavier (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
Sobreira, Juan Fr. (1979): *Papeletas de un Diccionario Gallego*. T. I. Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo". Edición e estudo crítico de José Luis Pensado.
Suárez Vázquez, Damián (2007): "Algunhas notas sobre obras menores e traballos perdidos de lexicógrafos galegos do século XVIII", *Verba* 34, 355-373.
VV.AA. (2006): *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, 1784-2006*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.
Zaragoza, Ernesto (1990): "Libro de gradas de benedictinos profesos en los monasterios de Lorenzana y Samos", *Estudios Mindonienses* 6, 857-884.
——————— (2006): "Profesores del colegio benedictino de San Andrés de Espinareda *(1641-1835)*", *Compostellanum* vol. 51, 1-2, 115-145.

NOTA DE EDICIÓN

Normalizamos a ortografía segundo as regras actualmente vixentes en castelán, en tanto non se altera a pronuncia, e desenvolvemos as abreviaturas, todas convencionais. Respéctase a ortografía dos nomes propios, así como se transcriben con fidelidade as citas documentais e as de termos galegos. Regularizamos o emprego da cursiva para os títulos de obras.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767




1º

Aparato al Diccionario de la Lengua Gallega.

Entre todas las Lenguas, de que tenemos noticia, no hay otra menos atendida que la Gallega. Su mas inutil de todas ellas, la menos conocida, y mas distante de nosotros, merecio al desvelo de Hombres amantes de la Sociedad, ó de lo comun el bien de sus Almas, la fineza de que su Dialecto, culto ó inculto, facil o dificil, util o inutil, se diese a conozer en Historia, Arte y Diccionario de sus Voces, Gramatica y Etimologia, con la Noticia de su Origen. Hasta el Guarismo de los Anales infelices Granos ha tenido, y tiene la honrra de perpetuar su Memoria en el Diccionario de una Lengua y nacion tan Culta como es la Castellana. Sola Lengua Gallega, que es el Idioma familiar de todo un Pais dilatado, popu loso, Culto y noble, qual es el Reyno de Galicia, todo le falta. Solo le sobra Historia: No ti ene Arte de su Gramatica, y no hay el menor Diccionario de sus Voces.

Extrañeza semejante ha merecido, y merece la comun atencion de los Gallegos, pero Atencion infructuosa que apenas ha producido mas que lastimosas Conversaciones de tan grosero Desayre, dado a un Pays tan poblado de Almas, y de Ingenios, como abastecido y rico de precisividades Naturales, y de industria, que la hacen respetar por uno de los Estados mas importantes a la Corona de España. Tenemos la falta, y parece q hay Gusto en sentirla, pues falta quien aplique las manos a su Remedio.

Solo aquel Sabio Benedictino Sarmiento, Gloria de Galicia, y Demostracion del Teatro Critico tuvo el honrrado pensamiento de corresponder a su Patria sacrificando un Desvelo de su profundissimo ingenio a formar un Diccionario de la Lengua en que se caia: Hizolo: y si lo hubiera completado, acaso lograrian mayor fineza, asi esta, co mo otras muchas Producciones de su rasto Saber, producidas al mismo Asumo. Si nos hubiera dejado completa siquiera la parte fisica de su Diccionario, con lo mu cho que investigo de la Historia Natural, tendriamos un Tesoro de voces, y de No ticias Utiles, cuia importancia le adquiriese el Nombre de Diccionario: y en la multitud de Nombres conque sus Paysanos nombran una misma planta hal-



Asia, Africa, ô India, como puede suceder, y ha sucedido; en este Caso no viniendo a Galicia, está privado enteramente de todo otro recurso. Hallará finalmente un Español que sepa bien el Castellano, pero los Castellanos y demas Españoles que hablan la lengua de Castilla no por esto tienen conocimiento de la Lengua Gallega. Podrá tambien, aunque mas difícilmente hallarse por aquellos remotos Reynos un Español que sea Gallego, y se regulara que, al Cabo de haber olvidado su Patria, tenga tan olvidada su lengua nativa como los mas de los Gallegos que van a Castilla con el fin de nunca parecer tales. En todos estos Casos qualquiera Español que supiese la lengua Dominante, como regularmente la saben todos, daria muchas y suficientes luces con el Auxilio de un Diccionario Gallego. Sin el ni los mismos Naturales de Galicia serán Capaces de explicar todas y cada una de las Varias Voces que son familiares entre todos sus Comprovincianos.

Quando nada de lo dicho fuese tan facible como es, y aunque se quiera fingir que el corto numero de los posibles Casos de esta naturaleza remueve el trabajo de un Diccionario Gallego, todavia es lamentable, y Vituperable su falta por las muchas Utilidades que ocultas al total de la Sociedad. Demos de baxo que todos los Litigantes Gallegos, y forasteros estén bien hallados con gastar el tiempo y el Dinero en pasos inutiles de Palabras. Hagamos tambien (si es posible) con toda indiferencia los Documentos de sus Archivos Rasgados, Borrajados, Manchados, Emmendados, y Estropeados con mejor Animo Economicos, como los de otras Escrituras, y con pocisimas inteligencias quales nos encontramos en instrumentos de otro Idioma. Disimulemos estos Defectos en las Copias del Gallego por no haber quien lo ponga todo, y en todo Genero de Copias por el poco ô ningun Estudio, que se hace de las diferentes Formas de Letra; teniendo presente que tambien entre las Autorizadas y muchas Veces presentadas en los Tribunales, hay Copias Enteramente Viciadas que pasan por buenas y Exactas, quando sus Exactas no contienen la substancial de la Causa. Aunque todo este se disimule y tolere, mal puede tenerse en paciencia el ver a todo el Mundo privado de los muchos Conocimientos que oculta la lengua Gallega por no entendida.

La Pesca, la Agricultura, la Cria de Ganados, la Manufactura, la Botanica, y la Farmacopea, con otros muchos Aprovechamientos de Galicia, ofrecen un sinfin de Voces llenas de Conocimientos importantisimos, y dignos de que se dibulguen. De la Pesca Gallega ya dio mucha Noticia el Ilustre Caballero Coxuñes D.n Josef Cornide en el Ensayo que imprimio para la Historia de ella. De la Agricultura asi Antigua como Moderna se podrian formar preciosos Documentos para la Actual de Castilla. Yo deseamos para la Actual, y esta falta sensible de industrias, porque su antigua Economia Rural

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

APARATO AL DICCIONARIO DE LA LENGUA GALLEGA

Entre todas las lenguas, de que tenemos noticia, no hay otra menos atendida que la gallega. La más inútil de todas ellas, la menos conocida, y más distante de nosotros, mereció al desvelo de hombres amantes de la sociedad, o celosos por el bien de las almas, la fineza de que su dialecto, culto o inculto, fácil o difícil, útil o inútil, se diese a conocer en historia, arte y diccionario de sus voces, gramática y etimología, con la noticia de su origen. Hasta el guirigay de los andantes infelices gitanos ha tenido y tiene la honra de perpetuar su memoria en el diccionario de una lengua y nación tan culta como es la castellana. Y a la lengua gallega, que es el idioma familiar de todo un país dilatado, populoso, culto y noble, cual es el Reino de Galicia, todo le falta. Fáltale historia, no tiene arte de su gramática, y no hay el menor diccionario de sus voces.

Extrañeza semejante ha merecido, y merece la común atención de los gallegos, pero atención infructuosa que apenas ha producido más que lastimeras conversaciones de tan enorme desaire, dado a un país tan poblado de almas, y de ingenios, como abastecido y rico de preciosidades naturales, y de industria, que la hacen respetar por uno de los estados más importantes a la Corona de España. Siéntese la falta, y parece que hay gusto en sentirla, pues falta quien aplique las manos a su remedio.

Solo aquel sabio benedictino Sarmiento, gloria de Galicia, y demostrador del *Teatro Crítico* tuvo el honrado pensamiento de corresponder a su patria sacrificando un destello de su profundísimo ingenio a formar un diccionario de la lengua en que se crió. Hízolo, y si lo hubiera completado, acaso lograrían mayor fortuna, así esta, como otras muchas producciones de su vasto saber, producidas al mismo asunto. Si nos hubiera dejado completa siquiera la parte física de su diccionario, con lo mucho que investigó de la historia natural, tendríamos un tesoro de voces, y de noticias útiles, cuya importancia le adquiriese el nombre de diccionario, y en la multitud de nombres con que sus paisanos nombran una misma planta (p. 1) hallaríamos la esencial definición de cada una, sus virtudes para el uso de la medicina, y demás artes, su economía natural, y aquel vegetal idioma con que se tratan y comunican los vegetables entre sí.

Tal es el primor de la lengua gallega. Las más de sus voces vienen a ser por sí solas, o asociadas de sus consignificantes, unas difiniciones[27] tan claras como lo pueden ser otras muchas griegas. Y cada una de las que han logrado ser explicadas por

27 Sic no Ms.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

el maestro Sarmiento, es como una palmaria representación de lo que significa. Por cuya ventaja y por lo mucho que sus investigaciones ilustraron con particularidad el provechoso ramo de la botánica gallega, es justo que le disimulemos el descuido de admitir por gallegas algunas voces puramente portuguesas. Este disimulo es muy debido a un sabio monje, cuya clausura, a más de ser clausura verdadera, distaba cien leguas de su patria, siendo como es indubitable, que el oído, familiarizado con otro idioma, pierde tanto del propio, cuanto es preciso que este pierda sacado de su país.

Aunque podemos creer que un talento como el de tan gran sabio poseería el gallego de la villa de Pontevedra en que se crió, también debemos tener entendido que su familiaridad con la lengua de Castilla habrá robado a su memoria muchas palabras, y a sus oídos muchas propiedades de la pronunciación gallega, único distintivo de muchas voces que los gallegos no pueden ni podrán diferenciar por escrito, mientras no usen de notas literales igualmente diversas que sus tonos. A consecuencia se vería muchas veces como violentado a conceptuar de gallegas muchas voces leídas en su familiarísimo *Diccionario portugués* de Bluteau por ser parecidas a otras de su país o por ignorar las de otras comarcas de Galicia, sin cuya noticia no es posible formar un completo diccionario de Gallego puro; siendo facilísimo adaptar, como propias de una lengua, muchas voces de los idiomas comarcanos. Bien sabido es que las provincias confinantes se comunican recíprocamente el idioma, no menos que los frutos y demás géneros venales; y la respectiva locución de cada raya parece un tercer lenguaje, que ni es el de acá, ni el de allá, siendo familiares a cada extremo innumerables voces y propiedades del extremo contrario. Óiganse los bercianos, óigase a los maragatos situados entre Castilla y Galicia, que si al gallego le perecen castellanos, al castellano le parecen gallegos. Y si esto sucede en aquellos confines donde concurren idiomas (p. 2) tan diferentes, bien se deja entender que la mucha semejanza del portugués con el gallego, y la proximidad, que tienen los países de ambos dialectos, fácilmente pueden obscurecer la pertenencia de muchas voces, locuciones, y frases para quien acostumbra la organización y sonido de otro idioma diverso de los dos.

Por otra parte, aunque el país de Pontevedra ha sido y todavía es uno de los más fértiles, más amenos, más poblados, y más abastecidos de cuantas cosas produce la tierra, o fabrica la industria, o vienen del mar o por el mar; sería temeridad querer decir que también allí hay todas las cosas de Galicia con todos cuantos nombres les dan los gallegos. Cierto es que en Pontevedra se compiten la hermosura, la fertilidad, la amenidad, la riqueza, el gusto, la cultura, y la nobleza con todas las buenas calidades que pueden hacer bueno al mejor país. Y porque no se entienda que esta es lisonja dirigida a sus más esclarecidos hijos y venerables señores el excelentísimo

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

señor don Pedro de Acuña y Malvar[28] secretario de Estado de Su Majestad, y su excelentísimo tío don fray Sebastián de Malvar y Pinto arzobispo de Santiago, porque tal cosa no se imagine siquiera, y se conozca ser la pura verdad el único móvil que trajo la razón al empeño de ampliar el pensamiento de este incidente; atiéndase a la idea que de Pontevedra tuvieron, y tienen los gallegos más mediterráneos, y que expresan con toda energía recordando la enajenación que de aquella propiedad hicieron Nuestros Monarcas, y repitiendo *Pontevedra, Pontevedra! se ò Rey te vira, non te déra*. En suma: es Pontevedra un paraíso de bienes. Por lo mismo deben faltar en su comarca aquellas incomodidades que desabonan a otros países, y los modos, los medios, los utensilios, los instrumentos, y demás cosas necesarias al remedio de lo que incomoda o hace falta.

Al tenor de esto, debiendo suponer que ningún país da nombre a las cosas, que de ningún modo tiene, también es preciso reconocer que faltan en Pontevedra innumerables voces gallegas reservadas a la noticia del maestro Sarmiento; quien al estudiarlas en ajena relación escrita con notas puramente castellanas o pronunciada y oída con aquel aire lleno, y majestuoso que da carácter a la lengua y pronunciación de Castilla, sin duda estaba muy expuesto a confundir en la semejanza de letras, y en la indistinción de tonos, muchas palabras que nada tienen de gallegas.

Asimismo es indubitable que en Galicia cada obispado, cada arcedianato (p. 3), y casi también cada arciprestazgo se diferencia más o menos de los otros por la diversa organización que sus voces derivaron, o del diverso temperamento físico, o de raíces diversas. Los nombres de sus poblaciones acreditan esta verdad, y las finales diferentes, la variedad de vocales con las acentuaciones, único distintivo de muchísimos vocablos, ocasionan a cada país un idioma gallego diverso de sí mismo; cuyas diversidades, reunidas en la identidad que tienen de un solo idioma, dan mucho lugar a las voces portuguesas para ser admitidas como gallegas por quien no sepa con toda claridad cuales pertenecen a uno y a otro dialecto.

El que no puede tener esta ciencia deberá oír, y escribir las dicciones en los propios países donde a cada palabra, y a cada sílaba y a cada letra dan el valor y sonido que le corresponde; pues por no hacerse ni poder practicarse esta diligencia con las poesías más antiguas, escritas en dialecto parecido a los dos, sucede como dice el refrán gallego que *cada un aplica a brasa prá sua sardiña*, apropiándolas con más o menos justicia al partido de su afecto, y tal vez al de su pasión. El portugués Manuel de Faría célebre comentador del Camoes, en el comento que hizo de las rimas de aquel poeta hablando de las octavas de arte mayor pone como portuguesa muy antigua la

28 "Malbar" Ms.

que el mismo Sarmiento copia en el número 474 de sus *Memorias para la historia de la poesía*, y empieza: *O rouçom da Cava emprío de tal sanha*. El padre Bernardo Brito cisterciense en el tomo 2 de su *Monarquía lusitana* libro 7 capítulo 9 a lo último del siglo 8 pone en la página 296 como rancias portuguesas las coplas que empiezan: *No figueyral figueiredo*, con que pretende probar el origen del ilustrísimo apellido Figueroa, según dice el mencionado Sarmiento en el número 474 de dicha su obra.

Los motivos o razones que tuvieron estos dos sabios portugueses para conceptuar de portuguesas las dichas coplas, vienen a ser dos. La primera y más fuerte razón se reduce a que fueron hallados en Portugal los únicos ejemplares reservados a las injurias del tiempo. Y este argumento ni es prueba, ni deja de serlo. No es prueba; porque si la fuese deberíamos[29] admitir un cuño de moneda romana donde quiera que se halle alguna de ellas. Tampoco deja de ser argumento convincente; porque, a falta de otros títulos, aquel prueba más propiedad, que tiene más de posesión, y esta no puede negarse a los portugueses, pues poseen y poseyeron siempre los mencionados ejemplares. La segunda razón se funda en la semejanza que tiene el dialecto de dichas coplas con el portugués; (p. 4) con cuyo fundamento pueden, y deben los portugueses admitir a su dialecto las coplas y romances de don Alfonso el Sabio y del enamorado Macías con todas las demás, que Argote de Molina, y Papebroquio, y últimamente el mismo maestro Sarmiento conceptúan de gallegas. De las coplas de Macías no se atreverán a decir esto por estar evidenciado que aquel poeta fue gallego natural del Padrón. En cuanto a los versos del Rey Sabio dice Diego Ortiz de Zúñiga en los *Anales de Sevilla* que están formados *en la poesía de aquellos tiempos y en dialecto más conforme al de Galicia*. Apuradamente no hay dialecto más conforme al de Galicia que el de los portugueses, quienes podrán hacer muy suyos todos los metros compuestos por dicho Rey *en dialecto más conforme al de Galicia*, sin necesitar más prueba, que las palabras del dicho Ortiz de Zúñiga alegadas por el maestro Sarmiento, para probar el gallego de aquellos versos.

Esta disputa a que muy luego se dará la debida solución prueba la necesidad que hay de saber bien así extensiva como intensivamente los dos idiomas portugués, y gallego para conocer la diferencia que de uno a otro puede haber o realmente hay. Y esto mismo convence la mucha semejanza que tienen ambos idiomas. *Esta semejanza de los dos dialectos ha sido*, como reconoce el mismo Sarmiento, *origen de muchas equivocaciones; pues no todos penetran los idiotismos, que los diferencian*. Y con todo este conocimiento cayó su discreción en el inconveniente que previno, sembrando su diccionario gallego de voces puramente portuguesas. Como quiera,

29 "debríamos" Ms.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

es muy laudable este sabio por haber sido el primero que emprendió tan deseado trabajo en cuya empresa apenas tuvo segundo.

Solo ha tenido igual ofrecimiento *don Miguel Antonio Arias Losada natural de Valgarreiro, y rector de las iglesias de Camanzo, y Añobre* como dice el frontis de su libro, en que advierte ser *obra muy necesaria para los señores sacerdotes castellanos que tienen cargo de almas en el Reino de Galicia*. Este buen teniente cura de los benedictinos priores de Camanzo por el monasterio de San Payo de Santiago, también ha dado ejemplo de amor a su patria empleando su laboriosidad en perpetuar la memoria del dialecto nativo; y su trabajo sería mucho más plausible, si no lo hubiera reducido a un sucinto vocabulario castellano-gallego, y gallego-castellano de las voces más comunes, y más triviales, que solamente ocupan un pequeño tomo en cuartilla, escrito de letra redonda y con mucho margen, que es no haber hecho nada. (p. 5)

Eso no obstante, su intención es muy laudable, y es lástima que su trabajo no tenga continuadores, siendo mayor compasión el que deje de tenerlos a efecto de mil consideraciones propias de la excesiva moderación gallega, y de otras tantas preocupaciones nunca remitidas al examen de la consideración.

Algunos piensan que el formar un completo diccionario gallego es obra poco más o menos que imposible, por ser tantos, y tan diversos los modos de pronunciar una misma sílaba y una misma letra, por ser tan varias y tan encontradas las significaciones de muchos vocablos, por dar a cada objeto casi tantos nombres como hay territorios en Galicia, y sobre todo por aquel insensible tránsito que hacen las vocales de entonadas a demisas, de abiertas a cerradas y de uno a otro carácter, significando con esta mudanza, ya una sola, ya tantas cosas cuantas[30] puede representar un espejo deshecho en añicos; en cuyas propiedades les parece haber una montaña de imposibles. Así piensan, y sus manos atadas con los lazos de esta ninguna razón, se dejan pudrir de excesiva modestia, revelando el sonrojo de no poder acabar la obra comenzada. A la sombra de estas preocupaciones, queriendo evitar la nota de imprudentes vienen a caer en la de poco reflexivos, pues no consideran, que iguales dificultades, experimentadas en otros diccionarios, no fueron poderosas a impedir su formación. Ciertamente se necesita saber poco para conocer que en todos los idiomas del mundo hay voces sinónomas[31] y cosas homónimas como en el Reino y lengua de Galicia. La lengua latina y también la castellana ofrecen muchos ejemplos, que ya no se extrañan ni se notan. Y aunque estos sean más frecuentes en la gallega, nunca será enteramente insoportable el trabajo que puedan aumentar, respecto de que su más y su menos no varían de especie. En cuanto a la volubilidad

30 Corrixe a un "como", riscado no Ms.

31 Sic no Ms. e que corrixe un anterior "sinónimas".

que padecen las vocales gallegas, solo puede hallar novedad quien no haya saludado la lengua francesa, cuyos tonos, y variaciones ni son menos, ni son fáciles de indicarse como en la lengua gallega, que para escribirse con perfección, solo necesita añadir un movimiento a la única nota acentual que usan los castellanos. Habiendo pues como hay diccionarios latinos y franceses, y de las lenguas más intrincadas de todo el mundo conocido, no puede haber más causa que la dejadez para faltar, como falta, un diccionario del dialecto gallego; y este motivo no es motivo para quien sabe que el trabajar no es trabajo para los gallegos.

Mejor causal parece la dada por otros que atribuyen al estilo curial de Galicia la falta de su diccionario, y la decadencia de su lengua. Contemplan (p. 6) que las provisiones reales, los autos, los procesos, las escrituras, y todos los instrumentos públicos, de cualquier naturaleza que sean, se conciben, forman y extienden, no en gallego, sino en castellano, y deducen ser trabajo perdido el formar diccionario de una lengua no usada en instrumentos públicos, y empleada solamente en el trato familiar de unas gentes, que entienden el idioma de Castilla, en que contratan, escrituran y pleitean.

Esta consideración merece algún respeto, porque parece interesarse la política soberana en desterrar de su Monarquía la confusión de Babel, procurando, que todos los vasallos, así como se gobiernan por unas mismas leyes o a lo menos por unos mismos principios de legislación dirigidos a un solo fin, así también se comuniquen y se traten con un mismo idioma que los haga parecer un solo Estado y un solo Reino. Lo cierto es que hasta el año de mil quinientos y veinte y seis duró, sin que ello pueda haber duda, la costumbre de extender en lengua gallega algunas escrituras particulares de Galicia. El archivo de la Casa de Villamarín, que hoy posee el señor don Benito Gil y Lemos, conde de Taboada y señor de la Casa y Coto de Dés, ofrece muchos ejemplos. Y aunque el gallego de sus respectivos contextos no sea, como efectivamente no es, muy puro, no por eso deja de ser un verdadero gallego enteramente diverso del idioma castellano. Desde el año referido en adelante parece haberse escrito en lengua castellana todos los instrumentos públicos y privados de este Reino. A lo menos es cierto que faltan o no se han descubierto en toda Galicia ejemplares, que acrediten lo contrario. Así mismo expiró en dicho año la nunca bien llorada ni bien alabada costumbre de escriturar en pergamino de cuero. Expiró también el uso de escriturar en pergamino de papel tendido en plana como el de cuero, y le substituyó la comodísima general costumbre de escriturar en libro, o en folio, pareando los pliegos de papel y llenando de letras todas las faces o caras o planas de un pliego, antes de empezar a escribir otro, como se ve en los libros de imprenta.

No se perdió en este sobredicho año de veinte y seis la licencia de escribir en rolde, o en planas cosidas unas con otras por sus extremos. A ese uso había dado

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

motivo el antiquísimo gusto de extender cada contexto en una sola plana que presentaba a la vista todo un escrito entero, sin necesidad de volver la hoja para continuar leyendo en el reverso. Los godos (p. 7) de primera raza nos dejaron esta costumbre. Los de la segunda, fueron sus conservadores mientras conservaron la sencillez y concisión de los primeros. Al introducirse en España la forma de letra, que llaman francesa, se dejó correr por las plumas de los notarios una molesta prolijidad que, multiplicando las palabras, y las cláusulas, no minoró las dudas ni los pleitos. Esta forma de letra empezó a tener algún uso en Galicia a fines del siglo X y no logró entera posesión hasta fines del siglo XII. Dos siglos enteros tardó el carácter francés en apoderarse de las plumas gallegas. Y sobre haberlas privado de aquella soltura, y ligereza que las hacía volar por los encadenados, y por los ilimitados rasgos del gótico, especialmente del cursivo; también las cargó de un estilo más difuso y más pesado, que se usaba ya en Castilla desde principios del dicho siglo XII en que los castellanos habían abandonado el gótico. Lo difuso de aquel nuevo estilo ocasionó muchas novedades en el arte instrumental. Se achicaron las firmas o signos de los señores confirmantes, y perdieron con el grandor la belleza de rasgos con que antes las copiaban los notarios o escribientes. No alcanzando esta economía, les fue preciso agrandar los pergaminos, ya empleando pieles enteras, ya cosiendo unos pedazos de piel con otros, que de todo se halla, y de todo hay ejemplares. Por la misma razón, y por otras que se dejan entender, dejaron de copiar los signos de los confirmantes, y empezaron los otorgantes a firmar de su propia mano, siendo el primero, que así firmó en Castilla don Diego Martínez Sarmiento tronco ilustre de los innumerables sarmientos que honran a Galicia, y a toda España. Al mismo tiempo empezaron los signos de los notarios, que con su firma suplían la falta de todas las otras referidas. Pero no bastando estos remedios al perfecto logro de los fines, que los motivaron, ni menos al particular de comprender un contexto largo en una sola faz de un pergamino, cayeron en la necesidad de usar volúmenes, que son los roldes. El uso de estos es antiquísimo según dice el padre Terreros en su *Paleografía española*. Y realmente es tan antiguo el uso de escribir en planas, que se enrollaban como se enrollan las estampas grandes, que ya los antiguos romanos llamaron volumen a toda pieza escrita, por las vueltas que daban a cada una volviéndola y envolviéndola, o enrollándola como nosotros decimos. Pero no dice claramente el citado autor que los antiguos *antiquísimos* usasen de volúmenes compuestos de muchas piezas cosidas unas después de otras, como son nuestros roldes. Su contexto habla de ellos, pero su proposición (p. 8) es muy vaga, y no determina cual de los dichos dos géneros de volúmenes ha tenido uso antiquísimo.

Sobre este particular pudo el padre Terreros, y puede cualquiera echar el resto en la cuenta de los años, y dar a toda clase de roldes la antigüedad, que quisiere; porque sobran autoridades para apoyar cualquier opinión, y cualquier disparate. El

padre Bernardo Lamy en su *Aparato bíblico*, libro primero, capítulo décimo, tratando de los *Meghilot*, o volúmenes de los hebreos, expresamente dice que los antiguos libros hebraicos no se componían de muchas hojas, como ahora se hacen, sino de una sola membrana larga, a la cual no siendo suficiente se añadían otras. En la nota de la que es página setenta del primer tomo que escribió el marqués de San Aubin intitulado *Tratado de la opinión*, y en su tercera edición, hecha en París años de mil setecientos, y cuarenta y uno, se dice mucho más. Al decir el autor que Calímaco y Aristarco habían compuesto cada uno más de ochocientos volúmenes añade la nota que estos volúmenes eran unos roldes, que se conservaban en las antiguas bibliotecas envueltos en un palo que venía a quedar en medio del rollo y se llamaba su ombligo. Añade que los antiguos tenían también libros compuestos de muchas hojas cuadradas, y seguidas unas a otras como las de los libros que ahora se hacen. Con cuyos testimonios parece quedar evidenciada la proposición del padre Terreros en toda la extensión que quiera dársele. Pero ¿cuándo querrá Dios que los escritores dejen de hablar superficial y ambiguamente, y contraigan los términos al preciso punto formal de la cuestión? Cansada está ya la memoria de leer libros engañabobos, y sacadineros, que deslumbrando el entendimiento con apariencia, nada le dicen de lo que prometen, y dejan entender lo que quiere la ignorancia o antojo de cada uno que los lee.

El padre Lamy trata expresamente de los volúmenes que escribían los muy religiosos hebreos anteriores a Nuestro Señor Jesucristo. Dice de ellos que sus libros no se componían de muchas hojas, sino de una sola membrana larga a la cual no siendo suficiente se cosían otras. Quiere dar la prueba de su dicho, y dando un salto desde aquellos tiempos antiguos a los nuestros, alega que en cada sinagoga se guarda el Pentateuco llamado *Tepherthora*, o *Libro de la Ley*, escrito con letras gordas en pieles de becerro cosidas unas con otras con hilo de pelo de cabra. Si como el autor dijo esto añadiera, y probara, que la sinagoga heredó del Templo Santo el uso de estos roldes tenía hecho su deber, y mientras eso no conste, nos queda el derecho de sospecha que aun que los últimos judíos derivaron de los primeros el uso de escribir su *Tepherthora* en una piel capaz de enrollarse, no tomaron de ellos, sino de nosotros el hacer mayores planas cosiendo unas pieles con otras. Y esto es muy verosímil; porque los antiguos antiquísimos no gastaban en la escritura tanta pompa como nosotros, y (p. 9) es bien seguro que el Pentatheuco todo no era capaz de ocupar la piel de un becerro escrita en hebreo antiguo y sin puntos.

Lo que se dice en la nota al mencionado marqués de San Aubin, todavía está menos fundado que lo dicho y escrito por el padre Lamy. En ella no se trata precisamente de los escritos sagrados, sino de todo género de escritos antiguos, asegurando que se escribían en los dichos roldes de membranas cosidas unas a otras. Su prueba no es menos que este dístico de Marcial: *Pelibus exiguis arctatur Libius ingens, quem*

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

mea viso totum biblioteca capit[32], con cuyas palabras pretende probar, no solamente el antiquísimo uso de los roldes añadidos, sino también el uso de los libros semejantes a los nuestros y que el padre Lamy asegura no haberse usado entre los antiguos hebreos. Pero constrinjanse[33] los versos de Marcial, dénseles todas las vueltas y todos los sentidos que admiten; y seguramente probará cualquiera con ellos todo lo contrario de los que intenta probar la nota. De este género de pruebas están plagados los libros de moda. Volvamos a nuestro asunto.

Lo que vieron nuestros ojos y nuestras manos palparon es que los roldes de Galicia son posteriores al uso de la letra gótica y al año de mil ciento y setenta. Si pareciese alguno de data anterior, deberá reformarse esta proposición que va sujeta, como las demás, a la corrección de quien más sepa. Y pues la afinidad de los puntos, que aquí se van tocando, nos hizo caer en el de roldes, justo parece decir también, que el uso de ellos se acabó en Galicia por los años de mil cuatrocientos, y veinte y dos. En este año otorgó su testamento don Lope de Taboada señor de Taboada, y lo otorgó en cuatro piezas cuadrilongas de papel grueso y blanco, cosido el pie o el extremo inferior de la primera con la cabeza o arte superior de la segunda, y así las demás. Estos extremos no están cosidos de sobrepuesto o uno sobre otro, como sucede en otros pergaminos cuando les falta algún otro pedazo pequeño. Están cosidos de bastilla con los extremos salidos al dorso; y así cosidas las cuatro planas, están escritas al ancho del rolde, y no a lo largo como parece lo estaban los roldes hebreos según muestra la tabla séptima de Lamy. Después de este documento, y de su data, son frecuentes las escrituras en libro, pero los roldes no parecen; y su falta hace sospechar que fueron estos los años en que el Señor Rey Don Juan el II prohibió su uso a los escribanos seglares, así como antes en el sínodo de Alcalá, y año de mil trescientos y setenta y nueve lo había prohibido a los tribunales eclesiásticos el señor arzobispo Tenorio.

Cuanto va dicho en esta digresión es muy bueno para sabido, pero nada conduce para averiguar la causa de haber en el sobredicho año de mil quinientos y veinte y seis desterrado la lengua gallega de los instrumentos públicos. Historia (p. 10) que lo diga no hay que buscarla, porque los hechos de Galicia han tenido tan poca fortuna como su dialecto. Tampoco hay noticia de ley o auto acordado que providenciase en este particular; y por ninguna parte se descubre alguna luz que nos guie. Solamente las conjeturas hacen sospechar que intervino en ello el poderío de la autoridad real; porque ella sola es capaz de obrar tan repentina mudanza.

32 Sic no Ms. Según a edición de Miquel Dolç (Marcial 1960: 60) os versos de Marcial son: *Pellibus exiguis artatur Liuius ingens, quem mea non totum bibliotheca capit*.

33 "constrijanse" Ms.

Si la lengua gallega hubiese llegado a tales términos, que su mucha corrupción en los escritos la pusiese en paraje de ceder entera y repentinamente a la lengua de Castilla, excusado sería buscar otra causa. Y para conceptuar si fue esta la única, y verdadera, pondremos aquí ejemplos, que manifiesten el progreso de la escritura gallega en los últimos cuarenta años que se escribió.

La encomienda de Portomarín que es del orden de San Juan tiene un cuaderno de sus privilegios, y dice así: "Ena villa e lugar de Portomarin dia lunes viinte dous días do mes de Jullio do ano do nascemento de nro Señor Jesuxpto de mil e qtrocentos e oytenta e dous anos… ante ho onrrado Roy Marques Juys da ditta villa de Portomarin e de toda a terra da orden de San Juan paresceron presentes Diego de San Giado e Ares de Ferreyroáa e Afonso Lopes por si e en nome dos outros vecinos e moradores en a dita villa e pediron e requeriron a o dito Juys que por qnto eles tynan una carta *del* Señor Don Fernando de Acuña Justicia mayor en este reyno de Galicia… en que confirmaba e aprobaba *las* libertades e *Jeenciones quel* privilesjo desta dita orden e encomenda con *sus* anexos ten de moytos reys". Al qual privilegio se sigue el despacho del señor don Fernando Acuña con la particularidad de estar otorgado en la ciudad de Villamayor, que verosímilmente es Villamayor la de Sanles, respecto de que fue mucha su antigua nobleza, y de que son frecuentes los Acuñas en aquella comarca y sus inmediaciones. "En la Cibdade dourense a vinte e cinco días do mes de octubre ano… de mil e qtrocentos e noventa e qatro anos en este dia estando dentro de las casas de morada de Ruy de Puga regidor en *nombre* e como Procurador que se dixo ser de la devota rreligiosa Dona Maria de Limia Abadesa de Rramirar desta Diocis de Ourense e en su nombre *mostró*… una carta de pribilejo escrita en pergamino de *cuero* con un sello de cera blanca". En estas dos escrituras todavía es puro el gallego sin que obste la mezcla de las pocas palabras castellanas que van notadas. Y para que se vea cuan en uso estaba por estos tiempos el escribir en gallego, pondremos las palabras que Pedro Vázquez de Puga el de Roucos fue escribiendo en años sucesivos, y en los claros de un albalá despachado a su favor. Este caballero dice así: "Naceu ho meu Fylo Gonzalo Gomez para servir a Deus este ano sobredito (es el de 1487) a dez días de mayo. Naceu Basco de Puga no ano de oytenta e oyto vespera de Santiago. Naceu Pero Lopez (p. 11) no ano de noventa e hun vespera de Pascoa. Naceu Cathalina Rodriguez ano de noventa e sete vespera de nra señora de Marzo. Naceu Fernando Bello no ano de quinientos e… ha…". Esta memoria es muy preciosa, porque a más de nombrar los hijos del ilustrísimo caballero Pedro Bázquez de Puga, nos da idea del gallego que se escribía por los años que menciona. En el de mil quinientos, y quince, *Pero de Pazo* morador en el *alfoz*[34] de la villa de Salvatierra da a *Juan de Rabadaas*, y a su

34 "alfon" Ms.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

mujer *tres castiñeyros que estan ena porta y otro a la Cancela de dho Juan de Rabadaas con su herdade e este le dona dos castiñeyros con su herdade que estan junto a la cortina de Lorenzo de Guillarey*. En cuya escritura se ve que todavía son gallegas las más de sus dicciones. Más lo son las de un foro que el señor García Rodríguez de Villamarín, señor del coto de Villamarín, otorgó en once días del mes de septiembre del año mil quinientos y veinte y seis. Por esta escritura el expresado caballero afora a Juan Franco y a su hijo Lope Franco, y a sus mujeres Susana, y Aldonza Perez; conviene a saber que les da en foro, como dicen los gallegos, o a censo como dicen los castellanos el "lugar de Barrio enque vive Juan Franco con *las* casas en que vive Elvira de Barrio, y *el* lugar de Mugilde, y *el* lugar da Pena con el *molino* sitos en la freguesia de Santiago de Villamarin, con *la* condición de plantar *cien* castiñeyros y *por la* pension annual de *veinte* fanegas de pan centeo *puestas en la* tulla de *la* casa de Villamarin, y un ducado *del* Porco *del* servicio, y pagar un carro de palla *puesto* en *su* palleyro do Barrio". En todos los cuales fragmentos de escrituras se ve la gran decadencia que tuvo la lengua gallega escrita desde el mencionado año de mil cuatrocientos y ochenta y dos años hasta el de quinientos y veinte y seis. Pero se ve también que el idioma usado en algunos instrumentos públicos, otorgados en este dicho año, todavía es gallego, aunque sembrado de castellanismos; y también podrá decirse que es un idioma castellano mezclado de galleguismos.

No sucede así en los años que se siguen al expresado de quinientos y veinte y seis. Después de este año todas las escrituras están formadas en un verdadero castellano, que nada tiene de diftongos[35] gallegos y nada de sintaxis gallega, a excepción[36] de algunas voces diftongadas que no tienen fácil equivalente castellano, como *Ayra* y *Celeiro*, y a excepción también de algunas locuciones particulares, como *mucho poco*, y *tuviera* por *había tenido* que merecieron hacerse expresiones de estilo forense, como lo fueron y son del familiar. Estas y otras semejantes voces, expresiones, frases, y modos de hablar se usaron constantemente en los instrumentos particulares que los (p. 12) gallegos otorgaron desde el año de quinientos, y veinte y seis hasta principios del siglo presente. Y en este se usan todavía, y se usarán en adelante todas las voces gallegas que no pueden suplirse con otras de la lengua castellana, o que han pasado a ser de estilo. Las de estilo son algunas, y no muchas; pero las que carecen de equivalente castellano son innumerables; y las que se derraman de esta clase en escrituras son muchísimas. Como quiera, el idioma de estos instrumentos es castellano y no gallego. Este último dialecto dejó de escribirse en dicho año de veinte y seis y en su mes de septiembre; después del cual no se halla escrito documento alguno que parezca gallego.

35 Sic no Ms.
36 "excección" sempre no Ms.

Si a esta novedad pudo dar motivo el natural cansancio que se reconoce en las plumas gallegas, lo dirá el progreso que debe observarse en los documentos precedentes. Estos no lo dan a entender, y siempre queda la sospecha inclinada a persuadirse que intervino el poder soberano en abolir enteramente el uso de escrituras en lengua gallega. A cuya persuasión, en que ya muy antes de ahora estaban innumerables gallegos, fundados en el preciso hecho de no hallar ni un solo renglón de su idioma escrito en los dos últimos siglos, se encoje el respeto gallego y se encoje vanamente.

Vanamente empleado está cualquiera miramiento que impida un trabajo tan útil como es formar diccionario de una lengua, y de una lengua como es la gallega, cuyas importancias ocuparán un largo recuento. Los vizcaínos y los catalanes no se anduvieron en estos reparos. Formaron el diccionario de su respectivo dialecto, y aunque unos y otros autuan[37] y escrituran en castellano, nadie fue tras de sus diccionarios sino para alabarlos, y para aprovecharse de sus muchas utilidades. Estas se hallarán mayores y más abundantes en la lengua gallega. Y cuando esto pudiera no salir tan cierto como aquí se promete, siempre sería, y será muy útil, y también muy necesario, y plausiblemente recibido el diccionario de la olvidada, y abandonada lengua gallega; pues nadie ignora que aunque se empeñen todas las potestades humanas, es imposible desterrar enteramente un idioma de su país y substituirle otro enteramente. Vinieron a Galicia los celtas; vinieron los fenicios, vinieron los griegos, los romanos, los suecos[38], vándalos y godos, vinieron los árabes. De todos sus dialectos tenemos en Galicia copia de voces. Pero es muy creíble que estos países hablaron siempre a su modo gallego. Y aunque tomaron mucho de las lenguas advenedizas, reservaron las voces y modos suficientes a manifestar cuál era su antiguo dialecto. Este en el día y desde la ruina de los godos es latino; pero tiene tantas propiedades de otros idiomas, que no basta saber latín para comprender el gallego. Véanse los instrumentos latinos (p. 13) de data más cercana a la época de dicha irrupción[39] árabe, y de que hay muchos en el monasterio de Sobrado. En ellos se brujulea el idioma vulgar de Galicia, y un verdadero gallego como el de siglos posteriores; pero no precisamente en voces latinas agallegadas, sino en otras muchísimas griegas y de otros idiomas. Solamente de la lengua árabe que era la dominante en España faltan palabras en aquellos primeros instrumentos. Los más de sus galleguismos recaen sobre raíces latinas, y griegas que muchos siglos antes habían entrado en Galicia. Tan difícil como todo eso es desterrar enteramente un idioma de su país.

37 Sic no Ms.
38 Sic no Ms.
39 "irrucción" no Ms.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

Por esta dificultad y porque el idioma gallego se habla universalmente en Galicia con bastante pureza, especialmente en los países y lugares de menos comercio forastero es indispensable que los gallegos escriban, y efectivamente escriben muchas voces, y propiedades de su idioma nativo. Esto se hace más creíble, y enteramente innegable si se reproduce aquí lo que en el número 6[40] queda dicho en razón del gallego propio de Pontevedra. La reflexión que allí se hizo es una razón general que comprende a todos los países y a todos los idiomas. En Castilla, cuya lengua es la instrumental de Galicia, no hay todas las cosas que se hallan en este Reino Gallego en el cual tampoco hay todas las cosas de Castilla. La agricultura de estos dos Reinos no se parece en nada. La división de tierra por las dos categorías de cantidad y cualidad no da qué decir en Castilla, y en Galicia ocupa un vocabulario. Lo mismo sucede con los instrumentos de labores que necesita el pan desde que se *besa* o rotura la tierra hasta que se ponen en la mesa los *codelos*, o *rebanadas*, que son los pedazos del mismo pan. En la cría de ganados, en la curación de sus males, en la economía de su crianza, en el aprovechamiento de sus pastos, y en la desmembración de sus carnes, usan los gallegos diez veces más voces que los castellanos. Una sola res de cerda dividida por mano gallega presenta doble número de miembros dignos de particular aprecio, que en Galicia tienen su nombre propio, y en Castilla no merecen nombre ni atención particular. Si queremos atender a la policía urbana de Galicia, hallaremos en las plazas, calles, caminos y trochas, y sobre todo hallaremos en los edificios tantos nombres comunes, y tantas voces propias de la cantería gallega, que su multitud canse a cualquiera que no se haya criado en este país.

De todo lo dicho se infiere ser la lengua gallega más copiosa que la castellana a lo menos en cada uno de los artículos o ramos de las cosas mencionadas y en otras de igual necesidad. Pero también se convence por lo mismo cuán necesario es a los escribanos gallegos el uso de muchísimas voces propias de su dialecto. Sin ellas se verían muchas veces imposibilitados a explicar (p. 14) su pensamiento; y mucho menos podrían expresar el concepto de un deponente rústico no usando los propios términos en que él se explica.

Estos términos pronunciados y contraídos por los gallegos de una comarca, muchas veces son incomprensibles a los mismos gallegos de comarca diferente; que como no hay diccionario ni vocabulario, ni menos glosario de su lengua, no tienen regla cierta para decidir en sus dudas *filológicas* o relativas a la inteligencia de su idioma. En el siglo próximo pasado hubo pleito reñidísimo entre los dos condes de Lemos, y de Ribadavia sobre los términos de la jurisdicción de Castrelo de

40 Vese que o orixinal do manuscrito tiña os parágrafos numerados, numeración que non se recolle na copia que transcribimos.

Miño. Llegaron al incidente de los nombres tan vulgares como son *còto*, *jurdición*, *meyrindad* y *alfoz* que, pronunciados y escritos a la castellana, son *coto*, *jurisdicción*, *merindad* y *alfoz*; sobre cuya verdadera y propia significación tuvieron que recibir una información muy larga, y hacer un gasto que sería muy excusado si hubiese diccionario gallego universalmente recibido. De su falta ya pudieron los naturales de Galicia estar escarmentados muchos siglos antes de ahora; pues hay en sus archivos muchos ejemplares de largas informaciones recibidas sobre la precisa inteligencia de sus voces más comunes. En el archivo de este monasterio benedictino de San Martín de la ciudad de Santiago se conserva original la información recibida contra Pedro Molacino. Este Pedro disputaba al monasterio de San Lorenzo de *Carboeiro* una parte del coto (o digamos en gallego couto) de Pastoriza comprendido en la feligresía de San Juan de Carvia. Y en la tercera declaración, o, como dice el original, *producción* dada por el presbítero *Domingo Pelaz*, se pregunta muy de intento el significado de esta palabra latina *cautum*, que aquí corresponde al gallego *còto* con la primera o cerrada, y significa el mojón, o punto mojonero, cual sea monte, cual piedra puesta a mano. Esto sucedió siete de diciembre, y año de Christo mil doscientos y quince. Desde aquellos tiempos al nuestro ocurrieron otros muchos escarmientos de la misma naturaleza, pero ningunos han sido poderosos a llenar los corazones gallegos del dolor[41] que se merece la falta de su diccionario.

Lo peor para todo es que no son los gallegos solos a padecer. Las gentes con quienes comercian y escrituran precisamente han de hallar mucho trabajo en leer, y en entender las escrituras que les corresponden, si por su desventura fueron otorgadas y escritas por un escribano que llenase el papel de galleguismos. El tudesco, el italiano, el francés, y no menos el castellano, cuyas pertenencias están afianzadas en los títulos de instrumentos otorgados en Galicia, necesitaría indispensablemente un intérprete gallego, que tal vez no hallara fuera de este país. Y si el que tiene la pertenencia, y los papeles está (supongamos) en (p. 15) Asia, África, o India, como puede suceder, y ha sucedido; en este caso no viniendo a Galicia, está privado enteramente de todo otro recurso. Hallará fácilmente un español, que sepa bien el castellano; pero los castellanos y demás españoles que hablan la lengua de Castilla no por eso tienen conocimiento de la lengua gallega. Podrá también, aunque más difícilmente, hallarse por aquellos remotos países un español que sea gallego; y es regular que, al año de haber dejado su patria, tenga tan olvidada su lengua nativa como los más de los gallegos que van a Castilla con el pujo de nunca parecerles tales. En todos estos casos cualquiera español que supiese la lengua dominante,

41 Sobrescrito sobre un "haber" que está riscado no Ms.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

como regularmente la saben todos, daría muchas, y suficientes luces con el auxilio de un diccionario gallego. Sin él ni los mismos naturales de Galicia son capaces de explicar todas y cada una de las varias voces que son familiares entre todos sus compatriotas.

Cuando nada de lo dicho fuese tan factible como es, y aunque fingir que el corto número de los posibles casos de esta naturaleza no merece el trabajo de un diccionario gallego, todavía es lamentable, y vituperable su falta por las muchas utilidades que oculta al total de la sociedad. Demos de barato que todos los litigantes gallegos, y forasteros estén bien hallados con gastar el tiempo y el dinero en puros incidentes de palabras. Miremos también (si es posible) con toda indiferencia los documentos de sus archivos rasgados, subrayados[42], marginados, enmendados, y estropeados con necios anacronismos, como los de otras provincias, y con perniciosas inteligencias cuales no se encuentran en instrumentos de otro idioma. Disimulemos estos defectos en las copias del gallego por no haber quien lo posea todo, y en todo género de copias por el poco o ningún estudio, que se hace de las diversas formas de letras; teniendo presente que también entre las autorizadas y muchas veces presentadas en los tribunales, hay copias enormísimamente viciadas que pasan por buenas, y exactas, cuando sus erratas no conciernen a lo sustancial de la causa. Aunque todo esto se disimule, y tolere, mal puede llevarse en paciencia el ver a todo el mundo privado de los muchos conocimientos que oculta la lengua gallega por no entendida.

La pesca, la agricultura, la cría de ganados, la manufactura, la botánica, y la farmacopea, con otros muchos aprovechamientos de Galicia, ofrecen un sinfín de voces llenas de conocimientos importantísimos, y dignos de que se divulguen. De la pesca gallega ya dio mucha noticia el ilustre caballero coruñés don Josef Cornide en el *Ensayo* que imprimió para la historia de ella. De la agricultura así antigua como moderna se pudieran tomar preciosos documentos para la actual de Castilla. Y decimos para la actual, que está faltosísima de industrias; porque su antigua economía (p. 16).

[Aquí remata o texto]

42 "sorrayados" Ms.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 193-229
ISSN: 1576-8767

IV

Xornadas Castelao. De onte a hoxe

As liñas da conciencia. Castelao ilustrador e deseñador / / Xosé Díaz

A gramática da obra narrativa de Castelao / Pilar García Negro

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 233-237
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

AS LIÑAS DA CONCIENCIA. CASTELAO ILUSTRADOR E DESEÑADOR

Xosé Díaz
Deseñador

Resumo: O labor de Castelao como grafista e sobre todo como ilustrador –e na ilustración inclúo o humor gráfico– foron, sen dúbida, as máis importantes facetas da súa poliédrica personalidade creativa, pois ambas as dúas disciplinas se impregnaron coa súa mellor dimensión humana: a conciencia política.

Abstract: Castelao works as a graphic artist and illustrator –and all as included in the graphic-illustration mood– was undoubtedly the most important aspects of his multifaceted creative personality, as both disciplines were impregnated with their best human dimension: consciousness policy.

Palabras chave: denuncia, compromiso, comunicación, eficacia.

Key words: complaint, commitment, communication, effectiveness.

Foi no trazo, na liña, no debuxo, onde o talento de Castelao artista acadou a máxima expresión e altura plástica. Como ilustrador, Castelao deixou unha obra cuantiosa e heteroxénea. Laboriosa tarefa enumerar as súas abondosas colaboracións gráficas en *El Barbero Municipal*, *El Ideal Gallego*, *El Sol, El Noroeste, La Zarpa, Galicia, A Nosa Terra, El Liberal, El Parlamento, Faro de Vigo, El pueblo Gallego*… ou nos xornais da emigración americana nos que colaborou arreo, como o caso de *La Voz de Galicia* bonaerense. As súas colaboración gráficas en revistas foron tamén abondosas e percorreron as páxinas de *La Ilustración Española y Americana, La Esfera, Suevia, Vida Gallega, Galicia Moza, El cuento semanal, Mondariz, Mi tierra, El Gran Bufón, Nova Galiza, Galeuzca*…, por só citar as máis sobresaíntes. Lembremos así mesmo os libros e álbums propios que publicou en vida, dende os dous libros de *Cousas* ata *As cruces de pedra na Galiza* (que foi póstumo), pasando por *As cruces de pedra na Bretaña*, o álbum *Nós*, *Un ollo de vidro, Cincoenta homes por dez reás, Galicia mártir, Atila en Galicia* e *Milicianos*. Recordar tamén que ilustrou, xa para a cuberta, xa para o interior, unha gran cantidade de

libros de autores alleos, en Galicia e fóra de Galicia; sendo as ilustracións que fixo en Bos Aires para a Editorial Atlántida, na segunda metade dos anos corenta, as últimas que realizou; trátase de 10 libros de varios autores para a colección Billiken: Oscar Wilde, don Juan Manuel, Joan Martorell, Plutarco, Leon Tolstoy, Hoffmann, etc. Sabemos que foron Rafael Dieste e a súa dona Carmen Muñoz, que traballaban ambos os dous nesa casa, quen lle suxeriron o nome de Castelao ao propietario e director da editorial, Alfredo Vercelli. E xa que estamos aquí, non está de máis recordar que na editorial Atlántida Dieste fundou a colección Oro, de divulgación, que publicou a numerosos exiliados, entre eles Francisco Ayala, María Zambrano, Serrano Plaja, Sánchez Barbudo, e aos galegos Lorenzo Varela, Otero Espasandín ou o propio Dieste.

Céltiga, Lar, Faro de Vigo, Nós, Real Academia Galega, Seminario de Estudos Galegos, Editorial Pueyo, Ministerio de Propaganda, As Burgas…, por citar as que me veñen á memoria, foron algunhas das editoriais e institucións que publicaron libros ilustrados por Castelao.

Carteis, capas de libros, diagramación de libros e revistas, símbolos corporativos, cabeceiras de medios de comunicación, *ex libris*… O Castelao deseñador transitou por todos os campos coñecidos na súa época. Non é este o sitio nin o momento para nos parar polo miúdo en todas as variantes desta disciplina, citarei só algúns exemplos do seu talento que a min me parecen máis relevantes. En cartelismo gosto dos deseños promocionais que fixo da revista *Céltiga* (1922), *Un ollo de vidro* (1922), o xornal *Galicia* (1922), o da *Exposición Castelao* de 1924 e os dous que fixo para o plebiscito do Estatuto en 1936, estes últimos cunha estética realista de grande efectividade. O máis salientable, en todos os aspectos, é o que serviu para promocionar o xornal *Galicia*, no que debuxou un rostro con catro ollos, como querendo transmitir a eficacia informativa do xornal (aquí hai sen dúbida unha influencia do cubismo, do que renegara o ano anterior en París, como veremos máis adiante). De feito, no seu *Diario* de 1921 debuxa un rostro con catro ollos despois de visitar unha exposición de arte ruso en París, o día 20 de xuño.

En canto ás numerosas cubertas que realizou, a máis interesante dende o aspecto gráfico é a que fixo para a revista *Nós,* do nº 10 en adiante, entre 1922 e 1927, cunha ilustración moi recargada na que vai cambiando algún elemento central: as veces é unha árbore, outras un dolmen. Trátase dun deseño inspirado nun dos mestres da gráfica modernista, o bostoniano Will Bradley (1868-1962), un referente do que Castelao xa botara man por esa época na cuberta do libro *Os catro cisnes brancos. Lenda celta,* da editorial Céltiga, onde a ilustración, e mesmo a caligrafía do título, practicamente está calcada dun debuxo do grafista americano.

En canto aos símbolos que fixo eu salientaría o que deseñou en 1923 para o Seminario de Estudos Galegos, onde a tipografía discorre sobre dous círculos

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 233-237
ISSN: 1576-8767

concéntricos que xiran arredor dun cáliz con cinco estrelas e unha pomba, e no que incorpora con acerto a lenda "Deus scientia fratresque Gallaetiae".

E non remato estas liñas sobre o Castelao deseñador sen mencionar a tipografía que crea inspirándose nas capitulares dos códices medievais, de carácter elzeviriano, ao rematar as letras con *serifs* exipcios ou de trazo recto. Esta tipografía, que utiliza en infinidade de títulos de portadas, símbolos, ex libris, cabeceiras… puido converterse, de haber aquí en Galicia un mestre tipógrafo, na tipografía seria e profesional que, convenientemente implementada en maiúsculas, minúsculas, versaletas ou cursivas, tería posto a Galicia no mapa do deseño tipográfico. A fermosa cabeceira do xornal *Galicia* é un exemplo de onde puido ter chegado. Desgraciadamente esta tipografía acabou nun estado de lamentable degradación: se a utilizásemos para comunicar un evento serio e importante, automaticamente ficaría desacreditado.

Dito isto, feita esta breve relación de lugares onde atopamos a súa sinatura, direi que non gosto de enfocar as reflexión sobre Castelao nunha soa dirección, nunha soa disciplina, pois penso que as diversas facetas da súa obra plástica non se sosteñen independentemente. Por que? Pois por unha razón sinxela: Castelao debuxa e deseña con atraso sobre os achados e progresos estéticos que aparecen por Europa dende comezos do século XX, que someten a unha revisión profunda os códigos académicos imperantes e apostan por unha nova sociedade aberta, libre e igualitaria que ansían para o vello continente dende o mundo da arte, o deseño e a arquitectura. Noutras palabras: a estética de Castelao destila o atraso e o illamento propio dos artistas galegos da súa xeración.

Unha vez exposto o anterior, engado que a obra debuxística de Castelao é absolutamente actual e perdurable. Por que ten esa transcendencia, aínda sendo producida dende o illamento galego, se antes dixen que era unha obra que destilaba atraso? Pois porque a obra plástica de Castelao non se pode abordar dende un ángulo só, hai que abordala, como antes dixen, na súa totalidade. Explícome: toda a produción plástica de Castelao é, en palabras de Luís Seoane, "fundamentalmente unha confesión das súas opinións con respecto a Galicia, os homes de Galicia, o Estado Español e o mundo". En puridade toda a súa produción, fundamentalmente a debuxística, ven sendo un intento de explicar o mundo que o rodea, comunicar as súas eivas, denunciar as súas inxustizas. Ven sendo, xa que logo, un apéndice da súa auténtica paixón: a política.

Pepe Núñez Búa, amigo e correlixionario de Castelao, ao que chamaba "Cañoto" dende que así o alcumara nun xantar en Vigo en 1930, contaba a hoxe célebre anécdota que é dabondo ilustrativa do sentimento político que guiou sempre a plástica de Castelao: nunha das exposicións dos debuxos que máis adiante formarían o álbum *Nós*, achegóuselle a Castelao unha señora burguesa que lle espetou en fino

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 233-237
ISSN: 1576-8767

castelán: "¿Por que retrata un país tan arrepiante, tan miserable, sendo Galicia un país tan fermoso?" e Castelao respondeulle: "Hai señora, e que eu non teño vocación de estupefaciente". Resposta tan contundente e transparente reflicte á perfección o espírito da plástica de Castelao e explica o estilo realista do que sempre fixo gala, pois matinaba que os seus debuxos tiñan que ser eficaces na denuncia do atraso, a marxinación e a miseria endémica de Galicia, tiñan que comunicar o mellor posible co pobo, e chegar a un número maior de xente. Isto explica por que Castelao adopta e defende o realismo fronte a outra corrente estética.

Castelao identificou cunha claridade esmagante os problemas de Galicia, e converteu eses problemas, os males do pobo, nos temas fundamentais dos seus debuxos: o servilismo, o caciquismo, a miseria, a ignorancia, a emigración, o esquecemento das orixes, o atraso… A diferenza doutros artistas da súa época, como é o caso, por poñer un exemplo notorio, de Fernando Álvarez de Sotomayor, Castelao debuxa para **denunciar, memorizar** e **divulgar** os males, fronte a Sotomayor, onde na súa plástica eses males **esmorecen**. A súa obra está vixente e puido viaxar polo tempo e o espazo porque transmite honestamente os problemas da época que lle tocou vivir, poñendo as súas habilidades plásticas ao servizo dunha causa nobre. A arte como vehículo para **descubrir a verdade**, non para **encubrila**. Aquí radica o talento do rianxeiro, non importa que a súa estética estea fóra do tempo ou que non soubese valorar os achados dos renovadores da súa época, que el coñeceu de primeira man no percorrido que fixo polos museos e as salas de exposicións europeas en 1921; nin importa o malestar que lle causaron as vangardas, que deixou relatado no seu *Diario* de 1921, moitas delas case inimaxinables para nós, como veremos de contado. Non importa que o seu estilo non estivera en sincronía coa súa época, nin importa a repulsión que lle produce o cubismo, o dadaísmo ou o construtivismo; as súas obras están repletas de temas particulares, locais, pero deixan translucir o universal do espírito que as impregna. Se percorremos as follas do seu *Diario* de 1921, en que pensionado pola Junta de Ampliación de Estudios, percorre nos meses de xaneiro a agosto Francia, Bélxica e Alemaña, decatarémonos da súa mentalidade reaccionaria en temas estéticos. Escribe sobre Picasso: "Con todo, eu penso que Picasso é un farsante... A min pareceume que Picasso é un home de gosto refinado se se quer, pero que non sabe dibuxar... Eu teño a Picasso nada máis que por un "amateur" do arte". E sobre Paul Klee di: "O meu rapaz fai debuxos mellores. Eu non sei por que unha persoa maior ha pintar como pintan os nenos, pois os que xa non somos nenos non podemos faguer rapazadas". Ao remate da súa estancia en París escrebe: "Xa sei o que é o dadaísmo. O dadaísmo non é nada; o dadaísmo é faguer nada con nada i é peor que nada porque é parvo, e nun pobo onde haxa un pouco de hixiene espritual os dadístas serán mallados a paus". Castelao, ao remate do diario láiase así: "Eu teño que confesar que sairei de eiquí tal como vin

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 233-237
ISSN: 1576-8767

e sen deprender nada". Estas reflexións non fan máis que reafirmarnos no exposto: cunha estética diacrónica que rexeita as novas tendencias da plástica, unha obra pode ser transcendente se incorpora o compromiso cos problemas do seu lugar e o seu tempo co fin de facer xermolar nos espectadores o seu **senso moral elemental**.

Non nos detemos no moi coñecido e amplamente estudado ascendente do xenial debuxante e humorista noruegués Olaf Gulbransson na arte de Castelao, así como da revista muniquesa *Simplicissimus*, do que era un dos seus máis importantes colaboradores. Mais o que si queremos é destacar os paralelismos que Castelao ten noutros artistas da súa época. Vénme á memoria o caso da artista Käthe Kollwitz (1867-1945), figura destacada do realismo crítico alemán, que fixo unha obra gráfica comprometida e ancorada en presupostos naturalistas e realistas, a pesar de vivir e traballar no Berlín bulicioso axitado polos artistas que xiraban arredor do expresionismo —penso maiormente en George Grosz e a súa obra de fortísimo acento crítico coas desigualdades sociais e o fascismo ascendente, pero con estética vangardista. Kollwitz deixou unhas series gráficas —todas anteriores a 1921— que só polo seu título sabemos que están en consonancia coas de Castelao: "A rebelión dos tecedores", "O levantamento", "Guerra dos campesiños", "A morte". Os temas destas obras son a explotación do proletariado, a miseria, a fame, a dor, a morte. Castelao cita a Käthe Kollwitz no seu *Diario* de 1921, o día 20 de setembro, cando está en Múnic, e escribe: "Despois (de ver a exposición de artistas independentes) saín a ver escaparates onde están á venda cadros e gravados. Nunha casa que venden gravados vin cousas boas e moi interesantes coma procedimento de gravado. Eran litografías ó xeito de Steinlen[1] (cousas de dôr e de miseria) de Käthe Kollwitz". Aquí remata a cita; Castelao non di nada máis dela, non obstante estou seguro de que as litografías de Kollwitz lle quedaron no inconsciente e, dalgunha maneira, inspiraron os seus álbums da guerra, *Galicia mártir, Atila en Galicia* e *Milicianos,* pois hai debuxos cunha temática exacta, un mesmo espírito denunciador e unha estética moi próxima.

Ramón Otero Pedrayo, deixou escrito no Prólogo do seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega* unha reflexión que me vén como anel ao dedo para rematar esta intervención: "Non hai cousas vellas nen novas, hai só cousas vivas e mortas, e non as determina a idade senón o alento interior que as anima". Verdadeiramente a obra gráfica de Castelao segue viva porque animou as súas liñas cun alento interior, case me atrevería a dicir que inmortal.

1 Théophile Steinlen (1859-1923) foi un debuxante, gravador e pintor suízo, célebre polos seus carteis publicitarios no París de 1900 e as súas abondosas colaboracións gráficas nas revista da época.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 233-237
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 239-249
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

A *GRAMÁTICA* DA OBRA NARRATIVA DE CASTELAO

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña

Resumo: Na presente conferencia estúdase a obra narrativa de Castelao no contexto do Segundo Renacemento da literatura galega e no seo da produción do autor, que toca varias cordas artísticas, intelectuais e políticas. A obra toda de Castelao fai certo o principio da "soberanía estética da nazón galega" proclamado na I Asemblea Nacionalista de Lugo (1918) e, en concreto, a narrativa afíliase á renovación da prosa literaria que alimentou a Xeración do 16 ou das Irmandades da Fala. Na caracterización desta obra de Castelao, valémonos de categorías gramaticais (morfoloxía, sintaxe, semántica) para iluminarmos os signos definitorios principais dos seus relatos e novelas, subliñándomos o papel da arte simbiótica en que este autor foi mestre. Concluímos que se trata dunha obra —en coherencia co espírito e a intención xeral de toda a produción castelaniana— que serve á ansia de representación digna da Galiza que define o pensamento e a actuación nacionalistas da primeira metade do XX.

Abstract: This lecture focus on the study of Castelao's narrative writing in the context of the the Second Revival of Galician Literature fostered by the "Xeración do 16" and the "Irmandades da Fala" that renovated Galician literary prose, and on the links between these writings and the whole of his artistic, intelectual and political works which follows the rule of the "aesthetic sovereignty of the Galician nation" proclaimed at the First Nationalist Assembly celebrated in Lugo in 1918. We use grammatical categories such as Morphology, Syntax and Semantics to characterize his works and to shed light on the main signs that define his narrative, stressing particularly the role played by the symbiotic art which he mastered so well. Finally we conclude that the whole of Castelao's work was guided by the same desire of achive a dignified representation of Galiza that characterized the ideas and activities of Galician nationalism during the first half of the 20th century.

Palabras chave: Castelao, obra narrativa, arte simbiótica, nova épica digna representación da Galiza.

Key words: Castelao, narrative writing, symbiotic art, new epic, dignified representation of Galiza.

Quer a casualidade que o día de hoxe, 30 de outubro, coincida coa data da aparición da revista *Nós* (1920), editada en Ourense, dirixida por Vicente Risco, e onde Castelao colaborará permanentemente até a morte da ilustre publicación —de morte matada— no verán de 1936. Nesta entrega inaugural, podemos contemplar unha mostra da súa arte plástica, o debuxo "A roda de San Xoán". Igualmente, nesta data, lembramos unha outra efeméride, o nacemento, en Ferrol (1910), de Ricardo Carvalho Calero, que dedicou moitas páxinas do seu labor intelectual á análise e interpretación da obra do noso homenaxeado. Académico desta Casa por espazo de 32 anos, a súa valoración de Castelao como escritor de pleno dereito continúa a ter vixencia e interese, e a ela nos referiremos nalgún ponto desta disertación.

Sendo a de Castelao unha obra complexa, moi rica na súa variedade e cunha indubitábel cárrega simbólica pola transcendencia da súa función artística e política, convirá esquematizar, antes de máis, uns cantos trazos significativos do contexto da súa produción toda. No meu xuízo, serían estes:

1. Toda a obra definitiva de Castelao afilíase ao principio proclamado na I Asemblea Nacionalista Galega (Lugo, Novembro de 1918), da "soberanía estética da nazón galega". Dous anos antes, en 1916, a renacida *A Nosa Terra*, restaurada como "Idearium das Irmandades da Fala" afirma (nº 2) o seu propósito de "poñer o galego ó día", ao tempo que unía a este proxecto de restauración da lingua a defensa da economía galega e dunha política ao servizo do povo galego. O *desideratum* de futuro exprésase nestes termos:

> […] d'aquela surxirá a y-alma xenérica que nos falla, xenerando o amor ós negocios da terra, ó arte y-a cencia nosos, trocando, pouco a pouco, o traballo colonizado d'oxe en traballo gallego. Eisí chegaremos a sustantivar o sentimento en concencia nacional, a organizar a diferenciación en realidade política y-a trocar a protesta en intervención.

Velaquí a partida de nacemento e a cédula de identificación da arte, da literatura, do pensamento e da intervención política do noso personaxe.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

2. Esta alianza de intereses, esta rede de actividades, van acadar en Castelao un selo distintivo e, de certo, invulgar nos persoeiros galegos e nos españois contemporáneos. É inevitábel analisar a arte literaria do escritor vinculada á súa produción artística xeral, á súa obra de pensamento, razón pola que se impón estabelecermos un diálogo intertextual permanente entre o Castelao humorista, o caricaturista, o debuxante popular, o narrador, o dramaturgo, o nacionalista galego. Tal carácter proteico arrequece unha obra considerábel cuantitativa e cualitativamente e, ao tempo, singularízaa como subconxunto no global dos seus contemporáneos e da súa xeración.

3. Nun círculo concéntrico máis interior e afinado, cabe falar, en boa parte da súa obra, de arte simbiótica, onde se alimentan, en beneficio mutuo, arte literaria e arte gráfica. Tal é o caso, como veremos, de *Cousas*, mais tamén doutras pezas anteriores, simultáneas e posteriores do autor: o debuxo ilustra o relato (ou a lenda da estampa ou o retrato) e viceversa, este ilumina aquel.

4. A súa prosa narrativa —como a de Risco ou a de Otero Pedraio, con fortes trazos distintivos ambos— supón unha ruptura verbo dos modelos anteriores. Extinguido o pulo do Primeiro Renacemento, urxía incorporar a lingua galega a novos modos e a novas modas: *Atopar no tema galego o pulso do mundo, ou pintar o mundo con acento galego* (Blanco Amor 1986: 56), en afortunada síntese de Eduardo Blanco Amor; substituír o típico polo enxebre, desbotar toda tentación pintoresquista.

5. Ao servizo, en fin, desta intencionalidade, Castelao define con toda a clareza a clase social que será centro da súa intervención literaria. Serán as clases populares, o mundo do traballo, daquela concentrado nun 90% arredor do campo e do mar. Caciques, rendistas, burgueses acomodados ou funcionarios venais van ser obxecto da súa invectiva, non por humorística menos radical. A fidalguía parasitaria será contemplada como inútil e improdutiva. A escolla de clase social, pois, define unha nova épica e casa enteiramente co seu ideario e ansias de *redención*, por utilizarmos un termo de claro saibo epocal.

A MORFOLOXÍA DA OBRA NARRATIVA

Escollemos tres categorías ou taxonomías gramaticais para caracterizarmos metonímica ou metaforicamente a obra narrativa de Castelao. Falaremos da morfoloxía, da sintaxe e mais da semántica da súa obra narrativa. Ela encérrase en 25 anos, desde 1909, en que aparece publicado o seu primeiro relato, "O segredo", logo incluído en *Retrincos*, até 1934, en que se publica este volume de relatos e mais a novela longa *Os dous de sempre*. A cronoloxía, porén, que seguiremos será a da

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

aparición en libro e, conforme ela, temos a seguinte secuencia, que abranxe unha ducia de anos, de 1922 a 1934.

O corpus narrativo de Castelao ábrese con *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, publicada na colección Céltiga, en 1922. Este orixinalísimo relato, ilustrado por debuxos do autor, supón a inauguración da ruptura na concepción narrativa a que xa nos referimos. Como aponta Varela Xácome, resulta ser "el relato gallego más renovador de aquellos años" (Varela Jácome 1973: 15). O narrador fai constar un narratario explícito nos textos inicial e final dedicados ao "Leutor", onde dá conta da súa atracción polos cimeterios, do seu trato co enterrador e do achado do ollo de vidro e mais das memorias dun personaxe incógnito, en quen vai depositar a voz da narración. Se ben a utilización do manuscrito atopado é un tópico literario ben antigo e de asentada eficacia (lembremos só a *transcrición* que Cervantes di facer de Cide Hamete Benengeli no seu *Quixote*), o recurso da óptica do ollo de vidro da calivera é enteiramente novo. A exploración do mundo dos mortos, como parábola do mundo dos vivos, é de por parte anterior a obras como *Our town*, de Thornton Wilder (1938) ou de *Huis-clos* (1944) ou *Les jeux sont faits* (1947), de Jean-Paul Sartre (Varela Jácome, 1973: 15). A *cumplicidade* entre autor e voz narradora, en 1ª persoa, lévanos da man á consideración das principais teimas ou *leit-motiv* do escritor a aquela altura, as vinculadas a significar unha outra realidade galega, en clave crítica e sempre co humor como lubricante da sátira. O texto final, dirixido ao "Leutor" opera co recurso da *opera aperta*, ao anunciar o *legado* do ollo de vidro a un amigo e coetáneo seu, só que enterrado no adro dunha igrexa, non nun cemiterio urbano, para que se anime a escreber as súas memorias.

A segunda paraxe facémola en *Cousas*. Publicada en 1926 pola editora Lar, da Coruña, en 1926, coñece unha 2ª edición, a de Nós en 1929 e, aínda, unha conxunta de ambas, en 1934, sempre baixo o selo do Seminario de Estudos Galegos. Se *Un ollo de vidro…* contiña sete ilustracións da man do autor, esta nova obra, que inclúe unha declaración inicial, "A carón da natureza" e, na versión definitiva, 44 relatos, equilibra con simetría a achega artística e a literaria. Todas as pezas levan cadansúa ilustración, polo que a *leitura* é reversíbel: desde o debuxo ao relato ou viceversa. Estamos ante a culminación da arte narrativa de Castelao na dimensión formal, até o ponto de, tendo sido denominadas relatos ou contos —por lóxica aproximación xenérica—, estas unidades narrativas, na realidade, inauguran un subxénero, tal e como advertían xa críticos contemporáneos do autor. Lembremos, por exemplo, as valoracións de Risco:

> Cada *cousa* destas *cousas* de Castelao, dobladas de deseño e verba, é unha pequena obra de arte […]. Ten que facer co-elas o poema inteiro da Galiza de hoxe […]. Cada unha é unha novela nunha páxina […]. De cada unha poderíase

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

> sacar unha novela, un poema, un drama, unha comedia […]. As *Cousas* de Castelao enseñan mais da psicoloxía dos galegos, e da psicoloxía de tódolos homes, que tódolos outros inquéritos que se poidan facer[1].

A exactitude destes asertos compróbase, con efeito, no exame destes microcosmos narrativos. A prosa inicial, por exemplo (a historia da *Marquesiña)*, é convertíbel en poema; noutras pezas, predomina o carácter de historia sintética; algunhas son dramas ou filmes en xerme; noutras, é evidente o aroma lírico. Son, de certo, o grande achado castelaniano, a matriz ou forxa de toda a súa produción narrativa, como ten afirmado Carvalho Calero: *A cousa é a unidade de referencia en toda a literatura de Castelao* (Carballo Calero 1982: 75). A maioría son semblanzas e a voz narradora combina relato omnisciente en 3ª persoa co uso da 1ª persoa narradora. O prólogo reveste a maior importancia, pois nel o autor adianta as claves selectivas de comprensión da obra narrativa a que precede. Está constituído por sete parágrafos. Os seis primeiros —sempre desde a perspectiva do ollo do pintor— gardan unha exacta simetría compositiva: a óptica sensorial primeira ha de ser afinada ou corrixida pola volitiva: o que primeiro ven os ollos non é a realidade na súa complexidade; por iso cómpre descobrir unha outra verdade das cousas. O final rompe, ao xeito do remate inesperado dunha sinfonía, o paralelismo descrito, para declarar abertamente o partido artístico que se toma: *decateime de que hai máis fermosura nas froliñas dos campos que nas froles de xardín.* Se adxudica as primeiras ao Bosco ou a Brueghel o vello, apón as segundas a Rubens, optando decididamente polos primeiros exemplos e sintetizando a *captatio benevolentiae* con esta confisión: […] *eu quixen ser un ventureiro das letras*, literalidade que cómpre casar coa maior altura estética que antes atribuíra á natureza.

1934, en fin, coñece as dúas publicacións derradeiras de Castelao neste xénero: *Os dous de sempre* e *Retrincos*. A primeira é unha novela longa, distribuída en 44 capítulos (xustamente os mesmos que configuran *Cousas*), precedidos de cadansúa ilustración relativa ao contido narrativo de cada un deles. A da portada simboliza o xogo de contrarios dos protagonistas, Pedro e Rañolas: o sapo, a rentes do chao, limitado á repetición da vida vexetativa, face ao paxaro, no cimo da rama, capaz de voar e contemplar outros mundos. Se cabe falar de protagonista e antagonista, en termos de tese e antítese, é posíbel así mesmo facelo en termos de coprotagonismo. A secuencia narrativa da historia de ambos, disposta en unidades

1 Pertencen estas valoracións á recensión do segundo libro de *Cousas* que apareceu na revista *Nós* (nº 66, 15/VI/1929) sen asinante. O estilo da mesma e a lucidez crítica lévannos sen dúbida á autoría de Vicente Risco.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

que se constitúen, como afirma Carvalho Calero, ao xeito das *cousas* xa publicadas, entrelaza a traxectoria dos dous amigos, coa seguinte alternancia, após un I capítulo dedicado á casa e personalidade da tía Ádega: caps. II e III, dedicados a Pedriño, ao igual que os V-VII, XIV-XX, XXVI-XVIII, XXXII-XL e XLIII; a vida de Rañolas ocupa os capítulos IV, VIII-XIII, XXI-XXIV, XXX-XXXI, XLI-XLII e XLIV. Dous capítulos, no comezo e no inicio da 3ª parte (III e XXIX) funcionan a xeito de chavella, pois neles se refere o encontro de ambos, de nenos e de adultos respectivamente. As ilustracións funcionan, prologalmente, como un convite á leitura de cada capítulo. A obra está dedicada "Aos mozos galegos", como Curros fixera (46 anos antes, en 1888) c'*O divino sainete*, e no "Remate", o debuxo do albor, do sol auroral, convida a contextualizar, en ton da vida que continúa, o dramático *graffiti*-testamento de Rañolas: *¡PROTESTO!*, mensaxe radical do suicida. Son continuados na novela os apelos á 5ª persoa leitora, a un vós leitor de quen se procura a cumplicidade, presente xa na dedicatoria e transformado en envío a unha 2ª persoa no colofón. Este uso particular da función conativa aparecerá tamén noutras pezas do autor.

Retrincos comprende cinco relatos: "O segredo" (1909), "O inglés" (1914), "Peito de lobo" (1918), "O retrato" (1922) e "Sabela" (1934), todos eles de carácter autobiográfico, espellos doutras tantas secuencias da vida do autor, desde a infancia até a madureza plena. Carecen de todo complemento pictórico, correspondendo o debuxo da portada a Bagaría, nunha das caricaturas dedicadas ao seu colega e amigo Castelao. Vén ser ela unha biografía de Castelao en composición artística. A *ilustración* autorial aquí vai ser plenamente verbal, a contida no "Limiar" que antecede aos relatos. Todos eles están redixidos en 1ª persoa, consonte o seu carácter de anacos do percurso vital do autor, 1ª persoa explícita xa no comezo de cada un deles co indicador máis elocuente: o pronome "eu".

Cérrase aquí o curso narrativo de Castelao, ao menos entendido no marco convencional do xénero. As dramáticas circunstancias que haberían marcar a súa vida, e a de tantos connacionais, a partir de 1936, imporán a necesidade duns outros *relatos*, históricos, políticos, ideolóxicos. Sempre artísticos, con todo, ou con acceso ao retrato autobiográfico (desterro en Badajoz, por exemplo, e todo o periplo simultáneo e posterior á guerra civil).

A SINTAXE

As relacións *sintagmáticas* da narrativa de Castelao ímolas considerar en dous planos: o que atinxe aos elementos *in praesentia* na súa obra toda e no referido á rede de recorrencias-isotopías que é factíbel recoñecer nela. No primeiro deles, e seguíndomos a tese de Carvalho, en orde a considerarmos *Cousas* matriz xeradora

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

ou fórmula maxistral da produción narrativa, teríamos, antes desta obra, xustaposición da unidade narrativa en *Un ollo de vidro*…; e, con posterioridade, multiplicación da fórmula en *Os dous de sempre* e *amplificatio* en *Retrincos*. Engadiremos, pola nosa conta, que *Cousas* representa, ademais, o ecuador perfeito dunha traxectoria de **arte simbiótica** que ocupa o centro da produción castelaniana e que conta cun *ante-* e un *post*. Esta sería a diacronía:

1. Debuxo, caricatura, ilustración ou pintura sen complemento verbal.
2. Caricaturas, estampas, viñetas, debuxos…, cun pé explicativo, síntese tantas veces filosófica, política, cívica…, ao xeito de epigramas ou de sentenzas concentradas (as estampas do álbum *Nós*, composto entre 1916-1918, moitas das "Cousas da vida" e, sinaladamente, *Cincoenta homes por dez reás* [1930], de quen o proprio autor afirma, no "Aviso" inicial: "Son abreviaturas, estractos, esencias, resumes. Son homes que podedes trocar en persoaxes de novela").
3. Debuxo + texto escrito a partes iguais, no *fifty-fifty* xa mencionado de *Cousas*.
4. Novela ou relatos ensarillados, acompañada de ilustracións *ad hoc*, con claro predominio do texto escrito (*Os dous de sempre*).
5. Ausencia total de ilustración autorial (*Retrincos*).

Verbo do repertorio de recorrencias, debullaremos só algúns exemplos, sempre na intelixencia do diálogo arte gráfica-literatura que xa mencionamos. Debuxo e relato titulados "A tola do monte" publícanse no nº 2 da revista *Nós* (30 de novembro de 1920) e, reelaborados, aparecerán na 1ª edición de *Cousas*. Usará de tal procedemento en máis pezas deste libro. Noutras ocasións, Castelao traslada a libro as narracións xa publicadas en *A Nosa Terra* ou *Nós*, sen as alterar, como no caso da *cousa* que comeza: "Esta morea de pedras e tellas…", publicada previamente en *Nós* (nº 31, 25/VII/1926), sob o título "A vella Fanchuca". A historia de Ramón Carballo xa aparecera como "Novela" no nº 9 da mesma revista (31/I/1922). A historia entrañábel de Panchito —ese magnífico alegato antirracista e humanista— reaparecerá como evocación e argumento literario no fin do capítulo III do "Libro Primeiro" (Valencia-Barcelona, 1937) de *Sempre en Galiza* (1944):

> Fai moito tempo escrebín un conto. Érase un "habanero" que trouxo un rapaciño negro, como podía traer un papagaio ou un fonógrafo… O "habanero" morreu, e o negro chegou a mozo, e sinteu, como calisquera galego, a necesidade de percorrer mundos. I emigrou a Cuba; pero a morriña non-o deixaba vivir alí. E farto de chorar voltou â *súa* terra. Non traía cartos; pero traía un traxe novo, un baúl valeiro e moita ledicia no corazón. Aquel negro era galego (Castelao 1977: 41).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

No cap. XXVII d´*Os dous de sempre*, intitulado cun magnífico oxímoro, "A vida de Pedro é un inferno frío", as aldraxes que lle dirixe a súa sogra e mais a reacción del lembran decontado as da *cousa* centrada en Romualdo:

> ¡Lacazán! ¡Panarra! ¡Cangrena!
> E Pedro algunha vez revirábase:
> —Boeno… ¿Xa empezamos con indireitas?

No relato de *Cousas*, lemos:

> ¡Lacazán! ¡Borrachón! ¡Pelexo! A muller de Romualdo mallaba no home coma quen malla nun fol vello […]. Romualdo apareceu amañando a roupa, e con cara de ledicia finxida díxolle aos seus amigos: —Ímonos xa, que non está ninguén na casa.

Igualmente, o retrato de Pedro (cap. XXXIX) no seu retorno da emigración pampeana ("Pedro volve das Américas como un fol desinflado") correspóndese con "O pai de Migueliño", de *Cousas*, motivo (o fracaso da emigración) que xa aparecera en *Un ollo de vidro*.

En fin, anécdotas ou sucedidos reais na biografía do autor van alimentar, como xa se dixo, a materia narrativa de *Retrincos*, en cinco episodios significativos: os dous primeiros, ambientados na emigración infantil á Pampa arxentina; o do ecuador, referido á súa vida de estudante; o cuarto, ao contraste de vocacións médico/artista; o final, ao seu rol directamente político, homenaxeado como deputado na súa vila natal.

A SEMÁNTICA

En *Un ollo de vidro…*, o autor practica unha escolla narrativa que encerra un profundo simbolismo. Acudir ao mundo de alén-cova garante o uso da maior liberdade expresiva (os mortos xa non van ser reprimidos) e a utilización como parábola daquela existencia para caracterizar unha sociedade clasista, españolizada e servil, mais non morta. Precisa doutras lentes para se contemplar. Precisa, claro, do ollo de vidro, isto é, dunha visión realista e desacomplexada que supere a alienación ambiental. Autor e narrador funden voces cando se trata de deixar ben clara a mensaxe ideolóxica, por exemplo, na pasaxe en que o esquelete esculcador asiste á tertulia dos republicanos, toda ela en castelán:

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

> Oíndolles decir que o progreso vai cara a unidade tomei a parola pra aclarar que o progreso iña cara a armonía e que se o progreso fose cara isa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por riba do progreso está a perfeución e por unha dinidade que xa vai sendo dinidade persoal non debíamos consentir que na fala dos nosos abós se eispresase somentes a incultura que lle debemos ao centralismo.

A partir destas credenciais, salientamos os seguintes principios caracterizadores:

— A identificación cordial co país. Castelao racha decididamente co paradigma da naturalidade subordinada con que se contempla o universo galego. Concebe o povo suxeito de cultura, mais non para reproducir a súa derrota senón para amosar as súas capacidades e a consciencia da súa opresión. Non é un povo morto, é un povo mortificado, e o escritor vai dar razón das causas materiais —económicas, políticas, sociais— que xustifican a denuncia, trátese da pesca, da discriminación de mulleres e nenas, da emigración, da especificidade da historia galega ou de psicoloxías peculiares acopladas a destinos cuxo guión non escrebeu quen o padece.

— Hai temas transversais que fican vivos en toda a narrativa de Castelao. Nomearemos só dous: a emigración e a especificidade da subordinación feminina. Canto ao primeiro, o autor beneficia un coñecemento empírico na súa propria persoa, emigrante de neno onda o pai, na Pampa arxentina (reflectido en dous dos *Retrincos*), mais a denuncia deste fenómeno estruturante da historia contemporánea galega sobarda a súa experiencia persoal. Hai dous lenzos de grande formato que valen como pano de fundo do desenvolvido literariamente. Son "O retorno do emigrante" e "O retorno do indiano", face e cruz da mesma moeda, con resultados contrarios. Ambos terán presenza en *Cousas* ("Cando Bieito quedou orfo", "Chegou das Américas un home rico", "Ese rapaz saído das miñas lembranzas", "O pai de Migueliño"), como na novela longa, onde ambos personaxes protagonistas, Pedro e Rañolas, viven a súa experiencia migratoria, con resultados antagónicos. O primeiro confirma a súa inutilidade social e persoal: continúa sendo Pedro-Pedra[2]; a súa antítese, Rañolas, "unha alma grande metida nun corpo cativo" (cap. XI), utilízaa para culminar a súa construción persoal e voltar rehabilitado á Terra.

A visión humanista de Castelao, sempre atenta aos elementos máis vulnerábeis do conxunto, salienta entre os seus contemporáneos por unha específica ollada ao mundo feminino. É a criada de *Un ollo de vidro…*, explotada sexualmente e,

2 A elocuencia do nome é clara: Pedro é inerte como a pedra, non vale nen para burro nen para albarda, como di o refrán. 21 anos antes de *Pedro Páramo* (1955), de Juan Rulfo, Castelao usa este procedemento caracterizador.

despois, abandonada polo "demo do señorito". Son as 16 protagonistas doutras tantas *cousas*, que comezan e acaban mesmamente cun inicio e un remate de vida respectivamente, a *Marquesiña*, que xa desde nena carga coa opresión padecida pola nai, e a fidalga dona Micaela que non dá logrado o nacemento do fillo desexado, parábola da decadencia imparábel dunha clase social que xa non cumpre papel dirixente nengún. Pedro e Rañolas, os dous de sempre, teñen o seu contraponto feminino na tía Ádega e en Filomena, a sogra de Pedro, a primeira, paradigma de toda bondade e entrega, a segunda, despótica e tirana, terríbel nos seus deostos. É a muller apouvigada da estampa de *Cincoenta homes por dez reás* cuxa lenda reza: "O home que se casou con Ramona para aforrar unha criada". É a vella de *Cousas* que xa non lembra quen lle fixo a filla que, na súa vellice, valeralle de conforto e sostén. É a Sabela, do conto homónimo de *Retrincos*, a máis leda e bela da vila na mocidade do autor, a súa mestra de baile, convertida poucos anos despois en vella prematura, deformado o seu corpo por mor de traballos e fillos: exceso de carga e falta de diñeiro das traballadoras do mar.

Concluiremos por comentar telegraficamente a cuidada escolla dos títulos da narrativa castelaniana. A *viaxe* comeza pola creación dun *alter ego*, o esquelete que, grazas á súa visión privilexiada, senta as bases dun novo relato galego e exterioriza a ideoloxía do autor, o seu documento de identidade definitivo. *Cousas* populariza e, ao tempo, esencializa unha historia galega contada desde dentro dela mesma, sen ventriloquías impostadas. *Os dous de sempre* particulariza, e universaliza asemade, a tese e a antítese dos dous tipos humanos que poden converterse en arquetipos. *Retrincos*, en fin, conclúe un ciclo narrativo coa comparecencia autorial en primeira persoa. Máis do que anuncia o modesto título, asistimos a un *filme* vital que é tamén unha sociobiografía, aplicábel a tantos compatriotas.

En fin, unha obra narrativa, condigna do resto da obra inmensa de Castelao: toda ela un antídoto contra o minifundismo, o españolismo servil e, ao tempo, un canto á humanidade galega, merecente de ser significada na súa realidade virtuosa ou viciada, mais sen preconceitos ou espellos deformantes.

Comezamos pola recordación de dúas efemérides e remataremos cunha outra. Tal día coma hoxe, de 1936, foi fusilado, en Tui, Darío Álvarez Limeses. Se rendemos homenaxe á súa figura e, con el, a todas as vítimas da barbarie da guerra civil española, será tamén para incluírmos Castelao na necesaria restauración dunha memoria histórica galega, que naufraga nas historias oficiais e que se remonta a moito tempo antes do que coñeceron a II República española e a súa bélica liquidación.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 239-249
ISSN: 1576-8767

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Blanco Amor, Eduardo (1986): *Castelao escritor*. Sada: Ediciós do Castro.
Carballo Calero, Ricardo (1982): *Libros e autores galegos*. T. II. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza – Real Academia Galega.
Castelao (1977): *Sempre en Galiza*. Madrid: Akal. 2ª edición.

V

Homenaxe a Pintos

O Sarmiento exhumado por Pintos, precursor do rexurdir de Galicia
/ Xosé Luís Axeitos Agrelo

Xoán Manuel Pintos: eloxio e vindicación da lingua de galicia /
/ Rosario Álvarez

A primeira formulación teórica do galeguismo /
/ Xosé Ramón Barreiro Fernández

De Pintos: sobre un heterónimo (o Gaiteiro) e outras cousas /
/ Xesús Alonso Montero

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 253-256
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

O SARMIENTO EXHUMADO POR PINTOS, PRECURSOR DO REXURDIR DE GALICIA

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Non é hoxe a primeira vez que a figura do ilustre pontevedrés D. Xoán Manuel Pintos convoca a Corporación académica nesta cidade do Lérez. Xa en 1975, con ocasión de dedicarlle o Día das Letras Galegas a este escritor, se celebrou unha sesión extraordinaria no salón de plenos do Concello de Pontevedra en loanza de Pintos, protagonizada por D. Isidoro Millán González-Pardo, que tomou posesión nesta ocasión como numerario da Real Academia Galega cun discurso que contestou Xosé M.ª Álvarez Blázquez. Quixo daquela que o azar e o bo facer da Academia convocasen nese acto institucional en Pontevedra, a patria común, aos representantes de dúas estirpes de familias de aquí, reunidas a prol da cultura galega nun concertado acto de amor á terra. Coincidiron naquel mes de maio de 1975 as voces dos académicos convocados para destacar o compromiso de por vida que estableceu Pintos coa fala galega, sen outro precedente que o fervoroso e afastado Padre Sarmiento, en certo modo descuberto e desempoado por el mesmo.

Nos discursos pronunciados e nas obras publicadas durante o ano setenta e cinco, Pintos quedou canonizado e proclamado como "o gran precursor" e "a pedra de alicerce da nosa Renacencia" malia a mágoa incomprensible de non ter figurado entre os elixidos por Murguía na súa obra *Los precursores*, escrita con clara vocación canonizadora.

A miña breve intervención, de veras breve, quere facer fincapé xustamente neste concepto cultural, o de *precursor*, porque estimo que pode axudarnos a situar a Pintos no espazo que lle corresponde, ademais de singularizar o papel sobranceiro que o mesmo Sarmiento e a cidade de Pontevedra xogaron no Rexurdimento.

En xeral, o concepto de *precursor* entendémolo, nun contexto cultural, como unha persoa que abre camiños e horizontes a outra persoa, a unha xeración ou mesmo a toda unha cultura; tal é o caso do Padre Sarmiento. Esta concepción clásica de *precursor* actúa como unha categoría da Historia que opera dende o pasado cara ao futuro e a categoría crítica que responde a todos estes aspectos é, tamén, a categoría clásica de *influencia*.

Foron moitos os intelectuais e estudosos que contribuíron a conformar como precursor da nosa cultura a Sarmiento: desde o seu falecemento en 1772, a súa

fama de sabio deseguida saltou os muros monacais e impulsada polos ilustres contertulios da súa cela de San Martín, lanzou a editores, eruditos e investigadores na procura da obra inédita do monxe bieito. Xa sexa *El Correo Literario de la Europa* en 1782 ou o rianxeiro Antonio Valladares y Sotomayor no seu *Semanario Erudito* entre 1787 e 1789 publican textos diversos, que non abondan para sosegar o interese co que, nos anos inmediatos á morte de Frei Martín, se buscaban copias dos seus escritos baixo o argumento de que Sarmiento acerta ata cando se equivoca, tal como lle expresa epistolarmente no ano 1791 o Padre Sobreira a Cornide.

Pero é de xustiza recoñecer que foi en Pontevedra onde se formou o primeiro núcleo de sarmientistas preocupados por recuperar a memoria de frei Martín Sarmiento.

Arredor do diario *El País*, fundado en 1857 nesta cidade, continuador de *El Restaurador*, os pontevedreses Luís e Xosé Rodríguez Seoane, Fernández Anciles, Gregorio Vicente Aspa, Xosé Benito Amado, José López de la Vega, Antolín Esperón, Indalecio Armesto, e, por suposto, Xoán Manuel Pintos interésanse polos escritos de Sarmiento; esperta interese o espírito reivindicativo do bieito; todos saben que reclama na súa obra maior atención aos problemas de Galicia e á súa cultura, anoada sentimentalmente a Pontevedra. Emparentado con este núcleo pontevedrés está en Vigo Juan Compañel, editor de *El Miño*, continuador do mítico *La Oliva*, que tamén publica cartas e inéditos do beneditino. Lembremos que tamén Murguía, desde 1856, mostra interese ante López de la Vega polos escritos de Sarmiento e pasarán algúns anos antes de que o ilustre historiador de Galicia consiga facerse cunha copia dos escritos do monxe ilustrado e con algúns dos seus manuscritos máis degoirados. Será na década de 1860 cando tamén a revista dos irmáns De la Iglesia, *Galicia. Revista Universal de este Reino,* acolla escritos de Sarmiento enviados polo seu amigo Xoán Manuel Pintos. Todos os devanditos intelectuais pontevedreses estaban unidos porque, máis alá dos lazos familiares (Amado era cuñado de Pintos; Fernández Anciles estaba tamén emparentado cos Chao) fixeron profesión de fe liberal —natural consecuencia da súa fe galeguista —tanto nos seus escritos coma na súa vida política e contribuíron a crear un microclima cultural de grande influencia. Pódenos servir de exemplo desta situación a incorporación da familia Álvarez Giménez á cultura galega, sendo como eran das terras zamoranas de Sanabria. Non se explicaría a incorporación á cultura galega de catro xeracións se non fose a figura do Padre Sarmiento, tan presente nas rúas e nas xentes de Pontevedra grazas a estes ilustrados liberais. Non había daquela escola galega pero había conciencia, quedaba un fío condutor que endexamais rompeu. E un fío flexible, duro coma os xuncos, foi a obra e a memoria do monxe bieito. O patriarca da familia, Emilio A. Giménez, catedrático e autor de numerosas obras, incorpórase cunha biobibliografía sobre Sarmiento presentada no concurso dos Xogos Florais

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 253-256
ISSN: 1576-8767

de Pontevedra de 1884, os primeiros en galego que se celebraban en Galicia. Era un home da esquerda liberal, membro da Sociedad Económica de Amigos del País, auténtico fervedoiro de progresismo. Non importa que foran figuras lendarias, estaban presentes na memoria colectiva e serviron para transmitir o alento esquecido da nosa cultura. Tamén Xerardo Álvarez Limeses (1871-1940), fillo de Emilio, xa autor en galego, se achegou á figura de Sarmiento cando ingresa no Seminario de Estudos Galegos. E non é casualidade que tamén se teña achegado á figura do beneditino Xosé M.ª Álvarez Blázquez. Tres xeracións unidas pola obra e pola visión dun home da Galicia periférica que soubo ver España a través de Galicia.

Que papel lle cómpre a Pintos neste microclima cultural que se desenvolve en Pontevedra, nomeadamente, e na Coruña e Vigo arredor de Sarmiento? Da escritura oceánica de Sarmiento, Pintos elixe aqueles aspectos que inician a textualización da nosa cultura, fixando a ortografía, a sintaxe, o corpus lexicográfico, permitindo deste xeito o agrupamento do pobo arredor do seu idioma. Por iso Xoán Manuel Pintos publica as coplas de Sarmiento, coñece o comento das mesmas, recompila léxico e, seguindo a liña dos compañeiros sarmientistas, non soamente reivindica o bieito como precursor senón que tamén o está inventando. Cando elixe estas obras textualizadoras e dignificadoras da nosa cultura desbotando a obra enciclopédica, moitas veces arbitrista, Pintos está a construír un precursor. Coa súa lectura de Sarmiento, Pintos propón unha visión de amplos horizontes para o futuro, modificando o concepto clásico de precursor, que establece unha especie de tiranía intelectual do pasado sobre o presente. O autor d'*A Gaita Gallega* proxecta as necesidades da cultura galega do seu tempo —recuperación da fala e da autoestima— sobre a obra oceánica de Sarmiento para rescatar soamente aqueles aspectos que incidían na súa idea de país. Deste xeito, Pintos convértese el mesmo en precursor labrando a Sarmiento como piar da cultura galega.

Xustamente aquí, neste encontro entre Pintos e Sarmiento, evocados xa na xuntanza académica de 1975, comeza a fecunda relación que converte Pontevedra no berce do noso Rexurdimento e, por conseguinte, na capital da cultura galega, adiantándose a outros moitos acontecementos posteriores protagonizados por outras cidades.

Tamén se salientou naquela xornada que o compromiso coa fala levou emparellado o compromiso cos falantes, cos galegos humildes e miserentos, labradores e mariñeiros, teimosos celadores do tesouro idiomático. E o mesmo Pintos padeceu na súa propia carne, pola fe liberal que profesou, os trallazos da persecución e da inxustiza, véndose cesante e con doce fillos que criar.

Ao longo da obra poética de Pintos Villar —máis de quince mil versos segundo o cómputo de Álvarez Blázquez— a denuncia da inxustiza social é unha constante firme, que xorde da súa vontade insubornable e da súa propia formación xurídica.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 253-256
ISSN: 1576-8767

Se no decurso de todo e século XIX hai un poeta comprometido co seu pobo, ese poeta é Xoán Manuel Pintos.

Lingua e compromiso co pobo son aínda hoxe as liñas que marcan a poética dos nosos mellores escritores. E todo comezou en Pintos.

Ao longo destes 47 anos de Letras Galegas creouse un canon nacional non tanto literario como sociolóxico, e creáronse neste peregrinar polo país uns lugares da memoria que non son nin recordos, fráxiles como as palabras transmitidas por vía oral, nin simples emprazamentos xeográficos, senón espazos habitados e habitables, conquistados para todos nós.

Por suposto que esta conquista que fai o país máis habitable está ligada ao discurso da memoria, reivindicadora da identidade, e non na arte do esquecemento onde sempre descansa a retórica da extinción e da destrución. Aquí, hoxe e sempre, Pontevedra é un lugar da memoria.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 253-256
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 257-262
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

XOÁN MANUEL PINTOS: ELOXIO E VINDICACIÓN DA LINGUA DE GALICIA

Rosario Álvarez

CARMEN PATRIUM SIVE PONTEVEDRA

"Canto a miña terra ou sea Pontevedra". Así traduciu Xoán Manuel Pintos o canto de Amoedo, que comeza invocando a musa para que lle traia o recordo da patria ao seu exilio boloñés: "A min, oh musa a patria me recorda / que trae o nome seu dun ponte vello".

Pontevedra. Eu invoco Pontevedra e co nome da boa vila ecoan a fonte dos Tornos, e a praza da Leña, e a do Pan ou Teucro, e a Ferrería, e a ponte do Burgo, e a Seca..., mais tamén, en xenerosa e amorosa compaña, acoden tantos e tantos compatricios, máis ou menos ilustres, máis ou menos notorios, todos inesquecibles e evocados con similar emoción: os artesáns, comerciantes e notarios da rica, activa, culta e cosmopolita vila medieval; os mareantes da Moureira e os navegantes que andaron o mundo todo; o enxame de impresores e editores que alumaron as nosas letras no século XIX; os intelectuais que artellaron o movemento galeguista (algún deles mártir)... Non sigo. Entre esa compaña, en lugar senlleiro, o padre Amoedo, aquel xesuíta desterrado que combateu a morriña cantando en fermosos versos latinos a patria en que deixou o corazón; e o gran Martín Sarmiento, que deixou Galicia de neno para ser frade bieito, pero gardou sempre o tesouro da lingua, o vencello inmorredoiro coa estirpe e coa nación; e canda eles, como non, traéndoos pola man ao noso encontro, Xoán Manuel Pintos Villar, do Burgo Pequeno.

Señor Presidente, señoras e señores académicos, agradezo emocionada que a Academia pensase en min para participar neste acto de honra ao meu admirado Xoán Manuel Pintos na vila que nos viu nacer a ambos. Iniciei o meu discurso de ingreso nesta corporación, no paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, vai para oito anos, lembrando que "no principio, estivo Pontevedra", cunha gabanza saudosa da "boa vila" e das súas xentes; permítanme que aproveite esta ocasión para agradecer, en presenza deles, o moito que lles debo. Pero, sobre todo, para agradecer á corporación do Concello de Pontevedra que tivese o bo acordo de honrar a Xoán Manuel Pintos neste ano do seu bicentenario. Beizóns.

Pontevedra enteira, a vila e os seus arredores, latexan na lingua e na obra de Xoán Manuel Pintos. "Pontevedra é boa vila / ninguén a ve que n'ó diga" —di—, ou, traducindo a Ovidio, "Non sei que ten o chan de cada un / que sempre se lle quer mais que a ningun" (97). E, non obstante, *A Gaita gallega* —a obra fundamental, na que vou centrar a miña intervención— non é, de xeito ningún, unha peza localista nin destinada á parroquia máis próxima. É unha peza central no novo alborexar da lingua e a literatura galegas contemporáneas, concibida nun marco nacional, como un proxecto para un pobo e un país.

A gaita gallega, tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e ainda máis, que así se chama, foi editada como libro en 1853, en Pontevedra, na Imprenta de José e Primitivo Vilas, na rúa de Isabel II nº 4, aquí preto. É, en primeiro lugar, unha "carta de cristus", isto é, unha *cartilla*, un recurso destinado á aprendizaxe da lectura e da escritura, a desenvolver as destrezas lingüísticas. Por iso *A Gaita* contén prosa e verso en distintas e variadas estrofas; listaxes de palabras e equivalencias (latín/galego, castelán/galego); regras e xustificación de escollas gráficas; guía de lectura das vogais abertas e pechadas; xogos de palabras, trabalinguas, recursos mnemotécnicos; contos e recitados para aprender de memoria; modelos textuais, dobre versión de textos (latín/galego); ideas e boas prácticas lingüísticas; argumentos en contra do asoballamento e o desprestixio; raiolas de historia e fitos da cultura galega... O primeiro libro que coñece a literatura en lingua galega desde a súa prostración á fin da Idade Media non é un libro de poemas máis ou menos bucólicos, intimistas, costumistas... Está o máis del en verso, si, pero é un libro destinado a un dobre fin: cun fío técese a defensa e ilustración da lingua galega, con argumentario fronte a ignorantes e detractores; co outro, a presentación dun modelo gráfico e o ensino progresivo das características (morfolóxicas, sintácticas, léxicas) da lingua galega.

ELOXIO DA LINGUA GALEGA

Non abondan uns minutos para expor con xustiza a amplitude e complexidade conceptual das moitas liñas argumentativas seguidas por Pintos na defensa e ilustración dos méritos da lingua galega: o glorioso pasado, a comezar pola cita do Marqués de Santillana, que abre *A Gaita*, lembrando que outrora "cualesquier decidores o trovadores / de estas partes agora fuesen castellanos / andaluces o de la Estremadura / todas sus obras componían en lengua gallega" (2); a antigüidade do noso pobo, creador colectivo desa obra patrimonial singular que é o galego ("esta grande casa que ja acorda / prèto de seis mil anos alogueiros", 6); a fidelidade á lingua propia, fronte aos "faragulliñas" que se gaban de non coñecela (mostrando

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 257-262
ISSN: 1576-8767

niso a altura da súa ignorancia, 37)... Quixera por iso poñer o acento noutros dous eixes do seu pensamento lingüístico, por veces dunha modernidade sorprendente.

Para Xoán Manuel Pintos, a defensa, estudo, cultivo e uso da lingua propia, por todos e en tódolos ámbitos, é un feito natural dunha sociedade ben constituída. Non se fai contra ninguén nin contra ningunha lingua. Pedro Luces, o mozo "pieiro" que se achega ao gaiteiro, é un estranxeiro ("de la India", disque), que vén falando castelán; posto que vén para Galicia, debe aprender galego, vai de seu, e así comeza o proceso de aprendizaxe da "gaita".

O uso e cultivo da lingua dun país é consoante co valor da diversidade lingüística e non resta mérito á amplitude de abano de linguas coñecidas:

> non quita que otros idiomas
> queiran os homes sabelos
> antes alaudos merecen
> os que se apliquen a eso,
> pero sin que ó seu nativo
> jamais deixen esquecelo. (37)

Tódalas linguas do mundo son válidas, todas son boas... (en palabras súas, todas "teñen o seu aderezo / teñen seus zelmes e sales / teñen seu mel e seu nervo"), así que non ten xustificación ningunha esquecer a propia por aprender unha allea. Pódese saber unha e maila outra. Por iso o Gaiteiro, cando eloxia a intelixencia e capacidade de Pedro Luces para aprender ben o galego, aconséllalle non renunciar nunca á súa lingua orixinal:

> [...] vexo
> que non es rudo, e que podes
> deprender ben o gallego.
> Pero mira anque o deprendas
> non por eso che aconsello
> que deixes esquencer nunca
> a lengua do teu terreo,
> que sempre será a mellor
> para ti, segun eu creo
> que a miña o è para min
> mellor que cantas conezo,
> e no a troco por ningun-ha
> das que ten o mundo enteiro. (11)

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 257-262
ISSN: 1576-8767

Pero ademais o Gaiteiro media na polémica sobre a consideración das linguas dependente de que teñan ou non cultivo escrito:

> Mira rapaz o linguaje
> non se compon de procesos
> nin de folliñas escritas
> nin de libriños impresos
> que se compon de palabras
> que van da boca correndo
> para decir òs demais
> todo o noso pensamento. (36)

Pintos lémbranos algo tan obvio como que as linguas son faladas antes ca escritas, que Moisés e Homero non tiveron gramática que estudar nin dicionario ao que acudir e, coa axuda do tamborileiro, que os principais idiomas europeos da época moi poucos séculos antes tamén carecían destes instrumentos, o que non lles impediu —a forza de pluma, mais tamén de aceiro— chegar a onde chegaron (38).

Do mesmo xeito que "Personne n'est dispensé / de sa langue bien parler" (36), tamén é certo que ningún ámbito pode ser alleo á lingua. Pintos vainos mostrando que o galego é válido como vehículo do ensino; para escribir romances, coplas manriqueñas ou sonetos, ou para traducir do latín aínda que sexa en hendecasílabos; para que "un maestro que tiña muita fama" expoña os seus preceptos educativos e consellos de conduta (50-54); para que o mozo emigrante escriba á moza desde Montevideo ("Miña querida Catuja...", 27), para o sermón do crego ("A usura", 138-144)[1], para a misiva dos labregos de Pontevedra á raíña de España (168)... E isto aválao coa súa práctica persoal: non pode ser por acaso que os primeiros textos coñecidos son dúas cartas en verso, unha de resposta a un amigo que lle dá noticia do seu casamento (1843) e, sobre todo, outra a seu pai comunicándolle o nacemento do primeiro fillo varón (1842, editada no número 370 do *BRAG*). Nesta ocasión xustifica así o cambio de código habitual na relación epistolar familiar:

[1] Non vai sen denuncia da mala práctica lingüística da Igrexa: "inda se me lembra un / que todos adeprendemos / cantos fomos a escoitalo / porque o botou en gallego." (139).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 257-262
ISSN: 1576-8767

Non s'asañe, prego,
s'esta carta escribo
posta nestes versos,
nin tome cabuxo
s'o castelán deixo
por falar na fala
dos nosos galegos,
qu'inda nela podo,
sin poñer un erro,
espricar ben craro
tod'os meus conceutos.

MODELO LINGÜÍSTICO

Pintos actúa con conciencia de que asiste á fundación dunha literatura e cultura modernas en lingua galega, e de que para iso cómpre crear un código unificado de escrita e establecer un canon culto. E esa é a tarefa que o guía n'*A Gaita*: unha opción gráfica e modelos de galego escrito que permitan poñerse ao labor, sen deterse en tanto non se elaboren os instrumentos fundamentais (gramática e dicionario):

Escriban tod'os que saben
o noso idioma gallego;
fáganse dimpois apuntes
o millor sempre escollendo;
redondeese o linguage
como tod'os mais fixeron,
que gramaticas dimpois
e dicionarios a centos
veredes po los mercados
e nas tendas dos libreiros. (38)

Tanto os criterios que el emprega coma os que adianta para esa elaboración posterior manteñen unha similitude asombrosa cos que guiaron a elaboración do estándar actual.

O seu modelo de galego debe estearse no maior respecto á lingua galega, como patrimonio secular, en conexión coa tradición manuscrita, con Sarmiento como paradigma dos bos escritores e, sobre todo, en conexión coa lingua falada polo pobo; por iso, cómpre recollelo, sistematizalo, estudalo..., e despois, con amor

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 257-262
ISSN: 1576-8767

e cautela, depuralo e arrequentalo. Ese modelo de galego non debe ser localista, senón responder a unha creación colectiva de toda a comunidade galegofalante, para a que invoca a "catro galleguiños / das catro esquinas do reino" que se deben reunir para elaboralo ou, como propón Pedro Luces, unha ducia de galegos das catro provincias para acoller no seu seo a diversidade das falas galegas (69); cada un parte do seu —e a lingua de Pintos é inequivocamente pontevedresa—, pero todos debemos estar abertos a incorporar outros nomes e maneiras galegas de falar, a arrequentar a nosa herdanza. O seu modelo nace tamén ben arraigado na latinidade e na familia das linguas neolatinas, sen deixarse engaiolar polos cantos que na altura narraban outras orixes míticas (grega, semita, celta...; "Fundoute Teucro valente...", si, pero falaron en latín), nin deixarse escorar en exceso cara ao vulgarismo nin ao popularismo. O seu modelo prende tamén na diversidade, e non só porque acolla formas e variantes dos catro cantos da terra galega: o seu dominio da lingua percíbese tamén en que a usa con igual destreza tanto cando fai ao Gaiteiro ou ao mozo emigrado en Montevideo expresarse en rexistros populares, coma cando transita aos rexistros máis elevados para escribir un soneto ou traducir o metro culto de Amoedo.

"Pintos é realmente o gran precursor" afirma Carballo Calero, concordante con Ramón Cabanillas (1952) en que *A gaita* é "a pedra de alicerce da nosa renacencia". Sen contradicir os mestres, máis ben no seu carreiro, creo que podemos ir máis aló: canto máis sabemos sobre a nosa historia lingüística e cultural no século XIX, canto máis sabemos sobre Xoán Manuel Pintos e os seus contemporáneos, máis convencidos imos estando de que este ilustre pontevedrés é, non xa un precursor, senón figura central no inicio do Rexurdimento. Fago votos para que este ano 2011, en que honramos a súa figura con ocasión dos 200 anos do seu nacemento, sirva tamén para este recoñecemento.

Dixen.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 257-262
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 263-265
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

A PRIMEIRA FORMULACIÓN TEÓRICA DO GALEGUISMO

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Agradezo á Academia Galega a invitación para participar neste acto no que conmemora o bicentenario do nacemento do escritor en lingua galega, Pintos Villar. Sen saír do marco do provincialismo do que este autor foi unha das máis importantes referencias, tal e como investigou a profesora Ríos Panisse nunha obra imprescindible para lingüistas e historiadores, centrarei esta exposición no momento en que se constrúe a primeira teorización do feito diferencial galego, a primeira *doxa* ou doutrina que serviu de guía a cantos, intelectuais ou xentes de a pé, amaban o país e a súa lingua, defendían a súa cultura pero carecían dunha fundamentación teórica do feito diferencial que lles permitise converter o instinto en racionalidade.

1. GALEGUISMO E LIBERALISMO, UN VÍNCULO INDESTRUTIBLE

Hoxe é xa un lugar común, despois de anos de investigación, que o galeguismo, como construción ideolóxica, naceu dentro da filosofía liberal e como movemento político mantívose sempre (ata finais do século XX) dentro das coordenadas da política liberal.

Isto significa que o primeiro imaxinario teórico da identidade galega asumiu os principios da soberanía nacional, do constitucionalismo e dos dereitos da persoa, é dicir, os principios da democracia.

Pero, podía ser compatible a defensa dunha identidade cun modelo hipercentralizado de Estado como foi o primeiro liberalismo español? Iso é o que explica que a maior parte dos movementos identitarios en Europa naceran dos movementos de resistencia ao liberalismo, nacían do que chamaban a tradición. E aí temos o caso do País Vasco.

Tocqueville comenta extasiado os logros deste modelo de centralización política e social:

> Apreciaredes un poder central inmenso que atraeu e absorbeu na súa unidade todas as parcelas de autoridade que antes andaban dispersas nunha multitude de poderes secundarios, de estamentos, de clases, de profesións, de familias e de individuos como esparexidas por todo o corpo social. Non se viu no mundo un

> poder semellante dende a caída do Imperio Romano. A Revolución creou este novo poder.

Os liberais españois estaban convencidos de que o liberalismo significaba *a nova racionalidade política*, é dicir, que era a expresión da razón aplicada á realidade social. Era, pois, necesario construír o mundo con novos valores varrendo todos os obstáculos históricos que compendiaban na fórmula de supresión e eliminación dos vestixios feudais.

O deputado por Lugo nas primeiras Cortes de Cádiz, García Quintana, dicíao claramente:

> Ya deben quedar sepultados para siempre los Justinianos, Veleyanos, Bártulos, Baldos, Recaredos, Quintilas, Alonsos y Fernando [...]. Nombres nuevos e ideas nuevas. Todo nuevo porque si algo queda de lo viejo todo lo habremos perdido.

Outro deputado nas mesmas Cortes, en canto se aprobou a Constitución de 1812, manifestouse publicamente dicindo que xa non se podía falar de asturianos, casteláns, cataláns ou vascos. Xa só habería cidadáns españois.

2. COMO NACE E SE DESENVOLVE A IDEA DA IDENTIDADE NESTE LIBERALISMO?

O liberalismo que chegou a España tiña marca de orixe francesa e os principios de centralización do liberalismo francés serviron de modelo a un Napoleón que quixo facer una país *ex novo*, ata no calendario, e que administrativamente seguía a máxima de Cormenin: "Na máquina enxeñosa e sabia da nosa administración as grandes rodas impelen as medianas, as que, á súa vez, fan xirar as pequenas arredor dun eixe", de maneira que todo o movemento procede da máquina central do Estado.

Pero o liberalismo, que ten como dogma esencial a soberanía nacional, ten neste dogma o principio da súa autocorrección.

Ao ser o pobo o depositario de todo o caudal de lexitimidade, el podía expresar as súas demandas a través non só do voto senón das actitudes, das condutas sociais, dos costumes. A vida dos pobos de España ofreceu dende o primeiro momento unha alternativa ao modelo centralista. Porque ao cabo de trinta e cincuenta anos da aprobación da Constitución de 1812 seguía habendo galegos, asturianos, cataláns etc. E seguían vivas as súas linguas.

A esta realidade superponse outra: o descubrimento (sobre todo por intelectuais nos longos exilios do XIX) de que había varias versións do liberalismo. A loita non só en Estados Unidos senón en toda a Sudamérica entre os dous modelos liberais, centralista e federalista, confírmao.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 263-265
ISSN: 1576-8767

3. A CONSTRUCIÓN DUNHA TEORIZACIÓN GALEGUISTA

Aquela extraordinaria xeración que irrompe no ano 1840, pouco despois de que Pintos rematara a súa carreira de Dereito, que está presente nos xornais e nas institucións e que protagoniza parcialmente o levantamento de 1846, é dicir, a primeira xeración provincialista, foi incapaz de elaborar un discurso identitario e de crear unha alternativa política ao modelo de Estado centralista imposto en España.

Residindo en Madrid en 1857 e con só 24 anos, Manuel Murguía matinaba e dáballe voltas ao significado da galeguidade como forza rexeneradora do seu país. Facía un argumento *a contrario*: non partía dos intelectuais nin dos poetas

> [...] que olvidándose de su patria, de aquella patria que les hizo poetas, no han sabido pagarle el debido tributo y fueron plantas que florecieron en país extraño y fueron semillas arrojadas en diferente terreno y fueron flores que consumieron su hermosura bajo un cielo que le era ingrato y que le impedía desarrollarse con toda su fuerza.
>
> Culpa suya es [só exceptúa a Sarmiento], si oyeron los quejidos vagos e informes de sus hermanos de infortunio, y no supieron prestarle vida. Culpa suya si sus cantos no fueron los cantos de su tiempo; si sus esperanzas no fueron las de su pueblo […] si no tuvieron una lágrima para los héroes de su patria ni un himno para celebrar sus victorias.

Galicia non tivo o seu Ossian, nin o seu Walter Scott que soubesen ler a historia do país "en los desnudos murallones [...] y en los fosos cegados por la mano del tiempo", nin oradores como O'Conell, nin poetas como Moore.

Por iso apela ao pobo, á fonda galeguidade que dá vida e alimenta o noso espírito e agarda con impaciencia "cuando saldrá de esas montañas, de esas riberas, de esas ciudades el canto que esperan los verdaderos hijos de Galicia".

En 1859 o matrimonio Rosalía de Castro e Murguía vén a Galicia e, coma sacudidos por un estremecemento de mesianismo sentan as bases da rexeneración intelectual e política. *Cantares Gallegos* é a primeira pedra. Pondal e Curros son os seguintes poetas seleccionados por Murguía para ofrecer ao mundo unha literatura de distinción. E mentres, el construía a primeira teorización da galeguidade, que aparece fascinante na Introdución ao tomo I da súa *Historia*. Murguía, ao definir os caracteres obxectivos da constitución da nosa personalidade (raza, lingua, historia propia, usos e costumes e unha conciencia de que nós somos diferentes, concluíndo que por todo isto Galicia é unha nación), está construíndo a primeira teorización do feito diferencial galego.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 263-265
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 267-277
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

DE PINTOS: SOBRE UN HETERÓNIMO (O GAITEIRO) E OUTRAS COUSAS

Xesús Alonso Montero

NOTA PRELIMINAR

Como lembrarán os asistentes ó acto académico de homenaxe a Xoán Manuel Pintos (Pontevedra, 22 de xaneiro), a miña disertación, non moi breve, foi dita, non lida, o que me obriga agora a sintetizar a partir dun esquema, feito para esa ocasión, "ad hoc". Omito algunhas pequenas partes, especialmente o exordio no que lembrei, con gratitude de erudito, ós pontevedreses distinguidos no estudo da vida ou da obra de Pintos, entre eles, Filgueira Valverde, Antonio Odriozola, Isidoro Millán, Rafael Chacón e José Ramón Couto Fariña. Pontevedreses ou non, mencionei, pouco despois, o nome de varios profesores interesados a fondo na obra literaria de quen foi, como sentenciou Ramón Cabanillas, "a pedra de alicerce da nosa renacencia" (1952)[1]. Fíxeno para animar a eles e ós seus alumnos a comprometérense co autor do que aínda hai que exhumar algúns textos, anotar moitos deles e resolver non poucas cuestión ecdóticas, labores que o Ano Pintos debería coroar[2].

Foi Pintos o primeiro precursor ou precursor de precursores. O profesor Xove Ferreiro acaba de probar que o noso homenaxeado xa escribiu en galego un poema no ano 1842 (2009), o ano no que Eduardo Pondal e Rosalía de Castro eran moi nenos, o ano no que Curros Enríquez e Lamas Carvajal aínda non naceran e o ano no que Francisco Añón e Alberto Camino estaban inéditos en lingua galega. O texto de Pintos de 1842, unha carta en verso a seu pai, non só está en galego senón que nela fai un alegato a favor do galego, reivindicación, a partir desta data, omnipresente na súa obra literaria. Ninguén tan comprometido, antes de 1876, ano

1 Reproducido na *Obra completa* por min preparada (Cabanillas 1981: 380-83).

2 Aproveito a presente ocasión para subsanar un "lapsus" da miña conferencia: a omisión dunha achega tan laboriosa como valiosa, a *Obra poética dispersa* de Pintos, compilada, editada e anotada en dous volumes pola profesora María do Carme Ríos Panisse (Pintos 2006).

do seu pasamento, con "San Idioma Gallego", santificación na que Pintos tamén foi pioneiro[3].

Pintos, como defensor da lingua galega, foi un valedor idóneo. Non se esqueza que bebeu a fondo, para coñecela ben, en dúas fontes tan limpas como fecundas: a realidade popular —inescusable daquela— e as obras lexicográficas do P. Sarmiento, de quen foi editor e entusiasta panexirista. Como recolledor dos ditos e xeitos máis enxebres da fala viva, foi fértil o labor desenvolto en 1853, o Ano da Fame, aquela data na que multitudes de xentes das aldeas imploraron nas cidades galegas a caridade dos ricos ou das familias de folgado pasar. Hai que supoñer que o señor Pintos, home honrado e espírito moi sensible, mentres exercía a caridade na súa casa, tomaba nota mentalmente de voces e formas non urbanas, formas e voces que, xa no escritorio familiar, consignaba e anotaba coidadosamente, sen que os mendicantes se decatasen de que, mentres recibían unha caridade material, estaban a ofrecer un ben doutra índole. Foi Murguía, nun libro moi coñecido, *Los precursores* (1886), quen, nunha nota moi citada do capítulo "Ignotus", revelou esta actividade do lingüista pontevedrés:

> El Sr. D. Juan Manuel Pintos, que merecía, por sus grandes conocimientos, ser el autor de nuestro desconocido *Diccionario gallego*, me confesaba que jamás había hecho mayor acopio de voces que en aquel tristísimo *año del hambre*. Si esta ocasión se hubiera aprovechado para conocer nuestro Folklore, seguramente que hubiéramos podido hoy presentar a la consideración de todos un pasado poético superior hasta al de los mismos pueblos que pasan por poéticos por excelencia.

Cómpre agradecer a noticia e, asemade, amosar a sorpresa polo desexo manifestado. Ignoro cal sería a metodoloxía dos investigadores á hora de recoller romances, lendas e descrición de vellos costumes entre unha poboación mísera e desesperada; ignoro tamén se había, na Galicia de 1853, eruditos capaces de faceren esas indagacións e recolleitas naquel cataclismo social protagonizado por miles e miles de aldeáns xotados dos seus lares e lugares.

Nesta altura xa se sabía que don Xoán Manuel era un excelente latinista, razón pola cal, aínda xurista de profesión, fora nomeado profesor de Latinidade e Humanidades no Instituto de Pontevedra, e non moito despois os letrados galegos

3 Figura no anuncio d'*A gaita gallega tocada polo gaiteiro ou Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar o idioma gallego e aínda máis*, publicado por Antonio Odriozola, en facsímile (Pontevedra: Imp. de José y Primitivo Velas, 1852) no seu libro *Las imprentas de Pontevedra en el siglo XIX* (1989: 96).
Xa o publicara antes, normativizando as grafías, Isidoro Millán en *Retallos de poesía e prosa* (Pintos 1975: 29).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

estaban convencidos de que o autor d'*A gaita gallega* era unha autoridade en idioma galego, no léxico nomeadamente. O propio Murguía solicita a súa colaboración para compoñer o Glosario dos *Cantares gallegos* de Rosalía[4].

HOMENAXE Ó GAITEIRO, A UN HETERÓNIMO

O lector lembrará que, pouco despois de facer as consideracións anteditas, anunciei, non sen sorpresa por parte do auditorio, que "neste acto non estamos a homenaxear a Xoán Manuel Pintos, pois a quen viñemos celebrar é ó autor d'*A gaita gallega*, que non foi o señor Pintos senón O Gaiteiro". Sabido é que don Xoán Manuel, pontevedrés da media burguesía, Licenciado en Dereito, profesor de Instituto e directivo do Liceo Casino, non era a persoa máis adecuada para escribir en galego o Evanxeo que propuxese ós galegos a redención da vella lingua do país, neste momento inescrita (practicamente) e patrimonio só dos estamentos populares. Quen estaba en condicións de asumir a autoría do sorprendente catecismo da galeguidade era outra persoa, alguén que falase e sentise como as xentes populares, e ninguén mellor ca O Gaiteiro, o músico que, desde había séculos, utilizando o instrumento máis tradicional de Galicia, conviviu, porque era coma eles, coa xente do común. A bandeira que non pode enarborar o señor Licenciado en Leis pola Universidade, debe izala O Gaiteiro, intérprete auténtico dos sentires populares. Por esta vía, o señor Pintos renuncia á súa personalidade habitual e encárnase noutra persoa, noutra máscara, que este é o significado etimolóxico do latín "persona". A persoa escolleita, a d'O Gaiteiro, non é a máis habitual no seu existir burgués e profesional pero é máis auténtica, a única auténtica para o mester que se propón. Estamos, pois, ante un heterónimo non menos lexítimo que os creados, décadas despois, por Antonio Machado e Fernando Pessoa.

Quen por primeira vez se achegou ó autor d'*A gaita gallega* desde esta óptica foi Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda no ensaio "Os que se ocultan: a práctica do pseudónimo na literatura galega" (1992), ensaio no que fai unha incursión noutro heterónimo ben coñecido por Pintos. Imponse citar "in extenso" as dúas incursións:

> Mentres os especialistas non digan outra cousa, consideraremos ó Padre Sarmiento, tipificado *avant la lettre* en case todo, o precursor desta tradición na literatura galega. Como é ben sabido, Sarmiento, que dedicou grande parte da súa obra ó estudio da lingua galega, únicamente nos legou dous textos neste idioma, unhas breves liñas de prosa e mailas 1.201 coplas que compoñen o "Coloquio

4 O Glosario, de 207 entradas, só o asina Murguía (con inicial: M).

de 24 gallegos rústicos". Estas coplas, escritas con ocasión da exaltación ó trono de Fernando VI, teñen a súa orixe nas notas de viaxe que Sarmiento elaborara en 1746, durante unha estancia en Galicia. Na carta adicatoria do "Coloquio", dirixida ó P. Rábago, Sarmiento indica que o seu intento foi recopila-lo maior número posible de voces e frases galegas, que servisen de base para un comento lingüístico. Traballo que, como explica o ilustre frade, non ía sen problemas:

> Apenas cumplí en 9 de marzo los quince años de mi edad, cuando a 3 de mayo de 1710 salí de la villa de Pontevedra para Madrid a tomar el hábito en este monasterio de San Martín. […] Desde el año dicho de 10, nunca hablé, ni leí, ni escribí tres períodos en lengua gallega, y en cuanto a *leer*, apenas sabía que hubiese monumentos escritos en ese idioma, hasta el dicho año de 45 que vi infinitos pergaminos y papeles, y leí tal cual por curiosidad. Tampoco he sido aficionado a hacer coplas, pues cuando el diablo pudiera tentarme en la juventud a hacer de *Saul inter poetas*, caí en la tentación de leer libros serios e instructivos, a que me introdujo el acaso de tener algunos a mano. (Sarmiento 1970:76).

Así pois, nin o xénero, nin o estilo, nin a lingua das tales coplas se compadecían coa personalidade literaria de Sarmiento, que nunca compuxera poesía, que nunca escribira en estilo "rústico" e "pueril" e que nunca o fixera en lingua galega. Impúxoselle, en consecuencia, a necesidade de crear, ó tempo que as coplas, ó autor que as puidese producir, un autor que desenvolvese, con autenticidade, o discurso expositivo. Mergullado nas lembranzas da infancia, recordou Sarmiento a Marcos da Portela, "el rústico más advertido, picarón y gracioso que allí traté aún siendo yo niño" (ibid.: 82), e atribuíulle a redacción do "Coloquio", que faría preceder desta inscrición: "El poeta Marcos da Portela". Distanciábase así Sarmiento do obxecto da súa producción, ó tempo que homenaxeaba a unha persoa que o impresionara na súa nenez.

Distanciamento e desbordamento de personalidade volveremos a encontrar en Juan Manuel Pintos Villar, que foi, significativamente, o primeiro editor das "Coplas" do Padre Sarmiento. Seis anos antes, en 1853, Pintos publica *A gaita gallega*, obra que, pese á súa significación histórica, non ten atopado entre nós a glosa debida. Refírome, en concreto, a que ningún dos críticos que dela se teñen ocupado parece encontrar interesante ou significativo o feito de que na portada da mesma Pintos non reivindique a súa paternidade. O título reza así: *A gaita gallega tocada polo Gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e ainda máis*. Sorprende que en tódolos manuais de literatura se diga, con notorio desprecio da verdade, que Juan Manuel Pintos Villar foi o autor da *Gaita gallega*, cando na portada desta non figura outro nome có do Gaiteiro. Se non ousamos atribuír a Fernando Pessoa os poemas de Álvaro Campos, ¿qué nos autoriza a ignorar que Pintos delegou no Gaiteiro do Burgo a autoría da repetida obra?

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

> No seu título, tan longo como axeitado, a *Gaita* defínese como unha "Carta de Cristus", isto é, como un manual de primeiras letras para a aprendizaxe da lingua galega. ¿E que mellor có gaiteiro, o personaxe que encarna o espírito do país, para protagonizar esta tarefa? En efecto, estructurado en sete "foliadas", o fío conductor do libro é o diálogo —modalidade doctrinal por excelencia— entre o Gaiteiro e o seu acompañante e discípulo, o Tamborileiro. Este, chamado Pedro Luces, é forasteiro, o que nos brinda a oportunidade de asistir ó seu proceso de conversión ó idioma galego, e, como promete o título, aínda máis, á causa de Galicia.
>
> Aínda que singular, a idea de Pintos non era nova. Como puntualizou Xesús Alonso Montero (1974), outras renacencias teñen vinculado os primeiros berros de afirmación cultural a un músico popular e a un instrumento típico. Bástenos recordar que a obra máis importante, nos inicios da Renaixença catalana, é *Lo gayter del Llobregat* (1841), de Joaquín Rubio i Ors, bastante anterior ó manual galego.
>
> Pero o proxecto de Pintos era moito máis ambicioso. Moi a miúdo se esquece que, ó mesmo tempo cá segunda edición da *Gaita gallega*, apareceu o *Breve diccionario gallego escrito por el Tamborilero para facilitar la inteligencia de la Gaita Gallega tocada por el Gaitero* (1853). Temos así que Pintos se escindiu en dúas personalidades, Gaiteiro e Tamborileiro (1853), que son o alter ego do autor, pero non no sentido psicolóxico, senón como instancia da palabra: son a súa voz. Voz que posúe, en cada un deles, diferentes matices: o Gaiteiro goza do dominio que da lingua tiña Pintos, e do seu entusiasmo; o Tamborileiro disfruta do seu saber científico e filolóxico. Vemos, pois, que a creación de ambos personaxes, autores de cadanseu libro, en absoluto obedece a un desexo de ocultación por parte de Pintos. Gaiteiro e Tamborileiro son consecuencia dunha estratexia consciente de producción, unha estratexia pedagóxica destinada a producir certos efectos.
>
> Pese a todo, Pintos non vería saír a segunda setena de foliadas do Gaiteiro, nin concluiría a publicación do *Breve diccionario* do Tamborileiro, que chegou ás palabras coor… color. Supoño que por falta de demanda, concretada, naquel entón, na escasez de subscritores. Pero a súa aventura tería, afortunadamente, continuación (Álvarez 1992: 81-82).

A autora deste ensaio dedica, logo, unha páxina moi esclarecedora a O tío Marcos da Portela, creación de Valentín Lamas Carvajal, "herdeiro directo, neste sentido, de Sarmiento e de Pintos" (Álvarez 1992: 83), quen na súa mocidade quizais oíu falar das excelencias idiomáticas do señor Marcos da Portela, natural de Outeiro, en Monte Porreiro (nas aforas de Pontevedra) e falecido en 1756, tal como probou documentalmente Filgueira Valverde (1972). A autora de "Os que se ocultan…" fai referencia a un traballo meu nestes termos:

> Aínda que singular, a idea de Pintos non era nova. Como puntualizou Xesús Alonso Montero (1974), outras renacencias teñen vinculado os primeiros berros de afirmación cultural a un músico popular e a un instrumento típico. Bástenos recordar que a obra máis importante, nos inicios da Renaixença catalana, é *Lo gayter del Llobregat* (1841), de Joaquím Rubió i Ors, bastante anterior ó manual galego.

No traballo indicado, "Gaita y gaitero en la Literatura" eu achegaba estes datos:

> Vincular los primeros gritos de autoafirmación cultural a un músico popular y a un instrumento típico es algo que se da en otras *renaixenças*, en la catalana, por ejemplo. Reparemos en estos títulos: *Lo timbaler del Besòs* (de Eusebi Pascual), *Lo flavioler del Ter* (de Andreu Pastells), *Lo tamboriner del Fluvià* (de Pau Estoricla)… El libro más importante, en estos inicios de la Renaixença, es L*o gayter del Llobregat*, de Joaquím Rubió i Ors, cuya primera edición en volumen es de 1841, anterior, pues, al manual poético-dicáctico de Pintos. (Alonso 1974: 207)

Rubió i Ors (1818-1899), que foi catedrático de literatura española na Universidade de Barcelona (e Reitor), iniciou a súa vida de poeta en catalán no *Diario de Barcelona* cunha

> sèrie de poesíes…, signades amb el pseudònim Lo gayter del Llobregat (nom extret del títol de la primera de les peces). El 1841 les recollí totes, afegint-hi algunes inèdites, en un volum d'un pròleg on reivindicava l'us del català per a la cultura i que es convertí en manifest i veritable inici del moviment romàntic de la Renaixença… (Bou 2000: 661).

Estraña un pouco que un escritor catalán se ocultase debaixo do fol dun gaiteiro das ribeiras do Llobregat, pois naquel tempo e naquel país o idioma catalán, non sen problemas, aínda era falado con normalidade e habitualmente por unha parte importante da burguesía, o que non acontecía, co galego, en Pontevedra (nin en Santiago, nin na Coruña…). Aínda así, o señor Rubió, profesor universitario moi coñecido, opta pola estratexia de travestirse de músico popular, de gaiteiro, por entender que o seu chamamento catalanófilo soaría, deste xeito, máis auténtico, máis da terra e da tradición.

Ninguén, que se saiba, averiguou se Pintos, en Pontevedra, tiña noticia, en 1853, de *Lo Gayter del Llobregat*, xa editado en volume doce anos antes. Cumpría averigualo. Si sabemos que tres décadas despois varios escritores galegos colaboraron na

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

edición políglota, en catro tomos (1888-1902), do libro de Rubió. En efecto, traducen poemas ó galego Xosé Pérez Ballesteros, Antonio de la Iglesia, Juan Barcia Caballero, Alfredo Brañas, Francisco Mª de la Iglesia e Manuel Martínez González. Tamén se sabe que o propio Rubió se interesou pola principal voz do Rexurdimento, froito do cal foi o poema "A la memoria de na Rosalía de Castro de Murguía" (1891), con versos coma estes:

Ella passà pel mon
com tortra viuda,
cantant cansons de amor;
¡mes ay, quan tristas![5]

VARIA SOBRE O POETA PINTOS E A *GAITA GALLEGA*

Sobre Pintos, como poeta, a nosa historiografía literaria é moi parca en gabanzas, non así co escritor comprometido coa causa da galeguidade e co lexicógrafo. É tal a admiración que estas dúas facetas da súa personalidade suscitan que, ás veces, os eruditos apelan a toda a súa xenerosidade para emitir algunhas palabras gasalleiras sobre os seus versos. Eu creo que non era, como opina Cabanillas, "poeta sobrepuxante de vibradoiro estro", pero algúns dos seus poemas posúen unha notable dignidade estética. Xa na Foliada primeira batemos co soneto

Ou Galicia, Galicia, boi de palla,
cánta lástima ten de ti o Gaiteiro!
O aguillón que che meten é de aceiro
e con el muito forza te asoballa.

Este poema, sobre a marxinación e a resignación de Galicia, proba que A *Gaita gallega* non só se escribe "para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben" o idioma galego senón para concienciar ós galegos dos graves problemas extralingüísticos. Estamos ante un manual de agravios e reivindicacións que vai máis alá da rexeneración idiomática, tal como indica o estrambote "e aínda máis", a secuencia final do título de tan insólito tratado.

5 Tamén a tradución galega de Salvador Cabeza de León. O texto catalán e o galego reprodúcense en *Coroa poética para Rosalía de Castro* (Alonso 1985), antoloxía por min preparada.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

O soneto citado, ademais dun texto de notable valía literaria, é o primeiro soneto da literatura galega moderna. Desde Carré Aldao a hoxe figura en varias antoloxías.

A musa social de Pintos (léase o Gaiteiro) non carece de valía literaria cando describe a fame do ano 1853 na terceira Foliada:

Deitouse a fame ó longo dos sembrados
enriba dos centeos, trigos, millos !
Deixou tódolos frutos mirrados,
Ay, nosos fillos!
Perdemos o traballo e a semente
tolleuna o temporal das leiras!
Máis valera que foran co esa enchente
aldeas inteiras!

Son dez as estrofas de que consta esta composición, das cales as cinco últimas constitúen unha reflexión para que os ricos exerzan a súa caridade, o que non só suscitaría os parabéns dos esfameados ("Os probes cantarán a súa groria") senón que conferiría á mesma riqueza a debida condición moral:

Que nunca o rico bos alaudos ten
si adora, como a Dios, a súa riqueza,
e non arría un chavo por ninguén
ri da probeza.

Estamos, de cheo, ante un poema docente, ante un poema feito para ensinar, para adoutrinar; neste caso, para facer ver ás clases acomodadas a necesidade de repartiren unha parte da súa riqueza, o que Pintos plantea en termos non revolucionarios, sempre dentro da concepción conservadora da época, predicada "urbi et orbi" polo pensamento cristián.

Cómpre aclarar que Pintos, nado en 1811, é un poeta da Ilustración, un poeta no que "o didactismo do século XVIII está máis presente na súa obra que o esprito romántico", como sinalou Carballo Calero (1962: 73). Pintos está de cheo no espírito que moveu a pluma de Jovellanos cando escribiu, en 1776, a "Carta de Jovino a sus amigos salmantinos", epístola na que postulaba, moi claramente, a "didascálica poesía", tanto que, ó dirixirse a Delio (Diego Fadeo González), proponlle

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

… asocia
tu musa a la moral filosofía,
y canta las virtudes inocentes
que hacen al hombre justo y lo conducen
a eterna bienandanza. Cantaluego
los estragos del vicio…[6]

Así pois, Pintos, aínda que algo serodio, é un poeta neoclásico (nace no ano en que morre Jovellanos), ademais dun poeta na liña de certos preceptistas clásicos, nomeadamente de Horacio, a quen cita en bastantes ocasións. Da súa *Ars poetica* son estes dous versos, milleiros de veces citados:

Omne tulit punctum qui miscuit utile dulci,
lectorem delectando pariterque monendo[7].

É unha consigna moi tida en conta polos poetas da Ilustración, clima no que aínda respiraba Pintos en 1853, obstinado na tarefa poética de ensinar deleitando, ou sexa, de mesturar o "útil", o proveitoso, co "doce", co literario. Esa dimensión literaria, non moi pequena, teñen as cinco primeiras estrofas do poema da fame de 1853, unha composición na que as cinco últimas son unha reflexión moral e relixiosa sobre a riqueza cando esta coexiste entre xentes extremadamente menesterosas. Pero Pintos aquí e noutras páxinas non carece de estro. Fernández del Riego seleccionou, ademais do soneto citado, esta composición (1957: 22-26)[8].

Debe quedar claro que, case sempre, Pintos foi un poeta didáctico, "didascálico" (usándomos o termo de Jovellanos), tan comprometido coa función docente e ilustradora da poesía que foi capaz de ofrecernos na foliada quinta unha ladaíña de 160 voces galegas (case todas pouco comúns) organizadas en dez serventesios de versos dodecasílabos sempre ben medidos e rimados. O Horacio pontevedrés, "qui miscuit utile dulci", nesta ocasión ofrécenos un "minimum" de literatura e un "maximum" de utilidade. Cumpría e urxía, como fose, "deprender" o galego, neste caso un galego só coñecido por falantes moi enxebres.

A gaita gallega, pioneiro e rico catecismo dicáctico-poético de galeguidade, foi unha peza da nosa bibliografía moi escasa e moi cobizada polos mellores bibliófilos, entre eles Fermín Penzol, quen confesaba en 1957, con mágoa, que nunca atopara

6 Versos 252-57 da "Carta" en Gaspar Melchor de Jovellanos, *Poesías* (1961: 117-128).
7 Son os versos 343-344 da *Ars poetica* ou *Epistola ad Pisones*.
8 Antologou dous poemas máis d'*A gaita gallega*: "Somente cando soa na Lanzada" e "Tou porroutou…".

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

no mercado un exemplar (Lorenzana 1957: 3). En 1981 a Real Academia Galega publicou unha edición facsimilar pouco canónica pero que puxo nas nosas mans, "grosso modo", o tesouro lingüístico, os pioneiros acentos reivindicativos e os acertos literarios de Pintos (aínda non definido, con precisión, como o Gaiteiro). Eu non tardei en publicar unha reseña entusiasta cun título do que non estou repesante: "*A gaita gallega* de 1853: ¡Xa era hora!" (1981). Bastantes anos despois, en 2002, a profesora Carme Hermida publicou a primeira edición non facsimilar.

Sabido é que en vida do autor —chamémoslle, agora, Xoan Manuel Pintos Villar— saíron dúas edicións, textos que xa planteaban problemas a un bibliógrafo tan meticuloso como Antonio Odriozola en 1981. Sobre "As edicións da *Gaita Gallega* de Juan Manuel Pintos" pronunciouse hai anos, con importantes datos novos, o profesor Xosé Xove Ferreiro (1996). É tanta a importancia da *Gaita Gallega* de Pintos e tal a problemática das foliadas das dúas edicións pontevedresas dos anos cincuenta do XIX, que cómpre esforzarse na procura de exemplares que nos permitan facer facsímiles correctos dunha e doutra edición. Pistas ofrécense nos traballos citados e, sobre todo, no catálogo *A Imprenta en Galicia. Século XIX. Volume II*, que menciona, entre exemplares completos e incompletos, ata seis. A ficha correspondente pode confundir a algúns lectores, pois nela, despois do longo título do libro, os editores consignan, entre claudatos, [por el (sic) Tamborileiro], referido á segunda edición (Cabano 2002: 905).

Eu finalizo, no Ano Pintos, cunhas palabras estampadas no título da súa importantísima e problemática obra: bibliógrafos, editores e críticos teñen que traballar "aínda máis". Non merece menos o autor "da pedra de alicerce da nosa renacencia".

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús (1974): "Gaita y gaitero en la Literatura", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Vol. 14. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 207.

——— (1981): "*A gaita gallega* de 1853: ¡Xa era hora!" *Hoja del Lunes* 6/VII/1981.

——— (1985): *Coroa poética para Rosalía de Castro.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (1992): "Os que se ocultan: a práctica do pseudónimo na literatura galega", *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1992, 69-92.

Bou, Enric (dir.) (2000): *Nou diccionari 62 de la Literatura Catalana*. Barcelona: Edicións 62.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

Cabanillas, Ramón (1952): "A laboura de avantora", *Galicia* (Centro Gallego de Buenos Aires) 266.

——— (1981): *Obras completas*. Vol. 3. Madrid: Akal. Edición e notas de Xesús Alonso Montero.

Cabano Vázquez, José Ignacio (ed.) (2002): *A Imprenta en Galicia. Século XIX*. Vol. 2. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Carballo Calero, Ricardo (1962): *Historia da literatura galega contemporánea.* Vigo: Galaxia.

Fernández del Riego, Francisco (1957): *Escolma de poesía galega*. Vol. 3. *O século XIX*. Vigo: Galaxia.

Filgueira Valverde, Xosé (1972): "Marcos da Portela existió en realidad. Murió en 1756", *Faro de Vigo* 13/VIII/1972.

Jovellanos, Gaspar Melchor de (1961): *Poesías*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos. Edición de José Caso González.

Lorenzana, Salvador [Fernández del Riego, Francisco] (1957): "Conversa con Fermín Penzol, o gran bibliófilo galego", *Galicia Emigrante* 26, 3.

Odriozola, Antonio (1981): "Una edición facsímil del primer libro escrito en gallego", *Faro de Vigo* 19/VII/1981.

——— (1989): *Las imprentas de Pontevedra en el siglo XIX*. Pontevedra: Diputación Provincial.

Pintos, Xoan Manuel (1975): *Retallos de poesía e prosa.* A Cruña: Real Academia Gallega. Edición de Isidoro Millán González-Pardo.

——— (2002): *A Gaita gallega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de carme Hermida.

——— (2006): *Obra poética dispersa.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de María do Carme Ríos Panisse.

Rubió i Ors, Joaquim (1891): "A la memoria de na Rosalía de Castro de Murguía", *La Patria Gallega* 5, 6.

Xove Ferreiro, Xosé (1996): "As edicións da *Gaita Gallega* de Juan Manuel Pintos", en Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez (coord.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, 605-622.

——— (2009): "Un texto inédito de 1842 de Juan Manuel Pintos", *Boletín da Real Academia Galega* 370, 253-275.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 267-277
ISSN: 1576-8767

VI

Recensións

Léxico mariñeiro de Cedeira: memoria e esperanza, de Xavier Rodríguez Vergara / Xesús Ferro Ruibal

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 281-286
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

LÉXICO MARIÑEIRO DE CEDEIRA: MEMORIA E ESPERANZA de Xavier Rodríguez Vergara[1]

Xesús Ferro Ruibal
Real Academia Galega

Galicia ten case 1200 km de costa e isto explica non só que o mar fose tema importante da nosa lírica medieval e moderna, que fose escenario de viaxes épicas dos galegos descubridores do Atlántico, do Índico e do Pacífico, que en tempos o Gremio de Mareantes de Pontevedra fose poderoso e que chegásemos a se-la quinta potencia mundial en pesca. O mar, que matou moita fame en Galicia, esixe tanta sabedoría coma a agricultura pero máis audacia. De cando en cando o mar pide o seu quiñón e enche de loito un porto de mar.

Un espazo tan intenso tiña que deixa-la súa pegada na lingua. O P. Sarmiento (1695-1772) escribiu moitas páxinas de lingua e economía pesqueira; Cornide Saavedra escribiu da nosa pesca da sardiña (1774) e unha enciclopedia natural do que dá o mar galego (1788). De 1970 é o *Vocabulario mariñeiro de Escarabote* de M. Carmen Alonso Pérez. De 1974 son as tres tesinas da fala mariñeira de Cariño (Fernández Rei), do Porto do Son (Calo Lourido) e de Sada (Ríos Panisse); de 1999 é o *Léxico mariñeiro nos portos do Navia ó Eo* (Barriuso) e do 2003 o do Val do Miño (Soraya Domínguez). Destacan os dous tomos da *Nomenclatura da flora e fauna marítimas de Galicia* de M. Carme Ríos Panisse (1977 e 1983), que Fernández Rei reanalizou no 2006 perfilando as áreas léxicas que de aí resultan. Tralas observacións no 2001 de Mónica Martínez Baleirón ("Os estudios do léxico mariñeiro galego"), en 2010 e 2011 apareceron os traballos de Calo Lourido verbo de peiraos, xávegas e traíñas. A todo isto é xusto engadirlle a *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa* de Paco Rivas (2000). E unha das liñas máis recentes e urxentes de traballo é a recolleita dos microtopónimos da costa e as marcas do mar (talasonimia) da costa sur de Galicia (Xosé Lois Pedreira Vilar 2006, 2008, 2010) e da costa Ártabra (Garbana Barro 2014).

Como se ve, non estamos descalzos de lexicografía e onomástica mariñeira, pero Fernández Rei, filólogo fillo de mariñeiro, repasou o noso mundo literario e

1 Ferrol: Edicións Embora, 2014. 283 páxs.

concluíu que ten pouco mar para tanta costa (Fernández 2003)[2]. Xavier Rodríguez Vergara é, se cadra, o primeiro que explora estas parcelas con salitre nos dedos, sen ser filólogo. Por iso non acumula dicionarios anteriores: a súa bibliografía son as súas horas de mar a remo, vela e motor cos parentes e veciños que con el vogaron; na patela trae un léxico local, o *Léxico mariñeiro de Cedeira*. Xavier Rodríguez Vergara é un *espontáneo da lexicografía*, como di Álvaro Porto Dapena na introdución:

> fiquei abraiado ó comprobar que unha persoa para nada afeita a este tipo de traballos —un auténtico espontáneo da lexicografía— fora capaz de facer unha separación de acepcións e redactar definicións tecnicamente impecables coma as neste libro contidas.

Non son palabras menores, vindo dun catedrático experto en técnica lexicográfica e académico correspondente da RAE. E ten razón porque o *Léxico mariñeiro de Cedeira,* ademais de separar acepcións, dar exemplos reais de uso e ofrecer nomes técnicos, cando corresponde, ten carácter enciclopédico, coma o *Diccionario* de Eladio Rodríguez. Precisamente esa parte enciclopédica é a que nos revela que as mans redactoras teñen salitre do mar e se cadra teñen algunha marca das picadas dos peixes ó desmallalos. Coma cando na voz *espellar* explica os valores de (1.) "Liscar, fuxir" e de (2.) "Desaparecer sen dicir nada", a partir do comportamento da sardiña que, cando foxe en masa da rede, fai ver un brillante reflexo prateado por debaixo do barco: estes non son detalles que coñeza un lexicógrafo sen mar.

Xavier Rodríguez Vergara, nado en Cedeira en 1935, xa nos sorprendeu no ano 2008 co libro *Redes e peixes: saberes dun mariñeiro*. O Centro Ramón Piñeiro e a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro editaron aquel libro de 423 páxinas con numerosas ilustracións (nalgún caso xa históricas).

BILEGA, a base de datos de referencia para bibliografía lingüística galega [http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html] definiu aquel libro como unha descrición das artes de pesca, os instrumentos e os peixes que entran nas rías e engadía que era un "traballo útil para o estudo da terminoloxía do mundo mariñeiro".

Na realidade era unha das primeiras veces que un mariñeiro galego, neste caso de Cedeira, poñía sobre papel os seus saberes profesionais nun relato tendido. A min engaioláronme as últimas trinta páxinas (393-423) nas que describe o com-

2 A todo isto habería que engadirlle o recente libro *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2015), no que fai unha brillante relectura dun dos escritores galegos con máis mar.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 281-286
ISSN: 1576-8767

portamento e o carácter destes peixes: pancho, xurelo, lura, xiba, faneca, doncela, munxe, corbelo, vello, pión, agulla, sardiña, polbo, congro, robaliza, salmonete, crego, barbada, boga, chepa, dourada, gaián, maragota, morea, pinto, sargo e saboga. Alí souben da agresividade da lura e de que, en cambio, as fanecas teñen o carácter das ovellas ou que o xurelo salgado era para os mariñeiros nos tempos da fame o que era o porco para a xente das aldeas. Son cousas que non se aprenden remando entre morfemas e lexemas.

O mariñeiro Xavier chegou a traballar algún tempo nun banco e o papel en branco fíxolle soñar versos ó abeiro daquel León Felipe que abría a poesía a todo o mundo con estas palabras:

> Deshaced ese verso,
> quitadle los caireles de la rima,
> el metro, la cadencia
> y hasta la idea misma.
> Aventad las palabras,
> y si después queda algo todavía,
> eso
> será la poesía.

Nunca lle preguntei por Manuel Antonio a Xavier, que para os versos é Francisco de Sotavento; pero no mar é Xavier. E esa experiencia mariñeira envorcouna en libros coma este inesperado *Léxico mariñeiro de Cedeira,* lección que o mariñeiro de oficio e memoria ofrece ós lingüistas: o seu léxico profesional, con máis de 1.200 lemas, dos que máis de catrocentos ou non figuran nos dicionarios ou non figuran con esa acepción. Por exemplo, a palabra *acente* (Momento de quietude do mar entre fluxo e fluxo que pode durar aproximadamente, cando é o mar vivo, de un a tres minutos. *Se queres entrar nun porto de mar e che rompe o mar pola proa, agardarás a boa acente e poderás entrar*).

No 2010 funo visitar e tiña unha lista de 20 folios de palabras mariñeiras que non estaban nos dicionarios. Gravamos un *Ben falado!* que se emitiu o 17 de agosto de 2010 e que se pode ver en http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-301-de-ben-falado-lexico-marineiro-de-cedeira.

Léxico mariñeiro de Cedeira (283 páxs.) saíu á luz en decembro de 2014 por obra de Edicións Embora co patrocinio do Concello de Cedeira. É un dicionario atípico, porque, como queda dito, non está feito por un filólogo, aínda que o pareza vendo a disciplina de lematización, caracterización gramatical, nomes científicos das especies lematizadas, correspondencia entre definición e definido, exemplos, etc. Atípico, tamén, porque o autor xa na adolescencia saía nas tardes de verán a

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 281-286
ISSN: 1576-8767

bota-las nasas co seu pai e pola noite, antes de recollelas, durmía unhas horas nas pedras aínda quentes da costa; e, sendo xa adulto, acumulou moitas horas de mar e sabe o que é o *rolete de mar*, ese terrible golpe de mar, de tipo cilíndrico e forza incalculable, que deixa detrás un tremendo suco: algunha vez viu a morte ós ollos, lonxe da costa, antes de dar entrado na boca da ría e verse a salvo e, quizais por iso, chegou a compoñer unha cantiga para memoriza-las manobras para entrar sen perigo na ría de Cedeira.

Cando veñas polo mare
de vendaval pra Cedeira,
deixarás por estribore
o Meixón e a Chirlateira.

E se queres vir seguro,
abre sempre a Candieira,
e antes de tapa-lo faro
e antes de tapa-lo faro,
daslle un pouquiño pra terra.

E se é vaga de mar,
e non conece-la ría,
has de traer Promontorio,
has de traer Promontoiro,
á Punta da Batería.

E ó chegar a media boca
faste un és a vendaval...,
agardando a boa acente
e, coa mesma, ó Sarriadal.

E cando xa esteas dentro
acabando de amarrar,
xa me dirás se é certo,
xa me dirás se é certo,
o que acabo de contar.

Mariñeiro é profesión épica. Endebén *Léxico mariñeiro de Cedeira* está feito por un mariñeiro que sabe de ondas, de ventos e de estrelas; e tamén detecta os gorgolexos ou burbullas que veñen do fondo e sabe se son de xurelo ou de sardiña; ou de como baixo unha táboa que anda á deriva polo mar cría o percebe e nel sempre anda a comichar unha tribo de meros. Digo *endebén*, porque así como un mariñeiro pode escorregar nas exquisiteces da lexicografía, un lexicógrafo adoita escorregar

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 281-286
ISSN: 1576-8767

nas exquisiteces do mundo mariñeiro, dando por iguais peixes parecidos ou identificando trebellos, artes, movementos do mar, do vento ou da embarcación que son parecidos pero que teñen funcións ou efectos moi diferentes. O mar é o mundo noutra dimensión.

Ben mirado, a recensión deste libro, que Porto Dapena cualifica de *verdadeira xoia e auténtico milagre,* só a poderá redactar algún día outro mariñeiro experimentado. Como para falar do mar, hai que embarcar e os filólogos somos, maiormente, xente de terra adentro, amigos de pisar onde pisa o boi e algo alérxicos a embarcarmos, eu só podo dicir que me parece unha magnífica noticia lingüística.

Nas aulas de galego, polo menos da beira do mar, o léxico dos mariñeiros debía ser de estudo obrigatorio. E unha boa selección debía de selo tamén, por cohesión social, para que os de terra adentro aprendésemos que *baixo, limpo, rula, verza, xeito, engadar, fisgar* ou *mallar* significan cousas diferentes para os mariñeiros e para os que non o somos. E para sabermos que baixo a auga do mar tamén hai *picachos*. Ou que o congro é o único peixe que sabe nadar para atrás, cousa que lle facilita *desmallar*, é dicir, desenlearse da malla na que quedou preso. Ou que, así como en terra as peras, o cereal, as patacas, as mazáns ou as cereixas danse segundo os anos, no mar pasa o mesmo coas algas: uns anos abonda a *xebra verde* e non nace o *lavacán*; e noutros, ó revés.

Os *de terra adentro*, que nin sequera reparamos no significado das luces de situación vermella e verde da ponte dos barcos, falamos de *mar adentro*, cousa que nunca din os mariñeiros: para eles o mar é sempre fóra e din navegar *máis para terra ou máis para fóra, máis para nordeste ou máis para vendaval* (s.v. *mar*): son eles os que de nós din que somos *de terra adentro*. Os de terra tampouco imaxinamos o que é ver de noite no mar a *ardora* ou *ardentía*, coma se un campo de fútbol submarino se iluminase coa fosforescencia dunha tribo de peixes: espectáculo previo a unha pesca farturenta. Ou o gusto que dá ve-los ollomoles ou os panchos comendo o cebo *a rechinamotón,* porque é seguranza de pesca magnífica.

Os mariñeiros teñen o mar todo escrito: moito antes de que se inventase o GPS, eles enfían catro referencias a terra e xa lles queda gravado que están enriba dun naufraxio ou que están enriba dun criadeiro de peixe de robaliza: son as *marcas*. É algo moi preciso, porque, coma tal, as marcas da faneca non chegan ós 4 m^2 (s.v. *faneca*). Dono destes saberes, Xavier ofreceunos centos de microtopónimos marítimos entre Cedeira e Ferrol para o Proxecto Toponimia de Galicia.

Cando un examina a terminoloxía técnica de calquera actividade, vemos que, canto máis moderna é esa actividade, máis préstamos ten doutras linguas, maiormente do inglés. Pero neste libro, que contén un repertorio terminolóxico completo da actividade mariñeira, é raro encontrar estranxeirismos: isto revela que a nosa actividade mariñeira é moi antiga. E que os galegos son mariñeiros vellos demós-

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

trase tamén en que demos a outras linguas non só palabras como *ría* (porque é o mar que entra) senón tamén nomes de peixes coma a *solla* e mariscos coma a *vieira*.

Un dos encantos deste dicionario é precisamente a información de carácter enciclopédico. Por exemplo a historia do *Mar dos balandros* (s.v. balandra), a onde viñan pescar lagosta os veleiros bretóns dende mediados do XIX a mediados do XX; e conta que algunha vez os galegos abordaron eses veleiros só para descubriren a técnica das cetáreas que eles traían a bordo ou como, forzados despois a iren busca-la lagosta ás costas de África, no regreso fondeaban aquí para que as lagostas africanas collesen a cor das nosas.

O noso sector primario galego, terrestre e marítimo, acumula saberes milenarios e admirámolo por iso. E por iso admirámo-la lingua que o identifica e que soubo e sabe manter contra o tempo e as tempestades. Con ela identificámonos.

Un barco de pesca atesoura saberes tan refinados coma un camión de Zara, que xa é do sector das manufacturas. Recompilar eses saberes alimenta a memoria e alimenta a esperanza. Delas naceu este *Léxico mariñeiro de Cedeira* que nos axuda a recoñece-las nosas orixes e a albisca-lo noso futuro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Fernández Rei, Francisco (2003): "'Moita costa, «pouco» mar': o léxico mariñeiro e a construcción do estándar galego", en María Álvarez de la Granja, e Ernesto Xosé González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega; 285-347.

Rivas, Paco (2000): *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa.* Cadernos de Fraseoloxía Galega 1. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 281-286
ISSN: 1576-8767

VII

Vida oficial da RAG

A Academia na actualidade

Crónica da Academia (2013)

Necrolóxicas:
Jacinto Viqueira Landa / Alicia López Pardo

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 289-292
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2013)

Directiva da Real Academia Galega

Dende o 23 de xaneiro de 2010 até o 20 de abril de 2013, a Comisión Executiva mantiña a seguinte formación:

- Presidente: D. Xosé Luís Méndez Ferrín
- Secretario: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo
- Vicesecretario: D. Francisco Fernández Rei
- Arquiveiro-Bibliotecario: D. Euloxio Rodríguez Ruibal
- Tesoureiro: D. Manuel González González

A partir do 20 de abril a Comisión Executiva pasou a estar formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xesús Alonso Montero
- Secretario: D. Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiveira-Bibliotecaria: D.ª Margarita Ledo Andión
- Tesoureira: D.ª Rosario Álvarez Blanco

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
   Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.ª Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
   Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
   Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Méndez Ferrín. Ingreso: 30 de setembro de 2000.
    Dimite o 13 de marzo de 2013.

14. Excma. Sra. D.ª Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
15. Excmo. Sr. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
16. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
    Ingreso: 28 de setembro de 2002.
17. Excma. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
18. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
19. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
20. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
21. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
22. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
23. Excma. Sra. D.ª Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
24. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
25. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
26. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
    Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
27. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
28. Excmo. Sr. D. Xosé Fernández Ferreiro. Ingreso: 9 de marzo de 2013.
29. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
    Ingreso: 14 de setembro de 2013.
30. Excma. Sra. D.ª Fina Casalderrey. Ingreso: 22 de novembro de 2013.

Relación dos actuais académicos correspondentes

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. Sabino Torres Ferrer. Ingreso: 4 de maio de 1952.
3. Ilmo. Sr. D. Manuel Lucas Álvarez: Ingreso: 4 de marzo de 1955.
   Faleceu o 1 de setembro de 2014.
4. Ilmo. Sr. D. Baldomero Cores Trasmonte. Ingreso: 5 de xuño de 1958.
   Faleceu o 24 de decembro de 2014.
5. Ilmo. Sr. D. José Isorna Ferreirós. Ingreso: 25 de xuño de 1967.
6. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
7. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
8. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
9. Ilmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 26 de xaneiro de 1969.
10. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
11. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez.
    Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
12. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
    Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 289-292
ISSN: 1576-8767

13. Ilmo. Sr. D. Fernando Acuña Castroviejo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
14. Ilmo. Sr. D. Manuel Remuñán Ferro. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
    Faleceu o 1 de febreiro de 2014.
15. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
    Ingreso: 17 de novembro de 2001.
16. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
    Ingreso: 17 de novembro de 2001.
17. Ilmo. Sr. D. David Mackenzie. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
18. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
19. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
20. Ilma. Sra. D.ª Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
21. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
22. Ilmo. Sr. D. Ramón Lugrís Pérez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
23. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
24. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
25. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
26. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
27. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
28. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
29. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
31. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
32. Ilma. Sra. D.ª María Dolores Sánchez Palomino.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
33. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
34. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
35. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
36. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
37. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
    Ingreso: 9 de outubro de 2004.
38. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
39. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
40. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
41. Ilmo. Sr. D. Nicandro Ares Vázquez. Ingreso: 22 de abril de 2006.
42. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
43. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 289-292
ISSN: 1576-8767

44. Ilmo. Sr. D. Víctor Campio Pereira González.
    Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
45. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novás. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
46. Ilma. Sra. D.ª Débora Campos Ramírez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
47. Ilma. Sra. D.ª Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
48. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
    Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
49. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
50. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
51. Ilma. Sra. D.ª Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
52. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
53. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
54. Ilma. Sra. D.ª Luz Méndez. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
55. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
56. Ilma. Sra. D.ª Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
57. Ilma. Sra. D.ª Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
58. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
59. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.

Relación dos actuais académicos de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
   Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.ª Giulia Lanciani. Académica electa: 21 de xaneiro de 2012.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 289-292
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 293-365
© 2015. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2013)

XUNTAS CELEBRADAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2013, nas seguintes datas:

Xunta ordinaria
- — 18 de xaneiro de 2013
- — 13 de marzo de 2013
- — 21 de xuño de 2013
- — 27 de novembro de 2013

Xunta extraordinaria:
- — 9 de marzo de 2013.
  Recepción de Xosé Fernández Ferreiro como académico numerario
- — 24 de marzo. Homenaxe a Francisco Fernández del Riego
- — 20 de abril de 2013. Elección do presidente
- — 17 de maio de 2013. Día das Letras Galegas
- — 14 de setembro de 2013.
  Recepción de Pegerto Saavedra Fernández como académico numerario
- — 9 de novembro de 2013.
  Recepción de Arcadio López-Casanova como académico de honra
- — 22 de novembro de 2013.
  Recepción de Fina Casalderrey como académica numeraria

A Comisión Executiva da Real Academia Galega reuniuse nas seguintes datas:

- — 1 de febreiro de 2013
- — 14 de febreiro de 2013
- — 20 de marzo de 2013
- — 5 de abril de 2013
- — 26 de abril de 2013
- — 21 de maio de 2013
- — 24 de maio de 2013
- — 4 de xuño de 2013
- — 10 de xuño de 2013

— 21 de xuño de 2013
— 22 de xullo de 2013
— 30 de xullo de 2013
— 27 de agosto de 2013
— 5 de setembro de 2013
— 18 de setembro de 2013
— 1 de outubro de 2013
— 8 de outubro de 2013
— 21 de outubro de 2013
— 5 de novembro de 2013
— 13 de novembro de 2013
— 20 de novembro de 2013
— 27 de novembro de 2013
— 4 de decembro de 2013
— 16 de decembro de 2013
— 27 de decembro de 2013

INGRESO DE ACADÉMICOS

De honra:

Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova
Lugar e data de ingreso: Salón de Actos da Real Academia Galega, 9 de novembro de 2013.
Título do discurso: *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación.*
Resposta do Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero.

Arcadio López-Casanova nace en Lugo (1942) e pasa a súa infancia na casa da avoa paterna, nas terras do Páramo. Regresa a Lugo para estudar o bacharelato. Aos catorce anos colabora en *El Progreso*, e pouco despois publica o libriño *Cuentos de Galicia: "Tío Mingos"*, ademais de ser cofundador, xunto con outros mozos lugueses (Marina Mayoral, Ramón Clemente, etc.), e baixo a dirección do profesor Luís Quintela Ferreiro, da revista *Escritos*.

Estuda Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, entrando en relación cos mestres do galeguismo. Nos seus anos universitarios participa nas actividades culturais da Universidade, organizando o primeiro "Día das Letras Galegas"

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Arcadio López-Casanova.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Arcadio López-Casanova, durante a lectura do seu discurso de ingreso como membro de honra.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

(1963), a "Festa da Poesía", a "Homenaxe a Antonio Machado", o "Premio Castelao", e moitas outras actuacións promovidas dende a Asociación Cultural "O Galo".

Colabora asiduamente nas páxinas de *La Noche* e *La Voz de Galicia,* e no 1961 edita o seu primeiro libro de poemas, *Hombre último*, retirado por orde gobernativa a causa dun poema dedicado a Federico García Lorca. Recibiu numerosos premios nas Festas Minervais e noutros certames literarios.

No ano 1965 publica a súa primeira colección de versos en lingua galega, *Sonetos da espranza presentida*, que vén determinar un dos sinais de identidade da súa poética, apuntado xa na súa *opera prima*: o virtuosismo técnico, reflectido na perfecta construción das estrofas clásicas máis complexas.

Xa de volta na súa cidade natal, prosegue coa súa actividade de política cultural organizando e dirixindo o primeiro curso de galego (1965), e unha homenaxe a Luís Pimentel. Asiste ao faladoiro lugués de Celestino Fernández de la Vega, colabora na prensa con artigos de temática literaria, e funda a colección "Ronsel" de poesía. Comeza a impartir docencia no Colexio Fingoi, baixo a dirección do profesor Ricardo Carvalho Calero, e pasa logo ao INEM, onde coincide cos catedráticos Alonso Montero e Amable Veiga.

No ano 1967 deu ao prelo a que sería considerada a súa primeira obra de madurez. Trátase de *Palabra de honor* (Vigo: Galaxia), libro tamén retirado por orde gobernativa. Despois desta obra, o escritor lucense deu paso a un longo período de silencio creativo durante o que se centrou nas súas investigacións filolóxicas, nos escritos ensaísticos e no labor docente.

En 1968 trasladouse a Valencia para ocupar unha cátedra de lingua e literatura españolas no Instituto Mariano Benlliure. Nesta cidade desenvolve co seu colega e amigo, o profesor Eduardo Alonso, unha ampla tarefa de dirección editorial e de publicacións sobre temas de historia, teoría e crítica literarias, con obras como *Lenguaje, expresión literaria y lingüística del español* (1970), *Lengua española. La expresión literaria* (1974), *El análisis estilístico* (1975) e *Poesía y novela* (1982).

Na década seguinte publicou dous novos libros de poemas en lingua galega; *Memoria dunha edá* (1976) e *Mesteres* (1976). Dous anos despois aparecería *La oscura potestad* (1979), libro de poemas que acadou o máximo galardón do Premio Adonais de Poesía. Nese mesmo ano defende a súa Tese de doutoramento sobre *Estructuras correlativas en la poesía española contemporánea*, cualificada con *sobresaliente cum laude*. No ano 1983, co libro de poemas *Liturxia do corpo* recibe o Premio da Crítica-Galicia á creación literaria.

Desde 1986 é profesor titular do Departamento de Filoloxía Española da Facultade de Filoloxía da Universidade de Valencia, onde imparte disciplinas relacionadas coa poesía e a novela españolas do século XX, así como a análise e a

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

composición de textos poéticos. Froito do seu labor de investigación son estudos como *Estructuras correlativas y función estilística* (1989), *Lenguaje de la poesía y figuras gramaticales* (1990), *La poesía romántica* (1991), *Miguel Hernández, pasión y elegía* (1993) e *El texto poético. Teoría y metodología* (1994).

En relación coa literatura galega, edita a *Antología poética* de Rosalía de Castro (1985), *Luís Pimentel e "Sombra do aire na herba"* (1990), *Álvaro Cunqueiro e a vangarda poética* (1994), e o *Diccionario metodolóxico de análise literaria. I. A Poesía* (2001), así como estudios sobre Ramón Cabanillas (1976), Luís Seoane (1994), E. Blanco Amor (1993), Curros Enríquez (2001) e sobre "Fin de século e modernidade literaria" (1997) ou o "Modernismo en Galicia" (1999). A Real Academia Galega concédelle o Premio "Menéndez Pidal" de investigación por un traballo sobre a obra de E. Pondal. Cultivou tamén o teatro e a literatura infantil.

No eido da creación poética, da última década son os seus libros *Razón de iniquidad* (1991, Premio Internacional "Ciudad de Melilla"), *Noite do degaro* (1994) e *Asedio de sombra* (1997, Premio "Tiflos").

Obra en galego

Poesía

Sonetos da esperanza presentida. Lugo: Ronsel, 1965.
Palabra de honor. Vigo: Salnés, 1967.
Liturxia do corpo. Sada: Ediciós do Castro, 1976.
Memoria dunha edá (1960-1975). Madrid: Akal, 1976.
Mesteres. Lindes-Cuadernos de Poesía, 3. Valencia: Difusora de Cultura, 1976.
Antología personal: Obra poética gallega y castellana (1967-1987). Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, 1987.
Noite do degaro. Vigo: Galaxia, 1994.
Do tempo posuído: Poesía, 1960-2000. A Coruña: Espiral Maior, 2003.
Dicir unha razón: (varia silva de proverbios, ditados e glosas). Santiago de Compostela: Follas Novas, 2006.
Herdo do canto. Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia, 2006.

Narrativa

Caeira dos días: (1965-2005). Cesuras: Biblos Clube de Lecturas, 2007.

Literatura infantil e xuvenil

O bosque de Ouriol. Vigo: Galaxia, 1973.

Ensaio

Luís Pimentel e Sombra do aire na herba. Vigo: Galaxia, 1990.
Álvaro Cunqueiro e a vangarda poética. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1994.
Diccionario metodolóxico de análise literaria: I A poesía. Textos líricos galegos da Idade Media. Vigo: Galaxia, 2001.

Obras colectivas

Rodríguez Fer, Claudio (ed.) (1992): *Comentarios de textos contemporáneos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Álvarez Cáccamo, Xosé María *et al.* (2001): *Poetas e Narradores nas súas voces*. Vol. I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
Casas, Arturo (ed.) (2003): *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000.* Lugo: Tris Tram.
Díaz-Fierros Viqueira, Francisco e Henrique Monteagudo (coord.) (2003): *Carlos Casares. A semente aquecida da palabra.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
Avilés de Taramancos, Antón *et al.* (2003): *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra.* Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia; A Coruña: Espiral Maior; Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Rodríguez, Manuel (ed.) (2006): *Poemas pola memoria (1936-2006)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
Domínguez Alberte, Xoán Carlos e Baldo Ramos (dirs.) (2006): *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo.* Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.
Rodríguez, Luciano (ed.) (2011): *Preludios para Miguel Anxo Fernán-Vello*. Bertamiráns: Laiovento.

Premios

Gañador do Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho no 1972, por *O bosque de Ouriol*.
Premio da Crítica Galicia de creación literaria no 1984, por *Liturxia do corpo*.
Premio de poesía Caixanova no 2005, por *Herdo do canto*.
Premio Cultura Galega das Letras da Xunta de Galicia, no 2011.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Obra en castelán

Poesía

Hombre último. Lugo: Celta, 1961.
La oscura potestad. 1972-1978. Madrid: Ediciones Rialp, 1979.
Razón de iniquidad. Melilla: Universidad Nacional de Educación a Distancia, 1991.
Asedio de sombra. Madrid: Organización Nacional de Ciegos Españoles, 1997.
En oscuro desvelo: poesía, 1972-2002. Valencia: Institució Alfons el Magnànim, 2004. Obra poética completa.

Narrativa

Cuentos de Galicia: "Tío Mingos". Lugo: edición do autor, 1958.

Ensaio

Estructuras correlativas en la poesía española contemporánea. Mislata, Valencia: Fuentearnera, 1979.
La poesía romántica. Madrid: Anaya, 1991.
Lenguaje de la poesía y figuras gramaticales. Castellón: Publicacions de la Universitat Jaume I, 1992.
Miguel Hernández, pasión y elegía. Madrid: Anaya, 1993.
El texto poético: teoría y metodología. Salamanca: Colegio de España, 1994.
El relato fantástico: historia y sistema. Salamanca: Colegio de España, 1998.
Macrotexto poético y estructuras de sentido: análisis de modelos líricos modernos. Valencia: Tirant lo Blanch, 2007.

Edicións

Alarcón, Pedro Antonio de (1974): *El sombrero de tres picos*. Madrid: Cátedra.
Castro, Rosalía de (1985): *Antología poética.* Madrid: Alhambra.
Mihura, Miguel (1986): *Tres sombreros de copa.* Madrid: Anaya.
Valle-Inclán, Ramón del (1995): *Flor de santidad. La media noche.* Madrid: Espasa-Calpe.

Obras colectivas

Alonso, Eduardo e Arcadio López-Casanova (1971): *Lenguaje, expresión literaria y lingüística española.* Valencia: Bello.
Alonso, Eduardo e Arcadio López-Casanova (1975): *El análisis estilístico (poesía/novela)*. Valencia: Bello.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Premios

Premio Adonais no 1978, por *La oscura potestad*.
Gañador do Premio Internacional *Ciudad de Melilla* no 1991, por *Razón de iniquidad*.
Premio *Tiflos* no 1997, por *Asedio de sombra*.

Numerarios:


Excmo. Sr. D. Xosé Fernández Ferreiro
Lugar e data de ingreso: Salón de actos da Real Academia Galega, 9 de marzo de 2013.
Título do discurso: *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*.
Resposta do Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós.

Xosé Fernández Ferreiro naceu no ano 1931 na aldea de Espartedo, no concello ourensán de Nogueira de Remuín. Remata o bacharelato en Ourense por libre, ao mesmo tempo que traballa. Xa nesta data empeza a escribir nos xornais *La Región* e *La Noche*. Aos dezaoito anos é correspondente de *ABC* en Ourense. En 1952, é un dos fundadores da agrupación cultural *Xente Nova*.

No ano 1953 trasládase a Madrid a cursar estudos de xornalismo, axudado por unha bolsa do *Faro de Vigo*. Na altura, continúa colaborando en *La Región, La Noche,* ou ABC, e comeza a publicar en *Informaciones, Semana* ou *El Español.* En 1958 entra a traballar no departamento de publicidade da produtora Suevia Films. Nese mesmo ano —xunto con Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Reimundo Patiño e Ramón Lorenzo—, crea o grupo Brais Pinto, que desenvolverá unha intensa actividade cultural no Madrid dos anos cincuenta, dando orixe á colección poética do mesmo nome e editando os libros de poemas *Bocarribeira*, de Otero Pedrayo; *Poemas do home que quixo vivir*, de Bernardino Graña ou *A noite*, do propio Fernández Ferreiro. O nome e a épica do personaxe que nomea o grupo —un ficticio afiador ourensán que, despois de percorrer o mundo enteiro co seu oficio, e xa disposto a regresar á súa vila natal, morre atropelado por un tranvía en Madrid— atribúeselle a Fernández Ferreiro.

Despois de licenciarse en xornalismo, traballou como redactor en *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* ou *La Noche*. No ano 1967 traballa como correspondente de *ABC* en Santiago de Compostela. O 17 de maio dese ano publica en galego un artigo sobre o Día das Letras Galegas, sendo a primeira vez que un xornal de Madrid difunde un artigo nesta lingua. No ano 1969 pasa a ser redactor de *La Voz de Galicia*. Colaborou tamén nun bo feixe de publicacións como *Chan*, *Revista del Libro Español*, *Destino*, *La Vanguardia*, *Grial, Vieiros, Dorna* e *A Trabe de*

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Xosé Fernández Ferreiro.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



O novo académico recibe os aplausos do resto da corporación.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

Ouro. O seu labor profesional como xornalista fíxoo merecedor, en 1985, do Premio Galicia de Xornalismo.

Como escritor, comeza a súa traxectoria literaria con dous libros de poemas: *Ribeirana do Sil* (1952) e *A Noite* (1959). Na época de Brais Pinto estréase na narrativa cunha serie de contos que el denomina "ulcísticos". Despois virá o conxunto de 15 novelas que lle deron fama. Será a narrativa —xénero que Fernández Ferreiro practicou en practicamente todas as súas sortes— a modalidade sobre a que cimentará a meirande parte da súa produción literaria e do seu prestixio como autor de referencia nas letras galegas de hoxe.

A súa carreira como novelista dá comezo en 1975 co primeiro western escrito en galego: *A morte de Frank González*, ao que lle seguen *Morrer en Castrelo do Miño* (1978), sobre a loita dos campesiños desta vila ourensá contra o encoro construído nas súas terras; *A saga dun afiador* (1980), na que constrúe unha epopea arredor dos afiadores que partiron da chaira ourensá a percorreren o mundo; a novela memorialista *A ceo aberto*, de 1981; a ficción científica de *Reportaxe cósmico* (1982); *A fraga dos paxaros salvaxes,* finalista do Xerais en 1985; un relato onírico e desacougante como *O minotauro* (1989); e *Agosto do 36*, merecedora do Premio Xerais en 1991, e que supuxo o inicio da escrita sobre a materia da Guerra Civil nas nosas letras. A esta seguiríanlle *A cidade das chuvias* (1994), *Co medo nas mans* (1996), *O último paraíso* (2001), *Millo verde* (2002), *Os últimos fuxidos* (2004) e *Tempo de centeo* (2009).

Poesía

Ribeirana do Sil. Ourense: edición do autor, 1952.
A noite. Madrid: Brais Pinto, 1959.

Narrativa

A morte de Frank González. Sada: Ediciós do Castro, 1975.
Morrer en Castrelo do Miño. A Coruña: Ediciós do Castro, 1978.
A saga dun afiador. Sada: Ediciós do Castro, 1980.
A ceo aberto. Sada: Ediciós do Castro, 1981.
Corrupción e morte de Brigitte Bardot. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1981.
Reportaxe cósmico. Sada: Ediciós do Castro, 1982.
A fraga dos paxaros salvaxes. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985.
O minotauro. Barcelona: Sotelo Blanco, 1989.
Agosto do 36. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991.
A cidade das chuvias. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
Co medo nas mans. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

O atentado. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999.
O último paraíso. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001.
Millo verde. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002.
Os últimos fuxidos. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004.
Tempo de centeo. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009.

Narrativa infanto-xuvenil

O conto da boa e da mala pipa. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1996.

Ensaio

De Xente Nova a Brais Pinto. Memorias dun afiador rebelde. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2012.

Obras colectivas

Cid Cabido, Xosé (dir.) (1996): *Unha liña no ceo: 58 narradores galegos (1979-1996)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Asociación de Escritores en Lingua Galega (ed.) (2003): *Alma de beiramar: a Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra.* Vigo: A Nosa Terra.
Álvarez Cáccamo, Xosé María *et al.* (2006): *Poetas e Narradores nas súas voces (Vol. II)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
Domínguez Alberte, Xoán Carlos e Baldo Ramos (dirs.) (2006): *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo.* Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.

Premios

Premio Galicia de Xornalismo no 1985.
Premio Xerais no 1991, por *Agosto do 36*.
Premio Antón Losada Diéguez de creación literaria no 2000, por *O atentado*.
Galardoado coa Letra *E* da Asociación de Escritores en Lingua Galega no 2003.
Premio *Brais Pinto* no 2013.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández

Lugar e data de ingreso: Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2013.

Título do discurso: *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*.

Resposta do Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz.

O Catedrático de Historia na Universidade de Santiago de Compostela Pegerto Saavedra Fernández naceu na Fonsagrada o 15 de novembro de 1951. Despois de pasar polo Seminario Diocesano de Lugo, estudou Historia na Universidade de Santiago de Compostela, onde obtivo os premios Extraordinario de Licenciatura e de Doutoramento. Iniciou o seu traballo de investigación, so a dirección do historiador Antonio Eiras Roel, como bolseiro de investigación no grupo de Historia Moderna, grupo no que acabou por desenvolver toda a súa carreira académica e mesmo o seu *cursus honorum*, ata se converter en Catedrático da disciplina na primavera do ano 2000, situación na que permanece na actualidade.

Nas súas investigacións especializouse no estudo das condicións de vida no rural galego entre os séculos XV e XIX. Sobre esta materia leva publicado un gran número de monografías, entre as que salientamos *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón* e *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850,* libro que mereceu o Premio Nacional de la Crítica de 1993 .

Influído por historiadores de liñaxe marxista como Pierre Vilar e E. P. Thompson, a obra historiográfica de Pegerto Saavedra tense ocupado de grandes temas como o estudo da estrutura e da evolución da sociedade galega na época moderna, nomeadamente na súa variante rural, como se pode comprobar no seu importante traballo *Economía, Política e Sociedade en Galicia: A provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, que saíu á luz en 1985. Segundo Ramón Villares, esta obra é "a tentativa máis ambiciosa entre nós de afrontar o reto dunha historia "total", na que se combina a atención ás bases demográficas ou económicas dunha comunidade humana coa análise social e co goberno político do territorio".

Interesa subliñar de modo especial o punto de vista con que Pegerto Saavedra ten elaborado o seu relato do mundo rural galego. Un enfoque que toma en consideración a perspectiva das clases subalternas para lles conceder un claro protagonismo no devir histórico. A obra de Pegerto Saavedra constitúe o mellor contributo actual a unha comprensión do papel histórico do campesiñado galego, do seu protagonismo na construción da sociedade galega e dos dereitos e privilexios que logrou ir conquistando. É un exemplo de relectura de toda a tradición interpretativa da sociedade galega moderna, desde os tempos da "doma e castración" de Galicia, claramente revisados na súa análise do tránsito á época moderna, ata a súa

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Pegerto Saavedra Fernández.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



O novo académico, Pegerto Saavedra, é recibido polos académicos e público asistente.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

visión da ruralía e, de forma especial, do campesiñado como un actor principal no drama que toda historia contén. Outro dos trazos característicos da súa concepción da historia é a atención á "historia desde abaixo" ou historia da vida cotiá, campo de investigación no que foi pioneiro no noso país, e que procura reproducir as condicións de vida dos labregos en Galicia durante o Antigo Réxime, ademais da súa relación de resistencia, máis ou menos pasiva, ás tentativas de control e usurpación dos seus dereitos por parte dos señores feudais, a Igrexa e o poder central.

Entre as súas obras destacan:

Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón. Santiago de Compostela: Universidade, 1979.

Economía, política y sociedad en Galicia. La provincia de Mondoñedo: 1480-1830. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1985.

A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850. Santiago de Compostela: Universidade, 1992.

La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad. Galicia Historia. Vol. 3. A Coruña: Hércules Edicións, 1992.

A Facenda Real na Galicia do antigo réxime. (As rendas provinciais). Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 1993.

La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen. Barcelona: Crítica, 1994.

Das casas de morada ó monte comunal. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

Consul Jove y Tineo, Francisco (1999): *Agricultura e Ilustración.* Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes; Ourense: Caixa Ourense. Edición e estudo preliminar.

Señoríos y comunidades campesinas. Aportaciones a la Historia Rural de la España Moderna. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.

A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). A sociedade. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007.

A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Política e Cultura. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007.

El siglo de las luces: Cultura y vida cotidiana. Madrid: Síntesis, 2004.

Pegerto Saavedra ten colaborado en numerosas publicacións colectivas e revistas especializadas ao longo da súa carreira, entre as que destacamos:

Pallares Méndez, María del Carmen *et al.* (1998): *Atlas histórico de Galicia.* Vigo: Nigra-Trea.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2000-2003): *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Saavedra Fernández, Pegerto e Ramón Villares Paz (1991): *Señores y campesinos en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX*. Barcelona: Crítica: Consello da Cultura Galega.

Torres Luna, María Pilar, Rubén C. Lois González e Pegerto Saavedra Fernández (coord.) (1998): *Espacios rurais e sociedades campesiñas*. Santiago de Compostela: Universidade.

"Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 33, 179-236, 1982.

"Desarrollo y crisis de la industria textil gallega: la lencería", *Cuadernos de Investigación Histórica* 7, 113-132, 1983.

"Comunidades campesinas, xurisdicións e partidos na Galicia da Idade Moderna", *Revista de Administración Pública Galega* 2, 113-142, 1985.

"Transformaciones agrarias y crecimiento de la población en la provincia de Mondoñedo, 1550-1830", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 102, 79-104, 1987.

"La economía del monasterio de Carracedo, ca. 1700-1834", *Studia Historica* vol. 5, 241-283,1987.

"Industria téxtil rural e cambios demográficos na Galicia cantábrica, 1750-1850", *Grial* 102, 237-257, 1989.

"Casa y comunidad en la Galicia interior, 1750-1860", en José Carlos Bermejo Barrera (coord.), *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 1989.

"Contribución al estudio del régimen señorial gallego", *Anuario de Historia del Derecho Español* 69, 103-184, 1990.

"La dinámica de la petita explotació pagesa a la Galícia de l'antic règim", *Recerques* 25, 105-124, 1992.

Entre os moitos cargos que Pegerto Saavedra ten desempeñado ao longo da súa vida académica, podemos salientar os de director do Departamento de Historia Medieval e Moderna da Universidade de Santiago de Compostela (1990-2001); vicepresidente da Fundación Española de Historia Moderna (2001-2005); membro do consello editorial das revistas *Obradoiro de Historia Moderna*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Boletín do Museo Provincial de Lugo, Historia y Genealogía* (Univ. de Córdoba); membro da Comisión de Patrimonio do Consello da Cultura Galega e da Comisión de Cultura da Deputación Provincial de Lugo (2007-2011); etc.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Excma. Sra. D.ª Fina Casalderrey

Lugar e data de ingreso: Teatro Principal de Pontevedra, 22 de novembro de 2013.

Título do discurso: *Viaxe á semente. Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario.*

Resposta da Excma. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco.

A escritora Fina Casalderrey Fraga naceu en Xeve, Pontevedra, o 11 de agosto de 1951. Mestra de profesión, o seu primeiro destino foi unha substitución en Pontecesures. Alí comezou a adaptar contos populares ao teatro, para representalos co seu alumnado, para seguir con sinxelas pezas de creación propia, actividade que non abandonou nunca durante os corenta anos de docencia. A Pontecesures como destino seguíronlle San Cipriano de Ribarteme, Catoira, Cambados, Covelo da Lama, Barcia da Lama, Campelo da Lama, Bora, Mosteiro-Meis… e finalmente Moraña, onde decidiu quedar 25 anos. Logo, os dez últimos anos, previos á súa xubilación, impartiu docencia no IES Illa de Tambo de Marín.

As súas arelas de cambiar a Escola, achegala máis á realidade, instárona a realizar co seu alumnado diferentes traballos relacionados coa investigación etnográfica no contorno próximo (os hórreos, os apeiros de labranza, a climatoloxía e astroloxía popular, as festas populares, a medicina popular, os xogos tradicionais, cantigas, refráns, lendas…), todos eles en galego e moitos premiados no seu día polo Museo de Pontevedra, pola Xunta de Galicia ou pola Xefatura Nacional de Tráfico. Eses traballos foron o inicio dunha publicación colectiva, coordinada por Mariano García (*Terras de Moraña: Unha realidade na historia, na lenda, na lembranza…* 2002), publicada polo Concello de Moraña.

Xunto con Mariano García, publicou tamén os ensaios: *O libro da empanada* (1993), *Festas gastronómicas de Galicia* (1994) e *Repostería en Galicia* (1997) (3º Premio *Álvaro Cunqueiro* de Periodismo Gastronómico).

En relación co mundo do ensino, en 1996, publica *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola (7 pezas para representar)*.

Outras publicacións pedagóxicas foron: *Lecturas 2* (1º ciclo de Educación Primaria. Barcelona: Edebé, 1997); *Tren dos contos 1º* (Educación Primaria. Vigo: SM, 2006); *Un dous tres hora de ler* (Vigo: SM Xerme, 2008); *Tic tac tic hora de llegir!* (Vigo: SM, 2008; Medrando Sans. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2008).

Participou no informe da UNESCO de 1997 *La educación encierra un tesoro*.

Foi membro da directiva de Gálix dende setembro de 2001 ata xaneiro de 2004. Pertence ao PEN Clube dende o ano 2008, e á AELG dende o 2009.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Fina Casalderrey.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Fina Casalderrey recibe o diploma de numeraria das mans do presidente da Academia.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

A cerna da súa produción encádrase dentro dos parámetros da chamada Literatura Infantil e Xuvenil, ámbito no que se amosa como unha autora prolífica cuxa obra, estendida ao longo de máis de cincuenta títulos, acadou o recoñecemento do público lector e da crítica, que lle ten outorgado numerosos galardóns, entre os que destacamos o Premio Merlín do ano 1991 por *Dúas bágoas;* o Barco de Vapor de 1994 por *O misterio dos fillos de Lúa*, que tamén mereceu o Premio nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1996; o Edebé de Literatura Infantil en 1995 por *O estanque dos parrulos pobres;* o Álvaro Cunqueiro de 1999 por *Repostería en Galicia;* a Medalla Castelao no 2003; e o máis recente, o nomeamento como Socia de Honra da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) no 2013. Os seus libros, sempre escritos inicialmente en galego, tradúcense habitualmente ás demais linguas do estado. Algúns tamén ao bretón, coreano, inglés, francés, italiano, portugués ou brasileiro.

Colabora tamén en prensa con artigos e outros traballos que aparecen espallados por xornais e revistas (*Diario de Pontevedra*, *Progreso de Lugo*, *Nós* de Sabadell, *Fadamorgana*, *Golfiño*, *CLIJ*, *Cedofeita*, *Tempo Exterior*...).

Obra

Mutacións Xenéticas. A Coruña: Vía Láctea, 1991.
Dúas bágoas por máquina. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1992.
A noite dos coroides. A Coruña: Vía Láctea, 1993.
O libro da empanada. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1993.
Festas gastronómicas de Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
Chamizo. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
¡Asústate, Merche! Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
O misterio dos fillos de Lúa. Vigo: *SM,* 1995.
Recursos teatrais para a expresión dramática na escola. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1996.
O estanque dos parrulos pobres. Barcelona: Edebé-Rodeira, 1996.
¡Prohibido casar, papá! Vigo: Galaxia, 1996.
¿Sobrevives? Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1996.
Repostería en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997.
¡Puag, que noxo! Vigo: Galaxia, 1997.
Podesvir. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1997.
Unha raíña negra. Barcelona: Edebé-Rodeira, 1998.
Nolo e os ladróns de leña. Vigo: *SM,* 1998.
Ás de mosca para Anxo. Madrid: Anaya, 1999.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Pimpín e dona Gata. Vigo: *SM,* 1999.
O misterio do cemiterio vello. Vigo: *SM,* 1999.
Unha pantasma branca. A Coruña: Everest Galicia, 2000.
A máscara de palma. Vigo: Galaxia, 2000.
Cando a Terra esqueceu xirar. Vigo: *SM,* 2002.
Desventuras dun lobo namorado. Vigo: Galaxia, 2002.
Derradeira carta ós Reis Magos. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002.
A avoa ten unha menciña. Madrid: Combel, 2002.
A avoa non quere comer. Madrid: Combel, 2002.
O avó sae de paseo. Madrid: Combel, 2002.
O avó é sabio. Madrid: Combel, 2002.
Lúas de nácara. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003.
¡Un can no piso! Vigo: Galaxia, 2003.
Filla das ondas. Pontevedra: Kalandraka, 2003.
Eu son eu. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004.
Un misterio na mochila de Alba. Barcelona: Planeta & Oxford, 2005.
O meu avó é unha gata. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005.
¿Quen me quere adoptar? Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005.
Isha, nacida do corazón. Barcelona: Edebé-Rodeira, 2006.
¡¡¡Lume!!! A Coruña: Rodeira, 2006.
Un día de caca e vaca. A Coruña: Baía Edicións, 2006.
A lagoa das nenas mudas. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007.
A pomba e o degolado. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007.
Gordiño Recheo. Madrid: *SM,* 2007.
Apertas de vainilla. Vigo: Galaxia, 2007.
Xela volveuse vampira!! A Coruña: Baía Edicións, 2007.
Un cabalo de lume. A Coruña: Baía Edicións, 2007.
Ola, estúpido monstro peludo! Vigo: Galaxia, 2007.
O misterio da casa do pombal. Vigo: SM Xerme, 2008.
Papá e meu. Vigo: Galaxia, 2009.
Fiz, o coleccionista de medos. Pontevedra: OQO, 2009.
Pesadelo no tren chocolate. Vigo: Galaxia, 2009.
Un saco de estrelas. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2010.
¿E ti que farías por min? Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2010.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2013

O Día das Letras Galegas do ano 2013 dedicouse a Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002).

O seu nomeamento produciuse na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Real Academia Galega o día 22 de xuño de 2012.

A súa proposta atende á importancia da figura do autor para o teatro nacional galego. É o dramaturgo máis prolixo da historia da nosa literatura, o que, sumado á calidade dos seus textos, o converte nunha figura imprescindible do noso sistema literario e nun dos dramaturgos europeos máis importantes do último cuarto de século.

A produción de Roberto Vidal Bolaño caracterízase por un irrevogable compromiso coa lingua galega, pois estamos ante un autor radicalmente monolingüe, que contribuíu á definitiva instalación do teatro galego na nosa lingua. Ademais, hai na súa obra un compromiso estético. Os estudosos coinciden en salientar a súa constante preocupación pola experimentación, polo diálogo coa tradición culta e popular, literaria e histórica, social e política.

Máis aló do seu constante labor profesional apegado aos escenarios, no que tocou todos os ámbitos da produción teatral, foi tamén un excelente actor e un dos pioneiros na produción audiovisual en Galicia, na que deixou trazadas as liñas para o desenvolvemento dun campo audiovisual galego que se expresase na lingua propia. E por riba de todo, foi un extraordinario escritor. Fixo literatura dramática a consciencia, con vontade de intervir no sistema literario galego, de dialogar con outras obras e autores, de apoiarse nos clásicos (como Rosalía, Otero Pedrayo ou Cunqueiro) e na obra dos seus contemporáneos. Súa foi a translación aos escenarios do Percival de Méndez Ferrín ou da Rosalía de Otero Pedrayo. Era un escritor consciente da pertenza da súa obra a un sistema literario rico e dinámico, en constante desenvolvemento.



Caricatura de Roberto Vidal Bolaño, por Siro.

A súa obra merece ser revisitada nos escenarios e especialmente nos textos; Roberto Vidal Bolaño foi quen non xa de describir o seu tempo, senón, sobre todo, de transformalo. O teatro galego sábeo ben.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Antón Dobao

BIOGRAFÍA

Roberto Vidal Bolaño naceu en Compostela o mesmo ano en que morreu Castelao en Buenos Aires. Foi o derradeiro día do mes de xullo, no barrio de Vista Alegre, un barrio proletario compostelán onde empezaría máis adiante os seus primeiros estudos. Entre o seu nacemento e a data na que se dá conta da estrea da súa primeira peza teatral, 1965, cando só tiña quince anos, a súa vida transcorre entre o traballo e uns precoces inicios formativos co cinema e coa literatura, que acompañaban os seus días de estudo. Desde moi novo, con apenas doce anos, comeza a traballar como administrativo nunha empresa de recambios de coches. Ata que lle toca ir a Ceuta para facer o servizo militar no exército español, entre os anos 1971 e 1973, coñece oficios que van desde os ultramarinos ou o automóbil ata unha axencia de viaxes. Mais as ataduras laborais, en dedicación e en tempo, e a humana pulsión que o convidaba a se liberar delas encirran a súa necesidade de formación e enriquecemento artístico e cultural.

A narración de historias con personaxes en movemento que se exhiben en toda a súa complexidade ante os ollos de todos parece fascinalo especialmente. Primeiro, o mundo do cine, que o manterá sometido ás súas luces e aos seus modos narrativos para sempre. Tamén como espectador dalgunhas representacións teatrais, as que pode haber na Compostela da época, como a dun Auto Sacramental na praza da Quintana a cargo da compañía Ditea, dirixida por Agustín Magán. A súa formación intelectual íase configurando tamén, supoñemos, nos estudos que en horario nocturno proletario seguía no Instituto Xelmírez, disque coa intención de conseguir o título de bacharelato elemental para poder matricularse na Escola Oficial de Cine de Madrid. Foi un proxecto truncado, pois uns anos despois, cando estaba disposto a ingresar na Escola, esta pechou. Non lle quedou máis remedio que ir adquirindo a súa formación cinematográfica lonxe das frías paredes dunha escola da época. Acumulouna engordiño a base de ver moito bo cine e tamén de tomar clases prácticas dos mellores mestres posibles: de Wells, do sempre admirado John Ford, de Bergman, de Pasolini, de todo aquel que tivese algo que dicir na arte das figuras en movemento e que o dixese dunha maneira diferente, extraordinaria. No ano 1964 asiste ás sesións do cineclube da Asociación Fotográfica Compostelana, onde toda a súa intuición narrativa e dramática se alicerza xa cun coñecemento

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

máis directo dos grandes mestres do cinema universal e cos vangardismos que na altura lle dan potencia á expresión cinematográfica. Toda esta amálgama de coñecementos e experiencias debuxa unha pegada resistente en cada un dos textos que Roberto Vidal Bolaño nos deixou. Nada do seu teatro se entendería sen o seu amor polo cine. Roberto sempre recoñeceu que en realidade o seu desexo era ser director, pero a ausencia dunha industria audiovisual e dun campo cinematográfico normalizado –ou con proxección normalizadora– fixeron imposible que a súa utopía vital cristalizase. Non é que a súa obra teatral sexa a consecuencia dunha frustración, en absoluto; non deixa de ser unha feliz coincidencia esixida pola teima de Vidal Bolaño en armar un artefacto literario e teatral á medida das súas necesidades vitais e superador das potencialidades desta nación. Sempre, desde o Rexurdimento ata os nosos días, o campo literario galego é o resultado de múltiples vontades de superación das condicións que a realidade de dependencia e subalternidade impoñen. Roberto Vidal Bolaño armou un Teatro Nacional desde a conciencia das necesidades, desde a necesidade de superación das marxes que a realidade impuña.

A súa condición de asalariado e de home en proceso de formación relaciónano, sendo aínda un neno, coas Xuventudes Obreiras Cristiás, as XOC, que constituíron a porta de acceso á militancia sindical e política antifranquista durante a Longa Noite de Pedra. Precisamente, a súa primeira peza teatral, *O Xogadeiro*, estréaa Roberto Vidal Bolaño no colexio Placeres de Marín, durante a celebración do Día do Aprendiz programado por esta organización obreira. Por desgraza, non conservamos esa obra fundacional do seu teatro. Mais aí, nesa experiencia sen testemuño, comeza a historia do autor máis prolífico da nosa literatura, do dramaturgo esencial do noso teatro, do cineasta que dirixiu teatro porque non puido facer cine.

No ano 1971, entra en contacto co Equipo Lupa, formado un ano antes por Euloxio R. Ruibal e Félix Casado. Co Equipo Lupa, Vidal Bolaño bate, ademais, con certas formas do teatro popular, con formas de representación parateatral nucleares nas manifestacións antropolóxicas de Galicia. O traballo do Equipo Lupa non pode colmar as aspiracións cinematográficas de Roberto, entre moitos outros aspectos, por mor da brevidade de tan interesante experiencia, que non chegaría para aló de tres anos máis, pero permítelle adquirir un gran coñecemento da cultura popular galega e das súas representacións parateatrais. Tamén lle serve para afianzar o coñecemento das técnicas narrativas e cinematográficas coas que xa se ía familiarizando uns anos antes como atento espectador. A experiencia co Equipo Lupa, enormemente enriquecedora, tamén lle serve para tomar contacto, da man de Euloxio Ruibal, con dramaturgos como Bertolt Brecht, por quen sempre sentirá unha admiración especial que o levará mesmo a armar a súa *Ópera de a patacón* (1994). Tamén coñece por esa época a Meyerhold, un autor esencial para o teatro contemporáneo e para a súa relación coa creación cinematográfica. En Roberto

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Vidal Bolaño, a relación entre o teatro e o cinema e a concepción rupturista do espazo teatral e do decorado estarán presentes en cada un dos seus textos, en cada unha das súas montaxes, en cada dramaturxia. Estábase producindo nel, nesa súa primeira fase creativa, unha dualidade de intereses que non o abandonaría endexamais. Sempre que puido, participou en proxectos audiovisuais, ben como actor, ben como guionista, ben como creador, e esa era a súa forma de satisfacer a comprendida necesidade dun audiovisual galego, dun Cine Nacional que nos servise como expresión cultural. Son moitos os proxectos que Roberto Vidal Bolaño transfigurou en linguaxe audiovisual. A maior parte deles non puideron cristalizar. Os tempos nunca foron bos para esta expresión cultural, aínda hoxe sumida na subalternidade. E esa subalternidade explica así mesmo que no período de multiplicación de proxectos e produtoras audiovisuais, con importantes apoios públicos, Roberto Vidal Bolaño quedase á marxe. Ninguén, quitada algunha excepción, recorreu a el como guionista nin como director. Ninguén confiou nos múltiples proxectos que ideou. A subalternidade audiovisual galega e o seu sometemento ao mercado impediron que Roberto Vidal Bolaño lle ofrecese a un Cinema Nacional o que lle ofreceu ao teatro e á literatura dramática. O Cinema Nacional foi substituído por un cinema subalterno, e a lingua galega non foi protagonista do campo audiovisual como o foi e o será do teatro e a literatura. E da relación entre o teatro e a lingua é responsable maior Roberto Vidal Bolaño, cuxa importancia histórica é semellante á dos nosos poetas do Rexurdimento. Vidal Bolaño, con Curros, Rosalía, Pondal. Non foi o del un labor realizado en solitario, certo, nin é o primeiro autor de textos teatrais en galego, pero o seu traballo de máis de trinta anos moi frutíferos fixo posible que a dramaturxia galega sexa tamén, coma a literatura, territorio independente.

En 1974 entra a traballar nunha oficina bancaria de Compostela, pero xa dá pasos cara á súa profesionalización no teatro. Crea con Xaquín García Marcos o grupo de teatro Antroido e dirixe en 1975 o espectáculo *Amor e crimes de Xan o Panteira*, de Eduardo Blanco-Amor, no que participa tamén como actor. Un ano despois, chega *Laudamuco, señor de ningures*, aquela reflexión sobre as formas do poder tan próxima ao esperpento, que recibirá o Premio Abrente. A peza publicarase en 1977, canda as *Ledaíñas pola morte do Meco*.

En 1976, casa con Laura Ponte, unha das nosas máis grandes actrices. Roberto Vidal Bolaño vive unha fase dunha intensa actividade teatral e creativa. Son os primeiros anos dun teatro galego que toma conciencia de si, nos que Vidal Bolaño é figura dinamizadora e protagonista das montaxes máis sobranceiras como director, como dramaturgo e tamén como actor. Talvez entre todas elas, o *Laudamuco* sexa a máis lembrada, porque irrompeu nun tempo escuro coma un disparo de luz e de liberdade expresiva e creativa. Pero entre o ano en que se crea o grupo Antroido e o da creación do Centro Dramático Galego (1984), na que Roberto participa tamén activamente, hai unha manchea de obras que lle dan corpo á nosa dramaturxia e

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

empezan a facer posible que hoxe poidamos falar dunha literatura dramática plenamente activa no campo literario galego.

En 1977, Roberto Vidal Bolaño é despedido da entidade bancaria na que traballaba. Esa incidencia laboral tamén determinará a intensidade e a insistencia da súa dedicación ao teatro. *Memoria de mortos e ausentes* (1978), *Antroido na rúa* (1978), *Ruada das papas e do unto* (1981), *Touporroutou da lúa e do sol* (1982) ou *Romance dos figos de ouro* (1983) son algúns dos seus espectáculos durante o dito período. Mais neses anos destaca sobre todo a estrea, un 16 de maio de 1978, do citado *Laudamuco, señor de ningures*, no Colexio La Salle, de Santiago de Compostela, dirixido por Eduardo Alonso, no que Roberto é actor protagonista. E tamén a estrea en 1980 do seu texto *Bailadela da morte ditosa*, un espectáculo do Teatro do Estaribel con dirección de Eduardo Alonso, que recibiría ese mesmo ano o Premio Abrente. O Teatro do Estaribel fora unha cooperativa na que participaron os grupos Antroido e Andrómena.

En 1983, Roberto Vidal Bolaño regresa a unha das súas actividades recorrentes: a dramaturxia sobre textos doutros autores da literatura galega. Era 1983, e o *Percival e outras historias* de X. L. Méndez Ferrín líase coma un clásico da nosa literatura e interpretábase non só en clave literaria senón tamén na súa dimensión política. Roberto mergúllase no seu universo e constrúe unha brillante dramaturxia para o espectáculo *Percival*, producido por Teatro Antroido, no que participa ademais como actor protagonista e director. O *Percival* de Roberto Vidal Bolaño, un espectáculo multidisciplinar no que se combinan actores con bonecos e se acompaña con música e proxeccións, vai recadando un éxito notable en Galicia e fóra. Consegue un importante número de representacións e, como era de esperar, tamén recada polémica tanto pola súa proposta estética como pola súa liña política, que deriva do texto e o espectáculo enfatiza á mantenta. Roberto Vidal Bolaño nunca esquivou expresarse sen censuras, construíndo a súa arte coas ferramentas máis ousadas, en claro compromiso sempre con ela e mais coa realidade, cos pobres, cos derrotados e cos excluídos, fosen individuos, fosen pobos. Galicia foi, por tanto, cerna das súas preocupacións e dedicacións. Galicia como personificación do seu pobo traballador, humilde e oprimido. O texto orixinario de Méndez Ferrín era un excelente punto de partida para armar un dos espectáculos máis ousados e profundos da historia da nosa dramaturxia. Esa ousadía artística –e política– e esa profundidade guiaron sempre o labor artístico de Roberto Vidal Bolaño, por riba de calquera outra consideración, e tal independencia arriscada non lle impediu establecer unha relación moi frutífera co público espectador, que acudiu en grandísimas cantidades aos seus espectáculos. Todo o contrario. Era a súa maior garantía.

O mesmo ano da creación do Centro Dramático Galego (CDG), Roberto Vidal Bolaño escribe e dirixe *Agasallo de sombras*, unha visión desmitificadora e densa

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

arredor de Rosalía de Castro e da súa relación con Manuel Murguía. A obra, poética, fermosa e dura a un tempo, é a segunda montaxe do CDG. E, curiosamente, o que debería de ser o inicio dunha colaboración estreita, continua e mutuamente enriquecedora entre o noso centro dramático nacional e o autor, director e actor que se implicou vitalmente na edificación do teatro que o CDG debía coidar, proxectar, asentar e desenvolver, acabou por ser o principio dun período en que o dramaturgo sufriu certo distanciamento do ámbito teatral e participou máis continuadamente nalgunhas actividades da industria audiovisual. A razón non foi unha escolla persoal de Vidal Bolaño, senón a consecuencia dunha polémica que mantivo con representantes do poder político, dos que dubidaba que tivesen o interese suficiente polo teatro galego como para que deles dependese o CDG. Roberto Vidal Bolaño foi consecuentemente belixerante na defensa non só do teatro nacional senón do propio Centro Dramático, e iso custoulle verse apartado da posibilidade de seguir colaborando coa institución durante unha boa temporada. Foi literalmente vetado polo poder político e a pesar de todo non recibiu o apoio e a solidariedade necesaria da totalidade dos seus compañeiros de profesión. O seu *Caprice des Dieux*, un monólogo estreado en 1985, escrito e interpretado por el, é unha visión profundamente crítica do teatro galego e dos seus personaxes.

Esta experiencia convídao a tomar distancia respecto ao teatro institucional e mesmo respecto á posibilidade de desenvolverse profesionalmente no eido teatral. Así, sen abandonar a escrita nin o espectáculo teatral, a súa participación en proxectos audiovisuais vai tomando máis corpo. E será no sector audiovisual no que encontre, ata o ano 1991, en que obtén o Premio Álvaro Cunqueiro con *Saxo Tenor*, a súa principal fonte de ingresos.

No ano 1985, nace a Televisión de Galicia, e con ela empeza a andar o xermolo das primeiras industrias audiovisuais. Entre elas, a da dobraxe de películas ao galego. Roberto Vidal Bolaño participa como actor, director de sala e director artístico da produtora CTV-Galaxia neses primeiros pasos que a nova actividade artística empeza a dar en Galicia. Asume ese traballo non só como un medio de vida, senón como un labor profesional e artístico de primeira importancia para un proceso de normalización cultural e lingüística que empeza a pilotar a TVG, que emite a totalidade da súa programación en galego. A TVG será o primeiro medio de masas da historia de Galicia que se enfronte á necesidade de cubrir a totalidade da súa programación con todo o repertorio de roles da lingua, de amosala, polo menos virtualmente, como unha lingua plenamente normalizada. Para ese labor ten que contribuír tamén, e coa máxima eficacia, a dobraxe de películas. Entre elas, algunhas das obras mestras do cinema universal, que tan ben coñecía Roberto. Contribuír a activar unha industria da dobraxe en Galicia podía ser un interesante primeiro chanzo para armar o imprescindible sistema audiovisual galego. O cine

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

galego plenamente normalizado tería moito avanzado se a industria da dobraxe se asentaba e se a relación entre as producións dobradas e o gran núcleo de espectadores era frutífera. A ese importante labor se consagrou tamén, durante un período importante da súa vida, Roberto Vidal Bolaño.

Durante eses anos de traballo para a industria audiovisual, ensaiou a posibilidade de elaborar produtos que puidesen constituírse nun xermolo contemporáneo da industria cinematográfica que nunca tivemos e do cinema nacional que inda nunca deu cristalizado de todo. Roberto Vidal Bolaño comprendía que o labor da TVG era central nese proceso, por iso proxectou diversas propostas de produción para a televisión pública. Así, contra 1987 escribe e dirixe *Novo de Parmuíde*, unha película de 56 minutos baseada en relatos de Álvaro Cunqueiro. Pero tamén contribúe como actor noutros proxectos, como *Sempre Xonxa* (1989), de Chano Piñeiro, película fundacional do noso incipiente cinema nacional, ou como a serie emitida pola TVG *Os outros feirantes* (1989), dirixida por Xosé Cermeño e baseada en textos da obra homónima de Álvaro Cunqueiro. O seu *Novo de Parmuíde* fora, ao cabo, o xermolo non só desta serie, senón tamén doutras experiencias posteriores que quixeron engastar a expresión literaria galega e a nacente cultura audiovisual. Por esa época, comeza tamén a rodaxe do episodio piloto da serie *Morosos Varios*, que el mesmo escribe e dirixe.

Durante todos eses anos, desde a creación do CDG ata que funda en 1992 con Belén Quintáns a compañía Teatro do Aquí, o teatro non deixa nunca de estar na cerna das súas actividades creativas, pero inviste moitos esforzos, e non todos co resultado merecido, en proxectos para un campo audiovisual galego que non quixo ver nel máis ca o excelente actor que tamén era. Son moitos os produtos audiovisuais que Vidal Bolaño proxecta, e non sempre con receptividade por parte das empresas do sector. Talvez porque os proxectos eran pouco coincidentes. Por iso, a participación do noso dramaturgo en producións audiovisuais foi máis importante como actor; poucas veces lle ofreceron dirixir ou escribir unha película, unha serie, un episodio. Ata que no ano 2001 participa como guionista e como actor na miniserie *Un Mundo de Historias*, unha produción da TVG consistente na adaptación de relatos da nosa literatura. Roberto Vidal Bolaño encargouse da adaptación de "Cara de Lúa", de Ánxel Fole, e de "O noxo" de Eduardo Blanco-Amor. Tamén estaba previsto que dirixise os episodios correspondentes a eses relatos, pero a súa enfermidade, diagnosticada no medio da rodaxe, apartouno desa posibilidade. Ademais dos guións destes dous episodios, Roberto Vidal Bolaño participou ata os seus últimos días no equipo de desenvolvemento dese proxecto da TVG.

Durante o seu período de maior actividade audiovisual, Roberto seguiu escribindo, dirixindo e producindo teatro. *Cochos* (1986) é talvez a súa peza máis

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

salientable, aínda que tamén cómpre destacar a súa dirección, canda John Easthman, do grupo Chévere, da adaptación da *Salomé* de Oscar Wilde.

Roberto Vidal Bolaño sepárase de Laura Ponte no ano 1988. Ese mesmo ano comeza unha relación sentimental con Cruz Comesaña, unha das actrices máis activas do momento. Esa relación creba en 1989 por culpa da morte prematura da actriz. En 1992 volve casar, desta volta con Belén Quintáns, a quen coñeceu un par de anos antes, que sería a súa compañeira ata o derradeiro momento, non só no plano persoal, senón tamén no profesional. Con ela funda ese mesmo ano a compañía Teatro do Aquí, coa que Roberto Vidal Bolaño, con Belén como produtora, poñería en escena talvez o máis poderoso da súa inxente produción dramática. Un ano antes, en 1991, conseguía o Premio Álvaro Cunqueiro coa súa obra *Saxo Tenor*, unha peza dramática de clara raizame cinematográfica. Entre ese ano e o ano da súa morte, en 2002, Roberto, sen abandonar de todo a súa conexión co mundo audiovisual, sobre todo como actor e esporadicamente como guionista e director, reincorpórase con plenitude ao campo teatral. Son, talvez, os seus anos máis produtivos, non só como dramaturgo, tamén como actor, director, iluminador, etc. É a satisfacción dunha das súas metas: a plena profesionalización teatral.

Dese mesmo ano 1992 é *Días sen gloria*, que obtén o Premio Rafael Dieste e queda finalista do Premio Nacional de Literatura. Tamén saen ás librerías algúns dos seus textos xa clásicos, como *Bailadela da morte ditosa*, *Agasallo de sombras* ou *Cochos*. En 1993 dirixe para a súa compañía *Saxo Tenor*. O espectáculo é probablemente a primeira gran produción do teatro galego independente. O texto será publicado por Edicións Xerais de Galicia. Tamén estrea coa mesma compañía *Días sen gloria*, dirixida por Quico Cadaval, na que participa como protagonista.

En 1994, Roberto Vidal Bolaño recibe o primeiro premio do certame Camiño de Santiago de Teatro Profesional por unha obra que necesariamente ía levantar polémica: *As actas escuras*. Era o derradeiro decenio do século XX, pero preguntarse pola verdade e as súas formas, pola relación entre a relixión e a ciencia, pola razón e a fe, pola certeza dunha investigación ocorrida no século XIX arredor do que realmente garda a tumba do Apóstolo de Compostela talvez non era a mellor maneira de gañar a aprobación do poder político. Talvez o nacionalcatolicismo triunfante en 1936 non abandonara aínda o terreo conquistado. *As actas escuras* sufriron un proceso que as condenou ao silencio. Os que convocaron o premio incumpriron as súas propias bases. O texto non chegou á edición ata 1997, cando a Asociación Socio-Pedagóxica Galega o publica nun volume colectivo, canda un texto de Manuel Lourenzo e outro de Euloxio R. Ruibal. Máis tarde, xa falecido Roberto, o Concello de Santiago e *A Nosa Terra* farían unha fermosa edición conxunta con ilustracións de Pepe Carreiro. *As actas escuras* tampouco sairían ao escenario ata máis de quince anos despois, nun espectáculo dirixido por Xulio Lago para o CDG. Roberto non puido chegar á estrea. A literatura de Roberto Vidal Bolaño non deixou nunca de

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

dar voltas iradas e críticas ao redor do poder e as súas múltiples formas. Voltas en espiral, en avance directo ao corazón negro do dominio, da explotación, do control. *As actas escuras* son un episodio máis desa brillante carreira literaria, neste caso en forma dunha peza dramática de estrutura e tramas cinematográficas, unha película sobre un escenario contada coa mestría espazo-temporal e de creación de personaxes que se lle esixiría á mellor das novelas. Nesta obra, Roberto Vidal Bolaño móstrase coma un dos escritores máis sobranceiros e profundos da nosa literatura.

Sería interminable unha relación exhaustiva de todos os seus textos, estreas, premios e galardóns diversos nos últimos dez anos da súa vida. Abonde con lembrar algunhas outras das pezas cimeiras da súa literatura, e da literatura galega, como *Rastros*, estreada en 1998, *Doentes*, Premio Rafael Dieste en 1997, *Anxeliños* (1997), *Criaturas* (2000), *A burla do galo* (2000), *Mar revolto* (2001) ou *Sen ir máis lonxe*, un monólogo estreado en 1999 e publicado en 2002 na revista *A Trabe de Ouro*, dirixida por X.L. Méndez Ferrín, quen o cualificou coma o testamento teatral de Roberto Vidal Bolaño. Pero a carón dese mangado de textos, que sen dúbida fan parte esencial da literatura galega, tamén deixou o seu labor como dramaturgo na adaptación e dirección dalgunhas obras doutros dos nosos autores senlleiros. Entre elas, cómpre destacar a súa montaxe do texto de Daniel Cortezón *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1999) e, sobranceiramente, a *Rosalía*, de Ramón Otero Pedrayo, un autor que Roberto Vidal Bolaño admirou como a poucos. Esta derradeira fase da súa vida foi tan prolixa en textos e montaxes teatrais coma en merecidos premios, non só como autor, senón tamén como actor, como director, como escenógrafo e mesmo como iluminador. Era o constante e merecido recoñecemento a unha figura capital do noso teatro e da nosa literatura.

No ano 2002, a compañía Teatro do Aquí estrea *Animaliños*, unha montaxe na que Vidal Bolaño non só achega o texto, senón tamén a dirección, o espazo escénico e a iluminación. É o seu derradeiro traballo dramático. O 11 de setembro, pouco despois da publicación do monólogo *Sen ir máis lonxe*, a enfermidade, que non o dera apartado dos escenarios nin dos seus textos, armouse de carraxe e levouno canda ela. Morreu na cidade en que viu a luz por primeira vez. Morreu en Compostela. Só tiña 52 anos, e deixaba tres fillos, Roi, Miguel e Carme, e unha obra tan intensa e xenial como numerosa. Estaba no mellor da súa vida creativa. Ninguén saberá nunca canto podería aínda achegarlles ás nosas letras de non ser por unha morte tan extemporánea. Pero si que sabemos o que nos deixou: unha grandiosa obra dramática e un compromiso humano e vital inesquecibles.

Os amigos, familiares e compañeiros velámolo aquel 11 de setembro de 2002 no Salón Teatro, fielmente acompañado polo seu chapeu e o seu nariz de pallaso. Ao outro día, deixámolo descansando para sempre en Boisaca. Orfos da súa compaña, pero enriquecidos coa súa inmensa capacidade creativa.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Obra

Teatro

Laudamuco, señor de ningures; Ledaíñas pola morte do Meco. Santiago de Compostela: Pico Sagro, 1977.
Bailadela da morte ditosa. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992.
Agasallo de sombras. Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1992.
Cochos. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992.
Días sen gloria. A Coruña: Deputación Provincial, 1992.
Saxo Tenor. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1993.
Touporroutou da lúa e do sol. A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996.
Doentes. A Coruña: Deputación Provincial, 1998.
A ópera de a patacón. Vigo: Edicións Xerais, 1998.
Rastros. Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1998.
Mar revolto. Santiago de Compostela: IGAEM, 2001.
Animaliños. Santiago de Compostela: Follas Novas, 2003.
Integral. Ferrol: Edicións Embora, 2003.
A burla do galo. Santiago de Compostela: IGAEM, 2004. [Vídeo-DVD].
As actas escuras. Santiago de Compostela: Concellaría de Cultura, 2005.
Obras Completas. Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013. Vol. I.
Obras Completas. Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013. Vol. II.
Ruada das papas e o unto: Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2013.
Obras Completas. Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013. Vol. III.

Sobre o autor e a súa obra

Becerra, Carmen e Teresa Vilariño (eds.) (2002): *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico. Estudios críticos seguidos da comedia* ¡Anxeliños!. Lugo: TrisTram.
Becerra de Becerreá, Afonso (2012): *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro*. Brión: Laiovento.
Fernández Castro, Xosé Manuel (2011): *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; Bertamiráns: Laiovento.
Franco Iglesias, Camilo (2012): *Dez obras na vida de Vidal Bolaño*. Cesuras: Biblos Clube de Lectores.
Pascual Rodríguez, Roberto (2013): *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Pena Presas, Montse e Gonzalo Enríquez Veloso (2013): *Un chapeu negro e un nariz de pallaso*. Vigo: Galaxia.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Tato Fontaíña, Laura (2013): *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro*. Noia: Toxosoutos.
Vidal Ponte, Roi (2013): *Fóra de portas. Paseo libre e non moi respectuoso polos tempos e lugares de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.


SESIÓN ACADÉMICA

Os actos conmemorativos transcorreron no concello de Santiago de Compostela e o acto central tivo lugar ás 12.00 horas no Teatro Principal, segundo o seguinte programa:

Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega, coa intervención dos Excmos./as Sres./as Académicos/as:

D.ª Margarita Ledo Andión
D. Euloxio Rodríguez Ruibal
D. Francisco Fernández Rei

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega
D. Xesús Alonso Montero.






© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



A académica Margarita Ledo durante a súa alocución.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Intervención de Euloxio R. Ruibal. Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Aspecto do interior do Teatro Principal durante a Sesión Plenaria.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Francisco Fernández Rei foi o último en intervir.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

SIMPOSIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO

O Simposio Roberto Vidal Bolaño celebrouse o 17 de decembro de 2013, no salón de graos da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, na súa sesión matutina, e no salón de actos da Real Academia Galega na sesión de tarde. Para a súa organización, a Real Academia Galega contou coa colaboración da Universidade da Coruña e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.



PROGRAMA

Sesión de maña
[Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña]

9.30-10.00	Recepción de participantes Apertura da exposición "Roberto Vidal Bolaño na Biblioteca-Arquivo Teatro Francisco Pillado Mayor"
10.00-10.30	Inauguración
10.30-11.30	"Encarnar o país: Galiza e as súas xentes no teatro de Roberto Vidal Bolaño" / Iolanda Ogando (Universidade de Extremadura)
11.30-12.00	Descanso
12.00-13.30	"As facetas artísticas de Vidal Bolaño" / Anxo Abuín, Mónica Camaño e Comba Campoy (Mesa redonda)

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Sesión de tarde
[Salón de Actos da Real Academia Galega]

16.30-17.30 "Tempo de seitura: os novos escenarios que nos deixa o ano Roberto Vidal Bolaño" / Roberto Pascual (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)

17.30-18.00 Descanso

18.00-19.30 "A dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño" / Gustavo Pernas, Afonso Becerra e Xulio Lago (Mesa redonda)

19.30-20.30 "Recuperando a RVB" / Documental comentado polo seu director, Gonzalo Enríquez Veloso.



Iolanda Ogando impartiu a primeira conferencia do Simposio. Real Academia Galega. Arquivo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Mesa redonda da sesión de mañá. De esquerda a dereita, Anxo Abuín, Comba Campoy, Mónica Camaño e Inma López Silva. Real Academia Galega. Arquivo.



Na sesión de tarde, Gustavo Pernas e Afonso Becerra. Real Academia Galega. Arquivo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

MÁSCARA FÓRA!
HOMENAXE A MANUEL PARDO DE ANDRADE

No bicentenario da publicación da obra de Manuel Pardo de Andrade *Os rogos dun gallego establecido en Londres, dedicados ós seus paisanos para abrirlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que verá o curioso lector,* a Academia celebrou unhas xornadas de homenaxe ao autor, que se desenvolveron segundo o seguinte programa:

5 DE NOVEMBRO
[Salón de Actos da RAG]

18.30-19.00	Inauguración
19.00-20.30	"Manuel Pardo de Andrade e a Galicia do seu tempo" / / Xosé Ramón Barreiro Fernández
	"Semblanza de Manuel Pardo de Andrade" / / María Rosa Saurin de la Iglesia
	"Notas sobre o exilio en Francia de Manuel Pardo de Andrade" / / Gonzalo Navaza

12 DE NOVEMBRO
[Facultade de Ciencias da Comunicación
da Universidade de Santiago de Compostela]

19.00-20.30	"Axitación e construción da esfera pública" / / Margarita Ledo Andión
	"Os recursos do xornalista" / Víctor Fernández Freixanes
	"A Inquisición contra o Evanxeo" / Andrés Torres Queiruga

21 DE NOVEMBRO
[Centro Cultural A Fábrica de Oleiros]


19.00-20.30	"A obra en galego de Manuel Pardo de Andrade" / / Henrique Monteagudo
	"O idioma galego na obra de Manuel Pardo de Andrade" / / Rosario Álvarez Blanco
	"Da excelencia literaria dun romance de cego" / / Xesús Alonso Montero
20.45	Clausura

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Con motivo da homenaxe a Pardo de Andrade editouse o libro *Manuel Pardo de Andrade. Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-1814)*, edición de Henrique Monteagudo, do que se repartiu gratuitamente un exemplar ás persoas que asistiron ás xornadas.



Na derradeira sesión, Henrique Monteagudo, Ángel García Seoane e Xesús Alonso Montero. Real Academia Galega. Arquivo.





Cubertas do libro *Manuel Pardo de Andrade. Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-1814)*, e do facsímile dos *Rogos dun escolar gallego* incluído nesa obra.

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓNS

8 de xaneiro de 2013. Conferencia, no salón de actos, do profesor mozambicano Gervásio Absolone Chambo, titulada "Convivência e desconvivência lingüística entre as línguas bantu e a língua portuguesa", dentro do ciclo "Lingua, Literatura e Nación", organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

5 de febreiro de 2013. Presentación da obra *Dicionario de alimentación e restauración galego-castelán-inglés*, no Centro de Formación e Cultura Gastronómica de Hostelería de Compostela. A presentación contou coa asistencia, entre outras persoas, do conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad e do presidente da Academia, Xosé Luís Méndez Ferrín.

15 de febreiro de 2013. Presentación dos actos conmemorativos do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. O presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira Viturro, o vicerreitor da Universidade de Vigo, Xosé Henrique Costas, e o representante da Asociación de Gaiteiros Galegos, Olimpio Xiráldez, nunha conferencia de prensa celebrada no Museo do Pobo Galego, presentaron o programa de actos de "Rosalía 2013".

19 de febreiro de 2013. Conferencia, no salón de actos, do doutor e profesor no Departamento de Física de Partículas na área de Física Atómica Molecular e Nuclear da Universidade de Santiago de Compostela, Cibrán Santamarina Ríos, titulada "Pescudando na orixe da materia", dentro do ciclo "O saber científico na Galiza", organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

19 de febreiro de 2013. Presentación da obra *Saiban cantos estas cartas viren*, que recolle a correspondencia mantida entre Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal entre os anos 1955 e 1961 e forma parte da colección de Anexos dos Cadernos Ramón Piñeiro. No acto, celebrado na Fundación Fernando Sales, en Vigo, estiveron presentes Xesús Vázquez Abad, Xosé Luís Méndez Ferrín, Valentín García, César Cunqueiro, e o propio Alberto Casal.

24 de febreiro de 2013. Dentro do programa de actos "Rosalía 2013" conmemorouse o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro cun recital poético celebrado na Casa de Rosalía en Padrón, onde interviñeron personalidades culturais, sociais e políticas de toda Galicia. Entre os participantes no acto encontrábanse o presidente e o secretario da Real Academia Galega, así como os académicos de número Rosario Álvarez Blanco, Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Xesús Ferro Ruibal e Víctor Fernández Freixanes.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

26 de febreiro de 2013. Conferencia, no salón de actos, do doutor e historiador Carlos Sixirei Paredes, titulada "Os galegos nas independencias latinoamericanas", dentro do ciclo "Economía, Historia e Ciencias Sociais" organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

28 de febreiro de 2013. Presentación, no salón de actos, do *Dicionario de alimentación e restauración*, coa presenza de Xosé Luís Méndez Ferrín, Valentín García Gómez e Manuel González González.

12 de marzo de 2013. Conferencia, no salón de actos, do doutor en psicoloxía Xosé V. Martínez Romero Gandos, titulada "Ricardo Palmas Casal. Un galego do alén-mar", dentro do ciclo "Lingua, Literatura e Nación", organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

24 de marzo de 2013. Plenario extraordinario da Real Academia Galega en homenaxe a Francisco Fernández del Riego no centenario do seu nacemento. No acto, celebrado na Casa Galega da Cultura, sede da Fundación Penzol, en Vigo, interviñeron os académicos de número Ramón Lorenzo Vázquez, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xesús Alonso Montero.

3 de abril de 2013. Acto de homenaxe ao que foi Presidente da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega na Habana e académico de honra da Real Academia Galega, José Rubinos Ramos, con motivo do 115 aniversario do seu nacemento. Acto coordinado pola IBS Padre Rubinos e a RAG.

10 de abril de 2013. Homenaxe á republicana de honra D.ª Elvira Varela Bao, organizada pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña.

11 de abril de 2013. Inauguración do VI Encontro Cidade da Coruña, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) baixo o título "Os territorios da invisibilidade", coa conferencia de Pilar García Negro: "Rosalía de Castro: a orixinalidade do seu cantar".

17 de abril de 2013. Conferencia de Alberte Lago Vilaverde, titulada "Raíces celtas da Galiza", dentro do ciclo "Economía, Historia e Ciencias Sociais" organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

18 de abril de 2013. Conferencia de Aurora Marco titulada "Elas, as invisíbeis. Silencios e voces das represaliadas", no marco do VI Encontro Cidade da Coruña da AELG "Os territorios da invisibilidade".

23 de abril de 2013. Conferencia de Manuel Bermejo titulada "Emilia Pardo Bazán e Antonio Casares", organizada pola Agrupaçóm Cultural O Facho dentro do ciclo "O saber científico na Galiza".

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

25 de abril de 2013. Conferencia de Antón Riveiro Coello: "As voces ausentes. Literatura restitutoria", no marco do VI Encontro Cidade da Coruña da AELG "Os territorios da invisibilidade".

3 de maio de 2013. Clausura do VI Encontro Cidade da Coruña da AELG "Os territorios da invisibilidade", coa conferencia de Lidia Jorge: "Quem guardará os livros".

7 de maio de 2013. Conferencia de Antón Dobao titulada "Roberto Vidal Bolaño" e organizada pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

15 de maio de 2013. Presentación de *Roberto Vidal Bolaño. Acoutacións e diálogos. Antoloxía*, edición de Camilo Franco, conmemorativa do Día das Letras Galegas de 2013 publicada por La Voz de Galicia.

15 de maio de 2013. Inauguración da exposición *No principio foi o verso: Rosalía de Castro*, conmemorativa do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. A mostra, organizada pola Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo, e comisariada por Xosé Barro, estivo aberta até o 15 de agosto na sede da Fundación Barrié de Vigo.

24 de maio de 2013. Presentación do libro *Amada liberdade* de Fernando Pérez-Barreiro Nolla. No acto participaron: Teresa Barro, viúva de Fernando Pérez-Barreiro Nolla; Manuel Bragado, director xeral de Edicións Xerais de Galicia e Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega.

10 de xuño de 2013. A Asociación cultural Xermolos presentou na Academia os actos conmemorativos do centenario do nacemento de Xosé María Díaz Castro. Asistiron o Presidente e a Arquiveira-Bibliotecaria.

13 de xuño de 2013. Presentación do *Portal das Palabras*, espazo dixital desenvolto conxuntamente pola Academia e a Fundación Barrié. O acto de presentación contou coa presenza dos presidentes da Academia e da Fundación Barrié, Xesús Alonso Montero e José María Arias Mosquera; do secretario da Academia, Henrique Monteagudo Romero; do director da Fundación Barrié, Javier López Martínez e dos membros numerarios Rosario Álvarez Blanco e Xesús Ferro Ruibal.

25 de xuño de 2013. Shozo Nakanishi visitou a Academia acompañado de Luz Pozo Garza. Tradutor de *A mi madre* e dunha ducia de poemas de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, foi recibido por Xesús Alonso Montero, Margarita Ledo e Andrés Torres Queiruga.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

23 de xullo de 2013. O Secretario recibiu na Academia un grupo de trinta e dous ensinantes sardos provenientes da Universidade de Casteddu (Cagliari). Viñan acompañados do profesor Diegu Corraine e do académico numerario Francisco Fernández Rei, encargado de deseñar o programa de actividades, que tiña como obxectivo dar a coñecer a situación sociolingüística de Galicia –con especial atención aos organismos oficiais e non oficiais relacionados coa defensa e promoción da lingua galega.

18 de setembro de 2013. Presentación de *Estudos de toponimia galega* (vol. I e II) de Nicandro Ares Vázquez. Na presentación interviñeron: Antón Santamarina Fernández, Ramón Lorenzo Vázquez e Xesús Alonso Montero. O acto tivo lugar na sede da Real Academia Galega.

20 de setembro de 2013. Visita dos alumnos brasileiros do Curso de Lingua e Cultura Galega "O Camiño de Santiago", promovido pola Universidade de Santiago de Compostela. As profesoras Lanzada Calatayud e Dolores Vilavedra guiaron a visita.

1 de outubro de 2013. Presentación dunha nova edición do discurso de ingreso de Vicente Risco na Real Academia Galega, *Un caso de lycantropía (o home lobo)*, da man da Fundación Risco. No acto, que tivo lugar na Real Academia Galega, interviñeron Xesús Alonso Montero, Luís Martínez-Risco Daviña, vicepresidente segundo e Arturo Lezcano Fernández, vicepresidente primeiro da Fundación Risco respectivamente.

8 de outubro de 2013. Visita de dezaseis estudantes do Instituto Argentino-Gallego Santiago Apóstol, acompañados por Bibiana Laura Rodríguez e Fernando Daniel Naval.

8 de outubro de 2013. Conferencia de Alfredo Erias Martínez, "O Home Verde", dentro do ciclo "Economía, Historia e Ciencias Sociais", organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

17 de outubro de 2013. Sesión de clausura do "I Simposio Internacional Relex: Lexicografía románica. Estado da cuestión", organizado pola Rede de Lexicografía RELEX e coordinado por Dolores Sánchez Palomino.

22 de outubro de 2013. Conferencia de Xavier Vence, "A República galega", dentro do ciclo "Economía, Historia e Ciencias Sociais", organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

28 de outubro de 2013. O xurado dos Premios da Cultura Galega 2013 determinou conceder o Premio das Letras á académica de número Luz Pozo Garza. Tamén foi galardoada, na categoría de Lingua, a Asociación PuntoGal, presidida polo académico Manuel González González.

7 de novembro de 2013. Visita de Gilvan Müller de Oliveira á Real Academia Galega onde foi recibido polo Presidente e o Secretario. O director do Instituto Internacional da Lingua Portuguesa visitou a Academia co fin de afondar no coñecemento mutuo entre as dúas institucións e de explorar futuras fórmulas de cooperación.

19 de novembro de 2013. Sinatura dun convenio entre a Academia e a Universidade de Santiago de Compostela que prevé a publicación —en formato dixital e acceso gratuíto— do primeiro libro escrito por Emilia Pardo Bazán, *Apuntes de un viaje. De España a Ginebra (1873)*. No acto de sinatura participaron o presidente da Academia, Xesús Alonso Montero, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan José Casares Long, o profesor González Herrán, editor do texto, e o académico Xosé Ramón Barreiro Fernández.

19 de novembro de 2013. Conferencia de Mauricio Castro López, dentro do ciclo "Economía, Historia e Ciencias Sociais", organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

3 de decembro de 2013. Conferencia de Manuel Fernández Branco, "Identidade feminina e feminicidio na actualidade", organizada pola Agrupaçóm Cultural O Facho, dentro do ciclo "Economia, História, e Realidade Social".

2 de decembro de 2013. Inauguración da exposición *51 páxinas das nosas Letras* na sede do Parlamento de Galicia. No acto estiveron presentes o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, a presidenta do Parlamento, Pilar Rojo e Siro López, autor dos 51 paneis expostos.

4 de decembro de 2013. Presentación de *Domingo García-Sabell e a fenomenoloxía*, de Ramón López Vázquez. No acto participaron: Ramón López, Teresa García-Sabell, Xosé Luís Franco Grande, Andrés Torres Queiruga e Xesús Alonso Montero.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Presentación da obra *Saiban cantos estas cartas viren*, na Fundación Sales.
Vigo, 19 de febreiro de 2013. Real Academia Galega. Arquivo.



O 28 de febreiro presentouse na sede da Academia o *Dicionario de alimentación e restauración.*
Real Academia Galega. Arquivo / Xosé Castro.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Shozo Nakanishi e a académica de número Luz Pozo Garza. Real Academia Galega. Arquivo.



A delegación brasileira "O camiño de Santiago" no salón de actos da Academia, acompañada do presidente, Xesús Alonso Montero. Real Academia Galega. Arquivo.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

SECCIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

I. SECCIÓN DE LINGUA

Componse dos seguintes seminarios:

1. Seminario de Lexicografía

Creado en 1983
Coordinador: Antón Santamarina Fernández.
Está integrado polos seguintes membros numerarios:
Xosé Luís Axeitos Agrelo
Darío Xohán Cabana Yanes
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Francisco Fernández Rei
Manuel González González
Ramón Lorenzo Vázquez
Xosé Luís Méndez Ferrín
Antón Santamarina Fernández
Andrés Torres Queiruga.

O Seminario de Lexicografía encárgase da elaboración dos distintos dicionarios, da coorganización dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia.

Os traballos desenvoltos durante o ano 2013 no eido lexicográfico foron os seguintes:

1. Traballouse na actualización do *Dicionario da Real Academia Galega,* preparouse un conxunto abundante de correccións, que foron cargadas na aplicación informática que sostén o texto do *Dicionario* na actualidade. A partir dese momento continuáronse os traballos de revisión e actualización da obra.
2. Iniciáronse, dentro do Seminario de Lexicografía, os traballos para a migración á base de datos do *Dicionario castelán-galego* da Real Academia Galega, coa idea de poder colgalo en liña nun futuro inmediato, e para facilitar a coherencia na redacción da continuación da obra no sentido inverso (galego-castelán).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Número 35 de *Cadernos de Lingua*

Publicouse o número 35 da revista *Cadernos de lingua,* co seguinte contido:

Artigos:

Matthew-Wellings: "Un estudo da paisaxe lingüística en Santiago de Compostela".

Takeshi Kakihara "O uso lingüístico no ámbito comercial reflectido na paisaxe lingüística no centro de Santiago de Compostela".

Víctor Fresco Barbeito: "Dime como rematas e direiche onde te acentúo".

Raquel Vila Amado: "Edición crítica de dous documentos de 1418 asinados por Gómez García, notario de Santiago".

Recensións:

O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura), X. H. Costas González (F. Fernández Rei).

2. Seminario de Sociolingüística

O Seminario de sociolingüística vén funcionando desde o ano 1990.

Coordinador: Francisco Fernández Rei (até xuño de 2013), Henrique Monteagudo (xuño de 2013 en diante).

Está composto polos seguintes membros numerarios e correspondentes:

Xesús Alonso Montero
Víctor Fernández Freixanes
Francisco Fernández Rei
Manuel González González
Margarita Ledo Andión
Xosé Henrique Monteagudo Romero
Alba Nogueira López
Fernando Fernández Ramallo
Modesto A. Rodríguez Neira
Goretti Sanmartín Rei
Xosé Henrique Costas González

Ao longo do ano 2013 seguíronse tres liñas de investigación diferentes:

1. Actitudes lingüísticas e modelos preditivos do comportamento. Nestes momentos estanse a revisar os novos avances realizados neste campo co obxectivo de poder crear un cuestionario de actitudes implícitas (ex.: utilizando

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Cuestionario Test de Apercepción Temática) e outro de actitudes explícitas seguindo o modelo de Azjen (1991), no que se inclúan constructos non abordados ata o momento como a "saliencia" ou a "suceptibilidade ao cambio das actitudes ao largo do ciclo vital". Hipotetizamos que incorporando estes novos avances do campo actitudinal xeral ás actitudes lingüísticas poderiamos explicar, a incongruencia entre actitudes e conduta lingüística e a falta de poder preditivo deste constructo sobre o comportamento.

2. Cambio de lingua habitual. O Seminario está comezando a afondar no estudo do cambio de lingua habitual utilizando as bases de datos do MSG-92, MSG-04, IGE-03 e IGE-08. Este ano fíxose un estudo inicial dos datos de "cambio de lingua habitual" centrándose nos resultados do IGE-03 e IGE-08. Por outra banda, tamén se están recollendo as investigacións realizadas por outras autoras sobre "neofalantes", para incorporalas á investigación en curso.
3. Competencias lingüísticas. O Seminario anda na procura dun modelo preditivo de competencias lingüísticas en galego e castelán para o alumando do final do ensino obrigatorio. Neste ano presenta os seus primeiros resultados para as competencias bilingües de gramática e léxico. Esta liña de actuación ampliarase nun futuro próximo para incluír as variables de expresión oral e escrita.

3. Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (TERMIGAL)

Creado en 1996
Coordinador: Manuel González González
Está integrado polos seguintes académicos de número:
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Francisco Fernández Rei
Xesús Ferro Ruibal
Manuel González González

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes actividades dentro do Servizo e Seminario de Terminoloxía:

– Publicación do *Dicionario de alimentación e restauración galego-castelán-inglés*, elaborado no Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica Galega. Esta obra foi presentada oficialmente nos locais da Asociación de Hostele-

ría de Compostela e posteriormente, por pedimento de varios colectivos do ámbito da hostalería, volveuse presentar na sede da Real Academia Galega na Coruña.

– Enviouse tamén a parte galega do *Vocabulario dos sistemas de transporte intelixentes,* coordinado desde o Quebec por Xavier Darras, do *Office québécois de la langue française*.

– Estase traballando na elaboración dun *Dicionario galego de Márketing,* tomando como partida a base de datos sobre este ámbito de especialidade existente no propio TERMIGAL, que se está depurando tanto no referido ás denominacións como no aspecto nocional, completando e actualizando con novos termos.

– Continúase a colaboración coa empresa Logrus para a actualizar e manter a terminoloxía informática en galego nas aplicacións de Microsoft.

– Colaborouse no proxecto de elaboración do *Compendio Xurídico Galego*, e fixémonos cargo da etiquetación da práctica totalidade dos documentos (leis, decretos...), que se espera poder poñer en liña e abrir para o uso público proximamente.

– Atendeuse permanentemente o servizo de consultas tanto por vía telefónica como a través do correo electrónico para lograr unha corrección mínima na utilización terminolóxica dos usuarios de linguas de especialidade (profesores de todos os niveis educativos, investigadores, tradutores, mediadores culturais, traballadores das administracións públicas, etc.). A información obtida no proceso de investigación necesario para a resolución das consultas incorpórase a unha base de datos de consultas, que se pretende poñer tamén a disposición do público nun futuro próximo.

– A Comisión de validación de Termigal, integrada unicamente por académicos numerarios, validou algo máis de cen termos do ámbito da informática e de Internet.

4. Seminario de Gramática

Creado no ano 2000
Coordinadora: Rosario Álvarez Blanco
Membros do equipo:
Rosario Álvarez Blanco
Xosé Luís Regueira Fernández
Xosé Xove Ferreiro

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Francisco A. Cidrás Escáneo
Ernesto X. González Seoane
Xulio C. Sousa Fernández
Luz Varela Armas

Durante o ano 2013 continuaron os traballos de redacción da gramática institucional, ao abeiro dun convenio trienal asinado entre a USC (a través do ILG) e a RAG (2011-2013). Na xuntanza do seminario celebrada o día 5 de novembro, a coordinadora do Seminario e directora do proxecto deu conta do estado dos traballos e da previsión do equipo redactor de entregar o primeiro texto completo en 2014; por iso, o Seminario trasladou á Comisión Executiva a petición de que o período de actividade do convenio se prolongase durante o 2014, sen custos.

O proxecto ConVerSO (Construcións verbais e sintaxe da oración), que se vén realizando desde hai anos por colaboración entre o Seminario de Gramática da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega (http://ilg.usc.es/es/proxectos), apenas tivo actividade durante o ano 2013; en todo caso, durante este ano os traballos recaeron en exclusiva en Xosé Xove, académico correspondente e membro do Seminario, que actúa como IP deste proxecto en colaboración con Rosario Álvarez. A causa do cesamento está tanto na dedicación preferente á redacción da gramática dos seus IP coma no feito de que o Seminario de Gramática deixase de contar co contrato previsto no mencionado convenio RAG/USC. Desde maio de 2012, en que se produciu o cesamento a petición propia da única traballadora, o Seminario deixou de contar con persoal contratado da RAG. Os membros do Seminario, na reunión de 5 de novembro de 2013, acordaron continuar os traballos despois da entrega do texto da gramática institucional.

Durante o ano 2013, o Seminario atendeu e respondeu por escrito as peticións de informes remitidas á Real Academia Galega acerca da corrección lingüística de determinadas construcións, do seu significado ou da súa adecuación. Dáse a circunstancia de que o coordinador do Consultorio da RAG (Xosé Luís Regueira), creado recentemente, é membro do Seminario de Gramática, polo que esta liña de actividade cooperativa se verá previsiblemente reforzada nos próximos meses.

En outubro de 2013 recibiuse do Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia a proposta dunha actividade tendente á formación continua e asesoramento científico dos lingüistas que prestan servizos no ámbito do Parlamento e da Xunta de Galicia. Para tal fin asinouse un "Protocolo de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para a realización de actuacións en materia de promoción da calidade da lingua das institucións autonómicas".

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Ao seu abeiro, realizouse o primeiro seminario, organizado en tres sesións matutinas, nos días 9, 10 e 11 de decembro, na sede no Parlamento de Galicia. É vontade das dúas partes que a actividade teña continuidade periódica durante o ano 2014.

5. Seminario de Onomástica

Creado en 2001
Coordinador: D. Ramón Lorenzo Vázquez
Está composto polos seguintes membros numerarios e correspondentes:
Xesús Ferro Ruibal
Xosé Luís Méndez Ferrín
Antón Santamarina Fernández
Ana I. Boullón Agrelo
Xosé María Lema Suárez
Luz Méndez Fernández
Gonzalo Navaza Blanco
Xosé Antón Palacio Sánchez

Axudante técnico: Vicente Feijoo Ares.

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes actividades dentro do Seminario de Onomástica:

– Traballos de revisión, corrección e actualización do *Nomenclátor* de entidades de poboación de Galicia.

No mes de abril de 2013 comezouse a empregar unha ferramenta informática deseñada pola AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), que permite o traballo en liña e colaborativo de todos os membros da comisión, e axiliza substancialmente os tempos de resolución. O procedemento de traballo a través desta aplicación é o seguinte:

O técnico que administra esta aplicación, tras contrastar un por un os nomes das entidades de poboación de cada concello con distintas bases de datos, cartográficas etc., sinala os topónimos con problemas lingüísticos (falta de artigo, vacilacións no vocalismo átono, falta de tiles, problemas gráficos etc) e/ou xeográfico-administativos (lugares que faltan por incluír no NG, lugares que están na parroquia trabucada etc).

Os membros da comisión poden acceder ás fichas de visión dos nomes que cómpre estudar. A través desas fichas achegan documentación histórica (documentación latina medieval, galega medieval, documentación dos sécu-

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

los XVI-XVII, Catastro de Ensenada, Madoz, ademais de dicionarios coma o DuCange ou os estudos onomásticos de Piel-Kremer, Moralejo, Bascuas, Nicandro Ares etc), e comentarios e propostas de ditame accesible para todos os membros. Na mesma ficha está vencellada a documentación do PTG (lingüística e cartográfica) e información oral obtida nos traballos de campo.

Unha vez analizadas as propostas e de existir unanimidade nas conclusións, o técnico introduce un *ditame virtual*. En caso contrario, a resolución adíase até a seguinte reunión presencial. Estas xuntanzas adoitan celebrarse cunha periodicidade quincenal ou mensual.

Durante o ano 2013 rematouse a revisión dos concellos da provincia da Coruña, concretamente foron 34 municipios, e traballouse en 60 concellos da provincia de Lugo.

Dos 13.595 nomes de entidades de poboación que rexistra o *Nomenclátor* de Galicia na provincia da Coruña, 5.603 foron revisados e contrastados neste ano 2013. Nestes, atopáronse 398 topónimos con problemas lingüísticos, que foron os que estudou e ditaminou a Comisión de Onomástica, e arredor de 2.000 con problemas xeográfico-administrativos.

A partir do mes de xuño comezouse cos concellos da provincia de Lugo. Dos 11.775 nomes de lugares que figuran no NG nesta provincia traballáronse 9.647, chegando a ser estudados pola Comisión un total de 657 topónimos nos que se detectou algún problema lingüístico. No proceso de revisión tamén se codificaron os problemas xeográfico-administrativos, que acadaron un total de 2.430 nos 60 concellos revisados.

En definitiva, a Comisión de Onomástica traballou e ditaminou ao longo de 2013 un total de 1.055 topónimos con problemas lingüísticos.

Outras actuacións dentro deste proxecto:

- Melloras na aplicación informática de Revisión do *Nomenclátor* coa que traballa na actualidade o Seminario de Onomástica da RAG.
- Actualización da web de consulta do *Nomenclátor* de Galicia (http://www.xunta.es/nomenclator).
- Actualización da web do Proxecto Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.es) e creación dun novo "buscador de topónimos".
- Redacción das especificacións técnicas para a creación dunha complexa aplicación colaborativa en liña que permita a recolleita, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega.
- Asesoramento e formación a persoas ou colectivos (asociacións culturais e centros de ensino, basicamente) que, de forma altruísta,

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

están interesados en traballar a prol de salvagardar o gran tesouro que reside na microtoponimia dos seus lugares de orixe.
- Elaboración de informes onomásticos a pedimento de particulares ou institucións.
- Informe sobre a listaxe dos dous mil apelidos máis frecuentes.

6. Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia

Colaboración: Universidade de Santiago de Compostela
XXV Edición. Santiago de Compostela, do 2 ao 27 xullo de 2012
Creados en 1993
Director: D. Manuel González González

Na XXVI edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia, participaron 73 alumnos e alumnas procedentes de 26 estados diferentes de Europa, América e Asia: Alemaña, Armenia, Arxentina, Austria, Brasil, Cuba, España, Estonia, EUA, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irán, Irlanda, Italia, Kazakhstan, México, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Rusia, Suíza, e Ucraína.

Nesta convocatoria presentáranse 136 solicitudes de matrícula, das que 129 solicitaban tamén axuda económica. Adxudicáronse nun primeiro momento 48 bolsas consonte os criterios seguintes:

- Representatividade dos distintos Centros de Estudos Galegos
- Representatividade territorial
- Calidade de antigo/a alumno/a con boa cualificación
- Interese amosado na lingua
- Representatividade en función dos niveis solicitados

Dada a drástica redución do importe e o número de bolsas, a organización tratou de facilitarlles a participación a outras persoas coa concesión de matrículas gratuítas. Estaban neste caso algúns antigos alumnos que obtiveran un bo resultado en edicións anteriores, persoas procedentes do grupo de galego do Centro de Linguas Modernas da USC e outras recomendadas polo CEG correspondente.

O xoves 4 de xullo, data de chegada do alumnado, na secretaría dos cursos, Ana García García (secretaria dos cursos) foi recibindo a cada un dos alumnos e alumnas para lles entregar a programación dos cursos e o material.

Ás 16:00 horas realizáronse na aula 8 da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) as probas para coñecer o nivel do

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

alumnado, especialmente para quen non participara nunca nos cursos. Á última hora procedeuse á distribución dos grupos que, despois dalgún reaxuste na primeira semana das clases, quedaron do seguinte xeito:

a) Elemental 1 (13 estudantes)
b) Elemental 2 (10 estudantes)
c) Medio A (10 estudantes)
d) Medio B (19 estudantes)
e) Curso superior de Filoloxía Galega (20 estudantes)

O venres 5 de xullo, no Salón de actos da Facultade de Filosofía da USC, celebrouse o acto de inauguración, no que interviñeron o director dos Cursos Manuel González González, o director do Instituto da Lingua Galega Ernesto González Seoane, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Valentín García Gómez, o presidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero e o vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización da USC Víctor Millet Schröder, que presidiu o acto.

As actividades académicas con carácter obrigatorio comezaron o venres 5 de xullo e remataron o día 24.

Profesorado

Niveis elemental e medio

Elemental 1: Carolina Pérez Capelo (ILG)
Elemental 2: Noemi Basanta Llanes (ILG)
Medio A: Ana Fachal Fraguela (RAG)
Medio B: M.ª do Carme Pazos Balado (RAG)

Curso superior de Filoloxía Galega

Impartíronse catro seminarios coa seguinte temática e profesorado:

1º *Temas de lingüística galega* (5, 8 e 9 de xullo): Xosé Luís Regueira Fernández.
2º *Variación e cambio lingüístico no galego actual* (10, 11 e 12 de xullo): Rosario Álvarez Blanco.
3º *Formación e historia social da lingua galega* (15, 16, 17 e 18 de xullo): Carme Hermida Gulías.
4º *Leccións de literatura galega contemporánea* (19, 22, 23 e 24 de xullo): Xosé Manuel Salgado Rodríguez, Xesús Alonso Montero.

Conferencias

O programa das conferencias (10) foi o seguinte:

— Xosé Ramón Barreiro Fernández (luns, 8 de xullo): "Introdución á Historia Contemporánea de Galicia". Presentouno Ana Fachal.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

- Rosario Álvarez Blanco (mércores, 10 de xullo): "De Ortegal a Faro: panorámica xeolingüística da fachada atlántica da península ibérica". Presentouna Carolina Pérez Capelo.
- Alba Nogueira López (venres, 12 de xullo): "A protección xurídica das linguas nun mundo globalizado". Presentouna Ana García.
- Manuel González González (luns, 15 de xullo): "A lingua galega na encrucillada". Presentouno Carme Pazos.
- María Xosé Silvar Fernández (mércores, 17 de xullo): "Músicas tradicionais: cultura musical e identidade". Presentouna Ana García.
- Marcial Gondar Portasany (venres, 19 de xullo): "O pasado como horizonte: cultura galega e cambio social". Presentouno Carme Pazos.
- Xesús Alonso Montero (martes, 24 de xullo): "No bicentenario do romance *Rogos dun escolar gallego á Virxe do Bo acerto pra que libre á terra da Inquisición* (A Coruña, 1813) e o seu autor Manuel Pardo de Andrade (1762-1832)". Presentouno Manuel González.

Proxeccións audiovisuais

Fixéronse as proxeccións que a seguir se detallan:

- Filme de animación *O Apóstolo*, martes 9 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Noemi Basanta.
- Documentais *Historias de Galicia* [cap. "Lingua de reis, lingua do pobo"] e *A memoria da lingua*, xoves 11 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Ana Fachal.
- Filme *Doentes*, martes 16 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Carolina Pérez.
- Filme *Vilamor*, xoves 18 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Carme Pazos.
- Curtametraxes *Dúas letras*, *A residencia*, *A teoría do espello*, *Bechos raros* e *A xaguarana*, luns 23 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Ana García.

Xornada completa de inmersión lingüística e cultural

Nesta ocasión realizouse unha soa viaxe deste tipo:

Noia, Baroña, Axeitos, Coroso e Rianxo (13 de xullo).

O grupo de 55 estudantes saíu en autobús da Igrexa do Pilar de Santiago de Compostela ás 8:30 horas e regresou ao mesmo punto ás 20:00 horas. Acompañaron o alumnado durante toda a xornada o director dos Cursos Manuel González, a secretaria dos Cursos Ana García, a profesora Carolina Pérez Capelo e outros colaboradores do ILG.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

De mañá fíxose a visita a Noia e Baroña, guiados por Ramón Blanco, e ao dolmen de Axeitos, coa guía correspondente. Xantou cadaquén a comida que levou a carón da praia de Coroso. A partir das 17:30 horas visitouse a vila de Rianxo, guiados por Xosé Luís Axeitos, quen tamén guiou o alumnado na casa-museo de Manuel Antonio.

Actividades complementarias

- Visita guiada pola zona monumental de Santiago de Compostela (4 de xullo). A visita guiouna o profesor Francisco Fernández Rei.
- Visita ao Museo do Pobo Galego e ao Panteón de Galegos Ilustres (16 de xullo).
  Guiouna tamén o membro do Padroado do Museo do Pobo Galego Francisco Fernández Rei.
- Visita á Cidade da Cultura de Galicia (17 de xullo).
  Paseo a pé desde a praza da Universidade e pola rúa Castrón de Ouro e rúa do Sar ata o Monte Gaiás, para ás 18:30 horas facer unha visita guiada á Cidade da Cultura de Galicia. As profesoras Noemi Basanta e Ana Fachal acompañaron o alumnado ata o Gaiás e na visita á Cidade, onde se contou con guía oficial.
- Visita á Casa de Rosalía (15 de xullo).
  Un grupo importante de estudantes de todos os niveis visitaron a Casa da Matanza en Padrón e ás 20:00 horas asistiron ao acto da *Conmemoración do 128º Aniversario do Pasamento de Rosalía de Castro*, organizado pola Fundación Rosalía de Castro. Non se programou a asistencia a este acto na Casa da Matanza como actividade dos cursos, mais a organización informou e motivou o alumnado para participar.
- Recitais poéticos na Casa das Crechas (9 e 10 de xullo).
  Por iniciativa de membros da organización e do que fora profesor dos cursos noutras edicións, Gonzalo Hermo, tiveron lugar dous recitais poéticos no famoso pub compostelán. Participaron voluntaria e desinteresadamente 17 poetas de recoñecido prestixio.
  Creouse un blog (cursodegalego.blogaliza.org) con datos sobre os autores e as autoras e textos para que o alumnado se poida achegar con detalle ao perfil de cada un deles.
- Achegamento á música tradicional (22 de xullo).
  A profesora do nivel elemental 2, Noemi Basanta, e Roberto Rodríguez Páramo fixeron unha demostración de pezas de música tradicional acompañada dunha detallada explicación sobre a materia. A seguir, o alumnado participou activamente nun obradoiro de baile conducido polo profesor Marcos

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

García Botana. Na organización do obradoiro participou moi activamente a que tamén fora profesora noutras edicións, Sandra Vázquez Núñez, que fixo ademais nesta ocasión a presentación das dúas partes, a de música

— Encontro de confraternización (19 de xullo).

O venres 19 de xullo, das 14:30 ás 19:00 horas, celebrouse o tradicional Encontro de confraternización do alumnado, do profesorado e dos organizadores dos cursos cun xantar. Fíxose, un ano máis, ao aire libre, á beira do río Ulla, no souto do Xirimbao.

Logo do campestre xantar, celebrouse unha nova edición do xa tradicional festival de Mundovisión, no que se puido gozar de cantos e dalgún baile de practicamente todos os estados que tiñan participantes nos cursos e tamén das diferentes zonas de España con cantares nas súas linguas propias.

Clausura dos cursos

O acto de clausura tivo lugar o mércores 24 de xullo no Salón de Actos da Facultade de Filosofía da USC, ás 12:00 horas. Interviñeron o director dos cursos, Manuel González González, o director do Instituto da Lingua Galega Ernesto González Seoane, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Valentín García Gómez e o presidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero, que presidiu o acto.

Antes de o presidente clausurar os cursos, as profesoras e a secretaria foron chamando a cada un dos estudantes para os membros da mesa lles entregaren o diploma de asistencia e o certificado de aproveitamento.

II. SECCIÓN DE HISTORIA

Creada en 1998

Director: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández

Constituíuse a nova Sección de Historia o 12 de abril de 2011, que está dirixida polo académico numerario D. Xosé Ramón Barreiro Fernández, e que conta cos seguintes membros:

Rosario Álvarez Blanco
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Andrés Fernández-Albalat Lois
Víctor Fernández Freixanes
Manuel Rivas Barrós
Ramón Villares Paz

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

O 23 de marzo de 2013 a Real Academia Galega celebrou un pleno extraordinario en Vigo en homenaxe a quen fora o seu presidente, Francisco Fernández del Riego, no centenario do seu nacemento. No acto interviñeron a patroa da Fundación Penzol, María Dolores Villanueva Gesteira, o presidente da mesma Fundación, Alfonso Zulueta, o alcalde de Vigo, Abel Caballero, e os académicos Ramón Lorenzo Fernández, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Xesús Alonso Montero e o presidente en funcións da Academia, Xosé Luís Axeitos Agrelo. Para finalizar o acto, a escritora Rexina Vega recitou un poema da académica Luz Pozo Garza.

No mes de xuño, inaugurouse a biblioteca virtual *Monografías do século XIX* accesible a partir da páxina web da Academia: http://academia.gal/biblioteca-virtual-monografias#inicio.do?current_page=7. Este repositorio reúne copias dixitais de preto de oitocentas obras e máis de cento vinte mil páxinas dispoñibles en liña. Os criterios de selección dos novos contidos incorporados foron —ademais da súa data de edición, o século XIX— a referencia a Galicia pola autoría, temática ou lugar de edición. Con esta colección a Real Academia Galega ofrece ao público interesado un dos meirandes fondos dixitais, de acceso libre e gratuíto, sobre un período clave da historia e da cultura galega contemporánea.

Con motivo do bicentenario da publicación dos *Rogos dun gallego*, a Academia, en colaboración co Concello de Oleiros, organizou unhas xornadas de homenaxe á figura de Manuel Pardo de Andrade. Acordouse tamén preparar a publicación dun libro que recollese os textos destas conferencias e axuntase un exemplar facsímile dos *Rogos dun galego contra a Inquisición,* a partir do orixinal custodiado no Arquivo da Academia.

A sección prestou a súa colaboración a distintas entidades que solicitaron informes da súa competencia á RAG.

Está pendente de aprobación a constitución, dentro da Sección, dun grupo de traballo especializado no estudo do arquivo musical da Academia.

III. SECCIÓN DE LITERATURA

Creada en 1998
Director: D. Xesús Alonso Montero
Financiamento: Real Academia Galega

O 19 de abril de 2011 constituíuse a nova Sección de Literatura, que está dirixida polo académico numerario D. Xesús Alonso Montero, e que conta cos seguintes membros:

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Xosé Luís Axeitos Agrelo
Darío Xohán Cabana Yanes
Salvador García-Bodaño Zunzunegui
Euloxio Rodríguez Ruibal
Manuel Rivas Barrós

Traballos desenvoltos:

Conmemoración do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

No ano 2013 cumpriuse o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* por Rosalía de Castro. Para conmemorar esta efeméride, a Real Academia Galega, a Fundación Rosalía, e a Universidade de Vigo organizaron distintas actividades (exposicións, ciclos de conferencias, publicacións, eventos a pé de rúa, etc.) a realizar en toda Galicia, e coa pretensión de que teñan réplica en varios lugares do mundo. Os actos agrupáronse baixo o título "Rosalía 2013".

A primeira parada de "Rosalía 2013" tivo lugar o 24 de febreiro, data de nacemento de Rosalía. Nese día realizouse, ás 10 da mañá, unha ofrenda floral ao pé do monumento que lembra onde naceu a escritora (Praza de Vigo, Santiago de Compostela). A continuación, na Casa de Rosalía en Padrón, personalidades culturais, sociais e políticas de toda Galicia interviñeron e recitaron na honra da escritora. Para esa data estaban convocados tamén todos os gaiteiros e gaiteiras de Galicia, a través da súa Asociación. A convocatoria pedíalles que na mañá do 24 saísen á rúa a tocar a Alborada de Rosalía e, posteriormente, ler un manifesto. Tras gravar o acto debían subilo ás redes e xeolocalizalo.

O 15 de maio inaugurouse en Vigo a exposición *No principio foi o verso. Rosalía de Castro.* A mostra, situada na sede da Fundación Barrié entre o 15 de maio e o 15 de setembro, conmemoraba o 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* na imprenta de Juan Compañel na rúa Real de Vigo. Nesta exposición, comisariada polo deseñador e investigador Xosé Barro, explicábase o contexto da súa publicación, os círculos democráticos e progresistas de Vigo arredor do xornal *La Oliva* e os protagonistas do feito: Juan Compañel (editor), os irmáns Alejandro e Eduardo Chao (ideólogos e políticos), José Ramón Fernández (mecenas), Manuel Murguía (o líder intelectual) e Rosalía de Castro (a autora excepcional).

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

ALBORADA PARA ROSALÍA DE CASTRO

Manifesto

Vaite noite...
Vai fuxindo...

Grande atrevemento é sen dúbida que todos os gaiteiros de Galicia saiamos ás encrucilladas, ás prazas, ás rúas, neste 24 de febreiro de 2013. Grande atrevemento é dar unha alborada para dicir a todos que naceu Rosalía de Castro. Pero somos atrevidos. Porque aquel 24 de febreiro de 1837 canda ela nacemos todos os galegos, mesmo os que aínda han de nacer. Atrevémonos porque hai cento cincuenta anos Rosalía publica *Cantares gallegos* e anuncia e constrúe a Galicia contemporánea. No principio foi o verso, co seu canto nace o país que somos. Puxo o maior coidado en reproducir o espírito do noso pobo, velaí o mesmo espírito que aniña nos punteiros todos das gaitas. Somos atrevidos, queremos mil, cen mil gaiteiros máis para Galicia, e guiados por aqueles Cantares queremos tocar unha alborada de gloria. Que todos saiban que hoxe a gaita galega non chora, que canta.

Vente aurora...
Vente abrindo...

Por iniciativa de:
Asociación de Gaiteiros Galegos
Fundación Rosalía de Castro
Real Academia Galega
Universidade de Vigo

BIBLIOTECA E HEMEROTECA

Creadas en 1905.
Director/a: D. Euloxio Rodríguez Ruibal (23 de xaneiro de 2010 — 20 de abril de 2013); D.ª Margarita Ledo Andión (do 20 de abril de 2013 en diante).

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

1. Rexistro dos fondos bibliográficos e hemerográficos que foron chegando paulatinamente ao longo do ano.
2. Xestión das compras de material bibliográfico.
3. Xestión dos intercambios de publicacións da RAG con outras institucións.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

4. Revisión dos fondos da biblioteca da Asociaçóm Cultural O Facho co obxecto de separar aqueles materiais repetidos con destino ao almacén, dos restantes que pasan a formar parte da biblioteca da RAG.
5. Introdución no catálogo de 650 obras (monografías e publicacións periódicas).
6. Xestión do correo electrónico. Envío de correos electrónicos relativos a agradecementos polo envío de publicacións, pedimento de obras, resposta a consultas relativas aos fondos, información xeral sobre a biblioteca e hemeroteca, cuestións técnicas diversas, envío de reproducións aos usuarios, etc.
7. Redacción de diversos informes relativos a cuestións relacionadas coa biblioteca e a hemeroteca da RAG.
8. Atención de consultas e solicitudes de reprodución.
   8.1 Atención a usuarios externos da institución (consultas telefónicas, correo electrónico e na propia sala de lectura):
      a. Información bibliográfica.
      b. Consulta e reprodución de fondos segundo a normativa.

   Este ano leváronse a cabo 414 consultas de obras individuais, ademais da consulta de dúas bibliotecas particulares no seu conxunto: a de José Fontenla Leal e a de Marcial del Adalid. Tamén se levaron a cabo 137 pedimentos de reprodución, na súa maioría en formato dixital.

   8.2 Atención a usuarios internos de todos os departamentos da institución.
9. Difusión dos fondos.
   9.1 A través da páxina web da Real Academia Galega.
      a. Incorporación de 16 novas cabeceiras á Hemeroteca virtual (http://academia.gal/hemeroteca-virtual):

      — *O Vello do Pico-Sagro*
      — *Galicia diplomática. Revista semanal de archivos y bibliotecas, historia, arqueología, heráldica, literatura, ciencias y artes*
      — *Diario de la Coruña*
      — *Anuario ferrolano*
      — *Almanaque de Ferrol*
      — *Galicia: revista quincenal ilustrada*
      — *El Ciudadano por la Constitución*
      — *La Defensa*
      — *El defensor de Galicia*
      — *Diario del gobierno de la Coruña*
      — *Estafeta de Santiago*
      — *Exacto correo de España en la Coruña*
      — *Exacto diario en la Coruña*

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

— *Gazeta marcial y política de Santiago*
— *El Iris de Galicia*
— *Álbum literario de Galicia*

b. Posta en marcha da biblioteca "Monografías do século XIX", que reúne copias dixitais de preto de oitocentas obras e máis de cento vinte mil páxinas dispoñibles en liña: http://academia.gal/biblioteca-virtual-monografias.

c. Sección "Destaques comentados" na web da institución. Este ano publicáronse para esta sección un total de 16 artigos con imaxes incluídas, 8 referidos a monografías e 8 referidos a prensa.

d. Inclusión de diferentes novas relacionadas coas nosas monografías e publicacións periódicas na páxina web, coa achega de información e imaxes destas.

9.2 Achega bibliográfica ou participación con imaxes dos nosos fondos nas seguintes exposicións:

— Exposición titulada *No principio foi o verso. Rosalía de Castro*, organizada pola Fundación Rosalía de Castro en colaboración coa RAG e a Universidade de Vigo, celebrada durante os meses de maio a setembro de 2013.

— Exposición sobre a figura de Manuel Lugrís Freire, organizada pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

— Exposición dedicada á historia, a través da publicidade, das empresas gasistas e de electricidade do grupo Gas Natural Fenosa.

9.3 Día das Letras Galegas

Con motivo do Día da Letras Galegas, este ano dedicado a Roberto Vidal Bolaño, reservouse un expositor da sala de lectura para mostrar todas as obras relacionadas co homenaxeado.

9.4 Visitas. Observación directa de fondos representativos en diversas visitas colectivas á biblioteca.

10. Conservación:

10.1 Mellora das condicións medioambientais do depósito de publicacións periódicas situado no cuarto piso do edificio mediante a compra e instalación de catro deshumidificadores.

10.2 Avaliación do estado de conservación do fondo hemerográfico coa finalidade de mellorar no futuro a situación daqueles materiais máis delicados.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

ARQUIVO

Creado en 1905
Director/a: D. Euloxio Rodríguez Ruibal (23 de xaneiro de 2010 – 20 de abril de 2013); D.ª Margarita Ledo Andión (do 20 de abril de 2013 en diante).

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

Catalogación e outros procesos técnicos

Catalogación dos fondos seguintes:

- José Villaverde Velo
- Primitivo Rodríguez Sanjurjo
- Manuel Murguía
- J. Rodríguez Yordi
- Colección Federación Galega de Sociedades da República Arxentina.
- Colección fotográfica María Castello.
- Colección de Manuscritos e Orixinais.
- 700 fotografías pertencentes a diferentes fondos e coleccións.

Revisión da descrición da área volume engadindo formato e soporte nos fondos:

- Xavier Bóveda
- Luciano Caño
- Uxío Carré Aldao
- Manuel Leiras Pulpeiro
- Gonzalo López Abente
- Juan López Soler
- Familia Martínez Morás
- Fernando Martínez Morás
- Andrés Martínez Salazar
- Juan Naya Pérez
- Eladio Oviedo Arce
- Domingo Quiroga Ríos
- José Rubinos Ramos
- Ramón Suárez Picallo
- Arturo Taracido Veira
- Pascual Veiga
- Xohán Casal
- Evaristo Martelo Paumán
- Ángel del Castillo

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Transcrición da correspondencia da RAG e o se transvasamento a unha base de datos. Anos 1928-30.

Novos ingresos

Compra:

- 5 Accións antigas.
- Carteira de identidade de emigrante na Arxentina.

Doazóns:

- Colección de postais Fiasta-Arte [Doazón de Rita Alonso].
- Discurso de ingreso na Real Academia de Medicina de Asturias de J. M. García Osuna [Doazón do autor].
- Carné de Falanxe [Doazón de Carmen Gallart Mera].
- Carta de Valladares a Cabanillas [Doazón de H. Monteagudo].
- Reprodución de foto da recepción académica de F. Martínez-Morás [Doazón de X. Castro].
- Manuscrito de Gorropío por R. Álvarez [Doazón de R. Álvarez].
- 2 fotos de X. A. Arjona [Doazón de Natalia Gómez].
- 3 manuscritos de X. Alonso Montero [Doazón do Autor].
- Fondo J. Rodríguez Yordi (5 caixas) [Doazón do sobriño e netos].
- Informe sobre a situación do galego no Bierzo (1 carp.) [Doazón de Virginia Cal Sánchez].
- Fotocopias de correspondencia da Asociación Iniciadora y Protectora da RAG [Doazón de L. Alonso Girgado].
- Manuscrito de *A rosa de cen follas* de R. Cabanillas [Doazón de J. Parga Peinador].
- Documentación de J. Rodríguez Yordi [Doazón do sobriño e netos].
- Fondo J. Beceiro Amado [Doazón de J. Beceiro García].
- Diploma de Bandeira Falanxista [Doazón de Carme Arias].

Difusión dos fondos do Arquivo en:

- *Patrimonio documentado: a protección e intervención nos bens culturais a través dos documentos dos arquivos*. Arquivo de Galicia.
- *José Sellier, pionero del cine español*. Concello da Coruña.
- *No principio foi o verso. Rosalía de Castro*. Cento cincuenta anos de *Cantares gallegos*. Casa-Museo Rosalía de Castro.
- *51 páxinas das nosas letras*. Parlamento de Galicia.
- Destaques quincenais.
- Páxina web da RAG. Buscas de información e documentación para diferentes contidos da páxina web.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Colaboración profesional con:

- Biblioteca Municipal de Estudios Locais da Coruña
- Museo do Pobo Galego

Atención a usuarios:

Ao longo do ano houbo un total de 299 consultas repartidas do xeito seguinte:

- 44 consultas presenciais
- 216 consultas por correo electrónico
- 50 consultas telefónicas

Reproducións atendidas:

- 69 peticións de reproducións que supoñen un total de 4.116 imaxes.
- Reproducións relacionadas con exposicións das seguintes institucións: Arquivo de Galicia, Casa-Museo Rosalía de Castro, Asociación de Veciños Agra do Orzan, Universidade de Santiago de Compostela, Fundación Eduardo Pondal, TVG, IES Virxe do Mar.

MUSEO RAG

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

Catalogación informatizada do patrimonio artístico da RAG

72 novas referencias, deixando o número total ao final do ano en 1.911.

Xestión do patrimonio

Saídas temporais de fondos, neste caso con destino á seguinte exposición: *No principio foi o verso. Rosalía de Castro*, organizada pola Fundación Rosalía de Castro en colaboración coa RAG e a Universidade de Vigo, celebrada durante os meses de maio a setembro de 2013.

Compactación na almacenaxe da colección artística da RAG, co fin de gañar espazo útil para a ampliación desta

Mantemento e limpeza da colección; xestión de traballos de restauración nas pezas máis danadas.

Atención a usuarios mediante correo electrónico e teléfono

Rexistro de entradas

O máis salientable neste apartado é a doazón do óleo titulado *Claro escuro na biblioteca* do pintor Tomás Barros, doado por Araceli Barros e Tomás Barros, ambos os dous fillos do autor.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

WEB DA RAG

Durante o ano 2013 publicouse un total de 175 novas que tiveron como temas xerais efemérides destacadas e, así mesmo, 26 noticias con información relativa a diferentes poemas. Tendo en conta a súa categoría e número, as novas publicadas ordénanse de xeito decrecente da seguinte maneira:

Actos: 38
Publicacións[1]: 28
Novidades: 26
Poemas da semana: 26
Día das Letras: 22
Efemérides: 16
Comentarios destacados[2]: 8
Comunicados: 6
Doazóns: 6
Axenda**:** 63 Actos propios e algúns alleos foron anunciados na nosa Axenda ao longo do 2013.
Destaques**:** Publicamos un total de 36 novos comentarios destacados.

A suma de todas as actualizacións de Novas, Axenda e Destaques ofrece a cifra total de 274 actualizacións da nosa páxina dixital, cunha media semanal de 5,2.

Redes Sociais

En xaneiro do ano pasado inauguramos a nosa páxina de Twitter, que hoxe conta con 2.331 seguidores, e onde publicamos un total de 631 chíos. Así mesmo, en setembro de 2013 abrimos a nosa conta de Facebook, que conta hoxe con 552 seguidores e onde imos dando conta unicamente das novas.

Posicionamento

En xaneiro de 2013 a páxina da Academia estaba situada no 207.577 lugar do ranking global segundo alexa.com, e actualmente ocupa a posición 163.896 da mesma clasificación. Entre as páxinas galegas, a nosa sitúase na 53ª posición, segundo a clasificación ofrecida por codigocero.com.

1 Na categoría de Publicacións inclúense tamén todos aqueles discursos de entrada de Académicos e outras publicacións históricas da Academia, escaneadas e logo publicadas por nós ao longo do ano, e que son a maioría.

2 Non se inclúen aquí os Destaques propiamente ditos, senón unicamente a nova que os anuncia.

Visitas
Visitas totais: 1.723.016
Media diaria: 4.720
Visitas únicas: 6.426.526 (usuarios reais da páxina)
Páxinas por visitante: 1,75
Duración media da visita: 2,28 minutos

Visitas por país (dez primeiros):

1	España	1.657.875	96,22%
2	Reino Unido	9.134	0,53%
3	Alemaña	7.153	0,42%
4	EUA	6.942	0,40%
5	Portugal	3.962	0,23%
6	Brasil	3.669	0,21%
7	Francia	3.234	0,19%
8	Arxentina	2.896	0,17%
9	Suíza	2.860	0,17%
10	Italia	2.275	0,13%

Visitas por cidade (dez primeiras):

1	A Coruña	435.829	25,29%
2	Vigo	339.193	16.69%
3	Santiago	305.889	17,75%
4	Madrid	127.050	7,37%
5	Lugo	105.202	6,11%
6	Ourense	91.083	5,29%
7	Pontevedra	74.032	4,30%
8	Barcelona	53.439	3,10%
9	Bilbao	11.313	0,66%
10	Valencia	5.277	0,31%

Contido
Total de páxinas vistas: 3.010.132

Páxinas máis vistas (20 primeiras):

Dicionario	2.028.047	67,37%
Inicio	654.032	21,73%
Novas	44.781	1,49%
Académicos	40.855	1,36%

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

VOLGa	31.516	1,05%
Recursos	31.390	1,04%
Homenaxeados	21.469	0,71%
DLG-Actual	16.363	0,54%
Destaques	11.395	0,38%
Publicacións	9.419	0,31%
Guía de uso	8.888	0,30%
Hemeroteca Virtual	8.363	0,28%
Diccionario. Características	6.971	0,23%
Axenda	6.955	0,23%
Biblio Catálogo	5.567	0,18%
Biblioteca Virtual	4.674	0,16%
Comunicado	3.410	0,11%
Historia DLG	2.850	0,09%
Catálogo	2.518	0,08%
Dicionario. Créditos	2.276	0,07%

PORTAL DAS PALABRAS

En 2013 a actividade do Portal desenvolveuse en tres ámbitos:

- produción lexicográfica-terminolóxica
- produción audiovisual
- traballo de comunicación dixital

Produción Lexicográfica-terminolóxica

Os técnicos do Seminario de Lexicografía e Termigal elaboraron contidos especializados de diferentes tipos:

A palabra do día

Desde a apertura do Portal no mes de xuño publicouse diariamente unha palabra escollida como "a palabra do día". Achégase o seu significado, a súa etimoloxía e mais un par de exemplos de uso, extraídos dos corpus informatizados de lingua.
As sete palabras de cada semana pertencen a un mesmo campo temático que se pon en relación ben coas efemérides, ben cos acontecementos ou situacións que poidan ser de interese en cada época.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Por exemplo, na semana que foi do 12/08 ao 18/08 foron "palabras do día" os nomes das froitas de temporada: ameixa, cereixa, amora, amorodo, claudia, framboesa e pexego. Entre o 10/09 e o 16/09 as "palabras do día" foron: estoxo, afialapis, caderno, forrar, cartafol, encerado e xiz, dedicadas á volta á escola.
En total, desde xuño de 2013 ata hoxe, preparáronse 252 "palabras do día".

Setestrelo

Para os setestrelos escóllense sete palabras que forman un conxunto especial pola súa forma, polo seu significado ou ben porque representan un tema significativo que poida espertar a curiosidade dos usuarios. As sete palabras escollidas analízanse en profundidade cun enfoque lexicográfico, tendo en conta desde consideracións etimolóxicas ata aspectos relacionados coa morfoloxía, coa norma e comentando todo o que sexa interesante en canto á súa semántica.
Algúns dos setestrelos publicados no Portal tiveron unha especial repercusión entre o público, como foi o caso do titulado "Para insultares con fundamento" onde se comentaban sete insultos orixinais (alburgueiro, odre, miñaxoia, milhomes, compangueiro, lagarta, faltón), o setestrelo dedicado aos "Estranxeirismos innecesarios" (abstract, back-up, sponsor, coach, script, première, pack) ou o que falaba de "Sete doces curiosos" (bandullo, boloardo, canelo, cristina, papabello, petada, sangaño). Desde xuño, preparáronse 43 setestrelos, isto é, analizáronse un total de 301 palabras.

Mira que din!

Concibido case como un obradoiro de terminoloxía no que se avalían termos de nova creación (neoloxismos), palabras que asumiron extensións de significado para dar conta de realidades emerxentes ou tamén palabras "de moda".
De todas elas dáse unha explicación sobre o momento en que empezaron a ser utilizadas, o seu procedemento de creación e as correspondencias con outras linguas do medio ou da familia.
En total fíxose para esta sección a análise de 38 termos de máxima actualidade, como escrache, electrolineira ou vórtice.

Produción audiovisual

Todas as publicacións da web van acompañadas de imaxes editadas especificamente que fan máis atractiva a súa presentación dixital.
Así mesmo, producíronse vídeos para o Portal de dous tipos:

– *Pregúntalle á Academia*, nos que a institución responde a algunhas das preguntas que os usuarios envían á web.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

— *O mundo en palabras*, nos que un especialista fala dun tema e membros do Seminario contextualizan termos e expresións desde unha óptica lexicográfica.

Realizáronse este ano un total de 28 vídeos.

Traballo de comunicación dixital

O Portal mantén unha interacción permanente cos usuarios a través do Servizo de consultas e tamén nas redes sociais.

O Servizo de consultas responde diariamente a todos os correos, dúbidas e suxestións que envían os seguidores da web. Durante este ano contestáronse unha media de entre 7-10 consultas semanais maioritariamente de particulares sobre cuestións relacionadas co DRAG, ben de carácter puramente lingüístico como tamén sobre as aplicacións do Dicionario para dispositivos móbiles. Tamén houbo consultas de entidades privadas que precisaban resolver cuestións de tradución.

Nos perfís de Facebook e Twitter mantense día a día a comunicación cos seguidores do Portal e anúncianse as novas publicacións, así como tamén se dá difusión a diferentes noticias de actualidade especialmente relacionadas co léxico e a lingua.

CONVENIOS, ACORDOS E CONTRATOS

Durante o ano 2013 a Real Academia Galega asinou convenios de colaboración con distintas entidades co fin de desenvolver proxectos concretos:

— Convenio de colaboración co Parlamento de Galicia para o deseño e execución dunha exposición sobre o 50 aniversario da instauración do Día das Letras Galegas.
— Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para realizar actuacións en materia de Lexicografía, Terminoloxía e Sociolingüística da Lingua Galega.
— Encarga de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a realización de traballos técnicos sobre a Toponimia de Galicia.
— Encarga de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a realización da Convocatoria, a xestión e a impartición da vixésimo sexta edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia.
— Subvención nominativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o financiamento dos gastos correntes, de investimento e outros gastos de capital co cargo aos orzamentos de 2013.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

— Subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial da Coruña para gastos de funcionamento.
— Convenio regulador da subvención prevista nominativamente no orzamento xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo a favor da Real Academia Galega.
— Subvención da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento de actividades.
— Convenio entre a Academia e a Universidade de Santiago de Compostela para a publicación —en formato dixital e acceso gratuíto— do primeiro libro escrito por Emilia Pardo Bazán.
— Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dun elenco de nomes propios de orixe grega estandarizados en galego.
— Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia Galega para a realización de prácticas de alumnos do Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura.
— Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a redacción dunha gramática descritiva do galego actual que cubra os obxectivos de servir como gramática académica e de contribuír a definir e difundir o estándar.
— Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do *Dicionario de apelidos galegos*.
— Convenio Marco entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a Colección Clásicos da Academia.
— Convenio Marco entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a colaboración no eido lexicográfico.
— Convenio de desenvolvemento do Convenio Marco no eido lexicográfico entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega.
— Convenio entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a edición electrónica do dicionario da RAG e do Portal das Palabras.
— Subvención da Fundación Barrié para a edición do Boletín da Real Academia Galega.
— Convenio de colaboración entre a RAG e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos, para a cesión en comodato do legado de Manuel María.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

OUTRAS CONTRIBUCIÓNS ECONÓMICAS

Ademais dos convenios asinados con institucións, tanto públicas como privadas, a RAG recibiu axudas de tipo económico para contribuír ao desenvolvemento da súa actividade diaria dos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación, Cultura y Deporte: Subvención nominativa á Real Academia Galega, prevista nos Presupuestos Generales del Estado para o ano 2013 aprobados por Lei 17/2012 de 27 de decembro, para o desenvolvemento de actividades e gastos de funcionamento.
- Axuda en materia de Arquivos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (bases reguladoras na orde do 12 de xullo de 2013. DOG 145 do 31 de xullo de 2013).
- Colaboración económica da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a organización do Simposio Roberto Vidal Bolaño, celebrado o 17 de decembro de 2013.
- Colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para os traballos de organización das Xornadas de Homenaxe a Manuel Pardo de Andade.

REPRESENTACIÓN DA RAG

A Real Academia Galega ten representación institucional nas seguintes entidades:

- Asociación PuntoGal
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- Consello da Cultura Galega
- Consello de Comunidades Galegas
- Consello Social da Lingua Galega (Concello de Vigo)
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- Instituto da Lingua Galega
- Padroado da Biblioteca do Real Consulado
- Padroado da Biblioteca Nacional
- Padroado da Fundación Caixa Galicia
- Padroado da Fundación Carlos Casares
- Padroado da Fundación Castelao
- Padroado da Fundación Curros Enríquez
- Padroado da Fundación Gonzalo López Abente

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

- Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez
- Padroado da Fundación Luís Seoane
- Padroado da Fundación Rosalía de Castro
- Padroado do Museo do Pobo Galego
- Padroado da Fundación Camilo José Cela
- Padroado da Fundación Otero Pedrayo
- Padroado da Fundación Penzol
- Padroado da Fundación Manuel Puente "Cultura Gallega" de Buenos Aires

PREMIOS NOS QUE A RAG TEN REPRESENTACIÓN COMO XURADO

- Premio Antón Losada Diéguez
- Premio de Narrativa Breve Repsol
- Premio de Tradución Plácido Castro
- Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres
- Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo
- Premio Otero Pedrayo
- Premios da Cultura Galega
- Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

- Arquivo do Reino de Galicia
- Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega
- Asociación PuntoGal
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega
- Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- Concello da Coruña
- Consello da Cultura Galega
- Deputación da Coruña
- Deputación de Lugo
- Deputación de Ourense
- Fundación Barrié
- Fundación Caixa Galicia

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

- Fundación Luís Seoane
- Fundación Otero Pedrayo
- Fundación Penzol
- Fundación Rosalía de Castro
- Fundación Rodríguez Iglesias
- Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre
- Grupo Radio Televisión de Galicia
- Hércules de Ediciones, S.A.
- Instituto da Lingua Galega (ILG)
- Museo de Pontevedra
- Museo do Pobo Galego
- Parlamento de Galicia
- PEN Clube de Galicia
- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- Xunta de Galicia

DOAZÓNS, DEPÓSITOS E ADQUISICIÓNS

O 10 de xaneiro de 2013, Jorge Parga Peinador doou á Academia o mecanoscrito orixinal d'*A rosa de cen follas*, cunha dedicatoria manuscrita de Ramón Cabanillas a Enrique Peinador Lines.

O 25 de xaneiro de 2013, dona Natalia Gómez González, viúva de Xosé Antón Arjona Santiago, doou á Academia diversa documentación e outros bens da súa propiedade.

O 26 de febreiro de 2013, Rita Alonso doou á RAG a colección completa da revista *Río. Revista cultural miñota*, de Goián.

O 7 de marzo formalizouse a compra dun cadro de Vaamonde, de Emilia Pardo Bazán, para a Casa Museo.

O 23 de agosto recibiuse, en concepto de doazón, documentación de Julio Rodríguez Yordi. En representación da familia asistiron María Victoria Rodríguez Rodríguez e Eladio Rodríguez, bisneta e neto respectivamente de Eladio Rodríguez González, que foron recibidos polo Presidente e o Secretario na Academia.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

O 9 de setembro de 2013, Jaime López doou á Academia o manifesto que a sociedade "Unión redencionista gallega" dirixiu aos seus conterráneos o 27 de abril de 1911. O manifesto está asinado, entre outros, por Fontenla Leal e Benino Quesada.

O 8 de outubro Juan Luís Beceiro García entregou á Academia, en concepto de doazón, as traducións manuscritas de *O Quixote da Mancha*, *Contos e leendas d'a Eirín*, *Vida e milagres do Lazariño de Tormes*, *A Odisea* e *Hamlet*, realizadas polo seu pai, o xeneral Juan Beceiro Amado.

O 27 de novembro Araceli Barros e Tomás Barros entregaron, en concepto de doazón, o cadro do seu pai *Claro escuro na biblioteca*, 1976 (óleo sobre lenzo, 1,20 x 1 m).

O 27 de decembro Ana Paula Mejuto, neta do preso republicano José Mejuto Bernárdez (de Cangas de Morrazo), doou á Academia copia de máis de corenta cartas escritas polo avó en 1936-1937 desde a cadea. Os orixinais destas cartas entregaránselle á Academia logo da súa publicación en formato libro pola propia Ana Mejuto.

COLABORACIÓN EN EXPOSICIÓNS

— "Patrimonio documentado: a protección e intervención nos bens culturais a través dos documentos dos arquivos", que se inaugurou o 7 de xuño, con motivo da celebración do Día Internacional dos Arquivos, clausurarase o 7 de outubro de 2013. A exposición, organizada polo Arquivo de Galicia, exhibirase no edificio que é sede do Arquivo, na Cidade da Cultura de Galicia.

— "No principio foi o verso. Rosalía de Castro", organizada pola Fundación Rosalía, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo. A mostra estará aberta do 15 de maio ao 15 de setembro na sede da Fundación Barrié de Vigo.

PUBLICACIÓNS

Durante o ano 2013 publicáronse as seguintes obras:

Ares Vázquez, Nicandro (2013): *Estudos de toponimia galega I e II*. A Coruña: RAG.

Fernández Ferreiro, Xosé (2013): *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*. A Coruña: RAG.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767

Saavedra Fernández, Pegerto (2013): *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*. A Coruña: RAG.

López Casanova, Arcadio (2013): *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación*. A Coruña: RAG.

Monteagudo Romero, Henrique (ed.) (2013): *Manuel Pardo de Andrade. Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-14)*. A Coruña: RAG.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (ed.) (2013): *O resplandor primeiro. Estudos en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz*. A Coruña: RAG.

Boletín da Real Academia Galega, 372.

© 2015 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 293-365
ISSN: 1576-8767



Jacinto Viqueira Landa e Annie, no verán do 2009. Foto: Alicia López Prado.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 375, pp. 367-369
© 2014. Real Academia Galega
ISSN: 1576-8767

EN MEMORIA DO AMIGO JACINTO VIQUEIRA LANDA

Alicia López Pardo

Hai uns días tiven o honor de transmitir, por desexo da familia, unhas fermosas e emotivas palabras que Jacinto nos dirixía por escrito ás persoas asistentes á homenaxe a Xohán Vicente Viqueira. Cun pesar inevitable por non poder presenciar este momento, Jacinto expresounos o sentimento de admiración profunda a un ser de máximo significado na súa vida, de quen leva gravados no corazón uns versos entrañables que lle compuxo e a quen non puido coñecer. Perdeuno á idade de dous anos. Jacinto tamén nos expresou a súa vinculación coa Galiza recibida do magnífico legado paterno. Foi para min esta ocasión outra especial oportunidade de falar directamente con el sobre este evento dedicado a seu pai, de ter nas miñas mans as súas sentidas verbas e pronuncialas no seu nome ás persoas partícipes. Puiden, aínda a véspera, escoitar por teléfono a Jacinto nos seus últimos pensamentos dirixidos a esta terra tan querida por el. Tiven o privilexio de gozar unha vez máis da súa sensibilidade exquisita, das súas lúcidas palabras, douradas pola inmensa sapiencia nonaxenaria, saídas da rodaxe crúa, da experiencia abraiante.

Foi o 22 de outubro, data do nacemento de Xohán V. Viqueira, cando celebrabamos no cemiterio de Ouces, Bergondo, a dita homenaxe polo 90 cabodano do seu pasamento. Cadrando con esta data a Real Academia Galega, a petición do concello de Bergondo e coa súa colaboración, con corenta anos de atraso cumpre unha débeda que tiña esquecida. Nesta ocasión a RAG coloca un monólito coa escultura do grande escultor mariñán J. F. Escudero, dedicada a este ilustre galego. Deste xeito verifícase a promesa feita aló polo ano 1974, en que se lle dedicara a Viqueira a celebración das Letras Galegas.

Con intensa emoción por parte das persoas asistentes, celebrouse un acto minguado en tempo, abreviado en exceso en relación á relevancia que esta causa ben merece. Mágoa que tivera que se converter nun acto tan recortado que non deu oportunidade de participar a numerosas persoas interesadas en manifestar a súa elevada estima por Viqueira, bastantes delas dos eidos da música e da poesía, do pensamento literario, filosófico, científico... Cónstame que foi moita a xente quen lamentou non ter a posibilidade de compartir este tan esperado recoñecemento a un dos persoeiros máis dignos de homenaxe e ao mesmo tempo máis esquecido. Que menos que realizarse nun horario axeitado e no amplo parque situado a carón

do cemiterio, ou mesmo na propia casa dos Viqueira como se fixo noutras ocasións. A este evento para actualizar a memoria de Viqueira despois de tanta demora, correspondíalle unha celebración popular aberta ao pobo de Bergondo e aos de fóra, contando cun escenario que permitise a expresión de persoas interesadas e un recital de artistas con disposición para actuar voluntariamente.

Un aspecto dobremente sentido neste acto foi notar a ausencia da familia máis directa de X.V. Viqueira. Limitacións dos seus seres máis achegados, que habitan en México dende a época do seu exilio familiar, fixeron imposible a súa presenza.

Quen nolo dixera! Aquelas entrañables palabras do amigo Jacinto honrando a seu pai, e agradecendo a organización do acto, eran tamén palabras de despedida. O seu pasamento sucedeu uns días despois (8/XI/14).

Un longo percorrido dunha persoa consagrada á ciencia, a docencia e ao humanismo, e que a punto de cumprir os 93 anos, cunha vitalidade impensable, seguía exercendo como profesor emérito na Facultade de Enxeñería da Universidade Autónoma de México. O seu honorable labor como docente con paixón polo ensino, comprometido, impulsor de iniciativas, de investigacións e publicacións, premio Nacional de Docencia en Ciencias Exactas, xunto coa admiración que os seus alumnos e os seus compañeiros lle profesaron, fano merecente do recoñecemento de persoa excelente.

Conversar con Jacinto era unha das delicias para saborear: sentir as súas elocuentes palabras con aquela mestura de sabedoría, humor, enxeño e sinxeleza. Súmanse as impresionantes anécdotas do seu incontable percorrido vital, dende que sendo un rapaz de 16 anos se fai pasar por un mozo de 17 para poderse alistar nas filas do exército republicano, nas *Divisiones de Juventudes*. Rematada a guerra, pasa a Francia a un campo de concentración, e despois continúa cunha activa e extensa vida en México. Coa mesma viveza era capaz de expresar tanto a traxedia da guerra e dos exiliados como o supremo afán de superación exercido xunto á súa extraordinaria compañeira, Annie.

Lembranzas inmorredoiras para os nenos e nenas da escola de Vixoi (2008-12), para as súas familias e para min serán aqueles momentos con Jacinto e Annie, cando nos visitaron na propia escola para presenciar a obriña que lle dedicamos a Viqueira, cando vibraron con ilusión enorme vendo o xeito de interpretar daquelas criaturas que emanaban unha motivación extraordinaria. Nunca esqueceremos o empeño que puxeron eles os dous para que a propiedade da súa casa, insigne patrimonio que debera estar amparado, estivese sempre aberta a todos os nenos e nenas de Bergondo e de onde quixeran achegarse. Sempre se opuxeron a que as persoas interesadas en coñecela chegasen a ter impedimentos para visitala. Tampouco esqueceremos o sorriso, a tenrura, a ledicia coa que Annie e Jacinto nos abrían a todos as portas da súa casa, a nenas, nenos, mamás e papás, para recibirnos no

© 2014 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 367-369
ISSN: 1576-8767

mesmiño cuarto de Xohán Vicente Viqueira. Naquela acolledora e linda estancia onde el morou, escribiu, compuxo; onde interpretou música naquel espectacular e exclusivo piano que puidemos palpar, igual que todo o mobiliario que se conserva naquel luminoso cuarto de fermosas vistas e no que se respira a presenza viva de Viqueira, o latexo dos seus versos:

> O vento bate nas janelas
> o vento e mail-a auga.
> ¡Que ben que s'está en ti,
> miña casiña amada!

Tamén Jacinto, igual que a súa esposa Annie, muller encantadora e de calidades dignas de mención, deixan outras entrañables pegadas pola nosa terra. Temos o deber de dar testemuño os que tivemos a sorte de tratalos, de coñecer de cerca a estas persoas portadoras de valores infrecuentes recollidos por unha longa e difícil andaina. Fomos afortunados os que puidemos coñecer directamente parte do legado dunha moi importante familia histórica polas circunstancias que atravesaron. Xente cun acervo cultural e cunha proxección humana moi significativa, cunha humildade e sinxeleza inusual. A elevada dignidade por vía paterna e materna prolongouse na descendencia. A familia Viqueira-Landa: Luísa, Jacinto e Carmen, os fillos de Xohán Vicente e Jacinta, como lles viña de herdanza, foron persoas admirables en ámbitos moi diversos da vida. Cómpre mencionar a maior deles, Luísa, muller de grande actividade intelectual, humanista plenamente comprometida coa causa do galeguismo e a quen tamén se lle concede o título de Republicana de Honra —Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, A Coruña 2010—; e a máis nova deles, Carmen, finada no 2010, que foi unha moi significada antropóloga, profesora na Universidade Iberoamericana, formadora de investigadores. Nos tres converxen dúas liñas xenéticas e ambientais de grandeza humana, de valores extraordinarios e de cultura esmerada. Se por vía paterna sabemos do legado dun dos homes máis ilustres, tamén xusto é lembrar a parte materna dos Landa, xente de alto nivel ideolóxico e intelectual, dun compromiso que deu lugar a destacadas vítimas do franquismo. Non en van a educación e a evolución destas familias vén a ser o froito daquela Escola Moderna que a Institución Libre de Enseñanza puxo en práctica naqueles tempos ilustrados, nos que se construíu un modelo educativo arrasado pola ditadura e que hoxe continúa sendo unha referencia. Estou a referirme a un legado pedagóxico e humanista a recuperar nestes tempos de atroz retroceso na política neoliberal no mundo, concretada de xeito arrepiante na actual política educativa do estado español e na do goberno da Xunta de Galicia. Contra tal desfeita quédannos testemuños e referencias que aínda hoxe nos alentan.

Grazas, Jacinto. Ata sempre, amigo! Forza, querida Annie!

© 2014 REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega, núm. 375, pp. 367-369
ISSN: 1576-8767

NORMAS DE ENTREGA
DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. De cada traballo presentarase unha copia en papel e outra en soporte informático en formato Word. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12.
2. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez entregados os orixinais non se lle permitirá ao autor facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
3. Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
4. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas latinas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se escribirán con cursivas.
5. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluirán aquí as referencias bibliográficas por extenso.
6. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as duascentas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.
7. Ao final, incluiranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. As fichas bibliográficas faranse seguindo estes modelos (segundo se trate de libros, capítulos de libro, artigos de revista, publicacións electrónicas ou recursos web). Exemplos:

   Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

   Rodríguez Fer, Claudio (1980): "O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra", *Grial* 68, 144-160.

   Cochón, Iris (2003): "Lois Pereiro", en Arturo Casas (ed.), *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*. Lugo: Editorial TrisTram, 661-682.

   Suquet Martínez, Mirta (2011): "Da topoloxía do corpo á utopía da escrita: *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)* de Lois Pereiro". *Revista de Poesía*: 1, 22-41 (http://www.poesiagalega.org/revista_de_poesia/revista/f/199).

   TILG = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. http: //www.ti.usc.es/TILG/ [consulta en maio-setembro 2011].

8. Táboas / cadros

   Realizaranse utilizando o comando específico de «edición de táboas». As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2, etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).

9. Gráficos

   Presentaranse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2, etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).

10. Fotografías, ilustracións, mapas, planos

    Poderán presentarse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:

    - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en «modo liña» ou «mapa de bits» (non se recomenda o modo «escala de grises»); a resolución será de 1200 ppp.
    - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.

    Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.

    Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2, etc.) con números arábigos.

11. Os autores poden solicitar que se lle envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten a maqueta da publicación.

Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

Índice xeral

5
Limiar

7
Presentación

I. Simposio Xosé María Díaz Castro

13
Díaz Castro por Díaz Castro: (auto)poética e lecturas críticas / *Armando Requeixo*
31
Rosalía e Díaz Castro: Penélope poema / *Carmen Blanco*
37
Poeta total / *Luís GonzálezTosar*
47
Díaz Castro e a Escola do Seminario de Mondoñedo / *Félix Villares Mouteira*
65
Díaz Castro: a paisaxe na poesía galega / *Xesús Manuel Valcarcel*
79
A madurez poética de Díaz Castro: anos 80 / *Xosé Manuel Salgado*
87
A fortuna crítica da obra de Díaz Castro / *María Xesús Nogueira*
97
O herdo de Díaz Castro / *Alfonso Blanco Torrado*
105
Xosé María Díaz Castro: dous poemas con problemas / *Xesús Alonso Montero*

II. Alocucións académicas sobre Xosé María Díaz Castro no Día das Letras Galegas

121
Lingua literaria e galego popular en Díaz Castro / *Xosé Luís Regueira Fernández*
129
Un poeta e un libro / *Dario Xohán Cabana Yanes*
135
Raíces da poesía de Díaz Castro / *Xosé Luís Franco Grande*

III. Traballos de investigación e estudo

147
O xenio celta do portugués e do galego. De Francisco de S. Luiz Saraiva a Manuel Murguía / *Beatriz García Turnes*

171
Pondal, estudante de Latín. Achegas Biográficas a propósito duns inéditos / *Juan Félix Neira Pérez*
193
Un manuscrito inédito do século XVIII sobre a importancia da lingua galega e a necesidade dun dicionario / *Xosé Ramón Barreiro, Xosé Luís Axeitos e Ricardo Axeitos*

IV. Xornadas Castelao. De onte a hoxe
233
As liñas da conciencia. Castelao ilustrador e deseñador / *Xosé Díaz*
239
A gramática da obra narrativa de Castelao / *Pilar García Negro*

V. Homenaxe a Pintos 2011
253
O Sarmiento exhumado por Pintos, precursor do rexurdir de Galicia / *Xosé Luís Axeitos Agrelo*
257
Xoán Manuel Pintos: eloxio e vindicación da lingua de Galicia / *Rosario Álvarez Blanco*
263
A primeira formación teórica do galeguismo / *Xosé Ramón Barreiro Fernández*
267
De Pintos: sobre un heterónimo (o Gaiteiro) e outras cousas / *Xesús Alonso Montero*

VI. Recensións
281
Léxico mariñeiro de Cedeira: memoria e esperanza, de Xavier Rorígez Vergara / *Xesús Ferro Ruibal*

V. Vida oficial da RAG
289
A Academia na actualidade
293
Crónica da Academia (2013)
369
Necrolóxicas: Jacinto Viqueira Landa / *Alicia López Pardo*

O número 375 do *Boletín da Real Academia Galega*
dedicado a Xosé María Díaz Castro
rematouse de imprimir o día 2 de outubro de 2015,
vinte e cinco cabodano do autor.



Fundación Barrié
Deputación DA CORUÑA
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE
XUNTA DE GALICIA